

PLENO DO EXCMO. CONCELLO.- NUM. 16.

SESION ORDINARIA (agosto) DO 4 DE SETEMBRO DE 2019

ASISTENTES

POLO GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA

Caballero Álvarez Abel
Abelairas Rodríguez Isaura
Aguiar Castro Yolanda
Aneiros Pereira Jaime
Blanco Iglesias Eugenia Dolores
Caride Estévez María José
Espinosa Mangana Elena
Fernández Pérez José Manuel
Gomez Días Gorka
Iglesias González Ana Laura
Lago Barreiro M.^a del Carmen
López Font Carlos
Losada Alvarez Abel Fermín
Mejías Sacaluga Ana Maria
Rivas González Ángel
Rodríguez Calviño Patricia
Rodríguez Díaz Santos Héctor
Rodríguez Rodríguez Nuria
Silva Rego M.^a Carmen (incorpórase ás
11,48 h.)

**POLO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO
POPULAR**

Egerique Mosquera, Teresa
Gonzalez Castillo, Jesus Marco
Lopez Roman, Patricia
Marnotes González, Jose Alfonso

POLO GRUPO MUNICIPAL MIXTO

Mendez Fuentes Oriana
Pérez Correa Ruben

MEMBRO NON ADSCRITO

Pérez Igrexas Xabier

NON ASISTEN:

Pardo Espiñeira Francisco Javier, concelleiro do grupo municipal Socialista)

No salón de Plenos da Casa do Concello de Vigo, ás nove horas e sete minutos do día catro de setembro do ano dous mil dezanove, coa Presidencia do Excmo. Sr. Alcalde, D. Abel Ramón Caballero Álvarez, e asistencia dos concelleiros Sres. e Sras. Abelairas Rodríguez, Aguiar Castro, Aneiros Pereira, Blanco Iglesias, Caride Estévez, Espinosa Mangana, Fernández Pérez, Gomez Días Gorka, Gonzalez

Castillo, Iglesias González, Lago Barreiro, López Font, López Roman, Losada Alvarez, Marnotes González, Mejías Sacaluga, Mendez Fuentes, Pérez Correa, Pérez Igrexas, Rivas González, Rodríguez Calviño, Rodríguez Díaz, Rodríguez Rodríguez e Silva Rego, actuando como Secretario Xeral do Pleno que asina D. José Riesgo Boluda, constituíuse o Pleno da Excma. Corporación en sesión ORDINARIA conforme á convocatoria e segundo a orde do día remitida a todos os Sres. e Sras. concelleiros e concelleiras coa antelación legalmente requirida. Está tamén presente o Interventor Xeral Municipal, don Alberto Escariz Couso.

PRESIDENCIA: Bos días, señoras/es concelleiros, iniciamos Pleno do Concello número 16 sesión ordinaria convocada para o día de hoxe as 9 horas no salón de Plenos, constátase quórum, ábrese sesión pública e iniciamos o Pleno.

PARTE RESOLUTIVA

1(125).- ACTAS ANTERIORES (EXTRAORDINARIA E URXENTE DO 1.07.19)

Por unanimidade dos vinte e cinco membros presentes da Corporación dos vinte e sete que a constitúen de dereito e de feito, aprobase a acta extraordinaria e urxente do 1.07.19.

2(126).- DECLARACIÓN INSTITUCIONAL COMO CONSECUENCIA DO DÍA INTERNACIONAL DO POBO XITANO, 8 ABRIL. REXISTRO PLENO 2163/1101.

PREDIDENCIA: É unha declaración consensuada, procederá a concelleira de Políticas de Benestar a ler a declaración.

SRA. AGUIAR CASTRO: Avances sociais, recoñecemento e participación.

Acabamos de celebrar o 40º aniversario da Constitución Española, unha Carta Magna que supuxo o recoñecemento formal da plena cidadanía dos xitanos e xitanas hai tan só catro décadas. A Constitución recolle a igualdade como principio e valor compartido por todos os españois e inclúe algúns artigos que avalan e permiten a posta en marcha de políticas para garantir a igualdade de oportunidades, combater a discriminación e promover a participación de todos os cidadáns e cidadás. Como parte desa cidadanía, o pobo xitano tamén viviu un proceso de avances sociais que promove ese marco de convivencia e cohesión que supón a nosa Constitución.

40 anos despois da súa aprobación, podemos felicitarnos polos cambios que promoveu na comunidade xitana. É innegable que as condicións de vida melloraron; a escolarización dos nenos e nenas xitanas é unha realidade, e aos poucos cada vez máis mozos e mozas completan a etapa de educación obrigatoria e continúan estudando na Universidade. O mercado laboral, aínda que lentamente, vaise abrindo tamén aos xitanos e xitanas; o chabolismo, aínda que existe, xa é residual; e cada vez contamos con máis mecanismos e recursos para loitar contra o rexeitamento e a discriminación que sofren as persoas xitanas.

Así todo, a brecha de desigualdade persiste. A comunidade xitana está sobrerrepresentada nos índices de pobreza e exclusión social; as taxas de fracaso e abandono escolar son moito máis altas entre o alumnado xitano que na media española; a taxa de desemprego da poboación xitana e o nivel de precariedade no emprego están moi por encima das porcentaxes medias, por poñer só algúns exemplos. En definitiva, a igualdade de oportunidades non é aínda unha realidade para unha boa parte da comunidade xitana.

Pero nun día como o Día Internacional do Pobo Xitano, desde a Fundación Secretariado Xitano queremos subliñar os avances que se produciron no recoñecemento institucional do pobo xitano e na progresiva participación de xitanos e xitanas en todos os ámbitos da sociedade.

Hai un ano, a instancias do Congreso dos Deputados, o Consello de Ministros recoñecía formalmente o día 8 de abril como Día Internacional do Pobo Xitano, unha decisión que comporta o recoñecemento institucional aos símbolos e á identidade dunha comunidade cunha historia e cultura propia, asentada en España

desde hai case seis séculos, e que sobreviviu a numerosas persecucións e a un forte rexeitamento e discriminación, que perviven actualmente.

Estamos a ver tamén como algunhas Comunidades Autónomas están a introducir a historia e a cultura xitana no currículo escolar, saldando así unha débeda pendente, porque a súa ausencia nos libros de texto contribuíu claramente ao descoñecemento e ao distanciamento, a basear as relacións en prexuízos e estereotipos negativos sobre a comunidade xitana, herdados dunha tradición de rexeitamento secular. A nosa campaña de sensibilización “Lección Xitana”, que está a servir para celebrar este 8 de abril, en moitos Concellos e Comunidades Autónomas, está pensada precisamente para contribuír a paliar este descoñecemento, ofrecendo un percorrido pola historia e a cultura do pobo xitano. Por outra banda, a instancias do Parlamento Europeo, é nunha iniciativa na que participa a Fundación Secretariado Xitano, está previsto que se promovan en todos os Estados Membros da Unión Europea, Comisións da Verdade e Reconciliación para coñecer e visibilizar a realidade do rexeitamento e a persecución que sufriu o pobo xitano ao longo da súa historia, e reparar así o dano causado á dignidade das persoas xitanas.

Pero é quizais a participación das persoas xitanas en todos os ámbitos da esfera pública onde estamos a ver grandes avances. Hai poucas semanas viamos no Congreso dos Deputados, ante a Comisión de Dereitos da Infancia e Mocidade, a Eusebio Montoya, un neno xitano de 12 anos, do barrio madrileño de Vallecas, que participa nos programas da Fundación Secretariado Xitano, asumir a representación dos nenos e nenas das Comisións de Infancia de toda España para trasladar as súas peticións ao Congreso, tras un proceso de participación infantil para coñecer os seus dereitos.

O pasado 8 de marzo, Día Internacional da Muller, unha data sinalada para reivindicar o papel das mulleres en todos os ámbitos da sociedade e poñer en valor a necesidade de garantir a igualdade de xénero, vimos tamén como as mulleres xitanas fóronse incorporando a este proceso e súmanse, conscientes dos seus dereitos, á reivindicación dunha sociedade que esixe a igualdade das mulleres, tamén das mulleres xitanas.

Pero é na participación política onde vemos estes días, previos as citas electorais, unha manifestación dos avances que están a promover os xitanos e xitanas na

representación pública e política. Os principais partidos políticos con representación parlamentaria están a incorporar nas súas listas electorais a candidatos e candidatas xitanas, mostrando así, por unha banda, a heteroxeneidade e pluralidade ideolóxica dentro da comunidade xitana, pero tamén o valor que supón en termos de rendibilidade política ter nas súas filas a persoas que representan a diversidade, persoas que suman, e que non restan votos, persoas que achegan aos partidos políticos e á sociedade. A numerosa incorporación de candidatos e candidatas xitanas ás próximas eleccións xerais, autonómicas e locais é un reflexo real de procesos de participación e cidadanía do pobo xitano, e supón, sen dúbida, o recoñecemento do valor que achegan, tamén á política.

No día 8 de abril, Día Internacional do Pobo Xitano, dende a Fundación Secretariado Xitano non podemos máis que alegrarnos destes avances en termos de recoñecemento e participación, avances que só poden producirse cando as persoas teñen garantidos os seus dereitos sociais básicos: unha educación de calidade, un emprego decente e unha vivenda digna.

Debemos seguir apostando por políticas, iniciativas e programas que contribúan a asegurar estes dereitos sociais para todas as persoas xitanas, sen deixar a ninguén atrás, para que poidan exercer plenamente a súa cidadanía. Por iso é polo que esta ampla representación política da minoría xitana sexa imprescindible para defender dende os seus poderes públicos o necesario avance en dereitos do pobo xitano.

PRESIDENCIA: Queda por tanto aprobada a declaración institucional como consecuencia do Día Internacional do Pobo Xitano.

DITAMES DAS COMISIÓNS INFORMATIVAS:

3(127).- FESTIVIDADES LOCAIS PARA O ANO 2020. EXPTE. 1646/110 (REXISTRO PLENO 2134/1101)

ANTECEDENTES: En data 21 de agosto de 2019, o concelleiro delegado de Xestión Municipal, emite o seguinte informe proposta,

“O concelleiro delegado de Xestión Municipal, Persoal, Patrimonio e Administración Electrónica, de conformidade co disposto no artigo 37.2 do Real Decreto Lexislativo 2/2015, do 23 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores, e de conformidade co artigo 46 do Real Decreto 2001/1983, do 28 de xullo, declarado vixente pola Disposición derogatoria única do Real Decreto 1561/1995, do 21 de setembro, sobre xornadas especiais de traballo, que indica que corresponde ao Pleno da Corporación o sinalamento das datas das festividades locais, eleva a dito órgano a seguinte,”

Deseguido o concelleiro delegado de Fomento e Servizos e 1º Tenente de Alcalde, emite a proposta que figura na parte dispositiva deste acordo.

A Comisión Informativa de Organización Municipal, Seguridade, Dinamización Administrativa e I+D, na súa sesión do 28 de agosto de 2019, ditaminou favorablemente a citada proposta.

DEBATE:

SR. LÓPEZ FONT: Traemos a este Pleno como tódolos anos a proposta dos festivos locais e nesta ocasión a proposta do goberno municipal é do día de Reconquista, como tódolos anos, no día 28 de marzo e nesta ocasión traemos o día martes de entroido 25 de febreiro, e quero sinalar que o próximo día 16 de agosto do 2020, en Vigo celebrarase San Roque, como tódolos anos, da mesma forma que se ven facendo, é certo que nesta ocasión se produce polas cuestións do calendario nun domingo pero tamén é certo que é máxima expresión do festivo e os actos en conmemoración de San Roque serán como tódolos anos, litúrxicos, romería, postos de comida, atraccións e en todos eses actos que se veñen facendo tódolos anos que están neste programa, por exemplo deste ano, das festividades de San Roque que se inician o día 15 e que rematan o día 18 pois estará o Alcalde acompañado dos seus concelleiros, estará o Alcalde mesturándose cos centos, miles de persoas que alí comen, e gozan convertendo aquilo certamente nunha festa, polo tanto, San Roque continúa igual, no ano 2020, é unha festa de Vigo, é unha festa en todo o seu esplendor e como dicía cos días previos como tódolos anos e con a

variedade de todo o que se celebra, a propósito neste programa das festas o apoia o Concello de Vigo, Deputación de Pontevedra e Zona Franca, non vexo por aquí á Xunta de Galicia, pero a isto xa estamos habituados.

Polo tanto, o voto particular do Partido Popular querendo colocar este festivo no 17 de agosto, o día 17 de agosto é San Jacinto, de acordo cos calendarios que temos todos nas nosas mesas, 18 de agosto é Santa Elena, felicitaremos nesas datas a tódolos que estean de santo, pero por que propoñemos no mes de febreiro o 25 de febreiro, martes de entroido, porque en febreiro chega o entroido e de sempre con arraigo en Vigo e creo que cada vez mais porque Vigo certamente é unha cidade que traballa pero tamén é unha cidade que sabe divertirse e o venres anterior a ese martes de entroido, xa comezamos a ver pola cidade aos nenos disfrazados, ese ambiente festivo, e logo virá todo o programa de actos relacionados co entroido, e este ano precisamente porque San Roque é domingo o calendario nos ofrece unha oportunidade inigualable, como é celebrar como festivo o martes de entroido e tamén o 16 agosto, domingo, seguiremos celebrando San Roque, polo tanto, esta coincidencia o que nos permite é unha oportunidade magnífica para gozar dobremente, porque quero lembrar que no mes de agosto, practicamente a metade de Vigo senón máis está de vacacións, polo tanto, cremos que se trata de acondicionar o mellor posible isto porque a celebración do martes de entroido sen impedir e menoscabar a de San Roque tamén será un impulso máis ao entroido do Concello, desta cidade, no que nos volcamos cada vez máis.

Polo tanto, como digo é unha magnífica ocasión que nos ofrece o calendario para distribuílo así, e hai algo tamén moi importante e é que coa celebración como festivo do martes de entroido permitimos a conciliación de pais con fillos e imos permitir seguro a moitos o que poidan facer ponte, lle imos a permitir o que o martes de entroido que polas vacacións escolares sole ser un día de difícil conciliación, eses días dos pais cando teñen que atender aos seus fillos tamén iso vaino a permitir.

Polo tanto, conclusión, creo que a proposta é a mellor posible pero para a súa tranquilidade o dous ou o nove de setembro do ano que ven volveremos aquí a Pleno, falaremos das festividades do 2021, volveremos a propoñer San Roque no 2021 é luns e volveremos á festa e volveremos a celebrar San Roque como tódolos

anos. É imposible atopar unha proposta mellor e non llo tome a mal Sr. Marnotes pero certamente son vostedes un pouco tristes.

SR. PÉREZ CORREA: É un feito obxectivo de que hai unha proposta e é un feito obxectivo que durante tódalas semanas se lle preguntaba ao Alcalde cal é o conxunto da proposta que se quere facer, nós non imos ir ao criterio particular do que nos interesa a cada un, eu son pai e posiblemente me gustaría máis que fora o martes de entroido, os criterios seguramente do Alcalde serán outros para facer un entroido destes personalista que se facer aproveitando un festivo polo medio pero que hai un Estatuto de Traballadores que nós é claro e a nós nos gustaría que cando se queira facer unha modificación polo menos que haxa un informe xurídico que sosteña isto, e o Estatuto dos Traballadores no seu artigo 37.2 deixa claro, é certo que fala e aí hai diferente xurisprudencia pero que fala de que no caso de que caia ese festivo nun domingo para os festivos nacionais e ademais fala das comunidades autónomas, se traslade ao seguinte luns, dio o artigo 37.2 do Estatuto dos Traballadores e por que para nós é unha cuestión importante, home porque levan toda a semana chamándonos comités de empresa, delegados sindicais porque moita xente configura xa a partires deste ano o calendario laboral, dentro dos procesos de negociación colectiva que ten cada empresa e dende logo non é bo que se faga arbitrariamente o cambio dependendo de como nos gusta a cada un, aplíquese un criterio permanente e se cae en domingo aplíquese polo menos o mesmo criterio que aplica o goberno central e as comunidade autónomas de traslado ao luns e que figura como digo no artigo 37.2 do Estatuto dos Traballadores. E polo tanto, o lóxico sería pasalo ao luns, iso sería o lóxico e o normal e o que seguramente faría calquera concello porque logo non é pasar o festivo a outra data, senón o que se está a facer é elixindo cada vez que coincida iso outro festivo, porque martes de entroido nalgúns outros concellos decídese como festivo, en todo caso se é unha condición que só vai a ocorrer este ano, nos gustaría que se aplicara un criterio permanente para o resto das posibilidades de festivos que vai haber de aquí en diante e que se diga se se vai seguir aplicando o criterio de pasalo ao luns porque hai moitos convenios colectivos construídos sobre esta realidade ou se imos a ir improvisando en cada ano como nos interese, eu só digo que iso se teña en conta porque algúns sindicatos xa nos trasladan que

prefiren o luns, por cuestións que teñen que ver precisamente coa negociación colectiva, colectivos de autónomos tamén trasladan ao luns e remato, hai 35 consultas reguladas polo goberno feitas durante e dende a instauración da suposta democracia e dos últimos 30 e pico ou corenta anos de goberno locais, algúns concellos porque vostedes abren nas webs e abren consultas públicas que están moi ben para ver se se pode fumar ou non, que días acenden as luces de Nadal, hai 20 concellos neste país que abriron consultas reguladas para decidir cando coincidían os festivos, está no Boletín Oficial do Estado e está no Boletín do Congreso dos Deputados, non era mala idea ir ensaiando consultas populares precisamente para que puidera decidir a xente de Vigo cando prefire os festivos locais, hai precedentes, xa digo, hai 35, non todas, pero un parte sensible desas consultas que o goberno autorizou nestes trinta e pico ou corenta anos de gobernos democráticos que precisamente van orientado niso, non sería mala idea porque eu creo que abriu unha polémica innecesaria e dende logo nós como grupo municipal fomos consultados por sindicatos precisamente porque se queren configurar os calendarios laborais do ano que ven, que teñen que estar en xaneiro e hai xente que xa está negociando estas cuestións dentro dos cadros de persoal.

SR. PÉREZ IGLESIAS: Pedín a palabra no mesmo momento que pediu o voceiro da Marea.

PRESIDENCIA: Ten vostede dous minutos.

SR. MARNOTES GONZÁLEZ: Non teño problema en que se faga así.

SR. PÉREZ IGLESIAS: Por parte do Bloque Nacionalista Galego o primeiro que queremos é clarear cal é o obxecto deste acordo que é que efectivamente o Concello de Vigo, o Pleno da Corporación dentro da súa potestade fixe a data dos festivos locais, non, polo tanto, non se trata dun festivo xa previamente fixado que cae en domingo senón que se trata de fixar as datas que esta Corporación municipal decidamos fixar como festivos locais para o ano 2020, non con carácter permanente, nese sentido é evidente que estamos diante dunha polémica bastante estéril e que non ten máis fundamento que se cadra pois buscar unha

cuestión coa que polemizar ou coa que de bater pero que dende logo nós tampouco lle vemos maior fondo.

Dito isto, dende o Bloque Nacionalista Galego nós tamén somos partidarios de que a futuro este tipo de decisións se motiven tamén consultando ás organizacións sindicais e consultando tamén no posible ao conxunto da veciñanza tal e como se ven de comentar.

É evidente que San Roque é unha romaría popular que é emblemática da nosa cidade pero tamén é evidente que este ano esa data xa cadra en día non laborable por cadrar en domingo e dende o Bloque Nacionalista Galego dende logo si que somos partidarios/as de apostar por potenciar o entroido vigués e nese sentido entendemos que é unha decisión positiva facer festivo ese martes de entroido pero tamén dicimos que potenciar o entroido pasa tamén por intensificar a recuperación e a popularización da figura dos merdeiros que son unha figura singular do entroido urbano galego e evitando replicar modelos alleos de entroido. Dende logo nós si tivéramos que resumir entendemos que é un momento dun entroido máis popular, de máis merdeiros, de máis entroido veciñal e dende logo de menos concertos de Chenoa.

SR. MARNOTES GONZÁLEZ: Pois hai unha proposta do goberno de propoñer o martes de entroido como día festivo e hai outra proposta que é a do noso grupo de que se manteña como festivo o día de San Roque e ao caer en domingo que pase ao luns 17 e pedimos para o ano 2020 o que se acordou neste mesmo Pleno en setembro, o 29 setembro do ano 2014, para o festivo de San Roque do ano seguinte, do ano 2015, dicía entón a presidencia do Pleno o Sr. Caballero “como saben no ano 2015 o día San Roque cae en domingo e na proposta que se fai de acordo coas decisións que se toman no Pleno é pasalo para luns, polo tanto o festivo será o luns seguinte a San Roque e o día da Reconquista permanece o sábado” que daquela se celebraba o sábado. Nós pedimos o mesmo que pediu vostede e que se aprobou por unanimidade naquel Pleno e de feito o noso voto particular é unha transcripción literal desa proposta da Alcaldía e dese acordo. É evidente que o San Roque é domingo, dicir que este ano San Roque é festivo e unha simpleza, iso é así, pero non se vai a perder ese festivos, xa o sabemos o que queremos é que se cumpra a tradición pero tamén que se cumpra a lei que neste

caso é moi clara, di exactamente que serán tamén inhábiles para o traballo, retribuídos e non recuperables, ata dous días de cada ano natural con carácter de festas locais que por tradición sexan propias en cada municipio, determinándose pola autoridade laboral competente a proposta do Concello, no Pleno.

Ten que ser unha festa tradicional, punto un, e punto dous, as festas non as pon o Alcalde, as festas tampouco as pon o Pleno, o festivo local non o facemos nós, o festivo faino a tradición, é o Pleno que se fai eco desa tradición e lla transmite á autoridade competente e cando un festivo tradicional coincide en domingo nós facemos uso da facultade que a lei lle concede ao goberno cando algunha das festas comprendidas no número anterior coincide en domingo o descanso laboral correspondente á mesma gozarase o luns inmediatamente posterior, é unha facultade que se utilizou aquí e que se utiliza en tódolos concellos España. Do que se trata e de asociar un festivo local a un día de descanso laboral, de xeito que a cidadanía poida gozar da festa non porque sexa domingo senón porque sexa San Roque, a festa tradicional é a que é, non se pode inventar, non se pode improvisar, ten que ser tradicional e de aí que cando caía nun domingo precisamente para que se goce se pode pasar ao luns.

A proposta do goberno é completamente distinta, faise un festivo un día que en Vigo sempre foi laborable, do que non temos tradición ningunha, non só iso, para facer o de sempre non se precisa facer consulta ningunha, constatamos unha tradición e transmitimos á autoridade laboral, pero facer unha modificación desta calado a quen se consulta? Consultaron vostedes ao Consello Social da Cidade, á mesa do comercio local, aos autónomos, como se pode modificar o calendario laboral desta cidade sen consultar a ninguén, o goberno propón o martes de entroido porque lle peta, punto pelota e por que non o mércores de cinza? E o luns de pascua? E a Virxe do Carme? Ou a festa dos maios? Iso hai que consensualo, Sr. Alcalde, isto é Vigo, é a cidade máis grande de Galicia, hai institucións que hai que respectar, hai que respectar aos axentes sociais, hai que respectar aos comerciantes, hai que respectar aos autónomos, ás persoas. Seica dixo que mentres será Alcalde o San Roque vai a ser festivo, de verdade o ano 21 imos a celebrar de novo o San Roque o martes 16 de agosto? Imos rachar a tradición un ano e volvela a poñer ao ano seguinte? Festivos de quita e pon, intermitentes, isto no é serio, isto é unha chapuza, isto é unha improvisación, é que ademais estou

seguro de que non é unha improvisación, a non ser que isto non sexa unha improvisación porque oíndo o seu discurso, Sr. Font, sabemos que non é unha improvisación, o que queren é efectivamente crear unha tradición nova, falou de conciliación, falou de que vai a facer unha festa, o que queren, agora o teño claro é que o San Roque deixe de ser festivo e instaurar nesta cidade o martes de entroido, pénsese ben Sr. Alcalde que co martes de entroido Vigo perde, manténdose a San Roque pasando a luns non perde ninguén, queremos manter esa tradición porque é a nosa, é a de Vigo, o entroido haino en moitos sitios tamén en Honolulu e en A Coruña pero non en Vigo.

SR. LÓPEZ FONT: A verdade é que estou certamente sorprendido, mire en relación co grupo Mixto, aquí non hai ningunha cuestión personalista, nin está en relación cos eventos que se van a facer, esta é unha competencia do Pleno do Concello de Vigo como o foi sempre e precisamente o estamos a debater o 4 de setembro porque hai que configurar os calendarios laborais a nivel autonómico e a nivel local, polo tanto esta é unha competencia deste Pleno no que hai que debatelo e como máxima e como contestación a tódolos que interviron, San Roque non é unha obriga, a Reconquista non é unha obriga, é unha opción, é dicir, ao fío do discurso do Sr. Marnotes se aquí chegásemos á conclusión de que as tradicións na cidade de Vigo son dúas diferentes, aquí con toda a lexitimidade poderíamos cambiar. Polo tanto, e claro, logo isto das consultas a min faime moita gracia porque algúns non sei o que van a pretender se é que aquí esteamos en referendun permanente como en Suíza e decidamos cal é a cor da pintura que poñemos en determinada instalación municipal, miren, a consulta se fixo o 26 de maio, si que se fixo unha consulta, e esa foi a importante e esa é que da lexitimidade para traer aquí as propostas.

En relación coa negociación colectiva, a negociación colectiva se planifica precisamente en función do que deciden aquelas administracións con tempo suficiente, aprobando neste Pleno o 4 setembro cales van a ser os festivos locais certamente as centrais sindicais, certamente os convenios de empresa teñen toda a marxe para negociar isto e non fagan xogos de palabras sobre cambios ou non cambios porque a Xunta de Galicia cambiou o 17 de maio, cambio o de 19 marzo, cambiou moitas veces os días e vostede na consellería que estaba sábeo

perfectamente, e mire Sr. Marnotes, claro que son vostedes uns tristes home, porque o 17 de agosto non vai celebrar nada ninguén, o 17 de agosto non se vai a celebrar ningún evento litúrxico nin ningunha romaría nin nada, e o martes de entroido, por iso son vostedes uns tristes, si que van a gozar os cidadáns e o país van a conciliar, e mire, cando queiramos anunciar algo a futuro no Pleno o faremos nós, non vostede.

Polo tanto, vostede non pode dudar, nin vostede nin ninguén, de cales son os nosos compromisos a futuro e creo que o deixei moi claro, no 2021 luns 16 de agosto San Roque será festivo local.

PRESIDENCIA: Hai un voto particular que debe ser votado, o grupo Popular propón o día 17 de agosto como día festivo local.

VOTACIÓN DO VOTO PARTICULAR DO PARTIDO POPULAR: Con catro votos a favor dos membros do grupo municipal do Partido Popular señores e señoras, señores e señoras Egerique Mosquera, Gonzalez Castillo, López Roman e Marnotes González, tres abstencións dos membros do grupo municipal Mixto, señor e señora, Mendez Fuentes e Pérez Correa, e do membro non adscrito, Sr. Pérez Igrexas, e dezoito votos en contra dos membros do grupo municipal Socialista, señores e señoras, Abelairas Rodríguez, Aguiar Castro, Aneiros Pereira, Blanco Iglesias, Caride Estévez, Espinosa Mangana, Fernández Pérez, Gomez Días, Iglesias González, Lago Barreiro, López Font, Losada Alvarez, Mejías Sacaluga, Rivas González, Rodríguez Calviño, Rodríguez Díaz, Rodríguez Rodríguez e a Presidencia, queda rexeitado o voto particular.

VOTACIÓN DO DITAME: Con dezanove votos a favor dos membros do grupo municipal Socialista, señores e señoras, Abelairas Rodríguez, Aguiar Castro, Aneiros Pereira, Blanco Iglesias, Caride Estévez, Espinosa Mangana, Fernández Pérez, Gomez Días, Iglesias González, Lago Barreiro, López Font, Losada Alvarez, Mejías Sacaluga, Rivas González, Rodríguez Calviño, Rodríguez Díaz, Rodríguez Rodríguez e a Presidencia, e mais do membro non adscrito, Sr. Pérez Igrexas, dúas abstencións dos membros do grupo municipal Mixto, señor e señora, Mendez

Fuentes e Pérez Correa, e catro votos en contra dos membros do grupo municipal do Partido Popular señores e señoras, señores e señoras Egerique Mosquera, Gonzalez Castillo, López Roman e Marnotes González, adóptase o seguinte;

ACORDO:

PRIMEIRO.- Fixar as seguintes festividades locais para o ano 2020

1.- O Día da Reconquista desta cidade, sábado 28 de marzo

2.- O día martes de Entroido, 25 de febreiro

SEGUNDO.- Comunicar o presente acordo ao órgano competente da Administración da Comunidade Autónoma.

4(128).- APROBACIÓN INICIAL DO PROXECTO DE MODIFICACIÓN PARA O EXERCICIO 2020 DA ORDENANZA FISCAL XERAL. EXPTE. 2579/500 (REXISTRO PLENO 2116/1101)

ANTECEDENTES: No expediente consta informe proposta emitido pola Dirección Xeral de Ingresos en data 15.07.2019, modificado posteriormente con data 22.07.19, no que consta a seguinte modificación ao articulado vixente:

“1.NORMATIVA APLICABLE:

- Constitución española de 27 de decembro de 1978.
- Lei 7/1985, de 2 de abril, de bases do réxime local.
- Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais (en adiante, TRLRFL).
- Lei 5/1997, de 22 de xullo, de réxime local de Galicia.
- Lei 58/2003, de 17 de decembro, xeral tributaria (en adiante, LXT).
- Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas (en adiante, Lei 39/2015).

- Real Decreto 939/205 de 29 de xullo, polo que se aproba o Regulamento xeral de recadación, modificado polo Real Decreto 1071/2017 de 29 de decembro (en adiante, RXR).
- Decreto 141/2012 polo que se aproba o Regulamento marco do servizo público de saneamento e depuración de auga residuais de Galicia (referenciado como Decreto 141/2012).
- Real Decreto 1071/2017, de 29 de decembro, polo que se modifica o Regulamento Xeral de Recadación en materia do procedemento de poxa (en adiante, RD 1071/2017).

2. ANTECEDENTES DE FEITO.

Primeiro.- Mediante Acordo plenario de data 5 de setembro de 2018 aprobouse definitivamente a modificación de determinados artigos da presente Ordenanza Fiscal Xeral relativos a materia recadadora.

Segundo.- O Sr. Concelleiro-Delegado da Área de Orzamentos e Facenda ditou orde de inicio de expediente de modificación en data 1 de xullo de 2019.

3. CONSIDERACIÓNS TÉCNICAS E XURÍDICAS.

a) Para a aplicación dos tributos, a administración municipal ten que rexirse pola normativa propia de cada tributo, pero tamén ten que seguir as normas de xestión, liquidación, inspección, recadación e revisión integradas nesta Ordenanza fiscal xeral.

A través da Ordenanza Fiscal Xeral, o Concello de Vigo adapta a normativa tributaria ao réxime de organización e funcionamento interno propio, tal e como establece o artigo 12.2 do TRLRFL.

A casuística derivada da xestión tributaria e recadadora do último ano aconsella as modificacións que se relacionan no presente expediente.

b) As importantes reformas lexislativas levadas a cabo, non só no ámbito tributario senón tamén no eido do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, xeran a necesidade de modificar a Ordenanza fiscal xeral do Concello de Vigo coa finalidade de adaptala á normativa vixente na materia.

Faise precisa a adaptación de diversos preceptos da Ordenanza Fiscal Xeral ás previsións da Lei 39/2015 en materia de procedemento electrónico (neste senso, procede engadir un artigo 19 Bis, engadir os parágrafos 5 e 6 ao artigo 54 e modificar o artigo 59.9); precísase a adaptación do artigo 23 ao disposto no artigo 40 da LXT e modifícase o artigo 73 debido ás novidades introducidas polo RD 1071/2017 en materia do procedemento de poxa. Ademais, engádese como disposición adicional a esta Ordenanza Fiscal, unha modificación de contido técnica da Ordenanza Fiscal nº 20.

Así, as modificacións que se propoñen son as seguintes:

- introdución dun artigo 19 Bis, engadido de dous novos parágrafos no artigo 54 e modificación do artigo 59.9:

A entrada en vigor da Lei 39/2015, ditada ao amparo do artigo 149.1.18 da Constitución que atribúe ao Estado a competencia para establecer as bases do réxime xurídico das Administracións Públicas e o procedemento administrativo común e, por tanto, integramente aplicable ás entidades locais; redefiniu por completo os medios de comunicación e notificación, sendo preciso adaptar a normativa local á levanza preferentemente electrónica do procedemento administrativo que proclama a precitada lei.

Con esta finalidade, introdúcese o artigo 19 Bis para regular as obrigas de relacionarse por medios electrónicos coa Administración Tributaria do Concello de Vigo e engádense dous novos parágrafos no 54, a través dos cales se adoptan medidas que facilitan e axilizan a tramitación dos procedementos tributarios e modifícase o apartado 9 do artigo 59 relativo a publicación de obrigados tributarios a través do BOE por non ter sido posible a notificación persoal.

- adaptación do artigo 23 (apartados 1,2 e 5) ao disposto no artigo 40 da LXT, no tocante aos sucesores de persoas xurídicas e de entidades sen personalidade.

- modifícase o artigo 73, debido ás novidades introducidas polo Real Decreto 1071/2017, de 29 de decembro, polo que se modifica o réxime xurídico do procedemento de poxa a través da adaptación dos artigos 100 a 107 do RXR, para adaptalo aos principios emanados do informe elaborado pola Comisión para a Reforma das Administracións Públicas (CORA), co obxectivo da axilización e simplificación de ditos procedementos así como a potenciación dos medios electrónicos, nos termos expresados polo Sr. Tesoureiro en proposta que consta no expediente.

A estes efectos, imponse a tramitación electrónica do procedemento de poxa, que se celebrará no Portal de Poxas da Axencia Estatal Boletín Oficial do Estado, como xa viña sucedendo coas poxas xudiciais; redúcese o importe mínimo do depósito e enuméranse as opcións posibles ante a falta de adxudicación dalgún ben nun procedemento de poxa, entre outras modificacións de menor calado.

-Por motivos de economía no procedemento, introdúcese como disposición adicional a esta ordenanza unha modificación de contido técnica na ordenanza fiscal nº 20.

Nesta ordenanza nº 20 Fiscal Reguladora das taxas pola prestación de servizos de baleirado de pozos negros, fosas sépticas, solares e servizos similares como a recepción de vertidos non canalizados na EDAR, realízasen correccións de tipo técnico adaptados á normativa autonómica: Decreto 141/2012, que fixa as condicións para a recepción de vertidos non canalizados ás instalacións de saneamento

4. INFORME SOBRE REPERCUSIÓN ORZAMENTARIA.

Para os efectos do disposto no artigo 129.7 da Lei 39/2015, cómpre indicar que a presente modificación regula aspectos procedimentais e técnicos sen repercusión dende o punto de vista das previsións nas correspondentes partidas orzamentarias do exercicio 2020.

5. INFORME SOBRE O IMPACTO DE XÉNERO.

A presente modificación non introduce ningunha disposición que teña incidencia por razón de xénero, xa que afecta a quen teña a condición de contribuínte. Consecuentemente, o impacto por razón de xénero será nulo.

6. INNECESARIEDADE DO TRÁMITE PREVISTO NO ARTIGO 133 DA LEI 39/2015.

Segundo o apartado 4 do artigo 133 da Lei 39/2015, *“cando a proposta normativa non teña un impacto significativo na actividade económica, non impoña obrigas relevantes aos destinatarios ou regule aspectos parciais dunha materia, poderá omitirse a consulta pública”* a que se refire o apartado 1 do mesmo artigo.

Segundo informe do Tribunal Económico Administrativo do Concello de Vigo de data 20.06.17 coincidente co da Dirección Xeral de Tributos de data 10 de xaneiro de 2018: *“o trámite de consulta previa debe substanciarse cando se trata dunha nova ordenanza fiscal, mentres que no caso da modificación dunha ordenanza fiscal aprobada con anterioridade, pode obviarse dito trámite por tratarse dunha regulación parcial da materia”*.

Tramitación da modificación.

O expediente deberá ser tramitado conforme dispón o artigo 111 da LRBRL, artigos 15 a 19 do RDL 2/2004 de 5 de marzo que aproba o TRLRFL e artigo 137 apartado 1 b) da citada LRBRL.

Segundo informe do TEA do Concello de data 15 de xuño de 2018, *«unha vez incorporados os correspondentes informes xurídicos, técnicos e económicos, será redactado Informe-Proposta e o expediente será remitido á Intervención Xeral. Expresamente se solicitará a dito órgano que “de conformidade co indicado polo TEACV, órgano competente para o Ditame sobre os Proxectos de Ordenanzas Fiscais, deberá informarse sobre o cumprimento dos obxectivos de estabilidade orzamentaria, suficiencia financeira e demais restricións orzamentarias que se puideran derivar do acordo proposto”*.

Con carácter potestativo poderá solicitarse ao TEACV, como ven sucedendo dende a creación deste, informe previo sobre a legalidade da Proposta de Proxecto que se somete a aprobación da Xunta de Goberno Local, a fin de que, tanto polos órganos políticos como polos administrativos, exista garantía sobre a conformidade no Ditame que será emitido con posterioridade á aprobación, no seu caso, da Proposta de Proxecto pola Xunta de Goberno Local. Así mesmo, e se este

órgano así o estima conveniente, complementa o control de legalidade de quen teña atribuída dita función nos asuntos que deban ser sometidos á consideración da Xunta de Goberno Local.

Unha vez aprobado o Proxecto pola Xunta de Goberno Local será novamente remitido ao TEACV, quen elaborará o correspondente Ditame. Incorporado o preceptivo Ditame, o expediente, agora xa completo, será remitido á Secretaría do Pleno a fin da súa posta de manifesto aos voceiros dos grupos municipais e para o seu estudio e debate en Comisión Informativa e no Pleno.

De producirse transaccións políticas na fase de Propostas de emendas que varíen a redacción do Proxecto, deberá remitirse novamente o texto modificado á Intervención Xeral para o referido informe sobre cumprimento de restricións orzamentarias como previo á aprobación pola Xunta de Goberno Local do texto modificado e sometido a novo Ditame do TEACV.

O expediente co texto aprobado pola Xunta de Goberno Local e ditaminado polo TEACV someterase a estudio e aprobación pola Comisión Informativa correspondente e será remitido para a súa aprobación provisional polo Pleno.

Producida dita aprobación provisional, exporase ao público por prazo de trinta días a fin de que, por quen teña a condición de interesado, poida ser plantexada a oportuna reclamación.

De ser presentadas reclamacións, determinarase previamente a admisibilidade das mesmas e, entre as admitidas, resolverase estimando ou desestimando as mesmas, dándose conta á Xunta de Goberno Local e remitíndose ao Pleno para aprobación definitiva. No caso de non presentarse reclamacións ou incorrer todas as presentadas en causa de inadmisibilidade, entenderase aprobado o texto sen necesidade de remisión ao Pleno para a súa aprobación definitiva.

No caso de ser presentadas reclamacións admisibles contra o acordo de aprobación provisional, sexan estimadas ou non, procederá a remisión ao Pleno aos efectos da aprobación definitiva. No caso de que pola estimación de reclamación contra o Acordo de aprobación provisional se modificase este, o texto da Ordenanza será remitido previamente ao TEACV para novo Ditame».

Á vista do anterior, esta Dirección de Ingresos solicita, da Xunta de Goberno local a adopción do seguinte,

ACORDO:

1º) Aprobar a seguinte:

“MODIFICACIÓN DOS SEGUINTE ARTIGOS DA ORDENANZA FISCAL XERAL” (1), QUE QUEDARÁN REDACTADOS COMO SEGUE:

19 BIS.- RELACIÓNS ELECTRÓNICAS COAS ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS.

Engádesse un novo artigo 19 bis que queda redactado como segue,

1. Sen prexuízo da demora ata 02.10.2020 prevista na disposición final séptima da Lei 39/2015, estarán obrigados a relacionarse a través de medios electrónicos coa Administración tributaria deste Concello, para a realización de calquera trámite dun procedemento administrativo: as persoas xurídicas, as entidades sen personalidade xurídica, quen exerza unha actividade para a que se requira colexiación obrigatoria, para os trámites e actuacións derivados de dita actividade profesional (incluídos os Notarios e Rexistradores), así como quen represente a un interesado que estea obrigado a relacionarse electronicamente coa Administración.

2. Fora do suposto mencionado no apartado 1 precedente, as persoas físicas poderán optar en todo momento entre comunicarse coa Administración Tributaria do Concello de Vigo para o exercicio dos seus dereitos e obrigas, (previa autenticación e acreditación da súa identidade) por medios electrónicos; a través de correo ordinario ou presencialmente. Así mesmo, poderán escoller a forma no que o Concello emitirá a súa resposta á comunicación da persoa interesada: por medios electrónicos ou polos medios ordinarios antes mencionados.

3. As notificacións da Administración Tributaria do Concello de Vigo practícaranse preferentemente por medios electrónicos e, en todo caso, cando a persoa interesada estea obrigada a recibilos por esa vía conforme ao apartado. As notificacións electrónicas entenderanse practicadas no momento no que se produza o acceso ao seu contido. Entenderase rexeitada a notificación, cando transcorreran 10 días naturais dende a súa posta a disposición sen que se acceda ao seu contido. Todas as notificacións que se practiquen en papel poñeranse a disposición das persoas interesadas, e ademais, na sede electrónica do Concello de Vigo para que esta poida acceder ás mesmas de forma voluntaria.

4. As persoas interesadas terán dereito a consultar o estado de tramitación do seu expediente administrativo a través da sede electrónica do Concello de Vigo.

ARTIGO 23.- SUCESORES DE PERSOAS XURÍDICAS E DE ENTIDADES SEN PERSONALIDADE.

Modifícanse os puntos 1, 3 e 5

1. As obrigas tributarias pendentes das sociedades e entidades con personalidade xurídica disoltas e liquidadas nas que a Lei limita a responsabilidade patrimonial dos socios, partícipes ou cotitulares transmitíranse a estes, que quedarán obrigados solidariamente ata o límite do valor da cota de liquidación que lles corresponda e demais percepcións patrimoniais recibidas polos mesmos nos dous anos anteriores á data de disolución que minoren o patrimonio social que deba responder destas obrigas. As obrigas tributarias pendentes das sociedades e entidades con personalidade xurídica disoltas e liquidadas nas que a lei non limita a responsabilidade patrimonial dos socios, partícipes o cotitulares transmitíranse integramente a éstos, que quedarán obrigados solidariamente ao seu cumprimento.

3. Nos supostos de extinción ou disolución sen liquidación de sociedades e entidades con personalidade xurídica, as obrigas tributarias pendentes das mesmas transmitiranse ás persoas ou entidades que sucedan ou sexan beneficiarias da correspondente operación. Esta norma tamén será aplicable a calquera suposto de cesión global do activo e pasivo dunha sociedade e entidade con personalidade xurídica.

5. As sancións que puideran proceder polas infraccións cometidas polas sociedades e entidades ás que se refire este artigo serán esixibles aos sucesores das mesmas, nos termos establecidos nos apartados anteriores e, no seu caso, ata o límite do valor determinado conforme ao disposto no apartado 1 deste artigo.

ARTIGO 54. COLABORACIÓN SOCIAL NA XESTIÓN TRIBUTARIA.

Engádense os puntos 5 e 6 quedando redactados como segue,

5. De conformidade cos artigos 53.1 apartado d) e 28.2 da Lei 39/2015, nos procedementos tributarios iniciados a instancia do contribuínte, non será necesario aportar documentos que a administración tributaria do Concello poida obter nas plataformas de intermediación de datos.

Non obstante, a persoa interesada poderá opoñerse á consulta de datos a través da Plataforma de Intermediación de Datos entre Administracións Públicas, manifestando a súa oposición de forma expresa e fundamentada en causa xustificada segundo o disposto no artigo 6.1 do Regulamento Xeral de Protección de Datos da UE.

Sen prexuízo de todo o anterior, nas ordenanzas fiscais de cada tributo poderá esixirse a presentación de documentos non accesibles a través da citada plataforma de intermediación.

6. Os beneficios fiscais de carácter rogado poderán ser prorrogados, sempre que o interesado, exprese na súa solicitude o seu consentimento para as sucesivas consultas dos datos e documentos necesarios para o mantemento do beneficio fiscal en períodos impositivos posteriores. A falta deste consentimento, requirirase a presentación anual polos contribuíntes da correspondente solicitude de beneficio fiscal.

ARTIGO 59.- NOTIFICACIÓN DAS LIQUIDACIÓNS TRIBUTARIAS.

Modifícase o punto 9 quedando redactado como segue,

9 Cando non fora posible efectuar a notificación, citarase aos obrigados tributarios para ser notificados por comparecencia mediante publicación única no Boletín Oficial do Estado. Estas publicacións realizaranse os luns, mércores e venres de cada semana. Na publicación constará a relacións de modificacións pendentes indicando:

- Obrigado tributario o seu representante.
- Procedemento que as motiva.
- Órgano competente para a súa tramitación.

- Lugar en que o destinatario deberá comparecer e prazo, sendo este o de os 15 días seguintes ao da publicación.

Transcorrido dito prazo sen comparecer, a notificación entenderase producida a todos os efectos legais o día seguinte ao vencemento do prazo de 15 días sinalado.

ARTIGO 73.- POXA DE BENS.

Modifícanse os puntos 1, 2, 3

1. O procedemento ordinario de adxudicación de bens embargados será a poxa pública. A dita poxa será única e realizarase por medios electrónicos no Portal de Poxas da Axencia Estatal do Boletín Oficial do Estado, debendo observarse na súa tramitación o disposto nos artigos 100 e seguintes do Regulamento Xeral de Recadación.

2. A Mesa de poxa de bens estará integrada polo Tesoureiro Municipal, que será o seu Presidente, o Secretario Xeral do Pleno ou funcionario en quen delegue, que actuará como Secretario, un funcionario técnico da Asesoría Xurídica Municipal e o Recadador Executivo Municipal. Todos poderán ser substituídos nos supostos de ausencia.

3. As poxas de bens embargados anunciaranse no Boletín Oficial do Estado e no Taboleiro de Edictos do Concello. Poderá dispoñerse a publicación do anuncio de poxa en medios de comunicación de gran difusión e en publicacións especializadas cando se considere conveniente. A poxa abrirase transcorridas polo menos 24 horas desde a publicación do anuncio.

Todo licitador, para ser admitido como tal, constituirá un depósito do 5 por cento do tipo de poxa dos bens polos que desexe poxar.

Suprímese o punto 4 antigo

O punto 4 novo queda redactado como segue:

4. Os importes dos tramos de licitación son os seguintes:

- a) Para tipos de poxa inferiores a 10.000 euros, 100 euros.
- b) Para tipos de poxa desde 10.000 euros ata 50.000 euros, 300 euros.
- c) Para tipos de poxa desde 50.001 euros ata 250.000 euros, 500 euros.
- d) Para tipos de poxa superiores a 250.000 euros, 1.000 euros.

Modifícanse os puntos 5,6 7 e 8.

5. A Mesa, atendendo ao interese público e sen que exista un prezo mínimo de adxudicación, decidirá se a oferta é suficiente ou se declara deserta a poxa, cando a mellor das ofertas presentadas sexa inferior ao 50 por cento do tipo de poxa. Neste suposto fíxase, indicativamente, o 40 por cento de tipo de poxa como oferta admisible.

No suposto de que se considere suficiente a oferta procederase a adxudicación do ben ou lote correspondente.

6. Terminada a poxa, levantarase a acta correspondente, entregándoseles aos adxudicatarios unha certificación da mesma. Todos os gastos derivados da adxudicación, incluídos os tributos que graven a transmisión, serán por conta do adxudicatario. Os adxudicatarios exoneran expresamente ao Concello de Vigo, ao amparo do artigo 9 da Lei 49/1960, do 21 de xuño, de Propiedade Horizontal, da obriga de achegar a certificación sobre o estado das débedas da comunidade, sendo por conta dos mesmos a cancelación das débedas pendentes de pagamento.

7. En caso de impago do prezo de remate polo adxudicatario, o importe depositado aplicarase á cancelación das débedas obxecto do procedemento, sen prexuízo das responsabilidades en que poida incurrir polos danos e prexuízos causados á Administración que orixine a falta de pagamento do prezo de remate.

A adxudicación será notificada ao adxudicatario, instándolle para que efectúe o pago da diferenza entre o prezo total de adxudicación e o importe do depósito nos 15 días seguintes á data da notificación, coa advertencia de que se non o completa no devandito prazo perderá o importe do depósito que se aplicará á cancelación das débedas obxecto do procedemento. Todo iso, sen prexuízo das responsabilidades en que poida incurrir o adxudicatario polos prexuízos que orixine á Administración a falta de pago do prezo de remate e a cuxo resarcimento quedará obrigado en todo caso.

8. Cando no procedemento de alleamento regulado non se adxudicara algún ou algúns dos bens embargados, o órgano de recadación competente poderá, a condición de que teñan utilidade para a Facenda pública, propor de forma motivada ao órgano competente a súa adxudicación á Facenda pública seguindo o procedemento regulamentado na Lei 58/2003 e no Real Decreto 939/2005.

Se non concorre a circunstancia de utilidade pública, o órgano de recadación poderá solicitar unha nova valoración aos efectos de iniciar unha nova poxa.

Se o órgano de recadación o considera oportuno, poderá iniciar de novo a poxa coa valoración do ben ou bens que corresponda á poxa pechada na que non se adxudicaron os bens.

DISPOSICIÓN ADICIONAL.

Ordenanza Nº 20:

Ordenanza Fiscal Reguladora das taxas pola prestación de servizos de baleirado de pozos negros, fosas sépticas, solares e servizos similares así como a recepción de vertidos non canalizados na EDAR. 2020

ARTIGO 1.- FEITO IMPOÑIBLE.

Constituirán feitos impoñibles das taxas reguladas nesta Ordenanza os seguintes servizos:

a) Recepción de vertidos non canalizados na EDAR procedentes de baleirado de pozos negros e fosas sépticas ou asimilados.

ARTIGO 4.- COTAS.

As tarifas serán as seguintes:

1. Vertidos non canalizados na EDAR:

Por cada 100 litros ou fracción.

5,10 €

ARTIGO 7. NORMAS ADICIONAIS.

Para os vertidos non canalizados na EDAR, será esixible:

- Que o solicitante presente una declaración responsable na que indique os inmobles situados no termino municipal de Vigo de onde proceden os vertidos e que estes teñen a natureza de vertidos domésticos ou asimilados.

Presentará, igualmente, xustificante conforme é transportista de residuos non perigosos.

- Que o solicitante presente unha estimación da cantidade que anualmente verte na EDAR.

Segundo a contía, poderase esixir a realización a cargo dunha Entidade Colaboradora da Administración ECA, dunha analítica semestral dun transporte escollido aleatoriamente.

DISPOSICIÓN FINAL:

Esta ordenanza comenza a aplicarse o 1 de xaneiro de 2020, permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derogación expresa.

2º) Someter a ditame do Tribunal económico-administrativo do Concello.

3º) Aprobación provisional en sesión plenaria.

4º) Someter a exposición pública por prazo de 30 días hábiles, con inserción de anuncio no Boletín oficial da provincia, taboleiro do Concello e prensa local para exame e reclamacións.

5º) Para o caso de non presentarse reclamacións entenderase adoptado o acordo de aprobación definitiva coas seguintes particularidades:

a) Publicarase o texto da modificación no BOP para a súa entrada en vigor.

b) Facúltase á Dirección de Ingresos para a redacción do correspondente texto refundido.”

En data 17 de xullo de 2019, o Tribunal Económico Administrativo emite informe previo de legalidade do expediente de modificación da Ordenanza Fiscal Xeral.

O Interventor Xeral, en data 19.07.19, emite informe de fiscalización de dita Ordenanza.

En sesión, de data 26 de xullo, a Xunta de Goberno Local aprobou o proxecto de Modificación.

O 30 de xullo o Tribunal Económico Administrativo do Concello de Vigo, ditamina favorablemente a proposta de modificación da Ordenanza Fiscal Xeral.

En data 12.08.19 o Membro Non Adscrito, o grupo municipal Mixto e o grupo municipal do Partido Popular, achegan escrito de presentación de emendas.

O 23 de agosto a Dirección de Ingresos emite informes en relación ás emendas presentadas.

A Comisión Informativa de Orzamentos e Facenda, na súa sesión ordinaria do 28.08.2019, ditamina favorablemente dita proposta, rexeitando as emendas presentadas.

DEBATE:

PRESIDENCIA: Imos facer o debate das ordenanzas fiscais da forma habitual, que é agrupando os puntos do 4 a 18, procederemos de acordo co que tradicionalmente facemos, quendas de intervención de 10 minutos que se poden medir olgadamente, ao concelleiro non adscrito lle corresponderán 3 minutos na intervención, quenda final de 5 minutos para o goberno.

SR. ANEIROS PEREIRA: Efectivamente traemos a este Pleno a aprobación inicial da actualización das ordenanzas fiscais, de 3 impostos dos 5 municipais e dunha serie de taxas e de prezos públicos, de aí o número de puntos que se traen á orde do día. Esta é a aprobación inicial, inclúense nas actuacións de preparación de planificación, das actuacións que imos desenvolver no ano 2020 e polo tanto de planificar os recursos que permitirán adicar estes recursos como digo ás políticas de crecemento da economía, de mellora dos servizos públicos e mellora das

condicións de vida dos cidadás de Vigo. Non hai máis que ver a evolución deste goberno na mellora das condicións de vida das persoas que viven nesta cidade, cos incrementos que dende o ano 2007, facemos nas políticas de benestar social, nas políticas de cultura, nas políticas de deporte, nas políticas de educación e na mellora das condicións de vida a través dos investimentos que se fan na cidade. Polo tanto, é o momento de planificar esas actuacións para o ano 2020 pero tamén de facer un xusto reparto da carga tributaria, dos 5 impostos municipais hai dous que non se actualizan, non se actualiza a plusvalía, mantense nos termos actuais, mantense o imposto de construcións instalacións e obras, polo tanto, non se afecta, non se tocan estes impostos, o que si se modifican, se actualizan, cousa que non se fixemos dende o ano 2017, só 3 dos cinco impostos municipais, no IBI se actualiza o tipo de gravame para os inmobles de uso residencial que pasa do 0,90 ao 0,91 polo tanto, se actualiza un 1% este tipo impositivo para os inmobles urbanos e tamén se actualiza o tipo dos chamados bens inmobles de características especiais, para entendernos, a parte das autoestradas que nos corresponde, a parte das presas e dos embalses que nos corresponde que paso do 0,83 ao 0,85; polo tanto se afectan principalmente estes dous tipos impositivos como se pode ver, cunha modificación moi pequena do seu tipo de gravame.

Non se afecta aos titulares de finca rústicas, os pouco máis de 1.000 titulares de fincas rústicas non se verán afectados por esta modificación pero ó tempo e tamén é importante dicilo, actualízanse os importes que serven para fixar os beneficios fiscais neste imposto, se eleva polo tanto o umbral para gozar deste beneficio fiscal permitindo que un maior número de persoas, un maior número de familias se beneficien dos beneficios fiscais no impostos de bens inmobles que hai que lembrar que son de máis de 4 millóns de euros, os beneficios fiscais sobre bens inmobles son de máis de 4 millóns de euros, en definitiva, como dicía, non se trata de conseguir achegas para as políticas de gasto do Concello senón de manter a situación que temos no Concello de Vigo cun dos IBIs máis baixos de toda a comunidade autónoma, tanto en uso residencial como en uso comercial.

O noso Imposto sobre Bens Inmobles é o máis baixo da comunidade autónoma de Galicia, polo tanto, non se trata de subir os impostos senón que se trata de actualizar as tarifas deste imposto que como dicía non as tocamos dende o ano 2017 e que se aplicarán no ano 2020. Neste sentido parece sorprendente as

propostas que fan os grupos políticos, por exemplo o Partido Popular propón unha rebaixa dun 5% deste imposto, a pregunta que habería que facer e que lle fago expresamente ao representante do Partido Popular é sabe cal é custe recadatorio, cal é a perda de ingresos que se suporía por ese 5% que non se cobraría? Que se cortaría, que servizos cortaría o representante do Partido Popular con esa rebaixa do 5%? e consciente do que propón? Ou tamén se son conscientes os representantes de Marea de Vigo cando propoñen penalizar e así dino nas emendas aos propietarios de solares urbanos co dobre da cota do IBI, son conscientes tamén os señores de Marea cando propoñen penalizar, así dito, aos propietarios de solares urbanos co dobre da cota do IBI por ter un solar urbano consolidado? Son vostedes conscientes do que propoñen? Ou penalizar aos propietarios dos inmobles que nos os conserven e que promovan a súa declaración de ruína? Ben, nós mantemos unha política seria e polo tanto actualizamos uns impostos que non o facíamos dende o ano 2017.

O segundo imposto que se modifica é o imposto sobre actividades económicas, neste imposto actualízanse os coeficientes de situación dos distintos inmobles, os coeficientes de situación e tamén unhas partidas nuns importes reducidos, nun 2%, o coeficiente de situación das rúas de primeira categoría pasa do 3,21% ao 3,29% polo tanto se actualizan os coeficientes de actualización de situación dos inmobles. Hai que ter en conta que na cidade, nesta cidade, como os dicía a principal cidade de Galicia, o motor económico de Galicia, fanse máis de 40.000 actividades económicas e que por este imposto só contribúen 3.923 contribuíntes, precisamente aqueles de maior capacidade económica, aqueles que facturan máis dun millón de euros e que polo tanto teñen máis capacidade económica para pagar por este imposto e polo tanto, a actualización sería unha cuestión testemuñal para estas empresas.

Tamén resultan sorprendentes aquí as propostas que fan os grupos da oposición, é sorprendente que o concelleiro non adscrito propoña unha actualización dun 15% nas tarefas deste imposto, é dicir, subir un 15% os impostos ás empresas que desenvolven a súa actividade económica nesta cidade, un 15% a eses 3.923 contribuíntes ou un recargo do 95% para algunhas empresas, pola súa parte, o Partido Popular tamén é sorprendente que contemple unha bonificación por creación de emprego parece que se bonifica, se se crea un posto de traballo, unha

bonificación 50% do impostos de actividades económicas, parece que é claro o que perseguen, pero hai que dicir que este goberno xa ten previsto nas súas ordenanzas unha bonificación dun 35% da cota do imposto para aquelas empresas que aumenten cadro de persoal, xa temos previsto nas ordenanzas fiscais unha bonificación para aquelas empresas que incrementen o seu cadro de persoal. Polo tanto, nada novo é unha proposta seria deste goberno.

No imposto sobre vehículos hai que ter en conta se actualizan os tipos para os automóviles exclusivamente, non para as motocicletas, hai que lembrar que na anterior lexislatura o imposto sobre vehículos para as motocicletas baixou un 40%, como unha forma de favorecer esa mobilidade áxil na cidade mobilidade sostible porque contamina menos e unha mobilidade favorecida polo tanto en termos impositivos pero que tamén mantemos importantes bonificacións, tanto para os vehículos históricos como os demais de 25 anos e por suposto para os vehículos eléctricos cun 100% de bonificación con carácter indefinido e para que aqueles que usan combustibles como gases licuados do petróleo ou vehículos híbridos. Polo tanto, mantemos o importe das bonificacións fiscais neste imposto por máis de un millón de euros, tamén bonificando os vehículos que teñen as persoas de mobilidade reducida. Polo tanto, unhas propostas deste goberno razoables e sostibles en termos tantos sociais como económicos.

No que se refire ás taxas, hai que destacar que como principal modificación, dentro das taxas a principal taxa é a de recollida de lixo, neste sentido hai que ter en conta que nestes anos pese á subida do canón de SOGAMA que representa neste acumulado un 14%, o Concello non trasladou esa subida aos cidadáns, polo tanto, se actualiza nun importe reducido esa taxa de recollida de lixo, tendo en conta que se bonificación tamén a máis de 3.900 familias, en números redondos 4.000 familias están bonificadas pola taxa de recollida de lixo, isto tamén é política social a través dos impostos porque familias monoparentais, persoas que viven soas, persoas con discapacidade, persoas maiores de 65 anos, dependentes, teñen bonificacións nesta taxa e que polo tanto teñen unha rebaixa dos impostos a pagar.

Resulta sorprendente que o Partido Popular propoña unha rebaixa do 25% na taxa de recollida de lixo, non sei se saben onde se menten, que queren deixar se recoller o lixo da cidade, queren deixar zonas da cidade sen recoller o lixo, queren

recortar os servizos de recollida e limpeza viaria? Non o sabemos. Tamén hai que dicir que se actualiza a prestación pola retirada de vehículos da vía pública, a grúa que é un contrato, hai que dicilo, adxudicado polo Partido Popular cando gobernaba e que supón un custe de máis de 3 millóns de euros para as arcas municipais e do que só cubrimos con este prezo un 25%.

Se actualizan, en fin, outros prezos e outras prestacións que percibe o Concello singularmente, as das escolas municipais e as escolas públicas, pero hai que ter en conta que estas escolas municipais e as escolas públicas están bonificadas no seu prezo en máis dun 80%, polo tanto, os custes de cobertura da matrícula non chegan nin ao 20% na maioría delas, hai que ver ese diferencial que existe entre as escolas infantís, 243 euros ao ano nas escolas da Xunta de Galicia, 120 euros nas escolas municipais polo tanto un aforro significativo parcial que nos permite seguir mantendo unha presión fiscal baixa dentro do contexto de Galicia e que nos permite que os cidadáns nun contexto medio paguen menos impostos do que reciben polo gasto corrente polo investimento por cidadá, polo tanto, a balanza sempre vai a ser favorable aos cidadáns que reciben máis deste Concello do que achegan cos seus impostos, un imposto coas contas saneadas, con débeda cero e que non supón un incremento significativo da presión fiscal para os cidadáns, hai que simplemente ver cal é o importe dun recibo medio dunha familia normal 465 euros por unha vivenda, por un vehículo e por unha taxa de recollida de lixo nesta cidade e polo tanto, cuns servizos públicos de calidade. Dicía antes que no servizo de limpeza hai que lembrar que somos unha das cidades máis limpa de España, que temos seis escobas de platino, polo tanto, corresponde tamén á oposición explicar onde pretende aplicar eses recortes do 25% nos importes debidos, polo tanto, unha aprobación inicial das ordenanzas fiscais para o ano 2020, como dicía que non se tocan, non se modifican dende o ano 2017 e que se mantén nuns termos moi razoables para manter a calidade dos servizos públicos e para seguir mantendo as condicións de vida da cidade.

SR. PÉREZ IGLESIAS: Tendo en conta que o concelleiro do goberno non se estendeu en case un minuto e medio sobre o seu prazo, apelo a iso.

PRESIDENCIA: Tres minutos holgados.

SR. PÉREZ IGLESIAS: En primeiro lugar, dende o Bloque Nacionalista Galego queremos expresar que nos gustaría por unha cuestión democrática que se sometesen á consideración do Pleno a revisión de tódalas ordenanzas fiscais vixentes e non só dunha parte, entendemos que o goberno municipal poida non ter intención de actualizar algunhas delas nin de aplicarlle modificacións, mais entendemos que non é un bo mecanismo furtar esa posibilidade ao resto da corporación municipal.

O Bloque Nacionalista Galego presentamos 31 emendas á proposta de modificación de ordenanzas do goberno que foron todas elas rexeitadas. Emendas que nos entendemos que permitirían avanzar en maior medida cara a unha fiscalidade municipal socialmente máis xusta, utilizando con maior audacia, con maior determinación, mecanismos que xa son previstos legalmente como son as bonificacións e as exencións para reducir desta maneira a carga impositiva ás familias traballadoras e con menores recursos, porque a clave do debate sobre as taxas ou sobre os impostos municipais é quen paga e canto paga e con que esforzo ten que facer ese pago.

Dende logo o Bloque Nacionalista Galego apostamos por unha fiscalidade municipal socialmente xusta que necesariamente ten que ser progresiva e iso esixe efectivamente aplicar mecanismos legais que corrixan o carácter intrinsecamente non progresivos dos impostos indirectos e das taxas, de tal maneira que efectivamente se teña en conta tamén a situación socio-económica que atravesamos a nosa cidade con máis de 24.000 persoas no desemprego ou con máis de 60.000 persoas en risco de exclusión social e pobreza.

Ben, as nosas emendas apostan nesa progresividade, nese uso das bonificacións das exencións en primeiro lugar, fronte as conxelacións electoralistas que ten feito o Partido Socialista habitualmente en ano preelectoral mais tamén fronte a ese discurso neoliberal do Partido Popular que insiste sistematicamente en apostar por unha rebaixa sen máis dos impostos, vemos que o Partido Popular en todo caso moderou a súa posición en relación a exercicios anteriores e agora xa non defenden baixadas lineais, como se teñen defendido noutros momentos pero que dende logo non só teñen un compoñente intrinsecamente antisocial senón que comprometen tamén á capacidade de recadación e polo tanto os ingresos, os

recursos dos que vai dispor o Concello de Vigo para facer fronte ás necesidades da cidadanía das viguesas/es. As nosas emendas, entre outros aspectos, formulaban que se facilitase o acceso social á vivenda bonificando nun 95% o IBI nos inmobles baleiros cuxo uso fose cedido para incorporarse a algún programa público de vivenda na cidade que ten 18.500 pisos baleiros. Emendas que promovían que se establecera que as rendas familiares percápita por debaixo dun terzo do salario mínimo non tivesen que pagar taxas nin por escolas infantís municipais, nin por escolas municipais de música e danza nin polas instalacións deportivas aos que se lle descontase un 50% nesas taxas cando os ingresos fosen da metade do salario mínimo. Emendas que efectivamente pretendían penalizar tamén a proliferación das casas de apostas que son unha ruína que está a envelenar a nosa mocidade, fundamentalmente nos barrios obreiros e nas zonas máis deprimidas da cidade e por iso si propoñíamos un recargo do 95% no IAE e que deixaran de estar exentas dese imposto as que teñen unha facturación inferior a un millón de euros. Defendíamos tamén un novo recibo da auga, que é un acordo plenario que sistematicamente o goberno do Partido Socialista incumpre e si, defendíamos un aumento do 15% de IAE que é un imposto que só grava ás grandes empresas, aquelas que facturan máis dun millón de euros ao ano e polo tanto, que non afecta a inmensa maioría do tecido comercial e produtivo que está exento, como ben coñece o concelleiro de Facenda polos datos que veñen no propio padrón do IAE e esa medida, ese incremento do 15% do IAE o que quere é apostar na redistribución, efectivamente bonificamos e exentamos para que quen menos pode pague menos pero tamén dende logo compensamos a perda de ingresos facendo que quen máis pode que son as grandes empresas paguen máis.

SR. PÉREZ CORREA: Eu rogaría que nos debates destas características, estamos a falar de 19 ordenanzas fiscais e prezos pois houbera, cando menos que tódolos grupos tiveramos 10 minutos e cando menos que o debate fora moito máis folgado, porque estamos a falar en bloque ou discutindo en bloque, cando menos 19 ordenanzas e por empezar por algunha cuestión, os grupos municipais presentamos pois creo que a suma dos tres grupos da oposición supera en máis do centenar de emendas e é certo que moitas delas, algunhas delas se referiu agora mesmo o concelleiro de Facenda, pero tamén é certo que na maioría delas ou no

conxunto delas a Dirección de Ingresos deste Concello di exactamente isto, que esas proposta de emendas caen dentro das facultades potestativas e discrecionais do goberno local e exceden da competencia deste informe de carácter técnico, vostede se referiu a algunhas emendas presentadas pola oposición ridiculizándoas cando tecnicamente son viables e os propios traballadores do Concello recoñecen que é unha decisión política, cando menos dun goberno local se está disposto a adaptar as ordenanzas fiscais a un criterio progresista, distributivo e a un criterio obviamente que teña que ver coa cobertura social de determinados sectores da poboación, nomeadamente as clases populares e a súa situación económica.

Eu non vou a entrar no detalle de todas porque máis de 40 emendas que presentamos e ademais unha introdución na queríamos clarexar algunhas cuestións, vemos que se liquidan pois en 5 ou 10 minutos e cremos que ademais a nós non nos daría tempo, pero si queremos facer algunhas puntualizacións, algunhas das cousas, das propostas de modificación que vostedes agora inclúen na súa proposta modificatoria xa foi proposta por este grupo municipal, que era o recargo do 50% do IBI ás vivendas baleiras, vostedes tamén ridiculizaban esa proposta e aparece un decreto do goberno que o permite, aparece un decreto do goberno que o permite e as vivendas baleiras, entendendo vivenda baleiras como aquelas que nos últimos 8 meses teñen un consumo inferior a tres metros cúbicos de auga, vostedes van a ter que aplicar o recargo porque aí o goberno entende, como entendíamos a oposición, que as vivendas baleiras hai que intentar que saían ao mercado cando menos de aluguer, efectivamente nós presentábamos unha emenda que ía dentro dese decreto coa bonificación ás vivendas que se constrúan dentro de algún réxime de protección legal para o mercado de alugueiro e efectivamente non o localizáramos non texto pero vostedes tamén o inclúen, e nós claro que poñemos o recargo e ademais é dentro dunha cuestión, hai unha ordenanza reguladora e neste caso un rexistro de soares con obrigatoriedade de edificar, vostede non leu todo, fixo un salto interesado, home, medida soviética que todo o mundo que teña un solar pague, non é unha medida soviética, todo o mundo paga, agora o que se di é que vostede teñen un rexistro de soares con obrigatoriedade de edificar e senón o fan os concellos e moitos concellos do Partido Socialista están aplicando ese recargo, polo tanto, cando lea algunhas das emendas que presenta a oposición lea a súa integridade e ademais lea a

integridade do informe, nós temos unha discrepancia na aplicación dos incrementos di IBI que levan facendo vostedes, discrepancia primeiro dos rangos que utilizan e fixemos un argumentario en 2016, efectivamente aplicou un IPC do 1,1%, pero calculado pola media entre abril do 2012 e abril do 2015, en 2017 do 2,1% pero aplicando tamén outro criterio de rango, en 2018 do 2,2% pero aplicando un criterio interanual do IPC completamente diferente, e curiosamente no informe, máis alá do que vostede nos conta aquí, na Dirección Xeral de Ingresos se nos poñen a xustificar a subida do IPC do 2016, 2017 e 2018 ah, pero non falan do 2019, non falan do 2019, por que non falan do 2019 cando vostede aplican o criterio que a taxa de referencia do crecemento do PIB a medio prazo para 2020, que figura no BOE, que di, vostedes din que hai que subir o 2,5% porque se calcula esa taxa de crecemento para o 2020 de 2,8%, vostedes no 2020 aplican, pero tamén aplicaba e dicía que había que subir o 2,7% para 2019 e a que non subiron para nada no 2019 porque no 2019 había unha cousa que se chamaba convocatoria de eleccións municipais e o mesmo criterio que aplican para dicir que hai que subir no 2015 un 2,5%, moi por enriba do IPC previsto que vai ser como moito o IPC de agosto foi o 0,3% máis baixo dos últimos anos, vostedes van a facer un incremento moi por enriba da negociación colectiva do que se vai poder sacar nos convenios que teñan cláusula de revisión salarial e me venden a moto de que teñen que subilo porque o goberno di que hai que subilo, o goberno tamén dicía que había que subilo no 2019 e non o subiron, e ese criterio polo tanto, queda para nós completamente invalidado, nos poderán poñer incluso todo o queiran enriba da mesa, polo tanto, nós imos a seguir dicindo que o uso electoral das subidas, das conxelacións ou das baixadas impositivas é un uso pernicioso porque como vostede ten todo concesionado a empresas privadas, as empresas privadas logo veñen con todo o que me debe, caso por exemplo que ten pasado historicamente con Aqualia que sempre di, “as conxelacións en períodos determinados das subidas implican que hai subir un 8% os recibos da auga” por non falar de todo o que se subiu, polo tanto esas cuestións oportunistas ao final o que fan é que teñan que acelerar determinadas subas que teñen ademais que ver coas modificatorias dos contratos que regulan estas taxas e a nós nos gustaría que faláramos en conxunto do que se quere facer coas taxas e prezos públicos e ademais que houbera, o dixemos durante toda a lexislatura, unha vez ao ano revisemos non só

as taxas de prezos públicos senón que revisemos tódalas ordenanzas, as que incluso non teñen que ver con taxas, home estaría ben que estivéramos revisando a ordenanza de terrazas, que isto xa é unha selva absoluta e vostedes sempre se foron ou polo menos propoñían que a taxa de ocupación da vía pública no Concello de Vigo estaba desfasada, tiña que buscar algún sistema regulatorio das terrazas permanentes que hoxe en día son ilegais a pesares de que vostedes as permiten de maneira desaforada, nós gustaríamos revisar moitas taxas, nos gustaríamos falar da taxa obviamente do que ten que ver cos consumos e o que ten que ver co que se paga de Aqualia pero nos gustaríamos revisar ordenanzas de mobilidade sostible, no ano 2017 nos pasaron unha proposta de ordenanza, nos fixemos alegacións e durme o xoño dos xustos non sabemos onde está esa ordenanza pero cando menos está aberta e unha vez ao ano pois revisar todas esas cuestións.

Algunhas cuestións sobre o tema do tipo de IBI, non vale a recadación total do IBI porque os valores catastrais das cidades galegas non teñen nada que ver, eu o que lle digo é que o tipo, vostedes, poderíamos ir a discusión, eu abrín sempre este debate aquí da revisión catastral de todo os inmobles en Vigo, seguramente un debate bastante profundo pero claro a revisión catastral, os prezos ou digamos as taxas e os valores catastrais son unha cousa e outra é o tipo que é onde vostedes poden interactuar, os concellos están baixando o tipo, moitos concellos para este 2020 propoñen unha baixada do tipo porque saben que ademais se achega unha situación económica bastante difícil para as familias e vostedes levan elevando o tipo de maneira desaforada durante tódalas últimas lexislaturas, estamos chegando ao tope legal do 1,1% e vostedes é onde poden interactuar que é na baixada do tipo, nós non lle dicimos si temos que revisar catastralmente os valores de tódalas propiedades inmobles do Concello de Vigo pero lle dicimos que vostedes si poden interactuar no tipo e lle pedimos que xa que non se poden facer bonificacións no IBI máis alá das que marca o goberno, polo menos si que xoguemos coa cuestión tipo para quitar un pouco de presión fiscal sobre as familias viguesas, cuestións ademais que consideramos que non son menores, que propoñíamos nas bonificacións, existen, estas non son invencións do grupo municipal da Marea de Vigo, non son invencións dos grupos da oposición, moitas destas propostas son emendas que noutros concellos grandes, medianos e pequenos deste país forman parte do conxunto das ordenanzas fiscais, forma parte

ademais dos criterios de bonificación, forma parte de cuestións que teñen que ver coas exencións ás familias en situación de risco de exclusión social, iso é unha realidade e por iso cando nós presentamos estas emendas, os funcionarios e os técnicos din que é unha cuestión política aplicarlas ou non, pero que non hai ningunha inviabilidade.

Logo quería rematar cunha cuestión, que é perigosa e creo que ademais o Partido Socialista e polo nós estamos de acordo, o criterio do custe efectivo dos servizos que vostedes aplican, é o criterio neoliberal do Sr. Montoro, claro que os servizos poden ser deficitarios, claro que podemos cubrir e non pasa absolutamente nada o servizo de Atención ao Fogar que só con prezos que pagan os cidadáns sexa a un 15%, que as escolas infantís só cubran o 13%, é unha decisión política, vostedes tiveron unha decisión política que é bonificar máis ás escolas infantís do que bonifica a Xunta de Galicia, non pasa absolutamente nada, o que teremos que ver é se a xestión indirecta e a xestión privada, a través de concesionarias ou a xestión pública directa, evitaría que eses custes se dispararan e ademais creo que o custe efectivo, este criterio neoliberal que nós estamos complementemente de acordo e completamente en contra no momento que se propuxo, que non se argumente, e ademais se argumenta aquí, "SOGAMA vai bonificarlle un 10% a vostedes", a carta a teñen e no canón porque di que SOGAMA é o negocio redondo tamén que ten feita a Xunta de Galicia porque ademais é un negocio completamente non regulado en moitas ocasións, vostedes van a ser bonificados un 10% no canón pero non van a aplicar ese 10% da baixa aos usuarios finais porque din que os servizo só se cubre cun 65%, como a sanidade e a educación, son cuestións que non pasa nada porque se cubran con recursos públicos sempre e cando en política orzamentaria se poida facer.

SR. MARNOTES GONZÁLEZ: Comezou vostede falando de que se ían actualizar dous impostos de cinco e unhas taxas, se refire vostede a actualización é actualización do IPC, aquí o que facemos é incrementar, subir 14 tributos, iso é o que imos facer aquí, moi por enriba do IPC e digo isto de que non se soben dende o ano 2017, miren, no ano 2017 se subiron para o 2018, no ano 2018 non se subiron para o 2019 porque no ano 2019 había eleccións, acaban as eleccións impuestazo, 14 tributos 2,5% impuestazo xeneralizado, 14 tributos, indiscriminado,

para todo o mundo, lineal, moi por enriba do IPC, e impuestazo para que? Se temos unha situación financeira tan folgada, se non executamos máis que o 60% do orzamento, dos investimentos, se temos 41 millóns de euros de Remanente de Tesourería impuestazo para que? Se temos o concello máis saneado de España, pois por que? Pois xa o di o Sr. Aneiros nas súas propostas en 14 veces unha por unha, en cada unha das ordes de inicio do expediente, porque resulta necesario acadar unha posición de equilibrio ou superávit orzamentario no ano 2020 porque non estamos nunha situación de equilibrio orzamentario, porque incumprimos o equilibrio orzamentario e porque incumprimos a Regra de Gasto e temos que cumprir un Plan de Equilibrio económico financeiro, o Plan de Equilibrio económico-orzamentario o presentastedes vos, non o presentou a Xunta de Galicia pero ademais dáme a razón é verdade que é porque non estamos en situación de equilibrio orzamentario, punto, é por iso, porque rescatamos con 35 millóns de euros ao Auditorio e a situación é tan grave que deixando sen executar o orzamento e con 40 millóns de euros en Tesourería temos que subir os impostos, os impostos son recadatorios, que servizo ten o IBI? Ningún, que servizo ten os vehículos? ningún, é puramente recadatorio e o certo é que o goberno non executa o que ingresa, os vigueses pagan e os cartos quedan na caixa e aínda así soben os impostos un ao máis.

Imos ver unha cousa, ingresos tributarios por habitante, xa llo dixen no debate de Conta Xeral ano 2007, 452,31, ano 2017 558,31; case un 20% mais, presión fiscal, ano 2007 saca o Power Point eu sácoche a Conta Xeral Sr. Aneiros, a fixeches ti? Presión fiscal ano 2007, 398,55; ano 2017, 510,34 case un 19% máis iso é que o pasou nesta cidade, coa intermitencia do ano electoral agora volvemos ao ataque, 2,5% máis. Imos a ver, imos por partes, o IBI, o tipo de gravame do IBI está, pretende estar agora no 0,91 é o que se vai aprobar aquí, o tope legal é 1,10%, quedanos nada, unha décima, mire, A Coruña 0,6; Lugo 0,67; Ourense 0,45; Pontevedra 0,64; Santiago de Compostela 0,51; Ferrol 0,63; Vigo 0,91, campións, seremos de novo, xa o somos, a cidade galega co tipo de gravame máis alto. Nós efectivamente pretendíamos modestamente que os tributos non subiran, incluso mesmo propoñíamos algunha baixada, no IBI por exemplo, me preguntaba vostede profesor de dereito tributario pois eu respondo, alumno modesto, 65 millóns de

euros de recadación, baixarlle un 5% de recadación, estamos a falar de 3 millóns e pico de euros, non é para tanto, tendo 40 millóns de euros na caixa, non?

Nós queríamos que se baixasen os impostos, que se baixasen nalgún caso no IBI, que se baixase no lixo pero tamén e vostede non fixo mención a iso, Sr. Font, vaille gustar isto, imos a ver, hai 12 anos e aínda non pagaches a débeda dixeches que está todo pagado, que non se debe nada a ninguén, por certo, algún día falaremos das débedas fiscais agora que os cartos está tan barato para as administracións a cero pero aos cidadáns non lles custa cero, habería que ao mellor revisar esa política fiscal e en vez de cargar os ingresos aos cidadás, ao mellor habería que ter un pouco de débeda porque se presta a cero pero aos cidadáns non nolo dan a cero, escoite vostede.

Volvo ao debate, o Presidente non me chamou a ir ao debate pero vou a ir, son así de disciplinado. Nós pedimos e vostede non o di, que se tiña que elevar o mínimo exento ata o IPREM do previsto que son 6.453 e non 4.100, non se referiu a iso, entendo que non lle interesa falar diso pero que problema hai poñer en tódalas taxas e prezos públicos unha exención de ingresos percápita, no canto de 4.166 euros poñela en 6.454 euros, que é o IPREM que aprobou o Sr. Pedro Sánchez, beneficiaría, aquí hai que poñerse serioS Sr. Font, beneficiaríamos a moitas familias viguesas que teñen ingresos percápita por debaixo do IPREM, a señora concelleira de Política Social asinte. Moi ben, A nos parecen razoable en todo caso que por debaixo do IPREM non se paguen taxas e prezos públicos baixo ningún concepto, nós pedimos tamén no IBI unha bonificación, dicía, home o IBI págano tres mil e pico de empresas nesta cidade, facturan por enriba do millón de euros, paréceme poucos, habería que ter máis e por iso nós pedimos no IBI que a implantación de novas empresas que vaian a facturar e que teñan esa facturación e que cren ao menos 200 postos de traballo, me dicía o Sr. Aneiros, un, quero coñecer a empresa que cun empregado factura máis de 1 millón de euros, hai que ir a visitala señor concelleiro de Facenda, e o de Economía tamén pode ir a vela, non o coñezo, nós o que pedimos é que se bonifiquen, en función da creación de emprego, ás empresas que se queren instalar en Vigo, que se lles bonifique o IAE, que lles bonifique o IBI, tamén como non o Imposto de Instalacións, Construcións e Obras, por que non? Por que teñen que pagalo? Non se lles pode bonificar? Por iso as empresas vanse porque tes os impostos máis caros de España. Ademais outra

cousa, ti eres profesor universitario, bonifícase o 95% os inmobles de organismos públicos e universitarios, por que non metedes iso na ordenanza? En calquera caso nós queremos que se bonifique o exercicio do inicio de calquera actividade empresarial que cree emprego, que ademais se se vai a instalar incrementando un 10% o promedio do cadro de persoal dos seus traballadores e tamén no caso de que teña un rendemento neto da actividade en negativo para axudala a superalo. Logo imos coa taxa de recollida do lixo, isto é incomprendible non sei como se pode dicir, que SOGAMA baixa un 10% o canón, o Concello asina que vai a repercutir esa baixada do canón aos cidadáns e aínda así súbeo, imos a subir a taxa de lixo nun 2,5%, iso si que é un milagre económico, como imos a facer iso. Na ordenanza do imposto de instalacións, construcións e obras, nas taxas por servizos urbanísticos, nas taxas por licencias de obras, pedíamos como dicía a bonificación nos mesmos supostos que no IBI, no IAE, pero tamén pedíamos outra cousa, por que non se bonifica ata o 75% a taxa de licencia nos ámbitos que perderon a súa condición de edificables coa anulación do PXOM e a recuperan agora? Sete anos despois, por que non facemos iso? Rexeitaron esa emenda, por que non modificamos a taxa da auga, se propuxo e imos a un sistema tarifario nun consumo mínimo e cunha substitución polo consumo real? Por que en vez de non actualizar, suprimimos o imposto de plusvalía que é un imposto inxusto e como lamentablemente nada disto vaise facer porque teñen maioría e porque as eleccións xa foron, nós votaremos en contra.

SR. ANEIROS PEREIRA: A verdade que resulta difícil dito entre aspas, ordenar as ideas para responder ante semellante aluvión de ocorrencias, pero é fácil resumir, as ocorrencias do Partido Popular significan volver a épocas pasadas, volver a antes do 2007, cando tiñamos no seu goberno máis de 66 millóns de euros e cando en materia de política social, cando en materia de educación, cando en materia de deporte, de emprego, tiñamos pois mire, en política social -280% do que ten este goberno, esta cidade a día de hoxe cos orzamentos de tódolos vigueses, en política de cultura un menos 97% no ano 2007 con respecto do que ten este goberno esta cidade no ano 2019. En materia de emprego -124% do que tiña a cidade no ano 2007, en materia de deporte un +97% neste ano 2019 se o comparamos co ano 2007, en materia de educación un 66% máis só nas partidas

exclusivas deste Concello, polo tanto, o que estamos a facer señores/as do Pleno é traballar para mellorar as condicións de vida dos cidadáns desta cidade, en política de benestar, educativa, en política de emprego, e por suposto tamén en investimentos porque miren o que se recada se inviste, dende bolsas de inglés a melloras na rúas, melloras no abastecemento, nas condicións de vida de tódolos cidadáns e pódese dicir con datos oficiais e solventes, datos do Ministerio de Facenda o color vermello é Vigo, o color azul é a media nacional, presión fiscal baixa, no contexto do Estado pero é que tamén se pode defender a presión fiscal baixa no contexto das ideas de Galicia, a cidade de Galicia con maior presión fiscal é Ourense, segue A Coruña e Santiago de Compostela, Vigo a menor presión fiscal de Galicia cos mellores servizos públicos valorados pola cidadanía, unha satisfacción, segundo o observatorio dos servizos públicos urbanos, do 80% por tódolos cidadáns da cidade, con 6 escobas de platino na recollida de limpeza, na limpeza da cidade, no podio das cidades españolas de limpeza, encabezando o pagamento a provedores de tódolos concellos do contexto do Estado e tendo unha débeda cero.

Resulta sorprendente que o Partido Popular agora propoña que o Concello de Vigo se endebede, resulta sorprendente que se endebede, igual que resulta sorprendente que propoña rebaixas impositivas que implican sen ningunha dúbida recortes de servizos, de prestacións, de inversións, dígao claramente, se queren que os cidadáns teñan menos servizos, menor calidade dos servizos ou menor inversión, dígao claramente, non intente manchar a opinión pública dicindo que non, nós propoñemos rebaxar impostos porque o que vostede propón é ciencia ficción e lle poño un exemplo, propón rebaxarlle o IAE ás empresas que teñen perdas, se teñen perdas é que non facturan máis 1 millóns de euros, Sr. Marnotes, é que é así de claro, propoñen unha bonificación no IAE para as empresas que amplíen as súas instalacións e creen un posto de traballo, unha bonificación do 50%, díxenlle no debate que temos unha bonificación no IAE para as empresas que incrementen o cadro de persoal, xa temos unha bonificación, o que vostedes pretenden é favorecer a certo capital.

Pero miren, tamén nas emendas do resto dos grupos da oposición que presentan unha relación, din 31 emendas, é certo, é como a carta aos Reis Magos por propoñer ata o non adscrito propón a gratuidade no Verbum, pero tamén propón

un incremento do 15% dos impostos para as empresas, iso é o que propón, 15% de incremento para as empresas, iso é o que propón o concelleiro non adscrito, o Bloque Nacionalista Galego, pero mire, é que temos tamén medidas que non dependen só da vontade deste goberno, vostedes falan tamén doutras moitas cousas, falan de gravar os mobles baleiros, de gravar o recargo de solares, etc. hai cousas que depende de que haxa unha norma ou autonómica ou estatal que permita establecer estas medidas, polo tanto, será nesa orde cando podamos actuar cando haxa unha norma autonómica, ou unha norma estatal que permita actuar nesa medida. Pero miren é que aquí non só é unha cuestión de presión fiscal, é unha cuestión de que a capacidade de beneficios fiscais deste Concello están nos 8 millóns de euros, 4.000 familias bonificadas na taxa do lixo, máis de 4 millóns de euros no imposto sobre bens inmobles de bonificacións fiscais e polo tanto, dicía 40.000 actividades económicas e tan só pagan 39.923 o IAE, polo tanto, hai un alto número de bonificacións fiscais, pódese dicir que estamos ante un sistema fiscal municipal xusto, que permita acadar recursos para adicalos ás necesidades da cidadanía, cando os cidadáns nos digan que non temos que investir máis na cidade, que non teñen necesidades, nese momento será o momento de propoñer o recorte de tipos, pero cando as cidadáns/ás desta cidade nos piden máis servizos, mellor calidade dos servizos, máis investimentos, nós temos que satisfacer ás necesidades da cidadanía, por iso, pedimos o voto favorable á aprobación destas ordenanzas fiscais.

VOTACIÓN: Con dezaioito votos a favor dos membros do grupo municipal Socialista, señores e señoras Abelairas Rodríguez, Aguiar Castro, Aneiros Pereira, Blanco Iglesias, Caride Estévez, Expinosa Mangana, Fernández Pérez, Gomez Días, Iglesias González, Lago Barreiro, López Font, Losada Alvarez, Mejías Sacaluga, Rivas González, Rodríguez Calviño, Rodríguez Díaz, Rodríguez Rodríguez e a Presidencia, catro abstencións dos membros do grupo municipal do Partido Popular, señores e señoras Egerique Mosquera, Gonzalez Castillo, López Roman e Marnotes González e tres votos en contra do grupo municipal Mixto, señora e señor Mendez Fuentes e Pérez Correa, e do membro non adscrito, Sr. Pérez Igrexas, adóptase o seguinte

ACORDO:

PRIMEIRO.- Rexeitar as emendas presentadas.

SEGUNDO: Aprobación inicial do Proxecto de Modificación da Ordenanza Fiscal Xeral para o exercicio 2020, segundo a redacción que consta na proposta de acordo.

TECEIRO: Someter a exposición pública por prazo de 30 días hábiles, con inserción de anuncio no Boletín oficial da provincia, taboleiro do Concello e prensa local para exame e reclamacións.

CUARTO: Para o caso de non presentarse reclamacións entenderase adoptado o acordo de aprobación definitiva coas seguintes particularidades:

- a) Publicarase o texto da modificación no BOP para a súa entrada en vigor.
- b) Facúltase á Dirección de Ingresos para a redacción do correspondente texto refundido.

5(129).- APROBACIÓN INICIAL DO PROXECTO DE MODIFICACIÓN PARA O EXERCICIO 2020 DA ORDENANZA FISCAL REGULADORA DO IMPOSTO SOBRE BENS INMOBLES. EXPTE. 2580/500 (REXISTRO PLENO 2117/1101)

ANTECEDENTES: No expediente consta informe proposta emitido pola Dirección Xeral de Ingresos en data 16.07.2019, no que consta a seguinte modificación ao articulado

“1.NORMATIVA APLICABLE.

- Constitución española de 27 de decembro de 1978.
- Lei 7/1985, de 2 de abril, de bases do réxime local (en adiante, LRBRL).
- Real decreto lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais (en adiante, TRLRFL).
- Lei 5/1997, de 22 de xullo, de réxime local de Galicia.
- Lei 58/2003, de 17 de decembro, xeral tributaria (en adiante, LXT).
- Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento administrativo común das administracións públicas (Lei 39/2015).

- Lei orgánica 2/2012, de estabilidade orzamentaria e sostenibilidade financeira (LOEOSF).
- Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sostenibilidade do goberno local.
- Lei 49/2002, de 23 de decembro, de réxime fiscal das entidades sen fins lucrativos e dos incentivos fiscais ao mecenazgo (en adiante, Lei 49/2002).
- Lei 8/2012 de 29 de xuño de vivenda de Galicia
- Decreto 17/2016 de 18 de febreiro polo que se crea e regula o censo de vivendas baleiras da Comunidade Autónoma de Galicia.

2. ANTECEDENTES DE FEITO.

Primeiro.- Mediante Acordo plenario de data 6 de setembro do 2017 aprobouse a modificación da ordenanza fiscal (expte. 2400/500).

Segundo.- A través do Acordo plenario de 28 de novembro do 2018 aprobouse definitivamente a modificación da ordenanza fiscal (expte. 2689/500)

Terceiro.- O Sr. Concelleiro-Delegado da Área de Orzamentos e Facenda ditou orde de inicio de expediente de modificación en data 01.07.2019.

3. CONSIDERACIÓNS TÉCNICAS E XURÍDICAS

a) A obrigada posición de equilibrio ou superávit orzamentario establecida no artigo 11.4 da LOEOSF motiva a proposta de actualización de tipos impositivos contida no presente expediente.

O obxectivo de manter a solvencia das contas públicas municipais xunto co de incrementar a calidade dos servizos prestados, obriga a conectar de forma indisoluble ingresos e gastos para acadar o equilibrio orzamentario antedito.

Nos últimos anos, determinados pronunciamentos xurisprudenciais e legislativos vencellados á evolución do mercado inmobiliario e a súa incidencia na aplicación dos tributos locais, teñen afectado gravemente á capacidade recadadora dalgúns tributos propios. Tense reducido a materia /base imponible no imposto sobre bens inmobles e no imposto sobre incremento de valor dos terreos de natureza urbana (solos urbanizables sen ordenación detallada teñen pasado da consideración catastral de urbanos a rústicos e, nas transmisións de inmobles, só tributan no imposto de plusvalía aquelas que revelan capacidade económica). Por outra parte a capacidade recadadora do imposto de construcións, instalacións e obras segue a súa recuperación a ritmo moi lento e cativo.

b) Nos expedientes da última modificación de tipos impositivos e tarifas de taxas aprobados en sesión plenaria do 06.09.17 tomáronse como referencia índices de prezos e de evolución económica ata abril de 2017. No presente expediente, constan como anexo datos proporcionados polo Instituto Nacional de Estatística sobre variacións de prezos dende abril de 2017 ata os últimos coñecidos na data de redacción deste informe que son os de maio de 2019: a variación do índice xeral nacional do IPC sitúase no 2,8%, a mesma cifra para o IPC en Galicia e, un 2,9% para a variación do índice nacional da rúbrica vivenda en aluguer. No citado

anexo consta tamén a taxa de referencia de crecemento do produto interior bruto de medio prazo para 2020, última aprobada e publicada no Boletín Oficial do Congreso de Deputados de 13 de xullo de 2017, que constitúe o teito de gasto orzamentario non financeiro segundo o disposto no artigo 12 da LOEOSF. A taxa vixente para 2020 é do 2,8%.

Ningún dos indicadores anteriores determina, de modo automático, a contía da actualización dos tipos impositivos que se formula no presente expediente pero constitúen unha referencia económica importante de cara ao cumprimento do obxectivo de estabilidade orzamentaria no vindeiro exercicio.

c) Dende a perspectiva legal, o TRLRFL fixa no seu artigo 72 os límites máximos e mínimos nos que deben moverse os tipos de gravame deste imposto. A súa aplicación ao noso Concello determina un tipo máximo do 0,90% nos inmobles de natureza rústica, un 1,23% nos inmobles de natureza urbana e un 1,3% nos inmobles de características especiais.

A proposta que se formula implica unha actualización nos tipos vixentes dende 1 de xaneiro de 2018 para inmobles de natureza urbana nun 1% e nun 2,5% nos BICES. Por existir unha diferenza notable no tipo impositivo de bens urbanos respecto dos BICES, procedería un acercamento gradual que se regula nunha disposición adicional: *“Para o caso de que o Pleno municipal non aprobe modificación de forma expresa no tipo de gravame para os bens inmobles de características especiais a que se refire o artigo 8.4 desta ordenanza, incrementarase este, ano tras ano, nun 2,5% ata a igualación de tipos co de gravame para os bens inmobles urbanos que figure no apartado 2 do citado artigo 8”*.

d) Actualízase na porcentaxe do 2,5% o importe dos ingresos brutos per cápita por debaixo dos que procederá a aplicación de bonificacións na cota relativas á vivenda habitual de familias numerosas. Este beneficio constitúe un gasto fiscal neste imposto de aproximadamente 100.000€ no presente exercicio.

O conxunto dos beneficios fiscais, de aplicación neste imposto, recollidos nos artigos 62, 73 e 74 do TRLRFL e outra lexislación sectorial supera, no vixente exercicio a cifra de 4.100.000€.

e) Segundo o Real Decreto Lei 7/2019 de 1 de marzo, de medidas urxentes en materia de vivenda e aluguer (convalidado polo Congreso dos Deputados en sesión 3 de abril de 2019), foron modificados os artigos 63, 72 e 74 do TRLRFL. A presente proposta modifica o disposto no artigo 8.6 da ordenanza fiscal relativo ao recargo na cota líquida do imposto a aplicar a *“inmobles de uso residencial que se atopen desocupados con carácter permanente”*. Constitúe a regulación proposta o exercicio dunha facultade potestativa para o Concello, cos límites establecidos na nova redacción do artigo 72.4 do TRLRFL: Na proposta mantense a contía do recargo xa aprobada en sesión plenaria de 27 de xaneiro de 2003 pero exclúense da súa aplicación os inmobles de persoas físicas, administracións públicas, entidades incluídas no réxime fiscal da Lei 49/2002 de 23 de decembro e entidades do artigo 35.4 da LXT constituídas polas anteriores.

De conformidade co disposto nun novo apartado 6 do artigo 74 do TRLRFL establécese unha bonificación do 50% *na cota íntegra do imposto para os bens inmobles de uso residencial destinados a aluguer de vivenda con renda limitada por unha norma xurídica*.

Para maior claridade, especifícase no artigo 5.2 que *“Os beneficios fiscais de carácter rogado contidos neste apartado 2, deberán ser solicitados, de conformidade coa normativa vixente, ata o 31 de decembro do exercicio anterior ao da devindicación”*.

4. INFORME SOBRE REPERCUSIÓN ORZAMENTARIA.

De conformidade co artigo 129.7 da Lei 39/2015, faise constar a continuación a estimación da repercusión orzamentaria na partida do Imposto de Bens Inmobles de Natureza Urbana así como na partida do Imposto de Bens Inmobles de Características Especiais do próximo exercicio 2020 e seguintes:

Segundo os datos obrantes nos servizos tributarios do Concello para a aprobación do padrón de IBI de bens urbanos do presente exercicio 2019 acadaríamos un importe de 65.900.000€ polo que o impacto orzamentario da actualización do 1% sería de 659.000€. O impacto da actualización do 2,5% sobre os ingresos estimados en 2019 polo imposto dos BICES (2.400.000€) sería de 60.000€.

Non se prevé impacto orzamentario para o exercicio 2020 pola aplicación do recargo toda vez que, este se devengará a 31 de decembro de 2020 e o impacto económico será durante o exercicio 2021. Por outra parte, aínda non se teñen datos que permitan establecer unha estimación probable do número e as características das vivendas as que lles será de aplicación o recargo.

Tampouco se prevé impacto orzamentario pola nova bonificación a propietarios de vivendas alugadas con renda limitada por unha norma xurídica, ao descoñecerse o alcance da aplicación dunha norma xurídica futura.

Segundo o anterior o impacto orzamentario para 2020 da presente modificación acadaría o importe de 719.000€

5. INFORME SOBRE O IMPACTO DE XÉNERO.

A presente modificación non introduce ningunha disposición que teña incidencia por razón de xénero, xa que afecta a quen teña a condición de contribuínte. Consecuentemente, o impacto por razón de xénero será nulo.

6. INNECESARIEDADE DO TRAMITE PREVISTO NO ARTIGO 133 DA LEI 39/2015 DO 1 DE OUTUBRO DO PAC.

Segundo o apartado 4 do artigo 133 da Lei 39/2015, “cando a proposta normativa non teña un impacto significativo na actividade económica, non impoña obrigas

relevantes aos destinatarios ou regule aspectos parciais dunha materia, poderá omitirse a consulta pública” a que se refire o apartado 1 do mesmo artigo.

O informe do Tribunal Económico Administrativo do Concello de Vigo de data 20.06.17 é coincidente co da Dirección Xeral de Tributos de data 10 de xaneiro de 2018 na innecesariedade de consulta previa no caso de modificación dunha ordenanza fiscal.

Segundo a Dirección Xeral de Tributos: “o trámite de consulta previa debe substanciarse cando se trata dunha nova ordenanza fiscal, mentres que no caso da modificación dunha ordenanza fiscal aprobada con anterioridade, pode obviarse dito trámite por tratarse dunha regulación parcial da materia”.

Tramitación da modificación.

O expediente deberá ser tramitado conforme dispón o artigo 111 da LRBRL, artigos 15 a 19 do TRLRFL e artigo 137 apartado 1 b) da citada LRBRL.

Segundo informe do TEA do Concello de data 15 de xuño de 2018, «unha vez incorporados os correspondentes informes xurídicos, técnicos e económicos, será redactado Informe-Proposta e o expediente será remitido á Intervención Xeral. Expresamente se solicitará a dito órgano que “de conformidade co indicado polo TEACV, órgano competente para o Ditame sobre os Proxectos de Ordenanzas Fiscais, deberá informarse sobre o cumprimento dos obxectivos de estabilidade orzamentaria, suficiencia financeira e demais restricións orzamentarias que se puideran derivar do acordo proposto”.

Con carácter potestativo poderá solicitarse ao TEACV, como ven sucedendo dende a creación deste, informe previo sobre a legalidade da Proposta de Proxecto que se somete a aprobación da Xunta de Goberno Local, a fin de que, tanto polos órganos políticos como polos administrativos, exista garantía sobre a conformidade no Ditame que será emitido con posterioridade á aprobación, no seu caso, da Proposta de Proxecto pola Xunta de Goberno Local. Así mesmo, e se este órgano así o estima conveniente, complementa o control de legalidade de quen teña atribuída dita función nos asuntos que deban ser sometidos á consideración da Xunta de Goberno Local.

Unha vez aprobado o Proxecto pola Xunta de Goberno Local será novamente remitido ao TEACV, quen elaborará o correspondente Ditame. Incorporado o preceptivo Ditame, o expediente, agora xa completo, será remitido á Secretaría do Pleno a fin da súa posta de manifesto aos voceiros dos grupos municipais e para o seu estudo e debate en Comisión Informativa e no Pleno.

De producirse transaccións políticas na fase de Propostas de emendas que varíen a redacción do Proxecto, deberá remitirse novamente o texto modificado á Intervención Xeral para o referido informe sobre cumprimento de restricións orzamentarias como previo á aprobación pola Xunta de Goberno Local do texto modificado e sometido a novo Ditame do TEACV.

O expediente co texto aprobado pola Xunta de Goberno Local e ditaminado polo TEACV someterase a estudio e aprobación pola Comisión Informativa correspondente e será remitido para a súa aprobación provisional polo Pleno.

Producida dita aprobación provisional, exporase ao público por prazo de trinta días a fin de que, por quen teña a condición de interesado, poida ser plantexada a oportuna reclamación.

De ser presentadas reclamacións, determinarase previamente a admisibilidade das mesmas e, entre as admitidas, resolverase estimando ou desestimando as mesmas, dándose conta á Xunta de Goberno Local e remitíndose ao Pleno para aprobación definitiva. No caso de non presentarse reclamacións ou incorrer todas as presentadas en causa de inadmisibilidade, entenderase aprobado o texto sen necesidade de remisión ao Pleno para a súa aprobación definitiva.

No caso de ser presentadas reclamacións admisibles contra o acordo de aprobación provisional, sexan estimadas ou non, procederá a remisión ao Pleno aos efectos da aprobación definitiva. No caso de que pola estimación de reclamación contra o Acordo de aprobación provisional se modifícase este, o texto da Ordenanza será remitido previamente ao TEACV para novo Ditame».

A vista do anterior, esta Dirección de Ingresos solicita, da Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte,

ACORDO:

1º) Aprobar provisionalmente a seguinte:

“MODIFICACIÓN DOS SEGUINTEs ARTIGOS DA ORDENANZA FISCAL REGULADORA DO IMPOSTO SOBRE BENS INMOBLES” (2), QUE QUEDARÁN REDACTADOS COMO SEGUE:

ARTIGO 5.- EXENCIÓNS.

Engádesse no punto 2. e) un ultimo paragrafo.

2. Así mesmo, previa solicitude, estarán exentos:

a) Os bens inmobles que se destinen ao ensino por centros docentes acollidos, total ou parcialmente, ao réxime de concerto educativo, en canto á superficie afectada ao ensino concertado.

b) Os declarados expresa e individualizadamente monumento ou xardín histórico de interese cultural, mediante Real Decreto na forma establecida polo artigo 9 da Lei 16/1985, de 25 de xuño de Patrimonio Histórico Español, e inscritos no Rexistro Xeral ó que se refire o seu artigo 12 como integrantes do Patrimonio Histórico Español, así como os comprendidos nas disposicións adicionais primeira, segunda

e quinta de dita Lei. Esta exención non alcanzará a calquera clase de bens urbanos dentro do perímetro delimitativo das zonas arqueolóxicas e sitios e conxuntos históricos, globalmente integrados neles, senón, exclusivamente, aos que reúnan as seguintes condicións: en zonas arqueolóxicas, os incluídos como obxecto de especial protección no instrumento de planeamento urbanístico a que se refire o artigo 20 da Lei 16/1985, de 25 de xuño de Patrimonio Histórico Español.

En sitios ou conxuntos históricos, os que contén cunha antigüidade igual ou superior a cincuenta anos, e estean incluídos no catálogo previsto no Real Decreto 2159/1978 de 23 de xuño polo que se aproba o Regulamento de Planeamento para o desenvolvemento e aplicación da Lei sobre Réxime do Solo e Ordenación Urbana, como obxecto de protección integral nos termos previstos no artigo 21 da Lei 16/1985, de 25 de xuño.

Non estarán exentos os bens inmobles aos que se refire esta letra b) cando estean afectos a explotacións económicas, salvo as excepcións previstas no art.62.2b) do RDL 2/2004.

c) A superficie dos montes na que se realicen repoboacións forestais ou rexeneración de masas arboradas suxeitas a proxectos de ordenación ou plans técnicos aprobados pola Administración Forestal. Esta exención terá unha duración de 15 anos, contados a partir do período impositivo seguinte a aquel no que se realice a súa solicitude.

d) Os bens inmobles da titularidade de entidades incluídas na Lei 49/2002 de 23 de decembro de Réxime Fiscal de Entidades sen fins Lucrativos e dos incentivos fiscais ao Mecenazgo, nos términos da citada lei.

e) En aplicación do artigo 62.3 do TRLRFL, os Centros de Saúde nos que a condición legal de obrigado ao pagamento do imposto, segundo a prelación establecida no artigo 61 do citado TRLRFL recaia sobre o SERGAS e se cumpran as restantes circunstancias descritas neste apartado.

Considéranse, aos efectos desta Ordenanza, Centros de Saúde, aos bens inmobles nos que, conforme ao disposto no RD 1277/2003 de 10 de outubro, o SERGAS desenvolva "Atención Primaria de Saúde" a cargo de persoal funcionario ou estatutario da Administración Pública.

No caso de que nun mesmo inmovible coexistan "Servizos de Atención Primaria" con outros servizos, procederá a redución da cota do Imposto na proporción da superficie ocupada polos Servizos de Atención Primaria de Saúde respecto da totalidade do inmovible.

Os beneficios fiscais de carácter rogado contidos neste apartado 2, deberán ser solicitados, de conformidade coa normativa vixente, ata o 31 de decembro do exercicio anterior ao da devindicación.

ARTIGO 6.- BONIFICACIÓNS.

3.

a) Se os importes brutos anuais dos membros da familia numerosa, no exercicio fosen iguais ou inferiores a 6.519 €, a bonificación será do 90%.

b) Se os ingresos estiveran entre 6.519 € e 8.333 €, a bonificación será do 50%.

4. Gozaran dunha bonificación do 50% na cota íntegra do imposto os bens inmobles de uso residencial destinados a aluguer de vivendas con renda limitada por unha norma xurídica, cuxos suxeitos pasivos sexan *persoas físicas ou entidades a que se refire o artigo 35.4 da lei 58/2003 Xeral Tributaria constituídas por persoas físicas*.

5. No caso de que fose procedente máis dun beneficio fiscal na cota deste imposto, aplicarase só o de maior contía.

ARTIGO 8.- COTA TRIBUTARIA.

1. A cota íntegra deste imposto será o resultado da aplicación á base liquidable dos tipos de gravame recollidos neste artigo.

2. O tipo de gravame para os bens inmobles urbanos será do 0,910%.

4. O tipo de gravame para os bens inmobles de características especiais será do 0,852%

5. Establecese como “tipo diferenciado” na contía do 0,923% para os bens inmobles urbanos, excluídos os de uso residencial, que superen, atendendo aos usos establecidos na normativa catastral para valoración das construcións, o valor catastral que, para cada un dos usos, se recolle no seguinte cadro:

CÓDIGO-USO	V.CATASTRAL	TIPO
I-industrial	igual ou superior a 125.000€	0,923
C-comercial	igual ou superior a 125.000€	0,923
G-ocio e hostalería	igual ou superior a 175.000€	0,923
O-oficinas	igual ou superior a 125.000€	0,923
A-almacenamento estacionamento	igual ou superior a 100.000€	0,923
K-deportivo	igual ou superior a 450.000€	0,923
T-espectáculos	igual ou superior a 175.000 €	0,923

6. Tratándose de inmobles de uso residencial que se atopen desocupados con carácter permanente, esixirase un recargo sobre a cota líquida do imposto dun 50%. O recargo devindicarase o 31 de decembro e liquidarase anualmente polo Concello, unha vez contrastada a desocupación do inmoble, xuntamente co acto administrativo polo que aquela sexa declarada.

Non se aplicará este recargo a inmobles de titularidade de persoas físicas, administracións públicas, entidades incluídas no réxime fiscal da lei 49/2002 de 23 de decembro e entidades a que se refire o artigo 35.4 da Lei Xeral Tributaria sempre que estas últimas fosen constituídas por persoas físicas, administracións públicas ou entidades incluídas no réxime fiscal da lei 49/2002.

Para a aplicación do presente recargo considerarase inmovible de uso residencial desocupado con carácter permanente, no exercicio a considerar, aquel que figure no padrón municipal de habitantes sen ningunha persoa inscrita durante os 8 últimos meses do exercicio.

Igualmente, considerarase desocupado con carácter permanente o inmovible cando, aínda que existira inscrición no padrón municipal de habitantes, durante os 8 últimos meses a media de consumo de auga fose inferior a 2,5 m³/mes.

Segundo o disposto no artigo 72 apartado 4 do TRLRFL, o recargo devengarase a 31 de decembro e liquidarase anualmente.

Os servizos tributarios do Concello poñerán de manifesto aos suxeitos pasivos os inmovibles desocupados con carácter permanente no exercicio a considerar, segundo a información que conste no padrón municipal de habitantes así como no padrón fiscal da taxa de abastecemento, saneamento e depuración de auga. Os suxeitos pasivos poderán formular as alegacións pertinentes e aportar as probas que estimen oportunas e que resulten contraditorias coa información do padrón municipal de habitantes así como do padrón fiscal de auga.

Procederá, á vista das alegacións formuladas, a declaración de inmovible desocupado con carácter permanente no exercicio a considerar así como a liquidación tributaria correspondente ao recargo regulado neste apartado.

DISPOSICIÓN ADICIONAL.

Para o caso de que o Pleno municipal non aprobe modificación de forma expresa no tipo de gravame para os bens inmovibles de características especiais a que se refire o artigo 8.4 desta ordenanza, incrementarase este, ano tras ano, nun 2,5% ata a igualación de tipos co de gravame para os bens inmovibles urbanos que figure no apartado 2 do citado artigo 8.

DISPOSICIÓN FINAIS.

2ª. Esta ordenanza comenza a aplicarse o 1 de xaneiro de 2020, permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derogación expresa.

2º) Someter a Ditame do TEA do Concello.

3º) Aprobación provisional do Proxecto ditaminado en sesión plenaria.

4º) Someter a exposición pública por prazo de 30 días hábiles, con inserción de anuncio no BOP, Taboleiro do Concello, Páxina Web e Prensa Local para exame e reclamacións.

5º) Para o caso de non presentarse reclamacións entenderase adoptado o acordo de aprobación definitiva coas seguintes particularidades:

a) a) Publicar o texto da modificación no BOP para a súa entrada en vigor.

b)b) Facultar á Dirección de Ingresos para a redacción do correspondente texto refundido.”

En data 17 de xullo de 2019, o Tribunal Económico Administrativo emite informe previo de legalidade do expediente de modificación da Ordenanza Fiscal Xeral.

O Interventor Xeral, en data 19.07.19, emite informe de fiscalización de dita Ordenanza.

En sesión, de data 26 de xullo, a Xunta de Goberno Local aprobou o proxecto de Modificación.

O 30 de xullo o Tribunal Económico Administrativo do Concello de Vigo, ditamina favorablemente a proposta de modificación da Ordenanza Fiscal Xeral.

En data 12.08.19 o Membro Non Adscrito, o grupo municipal Mixto e o grupo municipal do Partido Popular, achegan escrito de presentación de emendas.

O 23 de agosto a Dirección de Ingresos emite informes en relación ás emendas presentadas.

A Comisión Informativa de Orzamentos e Facenda, na súa sesión ordinaria do 28.08.2019, ditamina favorablemente dita proposta, rexeitando as emendas presentadas.

VOTACIÓN: Con dezaoito votos a favor dos membros do grupo municipal Socialista, señores e señoras Abelairas Rodríguez, Aguiar Castro, Aneiros Pereira, Blanco Iglesias, Caride Estévez, Expinosa Mangana, Fernández Pérez, Gomez Días, Iglesias González, Lago Barreiro, López Font, Losada Alvarez, Mejías Sacaluga, Rivas González, Rodríguez Calviño, Rodríguez Díaz, Rodríguez Rodríguez e a Presidencia, e sete votos en contra dos membros do grupo municipal do Partido Popular,

señores e señoras Egerique Mosquera, Gonzalez Castillo, López Roman e Marnotes González, mais dos membros do grupo municipal Mixto, señora e señor Mendez Fuentes e Pérez Correa, e mais do membro non adscrito, Sr. Pérez Igrexas, adóptase o seguinte,

ACORDO:

PRIMEIRO.- Rexeitar as emendas presentadas.

SEGUNDO: Aprobación inicial do Proxecto de Modificación da Ordenanza Fiscal Reguladora do Imposto sobre Bens Inmóveis para o exercicio 2020, segundo a redacción que consta na proposta de acordo.

TECEIRO: Someter a exposición pública por prazo de 30 días hábiles, con inserción de anuncio no Boletín oficial da provincia, taboleiro do Concello e prensa local para exame e reclamacións.

CUARTO: Para o caso de non presentarse reclamacións entenderase adoptado o acordo de aprobación definitiva coas seguintes particularidades:

- a) Publicarase o texto da modificación no BOP para a súa entrada en vigor.
- b) Facúltase á Dirección de Ingresos para a redacción do correspondente texto refundido.

6(130).- APROBACIÓN INICIAL DO PROXECTO DE MODIFICACIÓN PARA O EXERCICIO 2020 DA ORDENANZA FISCAL REGULADORA DO IMPOSTO SOBRE VEHÍCULOS DE TRACCIÓN MECÁNICA. EXPTE. 2581/500 (REXISTRO PLENO 2118/1101)

ANTECEDENTES: No expediente consta informe proposta emitido pola Dirección Xeral de Ingresos en data 16.07.2019, no que consta a seguinte modificación ao articulado

“1.NORMATIVA APLICABLE.

- Constitución española de 27 de decembro de 1978.
- Lei 7/1985, de 2 de abril, de Bases do réxime local.
- Real decreto lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais.
- Lei 5/1997, de 22 de xullo, de réxime local de Galicia.
- Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria.
- Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento administrativo común das Administracións Públicas.
- Lei orgánica 2/2012, de estabilidade orzamentaria e sostibilidade financeira.
- Lei 27/2013, de 27 de decembro, de Racionalización e sostibilidade do goberno local.

2. ANTECEDENTES DE FEITO.

Primeiro.- Mediante Acordo plenario de data 6 de setembro de 2017 aprobouse a modificación da ordenanza fiscal (expte. 2398/500).

Segundo.- A través do Acordo plenario de 14 de setembro de 2018 aprobouse a modificación da ordenanza fiscal (expte. 2490/500)

Terceiro.- O Sr. Concelleiro-Delegado da Área de Orzamentos e Facenda ditou orde de inicio de expediente de modificación en data 01.07.2019.

3. CONSIDERACIÓNS TÉCNICAS E XURÍDICAS

a) A obrigada posición de equilibrio ou superávit orzamentario establecida no artigo 11.4 da LOEOSF motiva a proposta de actualización de tipos impositivos contida no presente expediente.

O obxectivo de manter a solvencia das contas públicas municipais xunto co de incrementar a calidade dos servizos prestados, obriga a conectar de forma indisoluble ingresos e gastos para acadar o equilibrio orzamentario antedito.

Nos últimos anos, determinados pronunciamentos xurisprudenciais e lexislativos vencellados á evolución do mercado inmobiliario e a súa incidencia na aplicación dos tributos locais, teñen afectado gravemente á capacidade recadadora dalgúns tributos propios. Tense reducido a materia /base imponible no imposto sobre bens inmobles e no imposto sobre incremento de valor dos terreos de natureza urbana (solos urbanizables sen ordenación detallada teñen pasado da consideración catastral de urbanos a rústicos e, nas transmisións de inmobles, só tributan no imposto de plusvalía aquelas que revelan capacidade económica). Por outra parte a capacidade recadadora do imposto de construcións, instalacións e obras segue a súa recuperación a ritmo moi lento e cativo.

b) Nos expedientes da última modificación de tipos impositivos e tarifas de taxas aprobados en sesión plenaria do 06.09.17 tomáronse como referencia índices de prezos e de evolución económica ata abril de 2017. No presente expediente,

constan como anexo datos proporcionados polo Instituto Nacional de Estatística sobre variacións de prezos dende abril de 2017 ata os últimos coñecidos na data de redacción deste informe que son os de maio de 2019: a variación do índice xeral nacional do IPC sitúase no 2,8%, a mesma cifra para o IPC en Galicia e, un 2,9% para a variación do índice nacional da rúbrica vivenda en aluguer. No citado anexo consta tamén a taxa de referencia de crecemento do produto interior bruto de medio prazo para 2020, última aprobada e publicada no Boletín Oficial do Congreso de Deputados de 13 de xullo de 2017, que constitúe o teito de gasto orzamentario non financeiro segundo o disposto no artigo 12 da LOEOSF. A taxa vixente para 2020 é do 2,8%.

Ningún dos indicadores anteriores determina, de modo automático, a contía da actualización dos tipos impositivos que se formula no presente expediente pero constitúen unha referencia económica importante de cara ao cumprimento do obxectivo de estabilidade orzamentaria no vindeiro exercicio.

Polo que se refire ao imposto de vehículos de tracción mecaniza, a súa capacidade recadadora ven diminuindo nos últimos ano pola redución do numero de turismos de categorías de maior potencia, así como do numero de vehículos de categoría camión, industriais e de servizos

A mais do anterior, o importe do “orzamento de gastos fiscais, é dicir os beneficios fiscais deste imposto van en continuo crecemento: bonificacións por baixa emisión de CO2, vehículos híbridos, eléctricos, exención en vehículos históricos, vehículos para persoas de mobilidade reducida e os conducidos por persoas con discapacidade, vehículos oficiais, sanitarios e outros recollidos no artigo 93 do TRLRFL. No exercicio 2019 o importe dos beneficios fiscais por este imposto ascendeu a 1.914.100€. No exercicio 2017 ascendía a 1.660.000€

c) Dende a perspectiva legal, o TRLRFL fixa no seu artigo 95 os límites máximos que poden acadar os importes das tarifas deste imposto, dentro dos que están as propostas no presente expediente.

A proposta que se formula implica unha actualización nas tarifas do imposto vixentes dende 1 de xaneiro de 2018 nun 2,5% agás as relativas ao grupo de ciclomotores e motocicletas que permanecen sen variación.

4. INFORME SOBRE REPERCUSIÓN ORZAMENTARIA.

De conformidade co artigo 129.7 da Lei 39/2015, faise constar a continuación a estimación da repercusión orzamentaria na partida do Imposto de Vehículos de Tracción Mecánica. do próximo exercicio 2020 e seguintes:

	2019	2020 (2,5%)	
TIPOS DE VEHICULOS	Total débeda Tributaria	Total débeda Tributaria	VARIACIÓN
Turismos	13.038.957,96 €	13.334.640,51 €	295.682,55 €
Ciclomotores e motocicletas	371.824,03 €	371.824,03 €	0,00 €
Resto (autobuses, camiósns...)	1.110.661,49 €	1.138.428,03 €	27.766,54 €
			323.449,09 €

Segundo o anterior o impacto orzamentario para 2020 da presente modificación acadaría o importe de 323.000€

5. INFORME SOBRE O IMPACTO DE XÉNERO.

A presente modificación non introduce ningunha disposición que teña incidencia por razón de xénero, xa que afecta a quen teña a condición de contribuínte. Consecuentemente, o impacto por razón de xénero será nulo.

6. INNECESARIEDADE DO TRAMITE PREVISTO NO ARTIGO 133 DA LEI 39/2015 DO 1 DE OUTUBRO DO PAC.

Segundo o apartado 4 do artigo 133 da Lei 39/2015, “cando a proposta normativa non teña un impacto significativo na actividade económica, non impoña obrigas relevantes aos destinatarios ou regule aspectos parciais dunha materia, poderá omitirse a consulta pública” a que se refire o apartado 1 do mesmo artigo.

O informe do Tribunal Económico Administrativo do Concello de Vigo de data 20.06.17 é coincidente co da Dirección Xeral de Tributos de data 10 de xaneiro de 2018 na innecesariedade de consulta previa no caso de modificación dunha ordenanza fiscal.

Segundo a Dirección Xeral de Tributos: “o trámite de consulta previa debe substanciarse cando se trata dunha nova ordenanza fiscal, mentres que no caso da modificación dunha ordenanza fiscal aprobada con anterioridade, pode obviarse dito trámite por tratarse dunha regulación parcial da materia”.

Tramitación da modificación.

O expediente deberá ser tramitado conforme dispón o artigo 111 da LRBRL, artigos 15 a 19 do TRLRFL e artigo 137 apartado 1 b) da citada LRBRL.

Segundo informe do TEA do Concello de data 15 de xuño de 2018, «*unha vez incorporados os correspondentes informes xurídicos, técnicos e económicos, será redactado Informe-Proposta e o expediente será remitido á Intervención Xeral. Expresamente se solicitará a dito órgano que “de conformidade co indicado polo*

TEACV, órgano competente para o Ditame sobre os Proxectos de Ordenanzas Fiscais, deberá informarse sobre o cumprimento dos obxectivos de estabilidade orzamentaria, suficiencia financeira e demais restricións orzamentarias que se puideran derivar do acordo proposto”.

Con carácter potestativo poderá solicitarse ao TEACV, como ven sucedendo dende a creación deste, informe previo sobre a legalidade da Proposta de Proxecto que se somete a aprobación da Xunta de Goberno Local, a fin de que, tanto polos órganos políticos como polos administrativos, exista garantía sobre a conformidade no Ditame que será emitido con posterioridade á aprobación, no seu caso, da Proposta de Proxecto pola Xunta de Goberno Local. Así mesmo, e se este órgano así o estima conveniente, complementa o control de legalidade de quen teña atribuída dita función nos asuntos que deban ser sometidos á consideración da Xunta de Goberno Local.

Unha vez aprobado o Proxecto pola Xunta de Goberno Local será novamente remitido ao TEACV, quen elaborará o correspondente Ditame. Incorporado o preceptivo Ditame, o expediente, agora xa completo, será remitido á Secretaría do Pleno a fin da súa posta de manifesto aos voceiros dos grupos municipais e para o seu estudo e debate en Comisión Informativa e no Pleno.

De producirse transaccións políticas na fase de Propostas de emendas que varíen a redacción do Proxecto, deberá remitirse novamente o texto modificado á Intervención Xeral para o referido informe sobre cumprimento de restricións orzamentarias como previo á aprobación pola Xunta de Goberno Local do texto modificado e sometido a novo Ditame do TEACV.

O expediente co texto aprobado pola Xunta de Goberno Local e ditaminado polo TEACV someterase a estudo e aprobación pola Comisión Informativa correspondente e será remitido para a súa aprobación provisional polo Pleno.

Producida dita aprobación provisional, exporase ao público por prazo de trinta días a fin de que, por quen teña a condición de interesado, poida ser plantexada a oportuna reclamación.

De ser presentadas reclamacións, determinarase previamente a admisibilidade das mesmas e, entre as admitidas, resolverase estimando ou desestimando as mesmas, dándose conta á Xunta de Goberno Local e remitíndose ao Pleno para aprobación definitiva. No caso de non presentarse reclamacións ou incorrer todas as presentadas en causa de inadmisibilidade, entenderase aprobado o texto sen necesidade de remisión ao Pleno para a súa aprobación definitiva.

No caso de ser presentadas reclamacións admisibles contra o acordo de aprobación provisional, sexan estimadas ou non, procederá a remisión ao Pleno aos efectos da aprobación definitiva. No caso de que pola estimación de reclamación contra o Acordo de aprobación provisional se modificase este, o texto da Ordenanza será remitido previamente ao TEACV para novo Ditame».

A vista do anterior, esta Dirección de Ingresos solicita, da Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte,

ACORDO

1º) Aprobar provisionalmente a seguinte:

“MODIFICACIÓN DOS SEGUENTES ARTIGOS DA ORDENANZA FISCAL REGULADORA DO IMPOSTO SOBRE VEHÍCULOS DE TRACCIÓN MECÁNICA” (3), QUE QUEDARÁN REDACTADOS COMO SEGUE:

ARTIGO 6.- COTA

Modifícanse no punto 1. os apartados A, B, C, D e E.

A. TURISMOS	COTA ANUAL
A.1. de menos de 8 cabalos fiscais	23,25 €
A.2. de 8 ata 11,99 cabalos fiscais	64,70 €
A.3. de 12 ata 15,99 cabalos fiscais	140,30 €
A.4. de 16 ata 19,99 cabalos fiscais	179,22 €
A.5. de máis de 20 cabalos fiscais	224,00 €

B. AUTOBUSES	COTA ANUAL
B.1. de menos de 21 prazas	160,15 €
B.2. de 21 a 50 prazas	232,70 €
B.3. de máis de 50 prazas	290,90 €

C. CAMIÓN	COTA ANUAL
C.1. de menos de 1000 kg. de carga útil	81,70 €
C.2. de 1000 a 2999 kg. de carga útil	160,15 €
C.3. de máis de 2999 a 9999 kg. carga útil	232,70 €
C.4. de máis de 9999 kg. de carga útil	290,90 €

D. TRACTORES	COTA ANUAL
D.1. de menos de 16 cabalos fiscais	30,95 €
D.2. de 16 a 25 cabalos fiscais	49,60 €
D.3. de máis de 25 cabalos fiscais	148,65 €

E. REMOLQUES E SEMIRREMOLQUES ARRASTRADOS POR VEHÍCULOS DE TRACCIÓN MECÁNICA	COTA ANUAL
E.1. máis de 750 kg a 999 kg. carga útil	33,95 €
E.2. de 1000 a 2999 kg. de carga útil	53,40 €
E.3. máis de 2999 kg. de carga útil	163,35 €

DISPOSICIÓNS FINAIS.

2ª. Esta ordenanza comenza a aplicarse o 1 de xaneiro de 2020, permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derogación expresa.

2º) Someter a Ditame do TEA do Concello.

3º) Aprobación provisional do Proxecto ditaminado en sesión plenaria.

4º) Someter a exposición pública por prazo de 30 días hábiles, con inserción de anuncio no BOP, Taboleiro do Concello e Prensa Local para exame e reclamacións.

5º) Para o caso de non presentarse reclamacións entenderase adoptado o acordo de aprobación definitiva coas seguintes particularidades:

a) Publicar o texto da modificación no BOP para a súa entrada en vigor.

b) Facultar á Dirección de Ingresos para a redacción do correspondente texto refundido.

En data 17 de xullo de 2019, o Tribunal Económico Administrativo emite informe previo de legalidade do expediente de modificación da Ordenanza Fiscal Xeral.

O Interventor Xeral, en data 19.07.19, emite informe de fiscalización de dita Ordenanza.

En sesión, de data 26 de xullo, a Xunta de Goberno Local aprobou o proxecto de Modificación.

O 30 de xullo o Tribunal Económico Administrativo do Concello de Vigo, ditamina favorablemente a proposta de modificación da Ordenanza Fiscal Xeral.

En data 12.08.19 o Membro Non Adscrito, o grupo municipal Mixto e o grupo municipal do Partido Popular, achegan escrito de presentación de emendas.

O 23 de agosto a Dirección de Ingresos emite informes en relación ás emendas presentadas.

A Comisión Informativa de Orzamentos e Facenda, na súa sesión ordinaria do 28.08.2019, ditamina favorablemente dita proposta, rexeitando as emendas presentadas.

VOTACIÓN: Con dezaeito votos a favor dos membros do grupo municipal Socialista, señores e señoras Abelairas Rodríguez, Aguiar Castro, Aneiros Pereira, Blanco Iglesias, Caride Estévez, Expinosa Mangana, Fernández Pérez, Gomez Días, Iglesias González, Lago Barreiro, López Font, Losada Alvarez, Mejías Sacaluga, Rivas González, Rodríguez Calviño, Rodríguez Díaz, Rodríguez Rodríguez e a Presidencia, e sete votos en contra dos membros do grupo municipal do Partido Popular, señores e señoras Egerique Mosquera, Gonzalez Castillo, López Roman e Marnotes González, mais dos membros do grupo municipal Mixto, señora e señor Mendez Fuentes e Pérez Correa, e mais do membro non adscrito, Sr. Pérez Igrexas, adóptase o seguinte,

ACORDO:

PRIMEIRO.- Rexeitar as emendas presentadas.

SEGUNDO: Aprobación inicial do Proxecto de Modificación da Ordenanza Fiscal Reguladora do Imposto sobre Vehículos de tracción mecánica para o exercicio 2020, segundo a redacción que consta na proposta de acordo.

TECEIRO: Someter a exposición pública por prazo de 30 días hábiles, con inserción de anuncio no Boletín oficial da provincia, taboleiro do Concello e prensa local para exame e reclamacións.

CUARTO: Para o caso de non presentarse reclamacións entenderase adoptado o acordo de aprobación definitiva coas seguintes particularidades:

- a) Publicarase o texto da modificación no BOP para a súa entrada en vigor.
- b) Facúltase á Dirección de Ingresos para a redacción do correspondente texto refundido.

7(131).- APROBACIÓN INICIAL DO PROXECTO DE MODIFICACIÓN PARA O EXERCICIO 2020 DA ORDENANZA FISCAL REGULADORA DO IMPOSTO

SOBRE ACTIVIDADES ECONÓMICAS. EXPTE. 2582/500 (REXISTRO PLENO 2119/1101)

ANTECEDENTES: No expediente consta informe proposta emitido pola Dirección Xeral de Ingresos en data 16.07.2019, no que consta a seguinte modificación ao articulado

“1.NORMATIVA APLICABLE.

- Constitución española de 27 de decembro de 1978.
- Lei 7/1985, de 2 de abril, de Bases do réxime local.
- Real decreto lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais.
- Lei 5/1997, de 22 de xullo, de réxime local de Galicia.
- Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria.
- Real Decreto Lexislativo 1175/1990, de 28 de setembro, polo que se aproban as tarifas e a instrución do Imposto sobre Actividades Económicas.

2. ANTECEDENTES DE FEITO.

Primeiro.- Mediante Acordo plenario de data 6 de setembro do 2017 aprobouse a modificación da ordenanza fiscal (expte. 2401/500).

Segundo O Sr. Concelleiro-Delegado da Área de Orzamentos e Facenda ditou orde de inicio de expediente de modificación en data 01.07.2019

3. CONSIDERACIÓNS TÉCNICAS E XURÍDICAS

a) A obrigada posición de equilibrio ou superávit orzamentario establecida no artigo 11.4 da LOEOSF motiva a proposta de actualización de tipos impositivos contida no presente expediente.

O obxectivo de manter a solvencia das contas públicas municipais xunto co de incrementar a calidade dos servizos prestados, obriga a conectar de forma indisoluble ingresos e gastos para acadar o equilibrio orzamentario antedito.

Nos últimos anos, determinados pronunciamentos xurisprudenciais e lexislativos vencellados á evolución do mercado inmobiliario e a súa incidencia na aplicación dos tributos locais, teñen afectado gravemente á capacidade recadadora dalgúns tributos propios. Tense reducido a materia /base imponible no imposto sobre bens inmobles e no imposto sobre incremento de valor dos terreos de natureza urbana (solos urbanizables sen ordenación detallada teñen pasado da consideración catastral de urbanos a rústicos e, nas transmisións de inmobles, só tributan no imposto de plusvalía aquelas que revelan capacidade económica). Por outra parte a capacidade recadadora do imposto de construcións, instalacións e obras segue a súa recuperación a ritmo moi lento e cativo.

Polo o que se refire ao imposto de actividades económicas, a capacidade recadadora deste tributo límitase ás actividades económicas desenvolvidas por persoas xurídicas con unha cifre de negocios superior a un millón de euros. Sendo apropiadamente 41.685 inscricións na matrícula do imposto de actividades económicas de 2019, só 4.000 achegan recursos ao orzamento municipal pola aplicación deste imposto.

Por outra parte, o orzamento de gastos fiscais consistente no importe de bonificacións a cooperativas fiscalmente protexidas, bonificacións por inicio de actividade e creación de emprego e outras ascende a douscentos cincuenta mil euros.

b) Nos expedientes da última modificación de tipos impositivos e tarifas de taxas aprobados en sesión plenaria do 06.09.17 tomáronse como referencia índices de prezos e de evolución económica ata abril de 2017. No presente expediente, constan como anexo datos proporcionados polo Instituto Nacional de Estatística sobre variacións de prezos dende abril de 2017 ata os últimos coñecidos na data de redacción deste informe que son os de maio de 2019: a variación do índice xeral nacional do IPC sitúase no 2,8%, a mesma cifra para o IPC en Galicia e, un 2,9% para a variación do índice nacional da rúbrica vivenda en aluguer. No citado anexo consta tamén a taxa de referencia de crecemento do produto interior bruto de medio prazo para 2020, última aprobada e publicada no Boletín Oficial do Congreso de Deputados de 13 de xullo de 2017, que constitúe o teito de gasto orzamentario non financeiro segundo o disposto no artigo 12 da LOEOSF. A taxa vixente para 2020 é do 2,8%.

Ningún dos indicadores anteriores determina, de modo automático, a contía da actualización dos tipos impositivos que se formula no presente expediente pero constitúen unha referencia económica importante de cara ao cumprimento do obxectivo de estabilidade orzamentaria no vindeiro exercicio.

c) Dende a perspectiva legal, o TRLRFL fixa no seu artigo 87 os límites máximos e mínimos da escala de coeficientes que ponderan a situación física do local dentro do termino municipal, atendendo á categoría da rúa onde radique, situándose o límite máximo do coeficiente na cifra de 3,8

A proposta que se formula implica unha actualización nos coeficientes vixentes dende 1 de xaneiro de 2018 nun 2,5%.

4. INFORME SOBRE REPERCUSIÓN ORZAMENTARIA.

De conformidade co artigo 129.7 da Lei 39/2015, faise constar a continuación a estimación da repercusión orzamentaria na partida do Imposto de Actividades Económicas do próximo exercicio 2020 e seguintes:

Segundo os datos obrantes nos servizos tributarios do Concello para a aprobación do padrón de IAE do presente exercicio 2019 acadaríamos un importe de

11.600.000€ de cota municipal sobre a que resulta de aplicación os coeficientes de situación obxecto do presente expediente. O impacto da actualización do 2,5% sobre os citados ingresos estimados en 2019 ascenderán a 290.000€.

Segundo o anterior o impacto orzamentario para 2020 da presente modificación acadaría o importe de 290.000€.

5. INFORME SOBRE O IMPACTO DE XÉNERO.

A presente modificación non introduce ningunha disposición que teña incidencia por razón de xénero, xa que afecta a persoas xurídicas quen teñan a condición de contribuíntes. Consecuentemente, o impacto por razón de xénero será nulo.

6. INNECESARIEDADE DO TRAMITE PREVISTO NO ARTIGO 133 DA LEI 39/2015 DO 1 DE OUTUBRO DO PAC.

Segundo o apartado 4 do artigo 133 da Lei 39/2015, “cando a proposta normativa non teña un impacto significativo na actividade económica, non imponha obrigas relevantes aos destinatarios ou regule aspectos parciais dunha materia, poderá omitirse a consulta pública” a que se refire o apartado 1 do mesmo artigo.

O informe do Tribunal Económico Administrativo do Concello de Vigo de data 20.06.17 é coincidente co da Dirección Xeral de Tributos de data 10 de xaneiro de 2018 na innecesariedade de consulta previa no caso de modificación dunha ordenanza fiscal.

Segundo a Dirección Xeral de Tributos: “o trámite de consulta previa debe substanciarse cando se trata dunha nova ordenanza fiscal, mentres que no caso da modificación dunha ordenanza fiscal aprobada con anterioridade, pode obviarse dito trámite por tratarse dunha regulación parcial da materia”.

Tramitación da modificación.

O expediente deberá ser tramitado conforme dispón o artigo 111 da LRBRL, artigos 15 a 19 do TRLRFL e artigo 137 apartado 1 b) da citada LRBRL.

Segundo informe do TEA do Concello de data 15 de xuño de 2018, *«unha vez incorporados os correspondentes informes xurídicos, técnicos e económicos, será redactado Informe-Proposta e o expediente será remitido á Intervención Xeral. Expresamente se solicitará a dito órgano que “de conformidade co indicado polo TEACV, órgano competente para o Ditame sobre os Proxectos de Ordenanzas Fiscais, deberá informarse sobre o cumprimento dos obxectivos de estabilidade orzamentaria, suficiencia financeira e demais restricións orzamentarias que se puideran derivar do acordo proposto”.*

Con carácter potestativo poderá solicitarse ao TEACV, como ven sucedendo dende a creación deste, informe previo sobre a legalidade da Proposta de Proxecto que se somete a aprobación da Xunta de Goberno Local, a fin de que, tanto polos

órganos políticos como polos administrativos, exista garantía sobre a conformidade no Ditame que será emitido con posterioridade á aprobación, no seu caso, da Proposta de Proxecto pola Xunta de Goberno Local. Así mesmo, e se este órgano así o estima conveniente, complementa o control de legalidade de quen teña atribuída dita función nos asuntos que deban ser sometidos á consideración da Xunta de Goberno Local.

Unha vez aprobado o Proxecto pola Xunta de Goberno Local será novamente remitido ao TEACV, quen elaborará o correspondente Ditame. Incorporado o preceptivo Ditame, o expediente, agora xa completo, será remitido á Secretaría do Pleno a fin da súa posta de manifesto aos voceiros dos grupos municipais e para o seu estudio e debate en Comisión Informativa e no Pleno.

De producirse transaccións políticas na fase de Propostas de emendas que varíen a redacción do Proxecto, deberá remitirse novamente o texto modificado á Intervención Xeral para o referido informe sobre cumprimento de restricións orzamentarias como previo á aprobación pola Xunta de Goberno Local do texto modificado e sometido a novo Ditame do TEACV.

O expediente co texto aprobado pola Xunta de Goberno Local e ditaminado polo TEACV someterase a estudio e aprobación pola Comisión Informativa correspondente e será remitido para a súa aprobación provisional polo Pleno.

Producida dita aprobación provisional, exporase ao público por prazo de trinta días a fin de que, por quen teña a condición de interesado, poida ser plantexada a oportuna reclamación.

De ser presentadas reclamacións, determinarase previamente a admisibilidade das mesmas e, entre as admitidas, resolverase estimando ou desestimando as mesmas, dándose conta á Xunta de Goberno Local e remitíndose ao Pleno para aprobación definitiva. No caso de non presentarse reclamacións ou incorrer todas as presentadas en causa de inadmisibilidade, entenderase aprobado o texto sen necesidade de remisión ao Pleno para a súa aprobación definitiva.

No caso de ser presentadas reclamacións admisibles contra o acordo de aprobación provisional, sexan estimadas ou non, procederá a remisión ao Pleno aos efectos da aprobación definitiva. No caso de que pola estimación de reclamación contra o Acordo de aprobación provisional se modificase este, o texto da Ordenanza será remitido previamente ao TEACV para novo Ditame».

A vista do anterior, esta Dirección de Ingresos solicita, da Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte,

ACORDO

1º) Aprobar provisionalmente a seguinte:

“MODIFICACIÓN DOS SEGUINTE ARTIGOS DA ORDENANZA FISCAL REGULADORA DO IMPOSTO SOBRE ACTIVIDADES ECONÓMICAS” (4), QUE QUEDARÁN REDACTADOS COMO SEGUE:

Modifícase o artigo 8 punto 1, que quedará redactado como segue:

ARTIGO 8.- COEFICIENTE ÚNICO E ÍNDICES DE SITUACIÓN.

1.

Categoría Fiscal	Coefficiente Situación
1ª	3,29
2ª	3,08
3ª	2,91
4ª	2,67
5ª	2,49
6ª	2,26

DISPOSICIÓN FINAL

Esta ordenanza comenza a aplicarse o 1 de xaneiro de 2020, permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derogación expresa.

2º) Someter a Ditame do TEA do Concello.

3º) Aprobación provisional do Proxecto ditaminado en sesión plenaria.

4º) Someter a exposición pública por prazo de 30 días hábiles, con inserción de anuncio no BOP, Taboleiro do Concello, Páxina Web e Prensa Local para exame e reclamacións.

5º) Para o caso de non presentarse reclamacións entenderase adoptado o acordo de aprobación definitiva coas seguintes particularidades:

a) Publicar o texto da modificación no BOP para a súa entrada en vigor.

b) Facultar á Dirección de Ingresos para a redacción do correspondente texto refundido.

En data 17 de xullo de 2019, o Tribunal Económico Administrativo emite informe previo de legalidade do expediente de modificación da Ordenanza Fiscal Xeral.

O Interventor Xeral, en data 19.07.19, emite informe de fiscalización de dita Ordenanza.

En sesión, de data 26 de xullo, a Xunta de Goberno Local aprobou o proxecto de Modificación.

O 30 de xullo o Tribunal Económico Administrativo do Concello de Vigo, ditamina favorablemente a proposta de modificación da Ordenanza Fiscal Xeral.

En data 12.08.19 o Membro Non Adscrito, o grupo municipal Mixto e o grupo municipal do Partido Popular, achegan escrito de presentación de emendas.

O 23 de agosto a Dirección de Ingresos emite informes en relación ás emendas presentadas.

A Comisión Informativa de Orzamentos e Facenda, na súa sesión ordinaria do 28.08.2019, ditamina favorablemente dita proposta, rexeitando as emendas presentadas.

(Neste momento prodúcese unha interrupción do público asistente na sala do pleno)

PRESIDENCIA: Garde silencio, por favor. Non admitimos ameazas, garden silencio. Estoulle a dicir que garde silencio senón vou mandar desaloxar o Pleno.

Garden silencio e abandonen o Pleno.

Seguimos coa votación.

VOTACIÓN: Con dezaoito votos a favor dos membros do grupo municipal Socialista, señores e señoras Abelairas Rodríguez, Aguiar Castro, Aneiros Pereira, Blanco Iglesias, Caride Estévez, Expinosa Mangana, Fernández Pérez, Gomez Días, Iglesias González, Lago Barreiro, López Font, Losada Alvarez, Mejías Sacaluga, Rivas

González, Rodríguez Calviño, Rodríguez Díaz, Rodríguez Rodríguez e a Presidencia, e sete votos en contra dos membros do grupo municipal do Partido Popular, señores e señoras Egerique Mosquera, Gonzalez Castillo, López Roman e Marnotes González, mais dos membros do grupo municipal Mixto, señora e señor Mendez Fuentes e Pérez Correa, e mais do membro non adscrito, Sr. Pérez Igrexas, adóptase o seguinte,

ACORDO:

PRIMEIRO.- Rexeitar as emendas presentadas.

SEGUNDO: Aprobación inicial do Proxecto de Modificación da Ordenanza Fiscal Reguladora do Imposto sobre Actividades Económicas para o exercicio 2020, segundo a redacción que consta na proposta de acordo.

TECEIRO: Someter a exposición pública por prazo de 30 días hábiles, con inserción de anuncio no Boletín oficial da provincia, taboleiro do Concello e prensa local para exame e reclamacións.

CUARTO: Para o caso de non presentarse reclamacións entenderase adoptado o acordo de aprobación definitiva coas seguintes particularidades:

- a) Publicarase o texto da modificación no BOP para a súa entrada en vigor.
- b) Facúltase á Dirección de Ingresos para a redacción do correspondente texto refundido.

8(132).- APROBACIÓN INICIAL DO PROXECTO DE MODIFICACIÓN PARA O EXERCICIO 2020 DA ORDENANZA FISCAL REGULADORA DAS TAXAS POLOS DOCUMENTOS QUE EXPIDA OU QUE ENTENDA A ADMINISTRACIÓN DO CONCELLO E A XERENCIA MUNICIPAL DE URBANISMO, A INSTANCIA DE PARTE. EXPTE. 2583/500 (REXISTRO PLENO 2120/1101)

ANTECEDENTES: No expediente consta informe proposta emitido pola Dirección Xeral de Ingresos en data 17.07.2019, no que consta a seguinte modificación ao articulado

“1.NORMATIVA APLICABLE.

- Constitución española de 27 de decembro de 1978. (CE)
- Lei 7/1985, de 2 de abril, de Bases do réxime local. (LBRL)
- Real decreto lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais. TRLRFL
- Lei 5/1997, de 22 de xullo, de réxime local de Galicia. (LRLG)
- Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria.
- Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento administrativo común das administracións públicas. (en adiante Lei 39/2015)
- Lei orgánica 2/2012, de estabilidade orzamentaria e sostibilidade financeira.
- Lei 27/2013, de 27 de decembro, de Racionalización e sostibilidade do goberno local.
- Lei 8/1989, de 13 de abril, de Taxas e prezos públicos.

2. ANTECEDENTES DE FEITO.

Primeiro.- Mediante Acordo plenario de data 6 de setembro do 2017 aprobouse a modificación da ordenanza fiscal (expte. 2402/500).

Segundo.- O Sr. Concelleiro-Delegado da Área de Orzamentos e Facenda ditou orde de inicio de expediente de modificación en data 01.07.2019.

3. CONSIDERACIÓNS TÉCNICAS E XURÍDICAS

a) A obrigada posición de equilibrio ou superávit orzamentario establecida no artigo 11.4 da LOEOSF motiva a proposta de actualización das taxas contidas no presente expediente.

O obxectivo de manter a solvencia das contas públicas municipais xunto co de incrementar a calidade dos servizos prestados, obriga a conectar de forma indisoluble ingresos e gastos para acadar o equilibrio orzamentario antedito.

Nos últimos anos, determinados pronunciamentos xurisprudenciais e lexislativos vencellados á evolución do mercado inmobiliario e a súa incidencia na aplicación dos tributos locais, teñen afectado gravemente á capacidade recadadora dalgúns tributos propios. Tense reducido a materia /base impositiva no imposto sobre bens inmobles e no imposto sobre incremento de valor dos terreos de natureza urbana (solos urbanizables sen ordenación detallada teñen pasado da consideración catastral de urbanos a rústicos e, nas transmisións de inmobles, só tributan no imposto de plusvalía aquelas que revelan capacidade económica). Por outra parte a capacidade recadadora do imposto de construcións, instalacións e obras segue a súa recuperación a ritmo moi lento e cativo.

b) Nos expedientes da última modificación de tipos impositivos e tarifas de taxas aprobados en sesión plenaria do 06.09.17 tomáronse como referencia índices de

prezos e de evolución económica ata abril de 2017. No presente expediente, constan como anexo datos proporcionados polo Instituto Nacional de Estatística sobre variacións de prezos dende abril de 2017 ata os últimos coñecidos na data de redacción deste informe que son os de maio de 2019: a variación do índice xeral nacional do IPC sitúase no 2,8%, a mesma cifra para o IPC en Galicia e, un 2,9% para a variación do índice nacional da rúbrica vivenda en aluguer. No citado anexo consta tamén a taxa de referencia de crecemento do produto interior bruto de medio prazo para 2020, última aprobada e publicada no Boletín Oficial do Congreso de Deputados de 13 de xullo de 2017, que constitúe o teito de gasto orzamentario non financeiro segundo o disposto no artigo 12 da LOEOSF. A taxa vixente para 2020 é do 2,8%.

Ningún dos indicadores anteriores determina, de modo automático, a contía da actualización das tarifas que se formula no presente expediente pero constitúen unha referencia económica importante de cara ao cumprimento do obxectivo de estabilidade orzamentaria no vindeiro exercicio.

c) Dende a perspectiva legal, o TRLRFL regula o relativo as taxas locais nos artigos 20 a 27 axustándose ao seu contido o articulado da vixente ordenanza fiscal das taxas polos documentos que expida ou que entenda a administración do Concello e a Xerencia de Urbanismo a instancia de parte.

Segundo estudio económico que obra no expediente os ingresos estimados para 2020 serán 290.000€ fronte a uns custes para o Concello de 955.029,90€ polo que a actualización que se propón no presente expediente do 2,5% sobre as tarifas vixentes dende 1 de xaneiro de 2018 cumpre estritamente a regulación legal ante dita.

Segundo o disposto no artigo 24.2 do Real Decreto legislativo 2/2004 de 5 de marzo que aproba o TRLRFL *“o importe das taxas pola prestación dun servizo o a realización dunha actividade non poderá exceder, no seu conxunto, do custe real ou previsible do servizo ou actividade de que se trate ou, no seu defecto do valor da prestación recibida.*

Para a determinación do importe das taxas tomaranse en consideración os custes directos e indirectos, inclusive os de carácter financeiro, amortización do inmovilizado e, os necesarios para garantir o mantemento e un desenvolvemento razoable do servizo ou actividade cuxa prestación ou realización se esixe a taxa, todo isto con independencia do orzamento u organismo que o satisfaga”.

d) Actualízase na porcentaxe do 2,5% o importe dos ingresos brutos per cápita por debaixo dos que procederá a exención desta taxa. Actualízase, igualmente nun 2,5% o valor catastral total dos inmobles por debaixo do que, os seus titulares teñen dereito a exención.

4. INFORME SOBRE REPERCUSIÓN ORZAMENTARIA.

De conformidade co artigo 129.7 da Lei 39/2015, faise constar a continuación a estimación da repercusión orzamentaria na partida correspondente a esta taxa.

Segundo os datos obrantes nos servizos tributarios do Concello relativos ao cumprimento orzamentario das previsións para este exercicio 2019, o impacto orzamentario para 2020 ascenderá a 6.000€

5. INFORME SOBRE O IMPACTO DE XÉNERO.

A presente modificación non introduce ningunha disposición que teña incidencia por razón de xénero, xa que afecta a quen teña a condición de contribuínte. Consecuentemente, o impacto por razón de xénero será nulo.

6. INNECESARIEDADE DO TRAMITE PREVISTO NO ARTIGO 133 DA LEI 39/2015 DO 1 DE OUTUBRO DO PAC.

Segundo o apartado 4 do artigo 133 da Lei 39/2015, “cando a proposta normativa non teña un impacto significativo na actividade económica, non imponha obrigas relevantes aos destinatarios ou regule aspectos parciais dunha materia, poderá omitirse a consulta pública” a que se refire o apartado 1 do mesmo artigo.

O informe do Tribunal Económico Administrativo do Concello de Vigo de data 20.06.17 é coincidente co da Dirección Xeral de Tributos de data 10 de xaneiro de 2018 na innecesariedade de consulta previa no caso de modificación dunha ordenanza fiscal.

Segundo a Dirección Xeral de Tributos: “o trámite de consulta previa debe substanciarse cando se trata dunha nova ordenanza fiscal, mentres que no caso da modificación dunha ordenanza fiscal aprobada con anterioridade, pode obviarse dito trámite por tratarse dunha regulación parcial da materia”.

Tramitación da modificación.

O expediente deberá ser tramitado conforme dispón o artigo 111 da LRBRL, artigos 15 a 19 do TRLRFL e artigo 137 apartado 1 b) da citada LRBRL.

Segundo informe do TEA do Concello de data 15 de xuño de 2018, *«unha vez incorporados os correspondentes informes xurídicos, técnicos e económicos, será redactado Informe-Proposta e o expediente será remitido á Intervención Xeral. Expresamente se solicitará a dito órgano que “de conformidade co indicado polo TEACV, órgano competente para o Ditame sobre os Proxectos de Ordenanzas Fiscais, deberá informarse sobre o cumprimento dos obxectivos de estabilidade orzamentaria, suficiencia financeira e demais restricións orzamentarias que se puideran derivar do acordo proposto”.*

Con carácter potestativo poderá solicitarse ao TEACV, como ven sucedendo dende a creación deste, informe previo sobre a legalidade da Proposta de Proxecto que se somete a aprobación da Xunta de Goberno Local, a fin de que, tanto polos órganos políticos como polos administrativos, exista garantía sobre a

conformidade no Ditame que será emitido con posterioridade á aprobación, no seu caso, da Proposta de Proxecto pola Xunta de Goberno Local. Así mesmo, e se este órgano así o estima conveniente, complementa o control de legalidade de quen teña atribuída dita función nos asuntos que deban ser sometidos á consideración da Xunta de Goberno Local.

Unha vez aprobado o Proxecto pola Xunta de Goberno Local será novamente remitido ao TEACV, quen elaborará o correspondente Ditame. Incorporado o preceptivo Ditame, o expediente, agora xa completo, será remitido á Secretaría do Pleno a fin da súa posta de manifesto aos voceiros dos grupos municipais e para o seu estudio e debate en Comisión Informativa e no Pleno.

De producirse transaccións políticas na fase de Propostas de emendas que varíen a redacción do Proxecto, deberá remitirse novamente o texto modificado á Intervención Xeral para o referido informe sobre cumprimento de restricións orzamentarias como previo á aprobación pola Xunta de Goberno Local do texto modificado e sometido a novo Ditame do TEACV.

O expediente co texto aprobado pola Xunta de Goberno Local e ditaminado polo TEACV someterase a estudio e aprobación pola Comisión Informativa correspondente e será remitido para a súa aprobación provisional polo Pleno.

Producida dita aprobación provisional, exporase ao público por prazo de trinta días a fin de que, por quen teña a condición de interesado, poida ser plantexada a oportuna reclamación.

De ser presentadas reclamacións, determinarase previamente a admisibilidade das mesmas e, entre as admitidas, resolverase estimando ou desestimando as mesmas, dándose conta á Xunta de Goberno Local e remitíndose ao Pleno para aprobación definitiva. No caso de non presentarse reclamacións ou incorrer todas as presentadas en causa de inadmisibilidade, entenderase aprobado o texto sen necesidade de remisión ao Pleno para a súa aprobación definitiva.

No caso de ser presentadas reclamacións admisibles contra o acordo de aprobación provisional, sexan estimadas ou non, procederá a remisión ao Pleno aos efectos da aprobación definitiva. No caso de que pola estimación de reclamación contra o Acordo de aprobación provisional se modifícase este, o texto da Ordenanza será remitido previamente ao TEACV para novo Ditame».

A vista do anterior, esta Dirección de Ingresos solicita, da Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte,

ACORDO

1º) Aprobar provisionalmente a seguinte:

MODIFICACIÓN DOS SEGUINTE ARTIGOS DA ORDENANZA FISCAL REGULADORA DAS TAXAS POLOS DOCUMENTOS QUE EXPIDA OU QUE ENTENDA A

ADMINISTRACIÓN DO CONCELLO E A XERENCIA DE URBANISMO A INSTANCIA DE PARTE (10), QUE QUEDARAN REDACTADOS COMO SEGUE:

ARTIGO 3.- EXENCIÓNS.

Modifícase o punto 3.

3. Estarán exentos de taxas pola expedición de certificados de empadramento referidos no epígrafe 1.a) do artigo 5 desta ordenanza, os membros de familias con ingresos brutos anuais per capita inferiores a 4.166 €. A titularidade de Bens Inmóbles de Natureza Urbana, a excepción da vivenda na que residen, non deberá superar un valor catastral total de 50.538 €.

ARTIGO 5.- BASE E COTA TRIBUTARIA.

Tomarase como base do gravame a natureza dos documentos que se tramitarán conforme coa seguinte tarifa:

1. Certificados relativos ao Padrón Municipal de Habitantes:
 - a. De ata 5 anos de antigüidade 2,40 €
 - b. Superior a cinco anos ata dez 4,80 €
 - c. De mais de dez anos 12,85 €
2. Certificados de documentos relativos a expedientes urbanísticos de particulares:
 - a. De ata 3 anos de antigüidade, por unha páxina 10,55 €
 - b. Por cada páxina ou ano máis, un recargo de 1,60 €
3. Restantes certificados:
 - a. De ata 3 anos de antigüidade, por unha páxina 2,40 €
 - b. Por cada páxina ou ano máis, un recargo de 1,60 €
4. Copias de planos:
 - a. Copia de planos oficiais relativos ás diversas figuras de planeamento vixente, expropiacións, infraestruturas, servizos e outros, relativos a expedientes non terminados
 - DIN A-4 2,00 €
 - DIN A-1 3,95 €
 - Por cada m2 ou fracción de exceso sobre un DIN A-1, un recargo de 10,05 €
 - b. Copia de planos oficiais de planeamento non vixente, expropiacións, infraestruturas, servizos e outros, sempre e cando se refiran a expedientes terminados:

- De ata tres anos de antigüidade aplicaráselle o dobre da tarifa sinalada no epígrafe 4.a).

- Por cada ano máis de antigüidade incrementaráselle a tarifa deste epígrafe 4.b).

Por cada Plano 1,60 €

c. Copias de planos relativos a expedientes urbanísticos de particulares:

- De ata tres anos de antigüidade, por un plano. 10,55 €

- Por cada ano ou plano máis, un recargo de 1,60 €

5. Copias de expedientes ou documentos que obran nas dependencias do Concello.

a. de ata 1 ano de antigüidade, por cada páxina

A4 0,60 €

A3 0,65 €

b. de máis dun ano de antigüidade e ata 3, por cada páxina

A4 0,75 €

A3 1,20 €

c. de máis de 3 anos de antigüidade e ata 10, por cada páxina

A4 0,95 €

A3 1,35 €

d. de máis de 10 anos de antigüidade, por cada páxina

A4 1,15 €

A3 2,15 €

Se o expediente o documento excedera de 100 páxinas, a partir desta cifra, o importe será a metade dos sinalados nos apartados anteriores a, b, c, d, segundo corresponda

No suposto en que os documentos relativos os apartados 4 e 5 anteriores puideran ser facilitados en soporte magnético e así o demandaren os interesados, o importe do soporte facilitado calcularase segundo o número e tipo de páxinas que conteña, aplicando as tarifas dos apartado 4 e 5 anteriores.

6. Verificación de poderes:

a Validación de poder, por cada un 10,55 €

b. Dilixencia de recoñecemento de sinatura en endosos, por cada unha 4,55 €

c. Simple recoñecemento de sinatura 2,75 €

7. Fotocopias:

a. Fotocopias de documentos achegados polos interesados,

- por cada páxina A4. 0,15 €

- por cada páxina A3 0,60 €

b. Compulsa de documentos

- Primeira páxina 1,60 €

- Por cada unha das restantes	0,65 €
8. Xerocopias de ordenanzas e regulamentos:	
- Por cada exemplar	4,60 €
9. Solicitude para tomar parte no procedemento de selección e promoción de persoal:	
a. Por cada unha dos grupos A e B	36,95 €
b. Por cada unha dos grupos C, D e E	20,65 €
10. Informacións ou consultas urbanísticas:	
a. Información ou consulta urbanística común	15,40 €
b. Información ou consulta urbanística especial	51,15 €
11. Cédulas urbanísticas	51,15 €
12. Expedición de duplicados de tarxetas para estacionamento en prazas de aparcamento de discapacitados, por motivo de extravío.	10,35€
13. Expedición de informes/partes de servizo da Policía Local, Bombeiros e outros servizos do Concello sempre que estes informes excedan das actuacións propiamente administrativas por ter que realizar visitas de campo, desprazamento de patrullas, etc.	48,65 €
14. Expedición de informes relativos a accidentes de circulación realizados pola Policía Local.	
107,25 €	
15. Expedición de xustificante de empadramento.	(*)
(*) (Servizo facilitado gratuitamente na Web do Concello: ww.vigo.org/sede electrónica/trámites máis comúns)	
16. Informes de carácter estritamente administrativo das diferentes áreas do Concello. Inclúense neste apartado, inspeccións de carabinas de aire comprimido, informes da Policía Local sen desprazamentos de efectivos e similares.	10,55 €
17. Expedición da Autorización Especial para a circulación de vehículos con MMA superior a 10TM que circulen fóra das rutas sinaladas no Anexo da Ordenanza Municipal Reguladora das Operacións de Carga e Descarga de mercadorías nas vías urbanas;	
Por cada vehículo e ano ou fracción.	10,20 €
18. Expedición de Informes sobre estado de tramitación de expedientes urbanísticos informatizados.	47,35 €
19. Expedición de Informes sobre estado de tramitación de expedientes urbanísticos non dispoñibles en arquivos informatizados (anteriores a 1987)	57,90 €

20. Certificación de Informes sobre estado de tramitación de expedientes urbanísticos informatizados. 57,90 €

21. Certificación de Informes sobre estado de tramitación de expedientes urbanísticos non dispoñibles en arquivos informatizados (anteriores a 1987). 68,50 €

22. Comunicacions sobre transferencias ou transmisións de licenzas tanto de Construcións, Instalacións e Obras como de Actividades. (Ordenanzas 50 e 51). 48,35 €

23. Certificados relativos á recadación de tributos (**):

a. Por recibo tributario ata 3 anos de antigüidade 10,95 €

b. Por cada recibo e ano que sobrepase os 3 de antigüidade, un recargo de 1,60 €

(**). Servizos facilitados gratuitamente na Web do Concello: www.vigo.org/sede electrónica/trámites e procedementos/facenda

24. Carnés expedidos polo Departamento de Medio Ambiente e outros. 3,95 €

25. Á edición completa das ordenanzas fiscais, urbanísticas ou documentación relativa a planeamento urbanístico, así como calquera outra publicación do Concello aplicaráselle a tarifa que resulte de cubrir o custo da edición que se xustificará diante da Intervención de Fondos. Así mesmo, aplicaráselle a tarifa que resulte de cubrir o custe coa xustificación antedita, no suposto de expedición de documentación en soporte informático.

a. Documentos en soporte dixital ata 100MB 22,80 €

b. Documentos en soporte dixital de mais de 100MB 45,55 €

26. En supostos especiais, a obtención de copias de documentos en soportes distintos de papel, tales como discos, filmacións, etc. serán obxecto de taxa por importe igual o custe ocasionado por tal expedición.

DISPOSICIÓN FINAIS

2ª. Esta ordenanza comenza a aplicarse o 1 de xaneiro de 2020, permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derrogación expresa.

2º) Someter a Ditame do TEA do Concello.

3º) Aprobación provisional do Proxecto ditaminado en sesión plenaria.

4º) Someter a exposición pública por prazo de 30 días hábiles, con inserción de anuncio no BOP, Taboleiro do Concello, Páxina Web e Prensa Local para exame e reclamacións.

5º) Para o caso de non presentarse reclamacións entenderase adoptado o acordo de aprobación definitiva coas seguintes particularidades:

- a) Publicar o texto da modificación no BOP para a súa entrada en vigor.
- b) Facultar á Dirección de Ingresos para a redacción do correspondente texto refundido.”

En data 17 de xullo de 2019, o Tribunal Económico Administrativo emite informe previo de legalidade do expediente de modificación da Ordenanza Fiscal Xeral.

O Interventor Xeral, en data 19.07.19, emite informe de fiscalización de dita Ordenanza.

En sesión, de data 26 de xullo, a Xunta de Goberno Local aprobou o proxecto de Modificación.

O 30 de xullo o Tribunal Económico Administrativo do Concello de Vigo, ditamina favorablemente a proposta de modificación da Ordenanza Fiscal Xeral.

En data 12.08.19 o Membro Non Adscrito, o grupo municipal Mixto e o grupo municipal do Partido Popular, achegan escrito de presentación de emendas.

O 23 de agosto a Dirección de Ingresos emite informes en relación ás emendas presentadas.

A Comisión Informativa de Orzamentos e Facenda, na súa sesión ordinaria do 28.08.2019, ditamina favorablemente dita proposta, rexeitando as emendas presentadas.

VOTACIÓN: Con dezaoito votos a favor dos membros do grupo municipal Socialista, señores e señoras Abelairas Rodríguez, Aguiar Castro, Aneiros Pereira, Blanco Iglesias, Caride Estévez, Expinosa Mangana, Fernández Pérez, Gomez Días, Iglesias

González, Lago Barreiro, López Font, Losada Alvarez, Mejías Sacaluga, Rivas González, Rodríguez Calviño, Rodríguez Díaz, Rodríguez Rodríguez e a Presidencia, e sete votos en contra dos membros do grupo municipal do Partido Popular, señores e señoras Egerique Mosquera, Gonzalez Castillo, López Roman e Marnotes González, mais dos membros do grupo municipal Mixto, señora e señor Mendez Fuentes e Pérez Correa, e mais do membro non adscrito, Sr. Pérez Igrexas, adóptase o seguinte,

ACORDO:

PRIMEIRO.- Rexeitar as emendas presentadas.

SEGUNDO: Aprobación inicial do Proxecto de Modificación da Ordenanza Fiscal Reguladora das Taxas polos Documentos que expida ou que entenda a Administración do Concello e a Xerencia Municipal de Urbanismo para o exercicio 2020, segundo a redacción que consta na proposta de acordo.

TECEIRO: Someter a exposición pública por prazo de 30 días hábiles, con inserción de anuncio no Boletín oficial da provincia, taboleiro do Concello e prensa local para exame e reclamacións.

CUARTO: Para o caso de non presentarse reclamacións entenderase adoptado o acordo de aprobación definitiva coas seguintes particularidades:

- a) Publicarase o texto da modificación no BOP para a súa entrada en vigor.
- b) Facúltase á Dirección de Ingresos para a redacción do correspondente texto refundido.

9(133).- APROBACIÓN INICIAL DO PROXECTO DE MODIFICACIÓN PARA O EXERCICIO 2020 DA ORDENANZA FISCAL REGULADORA DAS TAXAS POLOS SERVIZOS ESPECIAIS POR ESPECTÁCULOS E TRANSPORTES. EXPTE. 2584/500 (REXISTRO PLENO 2121/1101)

ANTECEDENTES: No expediente consta informe proposta emitido pola Dirección Xeral de Ingresos en data 16.07.2019, no que consta a seguinte modificación ao articulado

“1.NORMATIVA APLICABLE.

- Constitución española de 27 de decembro de 1978. (CE)
- Lei 7/1985, de 2 de abril, de Bases do réxime local. (LBRL)
- Real decreto lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais. TRLRFL
- Lei 5/1997, de 22 de xullo, de réxime local de Galicia. (LRLG)
- Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria.
- Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento administrativo común das administracións públicas. (en adiante Lei 39/2015)
- Lei orgánica 2/2012, de estabilidade orzamentaria e sostibilidade financeira.
- Lei 27/2013, de 27 de decembro, de Racionalización e sostibilidade do goberno local.
- Lei 8/1989, de 13 de abril, de Taxas e prezos públicos.
- Lei 10/2017, de 27 de decembro, de Espectáculos de Galicia.

2. ANTECEDENTES DE FEITO.

Primeiro.- Mediante Acordo plenario de data 6 de setembro de 2017 aprobouse a modificación da ordenanza fiscal (expte. 2404/500).

Segundo.-O Sr. Concelleiro-Delegado da Área de Orzamentos e Facenda ditou orde de inicio de expediente de modificación en data 1.07.2019

3. CONSIDERACIÓNS TÉCNICAS E XURÍDICAS

a) A obrigada posición de equilibrio ou superávit orzamentario establecida no artigo 11.4 da LOEOSF motiva a proposta de actualización das taxas contidas no presente expediente.

O obxectivo de manter a solvencia das contas públicas municipais xunto co de incrementar a calidade dos servizos prestados, obriga a conectar de forma indisoluble ingresos e gastos para acadar o equilibrio orzamentario antedito.

Nos últimos anos, determinados pronunciamentos xurisprudenciais e lexislativos vencellados á evolución do mercado inmobiliario e a súa incidencia na aplicación dos tributos locais, teñen afectado gravemente á capacidade recadadora dalgúns tributos propios. Tense reducido a materia /base imponible no imposto sobre bens inmobles e no imposto sobre incremento de valor dos terreos de natureza urbana (solos urbanizables sen ordenación detallada teñen pasado da consideración catastral de urbanos a rústicos e, nas transmisións de inmobles, só tributan no imposto de plusvalía aquelas que revelan capacidade económica). Por outra parte

a capacidade recadadora do imposto de construcións, instalacións e obras segue a súa recuperación a ritmo moi lento e cativo.

b) Nos expedientes da última modificación de tipos impositivos e tarifas de taxas aprobados en sesión plenaria do 06.09.17 tomáronse como referencia índices de prezos e de evolución económica ata abril de 2017. No presente expediente, constan como anexo datos proporcionados polo Instituto Nacional de Estatística sobre variacións de prezos dende abril de 2017 ata os últimos coñecidos na data de redacción deste informe que son os de maio de 2019: a variación do índice xeral nacional do IPC sitúase no 2,8%, a mesma cifra para o IPC en Galicia e, un 2,9% para a variación do índice nacional da rúbrica vivenda en aluguer. No citado anexo consta tamén a taxa de referencia de crecemento do produto interior bruto de medio prazo para 2020, última aprobada e publicada no Boletín Oficial do Congreso de Deputados de 13 de xullo de 2017, que constitúe o teito de gasto orzamentario non financeiro segundo o disposto no artigo 12 da LOEOSF. A taxa vixente para 2020 é do 2,8%.

Ningún dos indicadores anteriores determina, de modo automático, a contía da actualización das tarifas que se formula no presente expediente pero constitúen unha referencia económica importante de cara ao cumprimento do obxectivo de estabilidade orzamentaria no vindeiro exercicio.

c) Dende a perspectiva legal, o TRLRFL regula o relativo as taxas locais nos artigos 20 a 27 axustándose ao seu contido o articulado da vixente ordenanza fiscal das taxas polos servizos especiais por espectáculos e transportes.

Segundo estudio económico que obra no expediente os ingresos estimados para 2020 ascenden a 20.000€ fronte ao custe de 103.204,60€ polo que a actualización que se propón no presente expediente do 2,5% sobre as tarifas vixentes dende 1 de xaneiro de 2018 cumpre estritamente a regulación legal antedita.

Segundo o disposto no artigo 24.2 do Real Decreto legislativo 2/2004 de 5 de marzo que aproba o TRLRFL *“o importe das taxas pola prestación dun servizo o a realización dunha actividade non poderá exceder, no seu conxunto, do custe real ou previsible do servizo ou actividade de que se trate ou, no seu defecto do valor da prestación recibida.*

Para a determinación do importe das taxas tomaranse en consideración os custes directos e indirectos, inclusive os de carácter financeiro, amortización do inmovilizado e, os necesarios para garantir o mantemento e un desenvolvemento razoable do servizo ou actividade cuxa prestación ou realización se esixe a taxa, todo isto con independencia do orzamento u organismo que o satisfaga”.

d) Actualízase na porcentaxe do 2,5% o importe dos ingresos brutos per cápita por debaixo dos que procederá a exención desta taxa. Actualízase, igualmente nun 2,5% o valor catastral total dos inmobles por debaixo do que, os seus titulares teñen dereito a exención.

4. INFORME SOBRE REPERCUSIÓN ORZAMENTARIA.

De conformidade co artigo 129.7 da Lei 39/2015, faise constar a continuación a estimación da repercusión orzamentaria na partida correspondente a esta taxa.

Segundo os datos obrantes nos servizos tributarios do Concello relativos ao cumprimento orzamentario das previsións para este exercicio 2019, o impacto orzamentario para 2020 ascenderá a 450€.

5. INFORME SOBRE O IMPACTO DE XÉNERO.

A presente modificación non introduce ningunha disposición que teña incidencia por razón de xénero, xa que afecta a quen teña a condición de contribuínte. Consecuentemente, o impacto por razón de xénero será nulo.

6. INNECESARIEDADE DO TRAMITE PREVISTO NO ARTIGO 133 DA LEI 39/2015 DO 1 DE OUTUBRO DO PAC.

Segundo o apartado 4 do artigo 133 da Lei 39/2015, “cando a proposta normativa non teña un impacto significativo na actividade económica, non imponha obrigas relevantes aos destinatarios ou regule aspectos parciais dunha materia, poderá omitirse a consulta pública” a que se refire o apartado 1 do mesmo artigo.

O informe do Tribunal Económico Administrativo do Concello de Vigo de data 20.06.17 é coincidente co da Dirección Xeral de Tributos de data 10 de xaneiro de 2018 na innecesariedade de consulta previa no caso de modificación dunha ordenanza fiscal.

Segundo a Dirección Xeral de Tributos: “o trámite de consulta previa debe substanciarse cando se trata dunha nova ordenanza fiscal, mentres que no caso da modificación dunha ordenanza fiscal aprobada con anterioridade, pode obviarse dito trámite por tratarse dunha regulación parcial da materia”.

Tramitación da modificación.

O expediente deberá ser tramitado conforme dispón o artigo 111 da LRBRL, artigos 15 a 19 do TRLRFL e artigo 137 apartado 1 b) da citada LRBRL.

Segundo informe do TEA do Concello de data 15 de xuño de 2018, *«unha vez incorporados os correspondentes informes xurídicos, técnicos e económicos, será redactado Informe-Proposta e o expediente será remitido á Intervención Xeral. Expresamente se solicitará a dito órgano que “de conformidade co indicado polo TEACV, órgano competente para o Ditame sobre os Proxectos de Ordenanzas Fiscais, deberá informarse sobre o cumprimento dos obxectivos de estabilidade orzamentaria, suficiencia financeira e demais restricións orzamentarias que se puideran derivar do acordo proposto”.*

Con carácter potestativo poderá solicitarse ao TEACV, como ven sucedendo dende a creación deste, informe previo sobre a legalidade da Proposta de Proxecto que

se somete a aprobación da Xunta de Goberno Local, a fin de que, tanto polos órganos políticos como polos administrativos, exista garantía sobre a conformidade no Ditame que será emitido con posterioridade á aprobación, no seu caso, da Proposta de Proxecto pola Xunta de Goberno Local. Así mesmo, e se este órgano así o estima conveniente, complementa o control de legalidade de quen teña atribuída dita función nos asuntos que deban ser sometidos á consideración da Xunta de Goberno Local.

Unha vez aprobado o Proxecto pola Xunta de Goberno Local será novamente remitido ao TEACV, quen elaborará o correspondente Ditame. Incorporado o preceptivo Ditame, o expediente, agora xa completo, será remitido á Secretaría do Pleno a fin da súa posta de manifesto aos voceiros dos grupos municipais e para o seu estudo e debate en Comisión Informativa e no Pleno.

De producirse transaccións políticas na fase de Propostas de emendas que varíen a redacción do Proxecto, deberá remitirse novamente o texto modificado á Intervención Xeral para o referido informe sobre cumprimento de restricións orzamentarias como previo á aprobación pola Xunta de Goberno Local do texto modificado e sometido a novo Ditame do TEACV.

O expediente co texto aprobado pola Xunta de Goberno Local e ditaminado polo TEACV someterase a estudo e aprobación pola Comisión Informativa correspondente e será remitido para a súa aprobación provisional polo Pleno.

Producida dita aprobación provisional, exporase ao público por prazo de trinta días a fin de que, por quen teña a condición de interesado, poida ser plantexada a oportuna reclamación.

De ser presentadas reclamacións, determinarase previamente a admisibilidade das mesmas e, entre as admitidas, resolverase estimando ou desestimando as mesmas, dándose conta á Xunta de Goberno Local e remitíndose ao Pleno para aprobación definitiva. No caso de non presentarse reclamacións ou incorrer todas as presentadas en causa de inadmisibilidade, entenderase aprobado o texto sen necesidade de remisión ao Pleno para a súa aprobación definitiva.

No caso de ser presentadas reclamacións admisibles contra o acordo de aprobación provisional, sexan estimadas ou non, procederá a remisión ao Pleno aos efectos da aprobación definitiva. No caso de que pola estimación de reclamación contra o Acordo de aprobación provisional se modificase este, o texto da Ordenanza será remitido previamente ao TEACV para novo Ditame».

A vista do anterior, esta Dirección de Ingresos solicita, da Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte,

ACORDO

1º) Aprobar provisionalmente a seguinte:

“MODIFICACIÓN DOS SEGUINTE ARTIGOS DA ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POLOS SERVIZOS ESPECIAIS POR ESPECTÁCULOS E TRANSPORTES (12), QUE QUEDARÁN REDACTADOS COMO SEGUE:

ARTIGO 5.- COTA

1. Nas prestacións de servizos sinaladas no epígrafe a), b) e d) do apartado 1 do artigo 1:

	€/hora ou fracción
Por cada persoa afecta ao servizo:	12,95 €
Por cada vehículo afecto ao servizo:	25,25 €

2. Nas prestacións de servizos sinaladas no epígrafe c) do apartado 1 do artigo 1:

Por cada vehículo e ano ou fracción: 23,40 €

DISPOSICIÓN FINAIS.

2ª. Esta ordenanza comenza a aplicarse o 1 de xaneiro de 2020, permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derogación expresa.

2º) Someter a Ditame do TEA do Concello.

3º) Aprobación provisional do Proxecto ditaminado en sesión plenaria.

4º) Someter a exposición pública por prazo de 30 días hábiles, con inserción de anuncio no BOP, Taboleiro do Concello, Páxina Web e Prensa Local para exame e reclamacións.

5º) Para o caso de non presentarse reclamacións entenderase adoptado o acordo de aprobación definitiva coas seguintes particularidades:

a) Publicar o texto da modificación no BOP para a súa entrada en vigor.

b) Facultar á Dirección de Ingresos para a redacción do correspondente texto refundido.”

En data 17 de xullo de 2019, o Tribunal Económico Administrativo emite informe previo de legalidade do expediente de modificación da Ordenanza Fiscal Xeral.

O Interventor Xeral, en data 19.07.19, emite informe de fiscalización de dita Ordenanza.

En sesión, de data 26 de xullo, a Xunta de Goberno Local aprobou o proxecto de Modificación.

O 30 de xullo o Tribunal Económico Administrativo do Concello de Vigo, ditamina favorablemente a proposta de modificación da Ordenanza Fiscal Xeral.

En data 12.08.19 o Membro Non Adscrito, o grupo municipal Mixto e o grupo municipal do Partido Popular, achegan escrito de presentación de emendas.

O 23 de agosto a Dirección de Ingresos emite informes en relación ás emendas presentadas.

A Comisión Informativa de Orzamentos e Facenda, na súa sesión ordinaria do 28.08.2019, ditamina favorablemente dita proposta, rexeitando as emendas presentadas.

VOTACIÓN: Con dezaoito votos a favor dos membros do grupo municipal Socialista, señores e señoras Abelairas Rodríguez, Aguiar Castro, Aneiros Pereira, Blanco Iglesias, Caride Estévez, Expinosa Mangana, Fernández Pérez, Gomez Días, Iglesias González, Lago Barreiro, López Font, Losada Alvarez, Mejías Sacaluga, Rivas González, Rodríguez Calviño, Rodríguez Díaz, Rodríguez Rodríguez e a Presidencia, e sete votos en contra dos membros do grupo municipal do Partido Popular, señores e señoras Egerique Mosquera, Gonzalez Castillo, López Roman e Marnotes González, mais dos membros do grupo municipal Mixto, señora e señor Mendez Fuentes e Pérez Correa, e mais do membro non adscrito, Sr. Pérez Igrexas, adóptase o seguinte,

ACORDO:

PRIMEIRO.- Rexeitar as emendas presentadas.

SEGUNDO: Aprobación inicial do Proxecto de Modificación da Ordenanza Fiscal Reguladora das Taxas polos servizos especiais por Espectáculos e Transportes para o exercicio 2020, segundo a redacción que consta na proposta de acordo.

TECEIRO: Someter a exposición pública por prazo de 30 días hábiles, con inserción de anuncio no Boletín oficial da provincia, taboleiro do Concello e prensa local para exame e reclamacións.

CUARTO: Para o caso de non presentarse reclamacións entenderase adoptado o acordo de aprobación definitiva coas seguintes particularidades:

- a) Publicarase o texto da modificación no BOP para a súa entrada en vigor.
- b) Facúltase á Dirección de Ingresos para a redacción do correspondente texto refundido.

10(134).- APROBACIÓN INICIAL DO PROXECTO DE MODIFICACIÓN PARA O EXERCICIO 2020 DA ORDENANZA FISCAL REGULADORA DOS DEREITOS OU TAXAS POLA PRESTACIÓN DOS SERVIZOS DOS CEMITERIOS MUNICIPAIS. EXPTE. 2585/500 (REXISTRO PLENO 2122/1101)

ANTECEDENTES: No expediente consta informe proposta emitido pola Dirección Xeral de Ingresos en data 16.07.2019, no que consta a seguinte modificación ao articulado

“1.NORMATIVA APLICABLE.

- Constitución española de 27 de decembro de 1978. (CE)
- Lei 7/1985, de 2 de abril, de Bases do réxime local. (LBRL)
- Real decreto lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais. TRLRFL
- Lei 5/1997, de 22 de xullo, de réxime local de Galicia. (LRLG)
- Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria.
- Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento administrativo común das administracións públicas. (en adiante Lei 39/2015)
- Lei orgánica 2/2012, de estabilidade orzamentaria e sostibilidade financeira.
- Lei 27/2013, de 27 de decembro, de Racionalización e sostibilidade do goberno local.
- Lei 8/1989, de 13 de abril, de Taxas e prezos públicos.
- Decreto 151/2014, de 20 de febreiro, de Sanidade mortuoria de Galicia.

2. ANTECEDENTES DE FEITO.

Primeiro.- Mediante Acordo plenario de data 6 de setembro de 2017 aprobouse a modificación da ordenanza fiscal (expte. 2405/500).

Segundo.- O Sr. Concelleiro-Delegado da Área de Orzamentos e Facenda ditou orde de inicio de expediente de modificación en data 1.07.2019.

3. CONSIDERACIÓNS TÉCNICAS E XURÍDICAS

a) A obrigada posición de equilibrio ou superávit orzamentario establecida no artigo 11.4 da LOEOSF motiva a proposta de actualización das taxas contidas no presente expediente.

O obxectivo de manter a solvencia das contas públicas municipais xunto co de incrementar a calidade dos servizos prestados, obriga a conectar de forma indisoluble ingresos e gastos para acadar o equilibrio orzamentario antedito.

Nos últimos anos, determinados pronunciamentos xurisprudenciais e legislativos vencellados á evolución do mercado inmobiliario e a súa incidencia na aplicación dos tributos locais, teñen afectado gravemente á capacidade recadadora dalgúns tributos propios. Tense reducido a materia /base imponible no imposto sobre bens inmobles e no imposto sobre incremento de valor dos terreos de natureza urbana (solos urbanizables sen ordenación detallada teñen pasado da consideración catastral de urbanos a rústicos e, nas transmisións de inmobles, só tributan no imposto de plusvalía aquelas que revelan capacidade económica). Por outra parte a capacidade recadadora do imposto de construcións, instalacións e obras segue a súa recuperación a ritmo moi lento e cativo.

b) Nos expedientes da última modificación de tipos impositivos e tarifas de taxas aprobados en sesión plenaria do 06.09.17 tomáronse como referencia índices de prezos e de evolución económica ata abril de 2017. No presente expediente, constan como anexo datos proporcionados polo Instituto Nacional de Estatística sobre variacións de prezos dende abril de 2017 ata os últimos coñecidos na data de redacción deste informe que son os de maio de 2019: a variación do índice xeral nacional do IPC sitúase no 2,8%, a mesma cifra para o IPC en Galicia e, un 2,9% para a variación do índice nacional da rúbrica vivenda en aluguer. No citado anexo consta tamén a taxa de referencia de crecemento do produto interior bruto de medio prazo para 2020, última aprobada e publicada no Boletín Oficial do Congreso de Deputados de 13 de xullo de 2017, que constitúe o teito de gasto orzamentario non financeiro segundo o disposto no artigo 12 da LOEOSF. A taxa vixente para 2020 é do 2,8%.

Ningún dos indicadores anteriores determina, de modo automático, a contía da actualización das taxas que se formula no presente expediente pero constitúen unha referencia económica importante de cara ao cumprimento do obxectivo de estabilidade orzamentaria no vindeiro exercicio.

c) Dende a perspectiva legal, o TRLRFL regula o relativo as taxas locais nos artigos 20 a 27 axustándose ao seu contido o articulado da vixente ordenanza fiscal reguladora dos dereitos ou taxas pola prestación dos servizos dos cemiterios municipais.

Segundo estudio económico que obra no expediente os ingresos estimados para 2020 ascenden a 160.000€ fronte a un custe de 1.391.787,95€ polo que a actualización que se propón no presente expediente do 2,5% sobre as tarifas vixentes dende 1 de xaneiro de 2018 cumpre estritamente a regulación legal antedita.

Segundo o disposto no artigo 24.2 do Real Decreto legislativo 2/2004 de 5 de marzo que aproba o TRLRFL *“o importe das taxas pola prestación dun servizo o a realización dunha actividade non poderá exceder, no seu conxunto, do custe real ou previsible do servizo ou actividade de que se trate ou, no seu defecto do valor da prestación recibida.*

Para a determinación do importe das taxas tomaranse en consideración os custes directos e indirectos, inclusive os de carácter financeiro, amortización do inmovilizado e, os necesarios para garantir o mantemento e un desenvolvemento razoable do servizo ou actividade cuxa prestación ou realización se esixe a taxa, todo isto con independencia do orzamento u organismo que o satisfaga”.

d) Actualízase na porcentaxe do 2,5% o importe dos ingresos brutos per cápita por debaixo dos que procederá a exención desta taxa. Actualízase, igualmente nun 2,5% o valor catastral total dos inmobles por debaixo do que, os seus titulares teñen dereito a exención.

4. INFORME SOBRE REPERCUSIÓN ORZAMENTARIA.

De conformidade co artigo 129.7 da Lei 39/2015, faise constar a continuación a estimación da repercusión orzamentaria na partida correspondente a esta taxa.

Segundo os datos obrantes nos servizos tributarios do Concello relativos ao cumprimento orzamentario das previsións para este exercicio 2019, estimase que o impacto orzamentario positivo para 2020 será de 3.500€

5. INFORME SOBRE O IMPACTO DE XÉNERO.

A presente modificación non introduce ningunha disposición que teña incidencia por razón de xénero, xa que afecta a quen teña a condición de contribuínte. Consecuentemente, o impacto por razón de xénero será nulo.

6. INNECESARIEDADE DO TRAMITE PREVISTO NO ARTIGO 133 DA LEI 39/2015 DO 1 DE OUTUBRO DO PAC.

Segundo o apartado 4 do artigo 133 da Lei 39/2015, “cando a proposta normativa non teña un impacto significativo na actividade económica, non impoña obrigas

relevantes aos destinatarios ou regule aspectos parciais dunha materia, poderá omitirse a consulta pública” a que se refire o apartado 1 do mesmo artigo.

O informe do Tribunal Económico Administrativo do Concello de Vigo de data 20.06.17 é coincidente co da Dirección Xeral de Tributos de data 10 de xaneiro de 2018 na innecesariedade de consulta previa no caso de modificación dunha ordenanza fiscal.

Segundo a Dirección Xeral de Tributos: “o trámite de consulta previa debe substanciarse cando se trata dunha nova ordenanza fiscal, mentres que no caso da modificación dunha ordenanza fiscal aprobada con anterioridade, pode obviarse dito trámite por tratarse dunha regulación parcial da materia”.

Tramitación da modificación.

O expediente deberá ser tramitado conforme dispón o artigo 111 da LRBRL, artigos 15 a 19 do TRLRFL e artigo 137 apartado 1 b) da citada LRBRL.

Segundo informe do TEA do Concello de data 15 de xuño de 2018, «unha vez incorporados os correspondentes informes xurídicos, técnicos e económicos, será redactado Informe-Proposta e o expediente será remitido á Intervención Xeral. Expresamente se solicitará a dito órgano que “de conformidade co indicado polo TEACV, órgano competente para o Ditame sobre os Proxectos de Ordenanzas Fiscais, deberá informarse sobre o cumprimento dos obxectivos de estabilidade orzamentaria, suficiencia financeira e demais restricións orzamentarias que se puideran derivar do acordo proposto”.

Con carácter potestativo poderá solicitarse ao TEACV, como ven sucedendo dende a creación deste, informe previo sobre a legalidade da Proposta de Proxecto que se somete a aprobación da Xunta de Goberno Local, a fin de que, tanto polos órganos políticos como polos administrativos, exista garantía sobre a conformidade no Ditame que será emitido con posterioridade á aprobación, no seu caso, da Proposta de Proxecto pola Xunta de Goberno Local. Así mesmo, e se este órgano así o estima conveniente, complementa o control de legalidade de quen teña atribuída dita función nos asuntos que deban ser sometidos á consideración da Xunta de Goberno Local.

Unha vez aprobado o Proxecto pola Xunta de Goberno Local será novamente remitido ao TEACV, quen elaborará o correspondente Ditame. Incorporado o preceptivo Ditame, o expediente, agora xa completo, será remitido á Secretaría do Pleno a fin da súa posta de manifesto aos voceiros dos grupos municipais e para o seu estudo e debate en Comisión Informativa e no Pleno.

De producirse transaccións políticas na fase de Propostas de emendas que varíen a redacción do Proxecto, deberá remitirse novamente o texto modificado á Intervención Xeral para o referido informe sobre cumprimento de restricións orzamentarias como previo á aprobación pola Xunta de Goberno Local do texto modificado e sometido a novo Ditame do TEACV.

O expediente co texto aprobado pola Xunta de Goberno Local e ditaminado polo TEACV someterase a estudio e aprobación pola Comisión Informativa correspondente e será remitido para a súa aprobación provisional polo Pleno.

Producida dita aprobación provisional, exporase ao público por prazo de trinta días a fin de que, por quen teña a condición de interesado, poida ser plantexada a oportuna reclamación.

De ser presentadas reclamacións, determinarase previamente a admisibilidade das mesmas e, entre as admitidas, resolverase estimando ou desestimando as mesmas, dándose conta á Xunta de Goberno Local e remitíndose ao Pleno para aprobación definitiva. No caso de non presentarse reclamacións ou incorrer todas as presentadas en causa de inadmisibilidade, entenderase aprobado o texto sen necesidade de remisión ao Pleno para a súa aprobación definitiva.

No caso de ser presentadas reclamacións admisibles contra o acordo de aprobación provisional, sexan estimadas ou non, procederá a remisión ao Pleno aos efectos da aprobación definitiva. No caso de que pola estimación de reclamación contra o Acordo de aprobación provisional se modifícase este, o texto da Ordenanza será remitido previamente ao TEACV para novo Ditame».

A vista do anterior, esta Dirección de Ingresos solicita, da Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte,

ACORDO

1º) Aprobar provisionalmente a seguinte:

“MODIFICACIÓN DOS SEGUINTE ARTIGOS DA ORDENANZA FISCAL REGULADORA DOS DEREITOS OU TAXAS POLA PRESTACIÓN DOS SERVIZOS DOS CEMITERIOS MUNICIPAIS. (14), QUE QUEDARÁN REDACTADOS COMO SEGUE:

ARTIGO 4.- BENEFICIOS FISCAIS

Modifícanse os apartados c) e d)

c) Estarán exentos das taxas correspondentes a expedición de licencias de inhumación ou enterramento, os suxeitos pasivos membros de familias con ingresos brutos anuais per capita inferiores a 4.166 €. A titularidade de Bens Inmóveis de Natureza Urbana, a excepción da vivenda na que residen, non deberá superar un valor catastral total de 50.538 €.

d) Estarán exentos do pagamento das taxas correspondentes á expedición de licencias de inhumacións ou enterramentos os suxeitos pasivos membros de familias que teñan a condición de familias numerosas, con ingresos brutos anuais per capita inferiores a 6.519 €.

ARTIGO 5.- COTAS.

A. Concesións temporais	
A.1. Por período de 6 anos ou fracción	
A.1.1. de cinceiros sinxelos	141,05 €
de cinceiros dobres	255,15 €
A.1.2. de criptas	141,05 €
A.1.3. de nichos	412,90 €
A.1.4 Párulos	228,30 €
A.2. Por período de 50 anos	
A.2.1. de nichos	2.304,85 €
A.2.2. de cinceiros	402,05 €
A.2.3. de parcelas exclusivamente (m2 ou fracción)	402,05 €

Nas concesións a que se refire o apartado A.2 anterior, no momento en que o Negociado de Cemiterios notifique a iniciación do expediente para adxudicación requirirase xunto co certificado de empadramento, autoliquidación por trámite do expediente de concesión por importe de 32 euros.

No caso de que a concesión non fose levada ata o final sexa por renuncia, impago ou calquera outra causa imputable ó interesado, o expediente pecharase sen dereito a devolución do importe ingresado pola tramitación.

B. Renovación por catro anos das concesións recollidas no apartado A.1.	
B.1. de cinceiros sinxelos	91,90 €
de cinceiros dobres	173,85 €
B.2. de criptas	91,90 €
B.3. de nichos	276,85 €
B.4. de párulos	228,30 €

C. Expedición de títulos de sepulturas e parcelas	
C.1. de mausoleos, panteóns, parcelas, cinceiros, criptas e nichos, así como duplicados dos mesmos	21,75 €

D. EXPEDICIÓN DE LICENCIAS

D.1. Inhumacións.

Entenderase por inhumación o enterramento de cadáveres e toda clase de restos que impliquen a apertura ou peche de oco para enterramento, tanto nichos, cinceiros, panteóns, etc.

	Terra	Nichos e Cinceiros	Criptas, panteón e mausoleos
Adultos e párulos	39,10	67,10	148,50 €
Fetos e restos anatómicos			17,10 €

D.2.Exhumación	50,75 €
----------------	---------

As anteriores licenzas comprenden amais da autorización administrativa propia desta ordenanza, a correspondente autorización para realizar obra menor.

E. Transmisións do dereito de concesión e uso ou aproveitamento, entre particulares

E.1. De terreos por cada 3 m2.

E.1.1. Hereditarios 32,35 €

E.1.2. Intervivos 575,80 €

E.2. Nichos e criptas por unidade

E.2.1. Hereditarios 32,35 €

E.2.2. Intervivos 173,85 €

E.3. de cinceiros

E.3.1. Hereditarios 10,55 €

E.3.2. Intervivos 43,25 €

E.4. De panteóns e mausoleos por unidade

E.4.1. Hereditarios 228,30 €

E.4.2. Intervivos 864,25 €

No caso de que notificadas as autorizacións para transmisión a que se refire este apartado E), a transmisión non fose efectiva, os interesados terán dereito a devolución do 90% das cotas ingresadas en concepto das citadas autorizacións.

F. Taxa de mantemento e limpeza.

F.1. Donos e concesionarios de panteóns, capelas, mausoleos e criptas, por unidade e ano 36,60 €

F.2. Donos e concesionarios de nichos por un ano, unha ou dúas bocas de nichos 9,70 €

3 ou 4 bocas 18,10 €

F.3. Sepultura en terra por unidade e ano 2,85 €

O devengo desta taxa aludida no apartado F) prodúcese o 1 de xaneiro do ano en curso.

ARTIGO 7.- INGRESO
Modifícase o punto 3.

3. As liquidacións correspondentes ás concesións do apartado A.2.1 do artigo 5 desta Ordenanza poderán ingresarse polo seu importe total ou ben en fraccións, no caso de que se trate de nichos en construción. As posibles fraccións faranse da seguinte forma:

1ª liquidación

No momento da notificación do acordo de adxudicación. 577,70 €

2ª liquidación

Unha vez aprobadas certificacións de obras por importe
equivalente ao 50% do total do proxecto. 857,10 €

3ª liquidación
A recepción provisional da obra e outorgamento do título de concesión 870,05 €

DISPOSICIÓN FINAIS

2ª. Esta ordenanza comenza a aplicarse o 1 de xaneiro de 2020, permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derogación expresa.

2º) Someter a Ditame do TEA do Concello.

3º) Aprobación provisional do Proxecto ditaminado en sesión plenaria.

4º) Someter a exposición pública por prazo de 30 días hábiles, con inserción de anuncio no BOP, Taboleiro do Concello, Páxina Web e Prensa Local para exame e reclamacións.

5º) Para o caso de non presentarse reclamacións entenderase adoptado o acordo de aprobación definitiva coas seguintes particularidades:

a) Publicar o texto da modificación no BOP para a súa entrada en vigor.

b) Facultar á Dirección de Ingresos para a redacción do correspondente texto refundido.”

En data 17 de xullo de 2019, o Tribunal Económico Administrativo emite informe previo de legalidade do expediente de modificación da Ordenanza Fiscal Xeral.

O Interventor Xeral, en data 19.07.19, emite informe de fiscalización de dita Ordenanza.

En sesión, de data 26 de xullo, a Xunta de Goberno Local aprobou o proxecto de Modificación.

O 30 de xullo o Tribunal Económico Administrativo do Concello de Vigo, ditamina favorablemente a proposta de modificación da Ordenanza Fiscal Xeral.

En data 12.08.19 o Membro Non Adscrito, o grupo municipal Mixto e o grupo municipal do Partido Popular, achegan escrito de presentación de emendas.

O 23 de agosto a Dirección de Ingresos emite informes en relación ás emendas presentadas.

A Comisión Informativa de Orzamentos e Facenda, na súa sesión ordinaria do 28.08.2019, ditamina favorablemente dita proposta, rexeitando as emendas presentadas..

VOTACIÓN: Con dezaoito votos a favor dos membros do grupo municipal Socialista, señores e señoras Abelairas Rodríguez, Aguiar Castro, Aneiros Pereira, Blanco Iglesias, Caride Estévez, Expinosa Mangana, Fernández Pérez, Gomez Días, Iglesias González, Lago Barreiro, López Font, Losada Alvarez, Mejías Sacaluga, Rivas González, Rodríguez Calviño, Rodríguez Díaz, Rodríguez Rodríguez e a Presidencia, e sete votos en contra dos membros do grupo municipal do Partido Popular, señores e señoras Egerique Mosquera, Gonzalez Castillo, López Roman e Marnotes González, mais dos membros do grupo municipal Mixto, señora e señor Mendez Fuentes e Pérez Correa, e mais do membro non adscrito, Sr. Pérez Igrexas, adóptase o seguinte,

ACORDO:

PRIMEIRO.- Rexeitar as emendas presentadas.

SEGUNDO: Aprobación inicial do Proxecto de Modificación da Ordenanza Fiscal Reguladora dos Dereitos ou Taxas pola prestación dos Servizos de Cemiterios Municipais para o exercicio 2020, segundo a redacción que consta na proposta de acordo.

TECEIRO: Someter a exposición pública por prazo de 30 días hábiles, con inserción de anuncio no Boletín oficial da provincia, taboleiro do Concello e prensa local para exame e reclamacións.

CUARTO: Para o caso de non presentarse reclamacións entenderase adoptado o acordo de aprobación definitiva coas seguintes particularidades:

- a) Publicarase o texto da modificación no BOP para a súa entrada en vigor.
- b) Facúltase á Dirección de Ingresos para a redacción do correspondente texto refundido.

11(135).- APROBACIÓN INICIAL DO PROXECTO DE MODIFICACIÓN PARA O EXERCICIO 2020 DA ORDENANZA FISCAL REGULADORA DAS TAXAS POLA RECOLLIDA DO LIXO. EXPTE. 2586/500 (REXISTRO PLENO 2123/1101)

ANTECEDENTES: No expediente consta informe proposta emitido pola Dirección Xeral de Ingresos en data 17.07.2019, no que consta a seguinte modificación ao articulado

“1.NORMATIVA APLICABLE.

- Constitución española de 27 de decembro de 1978.
- Lei 7/1985, de 2 de abril, de Bases do réxime local (en adiante, LRBRL).
- Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais (en adiante, TRLRFL).
- Lei 5/1997, de 22 de xullo, de réxime local de Galicia.
- Lei 58/2003, de 17 de decembro, xeral tributaria (en adiante, LXT).
- Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento administrativo común das administracións públicas (en adiante, Lei 39/2015).
- Lei orgánica 2/2012, de estabilidade orzamentaria e sostibilidade financeira (en adiante, LOEOSF).
- Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sostenibilidade do goberno local.
- Lei 8/1989, de 13 de abril, de taxas e prezos públicos.
- Lei 22/2011, de 28 de xullo, de residuos e solos contaminados.
- Lei 10/2008, de 3 de novembro, de residuos de Galicia.
- Lei 11/2013 de 26 de decembro de orzamentos da Comunidade Autónoma de Galicia para 2014

2. ANTECEDENTES DE FEITO.

Primeiro.- Mediante Acordo plenario de data 6 de setembro do 2017 aprobouse a modificación da ordenanza fiscal (expte. 2407/500).

Segundo.- O Sr. Concelleiro-Delegado da Área de Orzamentos e Facenda ditou orde de inicio de expediente de modificación en data 01.07.2019.

3. CONSIDERACIÓNS TÉCNICAS E XURÍDICAS

a) A obrigada posición de equilibrio ou superávit orzamentario establecida no artigo 11.4 da LOEOSF motiva a proposta de actualización de taxas contida no presente expediente.

O obxectivo de manter a solvencia das contas públicas municipais xunto co de incrementar a calidade dos servizos prestados, obriga a conectar de forma indisoluble ingresos e gastos para acadar o equilibrio orzamentario antedito.

Nos últimos anos, determinados pronunciamentos xurisprudenciais e legislativos vencellados á evolución do mercado inmobiliario e a súa incidencia na aplicación dos tributos locais, teñen afectado gravemente á capacidade recadadora dalgúns tributos propios. Tense reducido a materia /base imponible no imposto sobre bens inmobles e no imposto sobre incremento de valor dos terreos de natureza urbana (solos urbanizables sen ordenación detallada teñen pasado da consideración catastral de urbanos a rústicos e, nas transmisións de inmobles, só tributan no imposto de plusvalía aquelas que revelan capacidade económica). Por outra parte a capacidade recadadora do imposto de construcións, instalacións e obras segue a súa recuperación a ritmo moi lento e cativo.

b) Nos expedientes da última modificación de tipos impositivos de impostos e tarifas de taxas aprobados en sesión plenaria do 06.09.17 tomáronse como referencia índices de prezos e de evolución económica ata abril de 2017. No presente expediente, constan como anexo datos proporcionados polo Instituto Nacional de Estatística sobre variacións de prezos dende abril de 2017 ata os últimos coñecidos na data de redacción deste informe que son os de maio de 2019: a variación do índice xeral nacional do IPC sitúase no 2,8%, a mesma cifra para o IPC en Galicia e, un 2,9% para a variación do índice nacional da rúbrica vivenda en aluguer. No citado anexo consta tamén a taxa de referencia de crecemento do produto interior bruto de medio prazo para 2020, última aprobada e publicada no Boletín Oficial do Congreso de Deputados de 13 de xullo de 2017, que constitúe o teito de gasto orzamentario non financeiro segundo o disposto no artigo 12 da LOEOSF. A taxa vixente para 2020 é do 2,8%.

Ningún dos indicadores anteriores determina, de modo automático, a contía da actualización das tarifas que se formula no presente expediente pero constitúen unha referencia económica importante de cara ao cumprimento do obxectivo de estabilidade orzamentaria no vindeiro exercicio.

c) Dende a perspectiva legal, o TRLRFL regula o relativo as taxas locais nos artigos 20 a 27 axustándose ao seu contido o articulado da vixente ordenanza fiscal das taxas pola recollida, transporte e tratamento do lixo.

A proposta que se formula implica unha actualización dun 2,5% nas tarifas vixentes dende 1 de xaneiro de 2018 trala aplicación da disposición adicional vixésimo primeira da Lei 11/2013 de 26 de decembro de orzamentos da Comunidade Autónoma de Galicia para 2014 (punto 3 bis) aos exercicios 2019 e 2020. A aplicación sucesiva desta norma ten o seu reflexo en sendos listados de tarifas que figuran na disposición adicional da ordenanza *“tarifas que estarían vixentes dende 1 de xaneiro de 2019”* e *“tarifas que corresponderían para 2020”*. A aplicación a estas últimas tarifas do TRLRFL determina a *“tarifa que se aplicará no exercicio 2020”* que consta como último listado na disposición adicional e reproducida no artigo 4.2 da ordenanza.

d) A resolución de 15 de xaneiro de 2019 da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda da Xunta de Galicia pola que se fixa o importe do canon unitario de tratamento por tonelada de residuos domésticos que deberá aplicar a Sociedade Galega de Medio Ambiente S.A. (SOGAMA) para o ano 2019, así como a bonificación aplicable para dito ano, supoñerá unha redución de custe para o Concello de Vigo no exercicio 2019 respecto do exercicio 2018 que se estima da seguinte forma:

O número total de toneladas de residuos enviados a Sogama durante o exercicio 2018 ascendeu a un total de 114.213,48 Tm .

Segundo o informe do xefe de servizo de limpeza do Concello de Vigo, á vista da facturación dos tres primeiros meses do exercicio 2019, estímase que o incremento de residuos será para este ano dun 1%. En consecuencia 115.355,61 Tm en 2019 que teñen unha redución de custe para o Concello de 6,90€ por Tm (7,59€/Tm co IVE incluído).

Segundo o anterior, a redución de custe por tratamento de residuos que ten o Concello de Vigo durante o exercicio 2019 ascende a $115.355,61 \text{ Tm} \times 7,59\text{€/Tm} = 875.549,12\text{€}$

Para repercutir esta redución nas tarifas que ingresan os contribuíntes, calculamos o peso que esta cantidade ten en relación ao importe total que ingresan os contribuíntes ao Concello de Vigo polos servizos de recollida, transporte e tratamento de residuos (16.950.000€ en 2019, segundo a previsión orzamentaria aprobada definitivamente en sesión de 26 de decembro de 2018). $875.549,12 \div 16.950.000 = 0,0516$ o que significaría unha redución nas tarifas da ordenanza para 2019 dun 5,16%.

No texto da ordenanza fiscal a aprobar figura o resultado desta redución na tarifa contida na disposición adicional I baixo o título:

“Tarifas que estarían vixentes dende 1 de xaneiro de 2019 segundo a disposición adicional vixésimo primeira da Lei 11/2013 de 26 de decembro de ozamentos da C.A. Galicia para 2014 por motivo da redución do 10% do Canon unitario de tratamento aplicado por Sogama con efectos 1 de xaneiro de 2019 (tarifa vixente x 0,9484)”.

A redución do 5,16% respecto das vixentes aparece como resultado da operación matemática de multiplicar a tarifa vixente en 2019 por 0,9484 ($1 - 0,0516$).

Concluimos pois, que a traslación aos beneficiarios do servizo “do importe equivalente ao da bonificación”, (875.549,12€) implicaría unha redución na tarifa ingresada en 2019 dun 5,16%.

e) Para o cálculo da tarifa que se aplicaría en 2020, supoñemos que durante ese exercicio continuará o canon bonificado e, en consecuencia, na tarifa a calcular incluírase tanto a redución non aplicada aos contribuíntes no exercicio 2019 como a que corresponderá polo exercicio 2020.

Partindo das 115.355,61 Tm estimadas para 2019 incrementándoas nun 1% para 2020 e considerando que a actualización anual do canon de Sogama no mes de xaneiro de 2020 conforme ao IPC do ano 2019 podería ser da mesma contía que no ano 2018 (1,2%), operamos cos seguintes datos estimados para 2020:

$$115.355,61 \text{ Tm (2019)} \times 1,01 = 116.509,17 \text{ Tm (2020)}$$

$$\text{Canon 2019: } 69,83\text{€ Tm} \times 1,012 = 70,67\text{€/Tm de canon actualizado a 2020.}$$

Redución do 10% sobre o canon actualizado vixente no ano 2019, estimada para 2020: 6,98€/Tm (7,68€/Tm co IVE incluído)

Segundo o anterior, a redución de custe por tratamento de residuos que terá o Concello de Vigo durante o exercicio 2020 ascenderá a $116.509,17 \text{ Tm} \times 7,68\text{€/Tm} = 894.790,43\text{€}$

Para repercutir esta redución nas tarifas que ingresarán os contribuíntes, compre calcular o peso que esta cantidade ten en relación ao importe total que ingresarán os contribuíntes ao Concello de Vigo polos servizos de recollida, transporte e tratamento de residuos ($16.950.000\text{€} - 875.549,12 = 16.074.450,88\text{€}$ en 2020, previsión orzamentaria aprobada definitivamente en sesión de 26 de decembro de 2018 menos a redución de ingresos da taxa calculada anteriormente para 2019). $894.790,43\text{€} \div 16.074.450,88 = 0,05566$ o que significaría unha redución nas tarifas da ordenanza para 2020 do 5,57%.

No texto da ordenanza fiscal a aprobar figura o resultado desta redución na tarifa contida na disposición adicional II baixo o título:

“Tarifas que corresponderían para 2020 supoñendo continuidade na bonificación do 10% do Canon unitario e compensando aos contribuíntes pola non aplicación daquela bonificación nas tarifas do exercicio 2019 (tarifa calculada para 2019 x 0,9444)”.

A redución do 5,56% respecto das tarifas calculadas anteriormente para 2019 aparece como resultado da operación matemática de multiplicar a tarifa calculada para 2019 por 0,9444 ($1 - 0,0556$).

Concluimos pois, que a translación aos beneficiarios do servizo “da previsión do importe equivalente da bonificación no canon para 2020” (894.790,43€) xunto coa

compensación operada previamente para 2019 (875.549,12€), implicaría unha nova redución do 5,56%.

f) Coa tarifa calculada previamente para 2020, aplicando de forma sucesiva as reducións de canon do exercicio 2019 e 2020, a estimación de ingresos por esta taxa para 2020 sería de 16.950.000€ - 875.549,12€ - 894.790,43€ = 15.179.660,45€ (15.250.000€ de ingresos previsibles para 2020, estimando un incremento do 0,5% por mellora de xestión).

Segundo o estudo económico que obra no expediente a estimación de custes para 2020 ascende a 23.210.837,48€ correspondendo 8.162.632,45€ a custes de tratamento e 15.048.205,04€ a custes de recollida e transporte.

Se os ingresos previstos, foran finalmente, de 15.250.000€ cubriríase o 100% do custe de tratamento de residuos ou canon de Sogama calculado a prezos bonificados no 10% (o custe previsto para 2020 segundo estudo económico que figura no expediente ascenderá 8.162.632,45€) e un 47,10% do custe dos servizos de recollida e transporte de residuos (o custe previsto para 2020 segundo estudo económico que figura no expediente ascenderá a 15.048.205,03€).

Segundo o disposto no artigo 24.2 do TRLRFL *“o importe das taxas pola prestación dun servizo o a realización dunha actividade non poderá exceder, no seu conxunto, do custe real ou previsible do servizo ou actividade de que se trate ou, no seu defecto do valor da prestación recibida.*

Para a determinación do importe das taxas tomaranse en consideración os custes directos e indirectos, inclusive os de carácter financeiro, amortización do inmovilizado e, os necesarios para garantir o mantemento e un desenvolvemento razoable do servizo ou actividade cuxa prestación ou realización se esixe a taxa, todo isto con independencia do orzamento u organismo que o satisfaga”.

En consecuencia, por aplicación do citado artigo 24.2 e con motivo da moi insuficiente cobertura de custes de recollida e transporte (47,10%), substitúese a tarifa previamente calculada para 2020 pola que figura na ordenanza fiscal como *“tarifa que se aplicará no exercicio 2020”* coa que se xerarán uns ingresos estimados de 17.350.000€ (12.100.000€ en concepto de lixo vivendas e 5.250.000€ por lixo comercial) que cubrirán o 100% do custe de tratamento (8.162.632,45€) e o 61,05% do custe de recollida e transporte (15.048.205,03).

As tarifas a aplicar supoñen unha actualización do 2,5% sobre as tarifas vixentes dende 01 de xaneiro de 2018, aprobadas en sesión plenaria de 06 de setembro de 2017, constan calculadas na disposición adicional corrixindo a tarifa obtida para 2020 por 1,1445 e reproducida no artigo 4.2 do texto da ordenanza.

g) Actualízase na porcentaxe do 2,5% o importe dos ingresos brutos per cápita por debaixo dos que procederá a exención desta taxa. Actualízase, igualmente nun 2,5% o valor catastral total dos inmobles por debaixo do que, os seus titulares teñen dereito a exención.

A aplicación destes beneficios durante o 2019 teñen suposto un gasto fiscal de 340.000€.

4. INFORME SOBRE REPERCUSIÓN ORZAMENTARIA.

De conformidade co artigo 129.7 da Lei 39/2015, faise constar a continuación a estimación da repercusión orzamentaria nas partidas orzamentarias da Taxa de lixo vivendas e lixo comercial:

Segundo os datos obrantes nos servizos tributarios do Concello trala aprobación dos padróns fiscais desta taxa acadaríanse uns ingresos no exercicio 2019 de 11.805.000€ na taxa de lixo vivendas e 5.120.000€ na taxa de lixo comercial. Atendendo ao anterior xunto coas previsións orzamentarias do exercicio 2019, a previsión orzamentaria para 2020 sería de 12.100.000€ e 5.250.000€ respectivamente.

O impacto orzamentario do exercicio 2020 respecto 2019 é de 350.000€ na partida da taxa de lixo vivendas e 50.000€ na taxa de lixo comercial.

5. INFORME SOBRE O IMPACTO DE XÉNERO.

A presente modificación non introduce ningunha disposición que teña incidencia por razón de xénero, xa que afecta a quen teña a condición de contribuínte. Consecuentemente, o impacto por razón de xénero será nulo.

6. INNECESARIEDADE DO TRAMITE PREVISTO NO ARTIGO 133 DA LEI 39/2015 DO 1 DE OUTUBRO DO PAC.

Segundo o apartado 4 do artigo 133 da Lei 39/2015, “cando a proposta normativa non teña un impacto significativo na actividade económica, non imponha obrigas relevantes aos destinatarios ou regule aspectos parciais dunha materia, poderá omitirse a consulta pública” a que se refire o apartado 1 do mesmo artigo.

O informe do Tribunal Económico Administrativo do Concello de Vigo de data 20.06.17 é coincidente co da Dirección Xeral de Tributos de data 10 de xaneiro de 2018 na innecesariedade de consulta previa no caso de modificación dunha ordenanza fiscal.

Segundo a Dirección Xeral de Tributos: “o trámite de consulta previa debe substanciarse cando se trata dunha nova ordenanza fiscal, mentres que no caso da modificación dunha ordenanza fiscal aprobada con anterioridade, pode obviarse dito trámite por tratarse dunha regulación parcial da materia”.

Tramitación da modificación.

O expediente deberá ser tramitado conforme dispón o artigo 111 da LRBRL, artigos 15 a 19 do TRLRFL e artigo 137 apartado 1 b) da citada LRBRL.

Segundo informe do TEA do Concello de data 15 de xuño de 2018, «unha vez incorporados os correspondentes informes xurídicos, técnicos e económicos, será redactado Informe-Proposta e o expediente será remitido á Intervención Xeral. Expresamente se solicitará a dito órgano que “de conformidade co indicado polo TEACV, órgano competente para o Ditame sobre os Proxectos de Ordenanzas Fiscais, deberá informarse sobre o cumprimento dos obxectivos de estabilidade orzamentaria, suficiencia financeira e demais restricións orzamentarias que se puideran derivar do acordo proposto”.

Con carácter potestativo poderá solicitarse ao TEACV, como ven sucedendo dende a creación deste, informe previo sobre a legalidade da Proposta de Proxecto que se somete a aprobación da Xunta de Goberno Local, a fin de que, tanto polos órganos políticos como polos administrativos, exista garantía sobre a conformidade no Ditame que será emitido con posterioridade á aprobación, no seu caso, da Proposta de Proxecto pola Xunta de Goberno Local. Así mesmo, e se este órgano así o estima conveniente, complementa o control de legalidade de quen teña atribuída dita función nos asuntos que deban ser sometidos á consideración da Xunta de Goberno Local.

Unha vez aprobado o Proxecto pola Xunta de Goberno Local será novamente remitido ao TEACV, quen elaborará o correspondente Ditame. Incorporado o preceptivo Ditame, o expediente, agora xa completo, será remitido á Secretaría do Pleno a fin da súa posta de manifesto aos voceiros dos grupos municipais e para o seu estudio e debate en Comisión Informativa e no Pleno.

De producirse transaccións políticas na fase de Propostas de emendas que varíen a redacción do Proxecto, deberá remitirse novamente o texto modificado á Intervención Xeral para o referido informe sobre cumprimento de restricións orzamentarias como previo á aprobación pola Xunta de Goberno Local do texto modificado e sometido a novo Ditame do TEACV.

O expediente co texto aprobado pola Xunta de Goberno Local e ditaminado polo TEACV someterase a estudio e aprobación pola Comisión Informativa correspondente e será remitido para a súa aprobación provisional polo Pleno.

Producida dita aprobación provisional, exporase ao público por prazo de trinta días a fin de que, por quen teña a condición de interesado, poida ser plantexada a oportuna reclamación.

De ser presentadas reclamacións, determinarase previamente a admisibilidade das mesmas e, entre as admitidas, resolverase estimando ou desestimando as mesmas, dándose conta á Xunta de Goberno Local e remitíndose ao Pleno para aprobación definitiva. No caso de non presentarse reclamacións ou incorrer todas

as presentadas en causa de inadmisibilidade, entenderase aprobado o texto sen necesidade de remisión ao Pleno para a súa aprobación definitiva.

No caso de ser presentadas reclamacións admisibles contra o acordo de aprobación provisional, sexan estimadas ou non, procederá a remisión ao Pleno aos efectos da aprobación definitiva. No caso de que pola estimación de reclamación contra o Acordo de aprobación provisional se modificase este, o texto da Ordenanza será remitido previamente ao TEACV para novo Ditame».

A vista do anterior, esta Dirección de Ingresos solicita, da Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte,

ACORDO:

1º) Aprobar provisionalmente a seguinte:

“MODIFICACIÓN DOS SEGUINTE ARTIGOS DA ORDENANZA FISCAL REGULADORA DAS TAXAS POLA POLA RECOLLIDA, TRANSPORTE E TRATAMENTO DO LIXO” (16), QUE QUEDARÁN REDACTADOS COMO SEGUE:

ARTIGO 4 BENEFICIOS FISCAIS.

1. Estarán exentos de pagamento da taxa de lixo da vivenda que constitúa a residencia habitual do solicitante, os membros de familias con ingresos brutos anuais, per cápita, inferiores a 4.166 € e 6.519 € para familias numerosas. O computo dos ingresos brutos farase respecto do exercicio inmediatamente anterior ao que se presente a solicitude.

Para desfrutar desta exención haberá de cumprirse amais a condición de que a titularidade de Bens Inmóveis de Natureza Urbana, a excepción da vivenda na que residen, non supere o valor catastral total de 50.538 €.

ARTIGO 5 COTA.

2. A estrutura tarifaria, obtida segundo os cálculos que se detallan na Disposición Adicional desta ordenanza, dando cumprimento á disposición adicional vixésimo primeira da lei 11/2013 de 26 de decembro de Orzamentos da C.A. Galicia para 2014 así como ao artigo 24.2 do RDL 2/2004 de 5 de marzo polo que se aproba o Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais é a seguinte:

A) VIVENDAS

CÓDIGO-CONCEPTO
139 Cota anual

EUROS
89,10

B) ESTABLECEMENTOS

CÓDIGO-CONCEPTO	EUROS
1 Accesorios e vehículos, venda.	465,15
2 Alfombras e papeis pintados, Venda,	232,90
43 Almacéns frigoríficos e outros.	2.404,05
5 Artigos de pel, peleterías.	275,40
6 Artigos de viaxe.	296,40
7 Axencias de viaxe.	232,90
8 Bancos.	1.341,20
9 Bares e cafés de categoría especial.	485,50
91 Outros cafés e bares.	276,45
124 Bibliotecas, museos. salas de arte.	178,25
11 Bingos e outros xogos de azar	1.214,70
12 Bixerías.	188,50
14 Bombonerías.	232,90
15 Cadros e molduras, lámparas.	277,60
16 Cafeterías.	812,70
17 Carnicerías	430,70
19 Cines.	537,15
20 Clubs, peñas e asociacións culturais.	178,25
21 Colexios e academias de ensino, por planta.	178,25
22 Ídem. Ídem. con internado, por planta.	188,50
23 Colexios profesionais.	262,20
24 Comestibles (epígrafes. 647.1 e 647.2).	346,75
10 Comercio menor toda clase artigos, por planta.	485,50
140 Comercio menor toda clase de artigos de superficie inferior a 75 m2.	429,85
25 Confeiterías, pastelerías, panaderías e bolerías con obrador.	379,45
73 Confeiterías, pastelerías, panaderías e bolerías sen obrador.	178,25
26 Consultorios.	232,90
125 Clínicas de día sen hospitalización.	466,10
27 Corte e confección, modistas e xastrerías.	276,45
28 Cristalerías.	262,20
29 Churrerías.	178,25
30 Depósitos e almacéns pechados ó público.	276,45
31 Discos e cintas de vídeo, venda e alugueiro.	389,55
32 Discotecas.	1.146,55
33 Droguerías.	334,45
34 Efectos navais.	466,10
35 Estacións de servizo.	698,45
36 Estancos.	178,25
37 Estudios fotográficos.	188,50
38 Farmacias e laboratorios.	276,45
39 Ferrancharías, chatarrerías.	379,45
40 Ferreterías.	466,10
41 Florerías e paxarerías.	205,35
42 Fotografía, venda de material.	374,85
44 Froiterías de ata 20m2 e herboristerías.	232,90
151 Froiterías de mais de 20m2 ata 50m2	465,85
152 Froiterías de máis de 50m2 ata 100m2	931,65
153 Froiterías de mais de 100m2 ata 150m2	1.395,55
154 Froiterías de mais de 150m2 ata 200m2	1.863,30

155	Froiterías de mais de 200m2	2.478,60
45	Garaxes privados, ata 3 prazas	90,35
46	Ídem. de 4 a 25 prazas.	157,85
47	Ídem. de máis de 25 prazas.	205,40
48	Garaxes públicos	347,50
49	Garaxes públicos con lavado.	466,10
126	Granxas de animais.	430,70
143	Hoteis de cinco estrelas	2.478,60
51	Hoteis e moteis de catro estrelas.	1.943,75
52	Hoteis e moteis de tres estrelas.	1.457,10
53	Hoteis e moteis de dúas e unha estrela.	1.167,25
54	Hoteis-apartamentos e aloxamentos turísticos ext. Hoteleiros e campings	925,35
55	Imprentas e litografías.	466,10
56	Instrumentos musicais.	276,45
58	Librerías.	374,85
158	Local sen actividade	89,10
159	(Substitúese polo último paragrafo do presente artigo 5)	
59	Loterías, administracións de.	178,25
60	Maquinaria diversa, venda e exposición	466,10
61	Material eléctrico e electrodoméstico ordenadores.	374,85
62	Material de construción.	466,10
63	Mobiliario de oficina, venda e exposición.	554,50
64	Mercerías.	178,25
65	Mobles, exposición.	466,10
141	Mobles, venda en establecementos de superficie ata 150 m2.	554,50
66	Mobles, venda en establecementos de superficie superior a 150 m2.	925,35
67	Mobles de cociña e baño, venda e exposición.	466,10
68	Obxectos de agasalho,decoración e antigüidades.	374,85
69	Obxectos de deporte.	276,45
70	Oficinas e despachos, por unidade.	173,05
71	Ópticas.	178,25
72	Ortopedias.	466,10
74	Papelerías, fotocopias.	243,75
76	Perruquerías e salóns de beleza.	305,60
127	Perruquerías e salóns de beleza de superficie inferior a 50 m2 e/ou na vivenda	205,35
77	Pensións, hospedarías e hostais.	466,10
128	Ídem sen comida, por habitación.	53,60
78	Perfumerías.	276,45
79	Pescaderías.	276,45
129	Polideportivos, campos de fútbol e similares.	609,35
80	Praterías e xoierías.	407,95
130	Preescolares e garderías infantís.	232,90
81	Quioscos.	178,25
131	Rastrillos e similares.	276,45
82	Reloxerías.	276,45
83	Residencias non clasificadas por turismo, por plta.	178,25
84	Restaurantes de 4 e 5 cubertos.	956,65

85	Restaurantes de 2 e 3 cubertos.	848,45
86	Restaurantes de 1 cuberto.	609,35
157	Restaurantes de menos de 30m2	304,65
132	Sanatorios de máis de 30 camas.	3.108,75
133	Sanatorios de ata 30 camas.	1.864,55
105	Servizos de reprodución gráfica.	391,55
89	Sociedades de lecer e casinos.	1.090,95
90	Supermercados (epígrafes 647.3 e 647.4).	1.457,10
93	Tecidos e confeccións por planta.	415,10
156	Tendas de roupa e/ou complementos menos de 30m2	173,05
94	Tinturerías e lavanderías.	276,45
95	Transportes públicos e privados.	698,45
96	Venda de localidades.	95,65
134	Veterinarios e perruquerías caninas.	306,50
98	Xeladerías e chocolaterías.	381,40
99	Ximnacios, saunas e similares.	410,85
100	Xogos de lecer.	698,45
101	Xogueterías.	374,85
103	Zapaterías.	316,85
104	Zapaterías, reparación.	178,25

C). FÁBRICAS E TALLERES INDUSTRIAIS CON RESIDUOS INFERIORES A 1000 L/DIA

CÓDIGO-CONCEPTO	EUROS
135 De 1 obreiro.	276,45
108 De 2 a 5 obreiros.	341,50
109 De 6 a 10 obreiros.	466,10
110 De 11 a 25 obreiros.	698,45
111 De 26 a 75 obreiros.	1.401,15
112 De 76 a 125 obreiros.	1.866,75
113 De 126 a 250 obreiros.	2.329,25
114 De máis de 250 obreiros	3.108,75

D). ACTIVIDADES CON VOLUME DE RESIDUOS DENDE 1000 LITROS/DIA

CÓDIGO-CONCEPTO	EUROS
- Con colectores de 1000 litros:	
138 Un colector	2.478,60
149 Dos colectores	5.965,85
150 De tres colectores en adiante: Sumarase á tarifa 149 Por cada colector	4.213,15
- Con colectores de 2400 litros:	
148 Cada colector	6.966,50

DISPOSICIÓN ADICIONAL.

Aplicación do disposto na disposición adicional vixésimo primeira da lei 11/2013 de 26 de decembro de Orzamentos da C.A. Galicia para 2014, sucesivamente, para

2019 e 2020 e aplicación do artigo 24.2 do RDL 2/2004 de 5 de marzo polo que se aproba o TRLRFL para 2020.

I. Tarifas que estarían vixentes dende 1 de xaneiro de 2019 segundo a disposición adicional vixésimo primeira da lei 11/2013 de 26 de decembro de Orzamentos da C.A. Galicia para 2014 por motivo da redución do 10% do Canon unitario de tratamento aplicado por Sogama con efectos 1 de xaneiro de 2019 (tarifa vixente en 2019 x 0,9484).

A) VIVENDAS	EUROS
139 Cota anual	82,4160

B) ESTABLECEMENTOS.	EUROS
CÓDIGO CONCEPTO	
1 Accesorios e vehículos, venda.	430,3365
2 Alfombras e papeis pintados, Venda,	215,4765
43 Almacéns frigoríficos e outros.	2.224,1877
5 Artigos de pel, peleterías.	254,7877
6 Artigos de viaxe.	274,2299
7 Axencias de viaxe.	215,4765
8 Bancos.	1.240,8391
9 Bares e cafés de categoría especial.	449,1622
91 Outros cafés e bares.	255,7835
124 Bibliotecas, museos. salas de arte.	164,9268
11 Bingos e outros xogos de azar	1.123,8066
12 Bixuterías.	174,4108
14 Bombonerías.	215,4765
15 Cadros e molduras, lámparas.	256,8267
16 Cafeterías.	751,8915
17Carnicerías	398,4703
19 Cines.	496,9616
20 Clubs, peñas e asociacións culturais.	164,9268
21 Colexios e academias de ensino, por planta. 173,90	164,9268
22 Ídem. Ídem. con internado, por planta.	174,4108
23 Colexios profesionais.	242,6007
24 Comestibles (epígrafes. 647.1 e 647.2).	320,7963
10 Comercio menor toda clase artigos, por planta.	449,1622
140 Comercio menor toda clase de artigos de superficie inferior a 75 m2.	397,7115
25 Confeiterías,pastelerías, panaderías e bolerías con obrador.	351,0503
73 Confeiterías, pastelerías, panaderías e bolerías sen obrador.	164,9268
26 Consultorios.	215,4765
125 Clínicas de día sen hospitalización.	431,2375
27 Corte e confección, modistas e xastrerías.	255,7835
28 Cristalerías.	242,6007
29 Churrerías.	164,9268
30 Depósitos e almacéns pechados ó público.	255,7835
31 Discos e cintas de vídeo, venda e alugueiro.	360,3920

32	Discotecas.	1.060,7854
33	Droguerías.	309,4155
34	Efectos navais.	431,2375
35	Estacións de servizo.	646,1923
36	Estancos.	164,9268
37	Estudios fotográficos.	174,4108
38	Farmacias e laboratorios.	255,7835
39	Ferrancharías, chatarrerías.	351,0503
40	Ferreterías.	431,2375
41	Florerías e paxarerías.	189,9645
42	Fotografía, venda de material.	346,7825
44	Froiterías de ata 20m ² e herboristerías.	215,4765
151	Froiterías de mais de 20m ² ata 50m ²	431,0004
152	Froiterías de máis de 50m ² ata 100m ²	861,9533
153	Froiterías de mais de 100m ² ata 150m ²	1.291,1518
154	Froiterías de mais de 150m ² ata 200m ²	1.723,9067
155	Froiterías de mais de 200m ²	2.293,1838
45	Garaxes privados, ata 3 prazas	83,6015
46	Ídem. de 4 a 25 prazas.	146,0536
47	Ídem. de máis de 25 prazas.	190,0119
48	Garaxes públicos	321,5076
49	Garaxes públicos con lavado.	431,2375
126	Granxas de animais.	398,4703
143	Hoteis de cinco estrelas	2.293,1838
51	Hoteis e moteis de catro estrelas.	1.798,3087
52	Hoteis e moteis de tres estrelas.	1.348,1032
53	Hoteis e moteis de dúas e unha estrela.	1.079,9431
54	Hoteis-apartamentos e aloxamentos turísticos ext. Hoteleiros e campings	856,1207
55	Imprentas e litografías.	431,2375
56	Instrumentos musicais.	255,7835
58	Librerías.	346,7825
158	Local sen actividade	82,4160
159	(Substitúese polo último paragrafo do presente artigo 5)	
59	Loterías, administracións de.	164,9268
60	Maquinaria diversa, venda e exposición	431,2375
61	Material eléctrico e electrodoméstico ordenadores.	346,7825
62	Material de construción.	431,2375
63	Mobiliario de oficina, venda e exposición.	513,0370
64	Mercerías.	164,9268
65	Mobles, exposición.	431,2375
141	Mobles, venda en establecementos de superficie ata 150 m ² .	513,0370
66	Mobles, venda en establecementos de superficie superior a 150 m ² .	856,1207
67	Mobles de cociña e baño, venda e exposición.	431,2375
68	Obxectos de agasalho,decoración e antigüidades.	346,7825
69	Obxectos de deporte.	255,7835
70	Oficinas e despachos, por unidade.	160,0899
71	Ópticas.	164,9268
72	Ortopedias.	431,2375
74	Papelerías, fotocopias.	225,5295

76 Perruquerías e salóns de beleza.	282,7180
127 Perruquerías e salóns de beleza de superficie inferior a 50 m2 e/ou na vivenda	189,9645
77 Pensións, hospedaría e hostais.	431,2375
128 Ídem sen comida, por habitación.	49,6013
78 Perfumerías.	255,7835
79 Pescaderías.	255,7835
129 Polideportivos, campos de fútbol e similares.	563,7764
80 Praterías e xoierías.	377,4158
130 Preescolares e garderías infantís.	215,4765
81 Quioscos.	164,9268
131 Rastrillos e similares.	255,7835
82 Reloxerías.	255,7835
83 Residencias non clasificadas por turismo, por plta.	164,9268
84 Restaurantes de 4 e 5 cubertos.	885,0943
85 Restaurantes de 2 e 3 cubertos.	784,9907
86 Restaurantes de 1 cuberto.	563,7764
157 Restaurantes de menos de 30m2	281,8645
132 Sanatorios de máis de 30 camas.	2.876,1653
133 Sanatorios de ata 30 camas.	1.725,0448
105 Servizos de reprodución gráfica.	362,2414
89 Sociedades de lecer e casinos.	1.009,3347
90 Supermercados (epígrafes 647.3 e 647.4).	1.348,1032
93 Tecidos e confeccións por planta.	384,0546
156 Tendas de roupa e/ou complementos menos de 30m2	160,0899
94 Tinturerías e lavanderías.	255,7835
95 Transportes públicos e privados.	646,1923
96 Venda de localidades.	88,4857
134 Veterinarios e perruquerías caninas.	283,5716
98 Xeladerías e chocolaterías.	352,8522
99 Ximnasia, saunas e similares.	380,1187
100 Xogos de lecer.	646,1923
101 Xogueterías.	346,7825
103 Zapaterías.	293,1504
104 Zapaterías, reparación.	164,9268

C). FÁBRICAS E TALLERES INDUSTRIAIS CON RESIDUOS INFERIORES A 1000 L/DIA

CÓDIGO CONCEPTO	EUROS
135 De 1 obreiro.	255,7835
108 De 2 a 5 obreiros.	315,9595
109 De 6 a 10 obreiros.	431,2375
110 De 11 a 25 obreiros.	646,1923
111 De 26 a 75 obreiros.	1.296,3205
112 De 76 a 125 obreiros.	1.727,0838
113 De 126 a 250 obreiros.	2.155,0019
114 De máis de 250 obreiros	2.876,1653

D). ACTIVIDADES CON VOLUME DE RESIDUOS DENDE 1000 LITROS/DIA.

<i>CÓDIGO CONCEPTO</i>	<i>EUROS</i>
- Con colectores de 1000 litros:	
138 Un colector	2.293,1838
149 Dos colectores	5.519,4983
150 De tres colectores en adiante: Sumarase á tarifa 149: Por cada colector	3.897,9240
- Con colectores de 2400 litros:	
148 Cada colector	6.445,2790

II. Tarifas que corresponderían para 2020 supoñendo continuidade na bonificación do 10% do Canon unitario e compensando aos contribuíntes pola non aplicación daquela bonificación nas tarifas do exercicio 2019 (tarifa calculada para 2019 x 0,9444).

<i>A) VIVENDAS</i>	
139 Cota anual	77,8336

<i>B) ESTABLECEMENTOS</i>	<i>EUROS</i>
<i>CODIGO-CONCEPTO</i>	
1 Accesorios e vehículos, venda.	406,4098
2 Alfombras e papeis pintados, Venda,	203,4960
43 Almacéns frigoríficos e outros.	2.100,5228
5 Artigos de pel, peleterías.	240,6215
6 Artigos de viaxe.	258,9827
7 Axencias de viaxe.	203,4960
8 Bancos.	1.171,8485
9 Bares e cafés de categoría especial.	424,1888
91 Outros cafés e bares.	241,5619
124 Bibliotecas, museos. salas de arte.	155,7568
11 Bingos e outros xogos de azar	1.061,3229
12 Bixuterías.	164,7135
14 Bombonerías.	203,4960
15 Cadros e molduras, lámparas.	242,5472
16 Cafeterías.	710,0864
17Carnicerías	376,3153
19 Cines.	469,3305
20 Clubs, peñas e asociacións culturais.	155,7568
21 Colexios e academias de ensino, por planta. 173,90	155,7568
22 Ídem. Ídem. con internado, por planta.	164,7135
23 Colexios profesionais.	229,1121
24 Comestibles (epígrafes. 647.1 e 647.2).	302,9600
10 Comercio menor toda clase artigos, por planta.	424,1888
140 Comercio menor toda clase de artigos de superficie inferior a 75 m2.	375,5988
25 Confeiterías,pastelerías, panaderías e bolerías con obrador.	331,5319
73 Confeiterías, pastelerías, panaderías e bolerías sen obrador.	155,7568
26 Consultorios.	203,4960
125 Clínicas de día sen hospitalización.	407,2607

27 Corte e confección, modistas e xastrerías.	241,5619
28 Cristalerías.	229,1121
29 Churrerías.	155,7568
30 Depósitos e almacéns pechados ó público.	241,5619
31 Discos e cintas de vídeo, venda e alugueiro.	340,3542
32 Discotecas.	1.001,8057
33 Droguerías.	292,2120
34 Efectos navais.	407,2607
35 Estacións de servizo.	610,2640
36 Estancos.	155,7568
37 Estudios fotográficos.	164,7135
38 Farmacias e laboratorios.	241,5619
39 Ferrancharías, chatarrerías.	331,5319
40 Ferreterías.	407,2607
41 Florerías e paxarerías.	179,4025
42 Fotografía, venda de material.	327,5014
44 Froiterías de ata 20m ² e herboristerías.	203,4960
151 Froiterías de mais de 20m ² ata 50m ²	407,0368
152 Froiterías de máis de 50m ² ata 100m ²	814,0287
153 Froiterías de mais de 100m ² ata 150m ²	1.219,3637
154 Froiterías de mais de 150m ² ata 200m ²	1.628,0575
155 Froiterías de mais de 200m ²	2.165,6828
45 Garaxes privados, ata 3 prazas	78,9532
46 Ídem. de 4 a 25 prazas.	137,9330
47 Ídem. de máis de 25 prazas.	179,4473
48 Garaxes públicos	303,6318
49 Garaxes públicos con lavado.	407,2607
126 Granxas de animais.	376,3153
143 Hoteis de cinco estrelas	2.165,6828
51 Hoteis e moteis de catro estrelas.	1.698,3227
52 Hoteis e moteis de tres estrelas.	1.273,1486
53 Hoteis e moteis de dúas e unha estrela.	1.019,8982
54 Hoteis-apartamentos e aloxamentos turísticos ext. Hoteleiros e campings	808,5204
55 Imprentas e litografías.	407,2607
56 Instrumentos musicais.	241,5619
58 Librerías.	327,5014
158 Local sen actividade	77,8336
159 (Substitúese polo último paragrafo do presente artigo 5)	
59 Loterías, administracións de.	155,7568
60 Maquinaria diversa, venda e exposición	407,2607
61 Material eléctrico e electrodoméstico ordenadores.	327,5014
62 Material de construción.	407,2607
63 Mobiliario de oficina, venda e exposición.	484,5121
64 Mercerías.	155,7568
65 Mobles, exposición.	407,2607
141 Mobles, venda en establecementos de superficie ata 150 m ² .	484,5121
66 Mobles, venda en establecementos de superficie superior a 150 m ² .	808,5204
67 Mobles de cociña e baño, venda e exposición.	407,2607

68 Obxectos de agasallo,decoración e antigüidades.	327,5014
69 Obxectos de deporte.	241,5619
70 Oficinas e despachos, por unidade.	151,1889
71 Ópticas.	155,7568
72 Ortopedias.	407,2607
74 Papelerías, fotocopias.	212,9901
76 Perruquerías e salóns de beleza.	266,9989
127 Perruquerías e salóns de beleza de superficie inferior a 50 m2 e/ou na vivenda	179,4025
77 Pensións, hospedarías e hostais.	407,2607
128 Ídem sen comida, por habitación.	46,8435
78 Perfumerías.	241,5619
79 Pescaderías.	241,5619
129 Polideportivos, campos de fútbol e similares.	532,4304
80 Praterías e xoierías.	356,4315
130 Preescolares e garderías infantís.	203,4960
81 Quioscos.	155,7568
131 Rastrillos e similares.	241,5619
82 Reloxerías.	241,5619
83 Residencias non clasificadas por turismo, por plta.	155,7568
84 Restaurantes de 4 e 5 cubertos.	835,8831
85 Restaurantes de 2 e 3 cubertos.	741,3452
86 Restaurantes de 1 cuberto.	532,4304
157 Restaurantes de menos de 30m2	266,1928
132 Sanatorios de máis de 30 camas.	2.716,2505
133 Sanatorios de ata 30 camas.	1.629,1323
105 Servizos de reprodución gráfica.	342,1008
89 Sociedades de lecer e casinos.	953,2157
90 Supermercados (epígrafes 647.3 e 647.4).	1.273,1486
93 Tecidos e confeccións por planta.	362,7011
156 Tendas de roupa e/ou complementos menos de 30m2	151,1889
94 Tinturerías e lavanderías.	241,5619
95 Transportes públicos e privados.	610,2640
96 Venda de localidades.	83,5659
134 Veterinarios e perruquerías caninas.	267,8050
98 Xeladerías e chocolaterías.	333,2336
99 Ximnasios, saunas e similares.	358,9841
100 Xogos de lecer.	610,2640
101 Xogueterías.	327,5014
103 Zapaterías.	276,8513
104 Zapaterías, reparación.	155,7568

C). FÁBRICAS E TALLERES INDUSTRIAIS CON RESIDUOS INFERIORES A 1000 L

CÓDIGO CONCEPTO	EUROS
135 De 1 obreiro.	241,5619
108 De 2 a 5 obreiros.	298,3921
109 De 6 a 10 obreiros.	407,2607
110 De 11 a 25 obreiros.	610,2640
111 De 26 a 75 obreiros.	1.224,2451

112 De 76 a 125 obreiros.	1.631,0580
113 De 126 a 250 obreiros.	2.035,1838
114 De máis de 250 obreiros	2.716,2505

D). ACTIVIDADES CON VOLUME DE RESIDUOS DENDE 1000 LITROS/DIA

CÓDIGO CONCEPTO	EUROS
- Con colectores de 1000 litros:	
138 Un colector	2.165,6828
149 Dos colectores	5.212,6142
150 De tres colectores en adiante:	
Sumarase á tarifa 149	
Por cada colector	3.681,1994
- Con colectores de 2400 litros:	
148 Cada colector	6.086,9215

Os ingresos que xerarían as tarifas anteriores (15.250.000) cubrirían no exercicio 2020 o 100% do Canon unitario de tratamento que aplicaría Sogama no suposto da bonificación do 10% (8.162.632,45€) e un 47,10% do custe dos servizos de recollida e transporte de residuos (15.048.205,04€).

As tarifas anteriores resultan da aplicación sucesiva aos exercicios 2019 e 2020 da "disposición adicional vixésimo primeira da Lei 11/2013 de 26 de decembro de orzamentos da Comunidade Autónoma de Galicia para 2014 (punto 3 bis)".

Segundo o artigo 24.2 do RDL 2/2004 polo que se aproba o Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais "para a determinación do importe das taxas tomaranse en consideración os custes directos e indirectos," inclusive los de carácter financeiro, amortización do inmovilizado e no seu caso os necesarios para garantir o mantemento e un desenvolvemento razoable do servizo ou actividade por cuxa prestación ou realización se esixe a taxa, todo isto con independencia do orzamento ou organismo que o satisfaga" Establece como límite que, "o importe das taxas non poderá exceder, no seu conxunto, do custe real ou previsible do servizo o actividade de que se trate"

Por aplicación do citado artigo 24.2, a tarifa que se aplicará no exercicio 2020, coa que se xerarán uns ingresos estimados de 17.350.000€ que cubrirán o 100% do canon unitario de tratamento que aplicaría Sogama (8.162.632,45€) e o 61,05% dos custes de recollida e transporte (15.048.205,03€) será a seguinte (tarifa calculada para 2020 por 1,1445):

A) VIVENDAS	EUROS
CÓDIGO-CONCEPTO	
139 Cota anual	89,10

B) ESTABLECEMENTOS

CÓDIGO-CONCEPTO	EUROS
1 Accesorios e vehículos, venda.	465,15
2 Alfombras e papeis pintados, Venda,	232,90
43 Almacéns frigoríficos e outros.	2.404,05
5 Artigos de pel, peleterías.	275,40
6 Artigos de viaxe.	296,40
7 Axencias de viaxe.	232,90
8 Bancos.	1.341,20
9 Bares e cafés de categoría especial.	485,50
91 Outros cafés e bares.	276,45
124 Bibliotecas, museos. salas de arte.	178,25
11 Bingos e outros xogos de azar	1.214,70
12 Bixuterías.	188,50
14 Bombonerías.	232,90
15 Cadros e molduras, lámparas.	277,60
16 Cafeterías.	812,70
17 Carnicerías	430,70
19 Cines.	537,15
20 Clubs, peñas e asociacións culturais.	178,25
21 Colexios e academias de ensino, por planta.	178,25
22 Ídem. Ídem. con internado, por planta.	188,50
23 Colexios profesionais.	262,20
24 Comestibles (epígrafes. 647.1 e 647.2).	346,75
10 Comercio menor toda clase artigos, por planta.	485,50
140 Comercio menor toda clase de artigos de superficie inferior a 75 m2.	429,85
25 Confeiterías, pastelerías, panaderías e bolerías con obrador.	379,45
73 Confeiterías, pastelerías, panaderías e bolerías sen obrador.	178,25
26 Consultorios.	232,90
125 Clínicas de día sen hospitalización.	466,10
27 Corte e confección, modistas e xastrerías.	276,45
28 Cristalerías.	262,20
29 Churrerías.	178,25
30 Depósitos e almacéns pechados ó público.	276,45
31 Discos e cintas de vídeo, venda e alugueiro.	389,55
32 Discotecas.	1.146,55
33 Droguerías.	334,45
34 Efectos navais.	466,10
35 Estacións de servizo.	698,45
36 Estancos.	178,25
37 Estudios fotográficos.	188,50
38 Farmacias e laboratorios.	276,45
39 Ferrancharías, chatarrerías.	379,45
40 Ferreterías.	466,10
41 Florerías e paxarerías.	205,35
42 Fotografía, venda de material.	374,85
44 Froiterías de ata 20m2 e herboristerías.	232,90
151 Froiterías de mais de 20m2 ata 50m2	465,85
152 Froiterías de máis de 50m2 ata 100m2	931,65

153	Froiterías de mais de 100m2 ata 150m2	1.395,55
154	Froiterías de mais de 150m2 ata 200m2	1.863,30
155	Froiterías de mais de 200m2	2.478,60
45	Garaxes privados, ata 3 prazas	90,35
46	Ídem. de 4 a 25 prazas.	157,85
47	Ídem. de máis de 25 prazas.	205,40
48	Garaxes públicos	347,50
49	Garaxes públicos con lavado.	466,10
126	Granxas de animais.	430,70
143	Hoteis de cinco estrelas	2.478,60
51	Hoteis e moteis de catro estrelas.	1.943,75
52	Hoteis e moteis de tres estrelas.	1.457,10
53	Hoteis e moteis de dúas e unha estrela.	1.167,25
54	Hoteis-apartamentos e aloxamentos turísticos ext. Hoteleiros e campings	925,35
55	Imprentas e litografías.	466,10
56	Instrumentos musicais.	276,45
58	Librerías.	374,85
158	Local sen actividade	89,10
159	(Substitúese polo último paragrafo do presente artigo 5)	
59	Loterías, administracións de.	178,25
60	Maquinaria diversa, venda e exposición	466,10
61	Material eléctrico e electrodoméstico ordenadores.	374,85
62	Material de construción.	466,10
63	Mobiliario de oficina, venda e exposición.	466,10
141	Mobles, venda en establecementos de superficie ata 150 m2.	554,5066
	Mobles, venda en establecementos de superficie superior a 150 m2.	925,35
67	Mobles de cociña e baño, venda e exposición.	466,10
68	Obxectos de agasalho,decoración e antigüidades.	374,85
69	Obxectos de deporte.	276,45
70	Oficinas e despachos, por unidade.	173,05
71	Ópticas.	178,25
72	Ortopedias.	466,10
74	Papelerías, fotocopias.	243,75
76	Perruquerías e salóns de beleza.	305,60
127	Perruquerías e salóns de beleza de superficie inferior a 50 m2 e/ou na vivenda	205,35
77	Pensións, hospedaría e hostais.	466,10
128	Ídem sen comida, por habitación.	53,60
78	Perfumerías.	276,45
79	Pescaderías.	276,45
129	Polideportivos, campos de fútbol e similares.	609,35
80	Praterías e xoierías.	407,95
130	Preescolares e garderías infantís.	232,90
81	Quioscos.	178,25
131	Rastrillos e similares.	276,45
82	Reloxerías.	276,45
83	Residencias non clasificadas por turismo, por plta.	178,25
84	Restaurantes de 4 e 5 cubertos.	956,65

85	Restaurantes de 2 e 3 cubertos.	848,45
86	Restaurantes de 1 cuberto.	609,35
157	Restaurantes de menos de 30m2	304,65
132	Sanatorios de máis de 30 camas.	3.108,75
133	Sanatorios de ata 30 camas.	1.864,55
105	Servizos de reprodución gráfica.	391,55
89	Sociedades de lecer e casinos.	1.090,95
90	Supermercados (epígrafes 647.3 e 647.4).	1.457,10
93	Tecidos e confeccións por planta.	415,10
156	Tendas de roupa e/ou complementos menos de 30m2	173,05
94	Tinturerías e lavanderías.	276,45
95	Transportes públicos e privados.	698,45
96	Venda de localidades.	95,65
134	Veterinarios e perruquerías caninas.	306,50
98	Xeladerías e chocolaterías.	381,40
99	Ximnasia, saunas e similares.	410,85
100	Xogos de lecer.	698,45
101	Xogueterías.	374,85
103	Zapaterías.	316,85
104	Zapaterías, reparación.	178,25

C). FÁBRICAS E TALLERES INDUSTRIAIS CON RESIDUOS INFERIORES A 1000 L/DIA

CÓDIGO-CONCEPTO	EUROS
135 De 1 obreiro.	276,45
108 De 2 a 5 obreiros.	341,50
109 De 6 a 10 obreiros.	466,10
110 De 11 a 25 obreiros.	698,45
111 De 26 a 75 obreiros.	1.401,15
112 De 76 a 125 obreiros.	1.866,75
113 De 126 a 250 obreiros.	2.329,25
114 De máis de 250 obreiros	3.108,75

D). ACTIVIDADES CON VOLUME DE RESIDUOS DENDE 1000 LITROS/DIA

CÓDIGO-CONCEPTO	EUROS
- Con colectores de 1000 litros:	
138 Un colector	2.478,60
149 Dos colectores	5.965,85
150 De tres colectores en adiante: Sumarase á tarifa 149 Por cada colector	4.213,15
- Con colectores de 2400 litros:	
148 Cada colector	6.966,50

DISPOSICIÓN FINAIS

2ª. Esta ordenanza comenza a aplicarse o 1 de xaneiro de 2020, permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derogación expresa.

2º) Someter a Ditame do TEA do Concello.

3º) Aprobación provisional do Proxecto ditaminado en sesión plenaria.

4º) Someter a exposición pública por prazo de 30 días hábiles, con inserción de anuncio no BOP, Taboleiro do Concello, Páxina Web e Prensa Local para exame e reclamacións.

5º) Para o caso de non presentarse reclamacións entenderase adoptado o acordo de aprobación definitiva coas seguintes particularidades:

a) Publicar o texto da modificación no BOP para a súa entrada en vigor.

b) Facultar á Dirección de Ingresos para a redacción do correspondente texto refundido.”

En data 17 de xullo de 2019, o Tribunal Económico Administrativo emite informe previo de legalidade do expediente de modificación da Ordenanza Fiscal Xeral.

O Interventor Xeral, en data 19.07.19, emite informe de fiscalización de dita Ordenanza.

En sesión, de data 26 de xullo, a Xunta de Goberno Local aprobou o proxecto de Modificación.

O 30 de xullo o Tribunal Económico Administrativo do Concello de Vigo, ditamina favorablemente a proposta de modificación da Ordenanza Fiscal Xeral.

En data 12.08.19 o Membro Non Adscrito, o grupo municipal Mixto e o grupo municipal do Partido Popular, achegan escrito de presentación de emendas.

O 23 de agosto a Dirección de Ingresos emite informes en relación ás emendas presentadas.

A Comisión Informativa de Orzamentos e Facenda, na súa sesión ordinaria do 28.08.2019, ditamina favorablemente dita proposta, rexeitando as emendas presentadas.

VOTACIÓN: Con dezaoito votos a favor dos membros do grupo municipal Socialista, señores e señoras Abelairas Rodríguez, Aguiar Castro, Aneiros Pereira, Blanco Iglesias, Caride Estévez, Expinosa Mangana, Fernández Pérez, Gomez Días, Iglesias González, Lago Barreiro, López Font, Losada Alvarez, Mejías Sacaluga, Rivas González, Rodríguez Calviño, Rodríguez Díaz, Rodríguez Rodríguez e a Presidencia, e sete votos en contra dos membros do grupo municipal do Partido Popular, señores e señoras Egerique Mosquera, Gonzalez Castillo, López Roman e Marnotes González, mais dos membros do grupo municipal Mixto, señora e señor Mendez Fuentes e Pérez Correa, e mais do membro non adscrito, Sr. Pérez Igrexas, adóptase o seguinte,

ACORDO:

PRIMEIRO.- Rexeitar as emendas presentadas.

SEGUNDO: Aprobación inicial do Proxecto de Modificación da Ordenanza Fiscal Reguladora das Taxas pola recollida do Lixo para o exercicio 2020, segundo a redacción que consta na proposta de acordo.

TECEIRO: Someter a exposición pública por prazo de 30 días hábiles, con inserción de anuncio no Boletín oficial da provincia, taboleiro do Concello e prensa local para exame e reclamacións.

CUARTO: Para o caso de non presentarse reclamacións entenderase adoptado o acordo de aprobación definitiva coas seguintes particularidades:

- a) Publicarase o texto da modificación no BOP para a súa entrada en vigor.
- b) Facúltase á Dirección de Ingresos para a redacción do correspondente texto refundido.

12(136).- APROBACIÓN INICIAL DO PROXECTO DE MODIFICACIÓN PARA O EXERCICIO 2020 DA ORDENANZA FISCAL REGULADORA DAS TAXAS POLA PRESTACIÓN DOS SERVIZOS DE SANIDADE PREVENTIVA, DESINFECCIÓN, DESINSECTACIÓN, DESRATIZACIÓN E DESTRUCCIÓN DE CALQUERA CLASE DE MATERIAS E PRODUTOS CONTAMINANTES OU PROPAGADORES DE XERMES NOCIVOS PARA A SAÚDE PÚBLICA PRESTADOS A DOMICILIO OU POR ENCARGO. EXPTE. 2587/500 (REXISTRO PLENO 2124/1101)

ANTECEDENTES: No expediente consta informe proposta emitido pola Dirección Xeral de Ingresos en data 16.07.2019, no que consta a seguinte modificación ao articulado

“1.NORMATIVA APLICABLE.

- Constitución española de 27 de decembro de 1978. (CE)
- Lei 7/1985, de 2 de abril, de Bases do réxime local. (LBRL)
- Real decreto lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais. TRLRFL
- Lei 5/1997, de 22 de xullo, de réxime local de Galicia. (LRLG)
- Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria.
- Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento administrativo común das administracións públicas. (en adiante Lei 39/2015)
- Lei orgánica 2/2012, de estabilidade orzamentaria e sostibilidade financeira.
- Lei 27/2013, de 27 de decembro, de Racionalización e sostibilidade do goberno local.
- Lei 8/1989, de 13 de abril, de Taxas e prezos públicos.
- Lei 14/1986, de 25 de abril, Xeral de Sanidade.

2. ANTECEDENTES DE FEITO.

Primeiro.- Mediante Acordo plenario de data 6 de setembro de 2017 aprobouse a modificación da ordenanza fiscal (expte. 2408/500).

Segundo.- O Sr. Concelleiro-Delegado da Área de Orzamentos e Facenda ditou orde de inicio de expediente de modificación en data 1.07.2019.

3. CONSIDERACIÓNS TÉCNICAS E XURÍDICAS

a) A obrigada posición de equilibrio ou superávit orzamentario establecida no artigo 11.4 da LOEOSF motiva a proposta de actualización das tarifas contida no presente expediente.

O obxectivo de manter a solvencia das contas públicas municipais xunto co de incrementar a calidade dos servizos prestados, obriga a conectar de forma indisoluble ingresos e gastos para acadar o equilibrio orzamentario antedito.

Nos últimos anos, determinados pronunciamentos xurisprudenciais e legislativos vencellados á evolución do mercado inmobiliario e a súa incidencia na aplicación dos tributos locais, teñen afectado gravemente á capacidade recadadora dalgúns tributos propios. Tense reducido a materia /base imponible no imposto sobre bens inmobles e no imposto sobre incremento de valor dos terreos de natureza urbana (solos urbanizables sen ordenación detallada teñen pasado da consideración catastral de urbanos a rústicos e, nas transmisións de inmobles, só tributan no imposto de plusvalía aquelas que revelan capacidade económica). Por outra parte a capacidade recadadora do imposto de construcións, instalacións e obras segue a súa recuperación a ritmo moi lento e cativo.

b) Nos expedientes da última modificación de tipos impositivos e tarifas de taxas aprobados en sesión plenaria do 06.09.17 tomáronse como referencia índices de prezos e de evolución económica ata abril de 2017. No presente expediente, constan como anexo datos proporcionados polo Instituto Nacional de Estatística sobre variacións de prezos dende abril de 2017 ata os últimos coñecidos na data de redacción deste informe que son os de maio de 2019: a variación do índice xeral nacional do IPC sitúase no 2,8%, a mesma cifra para o IPC en Galicia e, un 2,9% para a variación do índice nacional da rúbrica vivenda en aluguer. No citado anexo consta tamén a taxa de referencia de crecemento do produto interior bruto de medio prazo para 2020, última aprobada e publicada no Boletín Oficial do Congreso de Deputados de 13 de xullo de 2017, que constitúe o teito de gasto orzamentario non financeiro segundo o disposto no artigo 12 da LOEOSF. A taxa vixente para 2020 é do 2,8%.

Ningún dos indicadores anteriores determina, de modo automático, a contía da actualización das tarifas que se formula no presente expediente pero constitúen unha referencia económica importante de cara ao cumprimento do obxectivo de estabilidade orzamentaria no vindeiro exercicio.

c) Dende a perspectiva legal, o TRLRFL regula o relativo as taxas locais nos artigos 20 a 27 axustándose ao seu contido o articulado da vixente ordenanza fiscal reguladora das taxas pola prestación dos servizos de sanidade preventiva, desinfección, desinsectación, desratización e destrución de calquera clase de materias e produtos contaminantes ou propagadores de xermes nocivos para a saúde pública prestados a domicilio ou por encargo.

Segundo estudio económico que obra no expediente os ingresos estimados para 2020 ascenden a 7.000€ fronte a un custe de 82.705,81€ polo que a actualización que se propón no presente expediente do 2,5% sobre as tarifas vixentes dende 1 de xaneiro de 2018 cumpre estritamente a regulación legal antedita.

Segundo o disposto no artigo 24.2 do Real Decreto legislativo 2/2004 de 5 de marzo que aproba o TRLRFL *“o importe das taxas pola prestación dun servizo o a*

realización dunha actividade non poderá exceder, no seu conxunto, do custe real ou previsible do servizo ou actividade de que se trate ou, no seu defecto do valor da prestación recibida.

Para a determinación do importe das taxas tomaranse en consideración os custes directos e indirectos, inclusive os de carácter financeiro, amortización do inmovilizado e, os necesarios para garantir o mantemento e un desenvolvemento razoable do servizo ou actividade cuxa prestación ou realización se esixe a taxa, todo isto con independencia do orzamento u organismo que o satisfaga”.

d) Actualízase na porcentaxe do 2,5% o importe dos ingresos brutos per cápita por debaixo dos que procederá a exención desta taxa. Actualízase, igualmente nun 2,5% o valor catastral total dos inmobles por debaixo do que, os seus titulares teñen dereito a exención.

4. INFORME SOBRE REPERCUSIÓN ORZAMENTARIA.

De conformidade co artigo 129.7 da Lei 39/2015, faise constar a continuación a estimación da repercusión orzamentaria na partida correspondente a esta taxa.

Segundo os datos obrantes nos servizos tributarios do Concello relativos ao cumprimento orzamentario das previsións para este exercicio 2019, o impacto orzamentario para 2020 ascende a 150€.

5. INFORME SOBRE O IMPACTO DE XÉNERO.

A presente modificación non introduce ningunha disposición que teña incidencia por razón de xénero, xa que afecta a quen teña a condición de contribuínte. Consecuentemente, o impacto por razón de xénero será nulo.

6. INNECESARIEDADE DO TRAMITE PREVISTO NO ARTIGO 133 DA LEI 39/2015 DO 1 DE OUTUBRO DO PAC.

Segundo o apartado 4 do artigo 133 da Lei 39/2015, “cando a proposta normativa non teña un impacto significativo na actividade económica, non imponha obrigas relevantes aos destinatarios ou regule aspectos parciais dunha materia, poderá omitirse a consulta pública” a que se refire o apartado 1 do mesmo artigo.

O informe do Tribunal Económico Administrativo do Concello de Vigo de data 20.06.17 é coincidente co da Dirección Xeral de Tributos de data 10 de xaneiro de 2018 na innecesariedade de consulta previa no caso de modificación dunha ordenanza fiscal.

Segundo a Dirección Xeral de Tributos: “o trámite de consulta previa debe substanciarse cando se trata dunha nova ordenanza fiscal, mentres que no caso da modificación dunha ordenanza fiscal aprobada con anterioridade, pode obviarse dito trámite por tratarse dunha regulación parcial da materia”.

Tramitación da modificación.

O expediente deberá ser tramitado conforme dispón o artigo 111 da LRBRL, artigos 15 a 19 do TRLRFL e artigo 137 apartado 1 b) da citada LRBRL.

Segundo informe do TEA do Concello de data 15 de xuño de 2018, «unha vez incorporados os correspondentes informes xurídicos, técnicos e económicos, será redactado Informe-Proposta e o expediente será remitido á Intervención Xeral. Expresamente se solicitará a dito órgano que “de conformidade co indicado polo TEACV, órgano competente para o Ditame sobre os Proxectos de Ordenanzas Fiscais, deberá informarse sobre o cumprimento dos obxectivos de estabilidade orzamentaria, suficiencia financeira e demais restricións orzamentarias que se puideran derivar do acordo proposto”.

Con carácter potestativo poderá solicitarse ao TEACV, como ven sucedendo dende a creación deste, informe previo sobre a legalidade da Proposta de Proxecto que se somete a aprobación da Xunta de Goberno Local, a fin de que, tanto polos órganos políticos como polos administrativos, exista garantía sobre a conformidade no Ditame que será emitido con posterioridade á aprobación, no seu caso, da Proposta de Proxecto pola Xunta de Goberno Local. Así mesmo, e se este órgano así o estima conveniente, complementa o control de legalidade de quen teña atribuída dita función nos asuntos que deban ser sometidos á consideración da Xunta de Goberno Local.

Unha vez aprobado o Proxecto pola Xunta de Goberno Local será novamente remitido ao TEACV, quen elaborará o correspondente Ditame. Incorporado o preceptivo Ditame, o expediente, agora xa completo, será remitido á Secretaría do Pleno a fin da súa posta de manifesto aos voceiros dos grupos municipais e para o seu estudio e debate en Comisión Informativa e no Pleno.

De producirse transaccións políticas na fase de Propostas de emendas que varíen a redacción do Proxecto, deberá remitirse novamente o texto modificado á Intervención Xeral para o referido informe sobre cumprimento de restricións orzamentarias como previo á aprobación pola Xunta de Goberno Local do texto modificado e sometido a novo Ditame do TEACV.

O expediente co texto aprobado pola Xunta de Goberno Local e ditaminado polo TEACV someterase a estudio e aprobación pola Comisión Informativa correspondente e será remitido para a súa aprobación provisional polo Pleno.

Producida dita aprobación provisional, exporase ao público por prazo de trinta días a fin de que, por quen teña a condición de interesado, poida ser plantexada a oportuna reclamación.

De ser presentadas reclamacións, determinarase previamente a admisibilidade das mesmas e, entre as admitidas, resolverase estimando ou desestimando as mesmas, dándose conta á Xunta de Goberno Local e remitíndose ao Pleno para aprobación definitiva. No caso de non presentarse reclamacións ou incorrer todas as presentadas en causa de inadmisibilidade, entenderase aprobado o texto sen necesidade de remisión ao Pleno para a súa aprobación definitiva.

No caso de ser presentadas reclamacións admisibles contra o acordo de aprobación provisional, sexan estimadas ou non, procederá a remisión ao Pleno aos efectos da aprobación definitiva. No caso de que pola estimación de reclamación contra o Acordo de aprobación provisional se modifícase este, o texto da Ordenanza será remitido previamente ao TEACV para novo Ditame».

A vista do anterior, esta Dirección de Ingresos solicita, da Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte,

ACORDO

1º) Aprobar provisionalmente a seguinte:

MODIFICACIÓN DOS SEGUINTE ARTIGOS DA ORDENANZA FISCAL REGULADORA DAS TAXAS POLA PRESTACIÓN DOS SERVIZOS DE SANIDADE PREVENTIVA, DESINFECCIÓN, DESINSECTACIÓN, DESRATIZACIÓN E DESTRUCCIÓN DE CALQUERA CLASE DE MATERIAS E PRODUTOS CONTAMINANTES OU PROPAGADORES DE XERMES NOCIVOS PARA A SAÚDE PÚBLICA PRESTADOS A DOMICILIO OU POR ENCARGO. (19), QUE QUEDARÁN REDACTADOS COMO SEGUE:

ARTIGO 1.- FEITO IMPOÑIBLE.

Modifícanse os apartados b) e i)

b) A prevención e control hixiénico-sanitario e desinfección e desinsectación, no seu caso, a realizar segundo o esixan as circunstancias, ó menos unha vez ó ano, sobre as condicións de salubridade, sanidade e hixiene dos edificios e lugares públicos.

i) O control hixiénico-sanitario dos vertedoiros de refugallos ao que se refire a Lei 10/08 de 21 de Residuos de Galicia e a lei 22/2011 estatal de Residuos e suelos contaminados.

ARTIGO 3.- EXENCIÓNS E BONIFICACIÓNS

Modifícanse os apartados a) e b)

En materia de exencións e bonificacións de taxas por prestación de servizos, non poderán recoñecerse outros beneficios fiscais que os expresamente previstos en normas de rango legal e tratados internacionais.

a) Estarán exentos das taxas reguladas na presente ordenanza, os suxeitos pasivos membros de familias con ingresos brutos anuais per cápita inferiores a 4.166 €. A titularidade de Bens Inmóveis de Natureza Urbana, a excepción da vivenda na que residen, non deberá superar un valor catastral total de 50.538 €.

b) Estarán exentos do pagamento das taxas reguladas nesta ordenanza os suxeitos pasivos membros de familias que teñan a condición de familias numerosas, con ingresos brutos anuais per cápita inferiores a 6.519 €.

ARTIGO 4.- COTAS.

As tarifas destas taxas serán as seguintes:

1. DESINSECTACION

- | | |
|---|---------|
| 1.1. Por cada actuación nunha vivenda ou local;
polos primeiros 25 m2. | 25,20 € |
| 1.2. Por cada m2 a maiores | 0,65 € |

2. DESRATIZACIÓN

- | | |
|---|---------|
| 2.1. Por cada actuación nunha vivenda ou local;
polos primeiros 50 m2. | 25,20 € |
| 1.2. Por cada 50 m2 a maiores | 6,65 € |

3. DESINFECCIÓN

- | | |
|---|---------|
| 3.1. Por cada actuación nunha vivenda ou local;
polos primeiros 25 m2. | 25,20 € |
| 3.2. Por cada m2 a maiores | 0,65 € |

4. VEHÍCULOS

- | | |
|---|---------|
| 4.1. Por desinfección autotaxi. | 9,90 € |
| 4.2. Ídem. autobuses transporte urbano. | 19,80 € |
| 4.3. Ídem. camión, autobús ou transporte de mobles. | 28,75 € |

A prestación de servizos realizados fóra do horario normal de traballo sufrirá un recargo do 50% sobre as tarifas sinaladas.

DISPOSICIÓN FINAIS.

2ª. Esta ordenanza comenza a aplicarse o 1 de xaneiro de 2020, permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derogación expresa.

2º) Someter a Ditame do TEA do Concello.

3º) Aprobación provisional do Proxecto ditaminado en sesión plenaria.

4º) Someter a exposición pública por prazo de 30 días hábiles, con inserción de anuncio no BOP, Taboleiro do Concello, Páxina Web e Prensa Local para exame e reclamacións.

5º) Para o caso de non presentarse reclamacións entenderase adoptado o acordo de aprobación definitiva coas seguintes particularidades:

a) Publicar o texto da modificación no BOP para a súa entrada en vigor.

b) Facultar á Dirección de Ingresos para a redacción do correspondente texto refundido.”

En data 17 de xullo de 2019, o Tribunal Económico Administrativo emite informe previo de legalidade do expediente de modificación da Ordenanza Fiscal Xeral.

O Interventor Xeral, en data 19.07.19, emite informe de fiscalización de dita Ordenanza.

En sesión, de data 26 de xullo, a Xunta de Goberno Local aprobou o proxecto de Modificación.

O 30 de xullo o Tribunal Económico Administrativo do Concello de Vigo, ditamina favorablemente a proposta de modificación da Ordenanza Fiscal Xeral.

En data 12.08.19 o Membro Non Adscrito, o grupo municipal Mixto e o grupo municipal do Partido Popular, achegan escrito de presentación de emendas.

O 23 de agosto a Dirección de Ingresos emite informes en relación ás emendas presentadas.

A Comisión Informativa de Orzamentos e Facenda, na súa sesión ordinaria do 28.08.2019, ditamina favorablemente dita proposta, rexeitando as emendas presentadas.

VOTACIÓN: Con dezaoito votos a favor dos membros do grupo municipal Socialista, señores e señoras Abelairas Rodríguez, Aguiar Castro, Aneiros Pereira, Blanco Iglesias, Caride Estévez, Expinosa Mangana, Fernández Pérez, Gomez Días, Iglesias González, Lago Barreiro, López Font, Losada Alvarez, Mejías Sacaluga, Rivas González, Rodríguez Calviño, Rodríguez Díaz, Rodríguez Rodríguez e a Presidencia, e sete votos en contra dos membros do grupo municipal do Partido Popular, señores e señoras Egerique Mosquera, Gonzalez Castillo, López Roman e Marnotes

González, mais dos membros do grupo municipal Mixto, señora e señor Mendez Fuentes e Pérez Correa, e mais do membro non adscrito, Sr. Pérez Igrexas, adóptase o seguinte,

ACORDO:

PRIMEIRO.- Rexeitar as emendas presentadas.

SEGUNDO: Aprobación inicial do Proxecto de Modificación da Ordenanza Fiscal Reguladora das Taxas pola prestación dos Servizos de Sanidade Preventiva, desinfección, desinsectación, desratización e destrución de calquera clase de materias e produtos contaminantes ou propagadores de xermes nocivos para a saúde pública prestados a domicilio ou por encargo para o exercicio 2020, segundo a redacción que consta na proposta de acordo.

TECEIRO: Someter a exposición pública por prazo de 30 días hábiles, con inserción de anuncio no Boletín oficial da provincia, taboleiro do Concello e prensa local para exame e reclamacións.

CUARTO: Para o caso de non presentarse reclamacións entenderase adoptado o acordo de aprobación definitiva coas seguintes particularidades:

- a) Publicarase o texto da modificación no BOP para a súa entrada en vigor.
- b) Facúltase á Dirección de Ingresos para a redacción do correspondente texto refundido.

13(137).- APROBACIÓN INICIAL DO PROXECTO DE MODIFICACIÓN PARA O EXERCICIO 2020 DA ORDENANZA FISCAL REGULADORA DAS TAXAS POLA PRESTACIÓN DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR (SAF) NO CONCELLO DE VIGO. EXPTE. 2595/500 (REXISTRO PLENO 2125/1101)

ANTECEDENTES: No expediente consta informe proposta emitido pola Dirección Xeral de Ingresos en data 16.07.2019, no que consta a seguinte modificación ao articulado

“1.NORMATIVA APLICABLE.

- Constitución española de 27 de decembro de 1978. (CE)
- Estatuto de Autonomía de Galicia, aprobado por Lei orgánica 1/1981, de 6 de abril. (EA)
- Lei 7/1985, de 7 de abril, de bases do réxime local. (LBRL)
- Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración local de Galicia.(LRLG)
- Real decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo cal se aproba o Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais. (TRLRFL).
- Lei 39/2015, de 3 de outubro, de procedemento administrativo común das Administracións Públicas (en adiante Lei 39/2015).
- Lei 58/2003, de 17 de decembro, xeral tributaria.
- Lei orgánica 2/2012, de estabilidade orzamentaria e sostibilidade financeira.
- Lei 27/2013, de 27 de decembro, de Racionalización e sostibilidade do goberno local.
- Lei 8/1989, de 13 de abril, de Taxas e prezos públicos.
- Lei 39/2006, de 14 de decembro, de promoción da autonomía persoal e apoio ás persoas en situación de dependencia.
- Lei 13/2008, de 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia.
- Decreto 99/2012, de 16 de marzo, polo que se regulan os servizos sociais comunitarios e o seu financiamento.
- Orde do 22 de xaneiro de 2009 pola que se regula servizo de axuda a domicilio.

2. ANTECEDENTES DE FEITO.

Primeiro.- Mediante Acordo plenario de data 27 de setembro de 2010 resultaron aprobadas as tarifas da presente ordenanza fiscal contidas no artigo 4 punto 2^a), vixentes na actualidade.

Segundo.- Mediante Acordo plenario de data 03 de outubro de 2016 aprobouse modificación que afectaba unicamente ao procedemento de ingreso desta taxa (artigo 5). Expte. 2315/500

Terceiro.- O Sr. Concelleiro-Delegado da Área de Orzamentos e Facenda ditou orde de inicio de expediente de modificación en data 1.07.2019.

3. CONSIDERACIÓNS TÉCNICAS E XURÍDICAS

A presente modificación da ordenanza fiscal reguladora das taxas pola prestación do servizo de axuda no fogar (SAF) constitúe unha adaptación ao disposto na normativa autonómica, en particular ao Decreto 99/2012 de 16 de marzo polo que se regulan os servizos sociais comunitarios e o seu financiamento.

As tarifas vixentes, aprobadas en sesión plenaria de 27 de setembro de 2010 resultan de aplicación aos usuarios que non teñen recoñecemento da situación de dependencia, aprobado conforme a Lei 39/2006 de 14 de decembro de promoción da autonomía persoal e apoio ás persoas en situación de dependencia e normativa de desenvolvemento (usuarios de libre concorrencia).

Para esta categoría de usuarios, as tarifas propostas para 2020 contidas no artigo 4 punto 5 da ordenanza, constitúen “a porcentaxe mínima de participación no custe do servizo que, para cada tramo de capacidade económica, establece o Decreto 99/2012 de 16 de marzo da Consellería de traballo e benestar social polo que se regulan os servizos sociais comunitarios e o seu financiamento”. Constitúe unha excepción o primeiro tramo, pois na proposta resultan exentos de calquera aportación os usuarios con capacidade económica menor ou igual ao IPREM, mentres no Decreto citado estarían exentos só aqueles con capacidade económica ata o 80% do IPREM.

En relación aos usuarios “persoas dependentes” incorpórase no artigo 4 punto 4 a táboa de “participación no financiamento dos servizos das persoas dependentes”, debendo quedar constancia de que esta táboa ven sendo aplicada polo Concello de Vigo dende o exercicio 2013 por telo disposto así a normativa autonómica. O motivo da incorporación a este texto fiscal responde á finalidade de mellor coñecemento e maior transparencia.

Dende a perspectiva do TRLRFL o presente expediente cumpre o disposto nos artigos 20 a 27 relativo as taxas locais, en particular no que se refire a súa contía.

Segundo o disposto no artigo 24.2 do TRLRFL *“o importe das taxas pola prestación dun servizo o a realización dunha actividade non poderá exceder, no seu conxunto, do custe real ou previsible do servizo ou actividade de que se trate ou, no seu defecto do valor da prestación recibida.*

Para a determinación do importe das taxas tomaranse en consideración os custes directos e indirectos, inclusive os de carácter financeiro, amortización do inmovilizado e, os necesarios para garantir o mantemento e un desenvolvemento razoable do servizo ou actividade cuxa prestación ou realización se esixe a taxa, todo isto con independencia do orzamento u organismo que o satisfaga”.

Segundo estudio económico que obra no expediente os ingresos estimados para 2020 procedentes dos usuarios acadarían a cifra de 920.000€ do custe que afronta o Concello neste servizo (920.000€ de ingresos estimados para 2020 fronte a un custe para o Concello de 2.444.897,87€).

4. INFORME SOBRE REPERCUSIÓN ORZAMENTARIA.

De conformidade co artigo 129.7 da Lei 39/2015, faise constar a continuación a estimación da repercusión orzamentaria na partida correspondente a esta taxa.

Segundo os datos obrantes nos servizos tributarios do Concello así como na área de benestar social, relativos ao número de horas de prestación dos servizos de libre concorrencia (únicos que sofren variación na contía da aportación dos usuarios), a adaptación contida na presente ordenanza implicaría un impacto orzamentario no exercicio 2020 de aproximadamente 20.000€.

5. INFORME SOBRE O IMPACTO DE XÉNERO.

A presente modificación non introduce ningunha disposición que teña incidencia por razón de xénero, xa que afecta a quen teña a condición de contribuínte. Consecuentemente, o impacto por razón de xénero será nulo.

6. INNECESARIEDADE DO TRAMITE PREVISTO NO ARTIGO 133 DA LEI 39/2015 DO 1 DE OUTUBRO DO PAC.

Segundo o apartado 4 do artigo 133 da Lei 39/2015, “cando a proposta normativa non teña un impacto significativo na actividade económica, non impoña obrigas relevantes aos destinatarios ou regule aspectos parciais dunha materia, poderá omitirse a consulta pública” a que se refire o apartado 1 do mesmo artigo.

O informe do Tribunal Económico Administrativo do Concello de Vigo de data 20.06.17 é coincidente co da Dirección Xeral de Tributos de data 10 de xaneiro de 2018 na innecesariedade de consulta previa no caso de modificación dunha ordenanza fiscal.

Segundo a Dirección Xeral de Tributos: “o trámite de consulta previa debe substanciarse cando se trata dunha nova ordenanza fiscal, mentres que no caso da modificación dunha ordenanza fiscal aprobada con anterioridade, pode obviarse dito trámite por tratarse dunha regulación parcial da materia”.

Tramitación da modificación.

O expediente deberá ser tramitado conforme dispón o artigo 111 da LRBRL, artigos 15 a 19 do TRLRFL e artigo 137 apartado 1 b) da citada LRBRL.

Segundo informe do TEA do Concello de data 15 de xuño de 2018, *«unha vez incorporados os correspondentes informes xurídicos, técnicos e económicos, será redactado Informe-Proposta e o expediente será remitido á Intervención Xeral. Expresamente se solicitará a dito órgano que “de conformidade co indicado polo TEACV, órgano competente para o Ditame sobre os Proxectos de Ordenanzas Fiscais, deberá informarse sobre o cumprimento dos obxectivos de estabilidade orzamentaria, suficiencia financeira e demais restricións orzamentarias que se puideran derivar do acordo proposto”.*

Con carácter potestativo poderá solicitarse ao TEACV, como ven sucedendo dende a creación deste, informe previo sobre a legalidade da Proposta de Proxecto que se somete a aprobación da Xunta de Goberno Local, a fin de que, tanto polos órganos políticos como polos administrativos, exista garantía sobre a conformidade no Ditame que será emitido con posterioridade á aprobación, no seu caso, da Proposta de Proxecto pola Xunta de Goberno Local. Así mesmo, e se este órgano así o estima conveniente, complementa o control de legalidade de quen

teña atribuída dita función nos asuntos que deban ser sometidos á consideración da Xunta de Goberno Local.

Unha vez aprobado o proxecto pola Xunta de Goberno Local será novamente remitido ao TEACV, quen elaborará o correspondente Ditame. Incorporado o preceptivo Ditame, o expediente, agora xa completo, será remitido á Secretaría do Pleno a fin da súa posta de manifesto aos voceiros dos grupos municipais e para o seu estudo e debate en Comisión Informativa e no Pleno.

De producirse transaccións políticas na fase de propostas de emendas que varíen a redacción do proxecto, deberá remitirse novamente o texto modificado á Intervención Xeral para o referido informe sobre cumprimento de restricións orzamentarias como previo á aprobación pola Xunta de Goberno Local do texto modificado e sometido a novo Ditame do TEACV.

O expediente co texto aprobado pola Xunta de Goberno Local e ditaminado polo TEACV someterase a estudo e aprobación pola Comisión Informativa correspondente e será remitido para a súa aprobación provisional polo Pleno.

Producida dita aprobación provisional, exporase ao público por prazo de trinta días a fin de que, por quen teña a condición de interesado, poida ser plantexada a oportuna reclamación.

De ser presentadas reclamacións, determinarase previamente a admisibilidade das mesmas e, entre as admitidas, resolverase estimando ou desestimando as mesmas, dándose conta á Xunta de Goberno Local e remitíndose ao Pleno para aprobación definitiva. No caso de non presentarse reclamacións ou incorrer todas as presentadas en causa de inadmisibilidade, entenderase aprobado o texto sen necesidade de remisión ao Pleno para a súa aprobación definitiva.

No caso de ser presentadas reclamacións admisibles contra o acordo de aprobación provisional, sexan estimadas ou non, procederá a remisión ao Pleno aos efectos da aprobación definitiva. No caso de que pola estimación de reclamación contra o acordo de aprobación provisional se modificase este, o texto da Ordenanza será remitido previamente ao TEACV para novo Ditame».

A vista do anterior, esta Dirección de Ingresos solicita, da Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte,

ACORDO

1º) Aprobar provisionalmente a seguinte:

“MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL REGULADORA DAS TAXAS POLA PRESTACIÓN DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR. (SAF)” 21, QUE QUEDARÁ REDACTADA COMO SEGUE:

ARTIGO 1. FEITO IMPOÑIBLE.

Constituirá o feito impoñible desta taxa a prestación do servizo de axuda no fogar.

ARTIGO 2. SUXEITOS PASIVOS.

Serán suxeitos pasivos, obrigados ao pagamento destas taxas quen se beneficien da prestación dos servizos sociais comunitarios prestados polo Concello de Vigo en función da súa capacidade económica. No caso de que as persoas anteriores carezan de capacidade de obrar, a obriga recaerá sobre quen ostente a súa representación legal.

ARTIGO 3. EXENCIÓNS E BONIFICACIÓNS.

Agás o disposto no artigo 4 seguinte e normas con rango legal ou tratados internacionais, non se admitirán outros beneficios fiscais nestas taxas.

ARTIGO 4. COTAS.

1. CONTÍA.

A contía da taxa será a resultante de aplicar, en función da capacidade económica dos usuarios:

- a) Unha porcentaxe da capacidade económica, nos usuarios de dependencia.
- b) Unha porcentaxe do prezo/hora de prestación do servizo, nos usuarios de libre concorrencia. Esta porcentaxe variará en función da capacidade económica da persoa usuaria.

2. DETERMINACIÓN DA CAPACIDADE ECONÓMICA NO SISTEMA DE ATENCIÓN A PERSOAS USUARIAS DEPENDENTES.

2.1. A capacidade económica das persoas dependentes valoradas que teñan recoñecido un dereito de atención mediante o SAF calcularase de acordo coas normas de valoración contidas no capítulo II do título III do Decreto 149/2013, do 5 de setembro, polo que se define a carteira de servizos sociais para a promoción da autonomía persoal e a atención ás persoas en situación de dependencia e se determina o sistema de participación das persoas usuarias no financiamento do seu custo.

2.2. A capacidade económica da persoa usuaria será a determinada na resolución do Programa Individual de Atención (PIA) que, consonte ao previsto no Art. 38.2 do Decreto 15/2010, do 4 de febreiro, incluírá un pronunciamento expreso sobre a participación do usuario no custo dos servizos.

3. DETERMINACIÓN DA CAPACIDADE ECONÓMICA DAS PERSOAS USUARIAS DO SAF DE LIBRE CONCORRENCIA.

No SAF prestado a persoas ou unidades de convivencia distintas ás referidas no artigo anterior, o cómputo da capacidade económica farase de acordo cos seguintes criterios:

3.1. Computarase a renda de todas as persoas residentes na mesma unidade de convivencia. Para estes efectos, considérase «renda» a suma de calquera das modalidades de ingreso a que se refire o Art. 6.2 da Lei 35/2006, do 28 de novembro, do Imposto sobre a Renda das Persoas Físicas.

3.2. Computarase, así mesmo, o patrimonio neto de todas as persoas residentes na unidade de convivencia. Para estes efectos, enténdese por «patrimonio neto» o conxunto de bens e dereitos de contido económico dos que sexan titulares, determinados consonte coas regras de valoración recollidas na Lei 19/1991, do 6 de xuño, do Imposto sobre o Patrimonio, con dedución das cargas e gravames de natureza real que diminúan o seu valor, así como das débedas e obrigas persoais das cales deban responder.

Igualmente, para o cómputo do patrimonio neto deberán terse en conta as exencións que prevé a Lei 19/1991, do 6 de xuño, do Imposto sobre o Patrimonio, respecto da vivenda habitual e doutros bens e dereitos.

3.3. A capacidade económica calcularase sumando todas as rendas computables, modificadas á alza pola suma dun 5% do patrimonio neto en cómputo anual e dividindo o resultado de dita suma entre o total de persoas que convivan no fogar.

3.4. O período que se computará na determinación da renda e do patrimonio será o correspondente ao último exercicio fiscal.

3.5. Malia o anterior, cando a capacidade económica da persoa usuaria só proveña da percepción de pensións, prestacións ou subsidios públicos, o período que se computará na súa determinación será o correspondente ao exercicio actual.

3.6. A capacidade económica da persoa usuaria determinarase en cómputo anual, sen prexuízo de que para o cálculo da súa participación no custo do servizo, se compute en termos mensuais calculada como a doceava parte da súa capacidade económica anual.

3.7. Os Servizos sociais do Concello de Vigo realizarán unha revisión anual para a actualización da información relativa á capacidade económica das persoas usuarias do SAF; sen prexuízo de que, se tivesen coñecemento dalgunha modificación na capacidade da persoa usuaria, poidan actuar de oficio para regularizar a súa situación.

4. PARTICIPACIÓN NO FINANCIAMENTO DO SERVIZO DAS PERSOAS DEPENDENTES CON DEREITO DE ATENCIÓN RECOÑECIDO COMO USUARIAS DO SAF.

4.1. No caso de que a capacidade económica da persoa usuaria do SAF para persoas dependentes valoradas con dereito de atención recoñecido sexa igual ou inferior ó Indicador Público de Rendas de Efectos Múltiples (IPREM), quedará exenta da obriga de participar no custo do servizo.

4.2. Nos demais supostos, aplicarase a seguinte táboa, na que se expresa o copagamento en termos de porcentaxe sobre a capacidade económica da persoa usuaria e en función da intensidade do servizo asignado:

Capacidade económica (referenciada ao IPREM) Ata	Grao I <=20 h	Grao II <=45 h	Grao III <=70 h
100,00 %	0,00 %	0,00 %	0,00 %
115,00 %	4,52 %	9,61 %	14,70 %
125,00 %	5,41 %	11,50 %	17,58 %
150,00 %	5,55 %	11,79 %	18,03 %
175,00 %	5,65 %	12,00 %	18,35 %
200,00 %	5,72 %	12,16 %	18,60 %
215,00 %	5,81 %	12,34 %	18,87 %
250,00 %	6,03 %	12,82 %	19,61 %
300,00 %	6,24 %	13,26 %	20,29 %
350,00 %	6,42 %	13,63 %	20,85 %
400,00 %	6,54 %	13,90 %	21,25 %
450,00 %	6,63 %	14,09 %	21,55 %
500,00 %	6,70 %	14,25 %	21,79 %
>500 %	6,76 %	14,36 %	21,97 %

4.3. Nos casos en que, por renuncia parcial expresa da persoa beneficiaría ao seu dereito de atención co número de horas expresadas no PIA, ou cando por tratarse dun suposto de compatibilización do SAF con outro servizo ou prestación do catálogo, as horas reais prestadas de SAF sexan inferiores á cantidade expresada en cada columna da táboa anterior para o grao e nivel correspondente, a cantidade a pagar será minorada proporcionalmente á diminución das horas efectivas de servizo.

4.4. En ningún caso o importe da participación económica que deberá ingresar a persoa usuaria en concepto de participación no custo do servizo poderá exceder do 90%, do custe determinado en termos de prezo/hora.

5. PARTICIPACIÓN DAS PERSOAS USUARIAS NO FINANCIAMENTO DO SAF NO RÉXIME DE LIBRE CONCORRENCIA.

5.1. Para o SAF, en réxime de libre concorrancia, das persoas que non teñan o recoñecemento da situación de dependencia ou non as asista o dereito de acceso efectivo ao catálogo de servizos de atención á dependencia, segundo o calendario de implantación que se establece na Lei 39/2006, de 14 de decembro, de promoción da autonomía persoal e atención ás persoas en situación de dependencia, aplicarase a seguinte táboa, que regula unha progresiva participación económica no custo do servizo en base ao cálculo da capacidade económica *per cápita*, tomando como referencia o establecido no artigo 60 do Decreto 99/ 2012 do 16 de marzo, non sendo o tramo exento que incluírá a todas as persoas con capacidade económica menor ou igual ao IPREM.

CAPACIDADE ECONÓMICA	% Achegas/ custe/hora
Menor ou igual ao IPREM	0%
Maior do IPREM e menor ou igual a 1,50 IPREM	10,00%
Maior de 1,50 e menor ou igual a 2,00 IPREM	20,00%
Maior de 2,00 e menor ou igual a 2,50 IPREM	40,00%
Maior de 2,50 IPREM	60,00%

5.2. Sen prexuízo do anterior, poderán establecerse excepcións ós criterios xerais do referido copagamento nos casos en que a situación causante da aplicación do SAF sexa unha problemática de desestruturación familiar, exclusión social ou pobreza infantil; circunstancias que deberán estar debidamente xustificadas no correspondente informe social.

5.3. En calquera caso, establécese un límite máximo de participación económica das persoas usuarias do 40% da súa capacidade económica.

ARTIGO 5. DEVENGO, PERÍODO IMPOSITIVO, LIQUIDACIÓN E RECADACIÓN

1. A obriga de pagamento desta taxa nace dende que se inicia a prestación do servizo correspondente e continúa ata a baixa ou suspensión do servizo.

2. O período impositivo será mensual. A liquidación da taxa, na que constarán os datos precisos para a determinación da cota correspondente á mensuralidade que se indique nela, practicarase por meses naturais. Cando os recibos mensuais fosen de escasa contía, o Servizo de Benestar social poderá acumular as cotas devengadas mensualmente nun só recibo trimestral.

3. Procederá o rateo da cota correspondente ao mes de inicio en función dos días que resten ata o último do mes, pasándose ao cobro xunto coa liquidación da primeira mensuralidade seguinte.

4. Cando por causa debidamente xustificada o usuario deixe de recibir o SAF, o suxeito pasivo estará exento de aboar a cota mensual desde a data que se estableza na resolución acordando a suspensión. A suspensión da cota durará ata o primeiro día no que teña lugar a reincorporación do usuario ao servizo, procedendo ao rateo da cota da mesma forma que no inicio da prestación.

A solicitude de suspensión da cota, xunto coa acreditación documental da circunstancia que a motiva, deberá presentarse no Rexistro xeral municipal coa antelación de quince días naturais anteriores ao da resolución sobre a procedencia da suspensión. En calquera caso, será imprescindible o informe da traballadora social, co visto e prace da Xefatura do Servizo de Benestar social, que se incorporará ao expediente. Nos casos en que o órgano competente municipal resolva a non procedencia da suspensión solicitada, procederá á liquidación dos días non incluídos en anteriores recibos.

5. Tamén se rateará a cota mensual nos supostos de baixa no servizo, que será efectiva dende a data que conste na resolución de finalización daquel.

6. O pagamento das taxas realizarase a mes vencido por domiciliación bancaria dos recibos que autorizará o/a solicitante do servizo no momento da sinatura do contrato e deberán ser satisfeitos o día 10 de cada mes ou inmediato hábil seguinte.

No suposto de que a domiciliación dunha mensuralidade fose devolta por causa imputable ao titular da conta de cargo, iniciarase o procedemento perceptivo, coas consecuencias legais correspondentes, pola mensuralidade non pagada.

A devolución dunha mensuralidade non supoñerá a baixa da domiciliación das vindeiras.

7. Se por calquera motivo o servizo non se prestase por causas non imputables á persoa usuaria, esta terá dereito a unha redución proporcional da cota mensual.

8. Se o servizo non se prestase por causas imputables á persoa usuaria, non haberá lugar a redución ningunha, mentres non se formalice a baixa ou a suspensión temporal correspondente.

ARTIGO 6. INFRACCIÓNS E SANCIÓNNS.

En todo o relativo á cualificación das infraccións relativas a esta Ordenanza así como á determinación das sancións que polas mesmas correspondan en cada caso, aplicarase o réxime establecido na Lei 58/2003, do 17 de decembro, Xeral Tributaria e normas de desenvolvemento desta.

ARTIGO 7. AFECTACIÓN DOS INGRESOS MUNICIPAIS POLO COPAGAMENTO DOS SERVIZOS.

De conformidade co Art. 56.7 de Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia, en todo caso, os ingresos que recade o Concello de Vigo en concepto de achega das persoas usuarias para a súa participación no custo dos servizos sociais comunitarios estarán afectados ó financiamento dos servizos sociais que reciban.

DISPOSICIÓNS FINAIS.

2. Esta ordenanza comenza a aplicarse o 1 de xaneiro de 2020, permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derogación expresa.

2º) Someter a Ditame do TEA do Concello.

3º) Aprobación provisional do Proxecto ditaminado en sesión plenaria.

4º) Someter a exposición pública por prazo de 30 días hábiles, con inserción de anuncio no BOP, Taboleiro do Concello e Prensa Local para exame e reclamacións.

5º) Para o caso de non presentarse reclamacións entenderase adoptado o acordo de aprobación definitiva coas seguintes particularidades:

a) Publicar o texto da modificación no BOP para a súa entrada en vigor.

b) Facultar á Dirección de Ingresos para a redacción do correspondente texto refundido.”

En data 17 de xullo de 2019, o Tribunal Económico Administrativo emite informe previo de legalidade do expediente de modificación da Ordenanza Fiscal Xeral.

O Interventor Xeral, en data 19.07.19, emite informe de fiscalización de dita Ordenanza.

En sesión, de data 26 de xullo, a Xunta de Goberno Local aprobou o proxecto de Modificación.

O 30 de xullo o Tribunal Económico Administrativo do Concello de Vigo, ditamina favorablemente a proposta de modificación da Ordenanza Fiscal Xeral.

En data 12.08.19 o Membro Non Adscrito, o grupo municipal Mixto e o grupo municipal do Partido Popular, achegan escrito de presentación de emendas.

O 23 de agosto a Dirección de Ingresos emite informes en relación ás emendas presentadas.

A Comisión Informativa de Orzamentos e Facenda, na súa sesión ordinaria do 28.08.2019, ditamina favorablemente dita proposta, rexeitando as emendas presentadas.

VOTACIÓN: VOTACIÓN: Con dezoito votos a favor dos membros do grupo municipal Socialista, señores e señoras Abelairas Rodríguez, Aguiar Castro, Aneiros Pereira, Blanco Iglesias, Caride Estévez, Expinosa Mangana, Fernández Pérez, Gomez Días, Iglesias González, Lago Barreiro, López Font, Losada Alvarez, Mejías Sacaluga, Rivas González, Rodríguez Calviño, Rodríguez Díaz, Rodríguez Rodríguez e a Presidencia, catro abstencións dos membros do grupo municipal do Partido Popular, señores e señoras Egerique Mosquera, Gonzalez Castillo, López Roman e Marnotes González e tres votos en contra do grupo municipal Mixto, señora e señor Mendez Fuentes e Pérez Correa, e do membro non adscrito, Sr. Pérez Igrexas, adóptase o seguinte

ACORDO:

PRIMEIRO.- Rexeitar as emendas presentadas.

SEGUNDO: Aprobación inicial do Proxecto de Modificación da Ordenanza Fiscal Reguladora das Taxas pola prestación do Servizo de Axuda no Fogar para o exercicio 2020, segundo a redacción que consta na proposta de acordo.

TECEIRO: Someter a exposición pública por prazo de 30 días hábiles, con inserción de anuncio no Boletín oficial da provincia, taboleiro do Concello e prensa local para exame e reclamacións.

CUARTO: Para o caso de non presentarse reclamacións entenderase adoptado o acordo de aprobación definitiva coas seguintes particularidades:

- a) Publicarase o texto da modificación no BOP para a súa entrada en vigor.
- b) Facúltase á Dirección de Ingresos para a redacción do correspondente texto refundido.

14(138).- APROBACIÓN INICIAL DO PROXECTO DE MODIFICACIÓN PARA O EXERCICIO 2020 DA ORDENANZA FISCAL REGULADORA DAS TAXAS POLA PRESTACIÓN DO SERVIZO DE ESCOLAS DE PRIMEIRA ETAPA DE EDUCACIÓN INFANTIL. EXPTE. 2588/500 (REXISTRO PLENO 2126/1101)

ANTECEDENTES: No expediente consta informe proposta emitido pola Dirección Xeral de Ingresos en data 16.07.2019, no que consta a seguinte modificación ao articulado

“1.NORMATIVA APLICABLE.

- Constitución española de 27 de decembro de 1978. (CE)
- Lei 7/1985, de 2 de abril, de Bases do réxime local. (LBRL)
- Real decreto lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais. TRLRFL
- Lei 5/1997, de 22 de xullo, de réxime local de Galicia. (LRLG)
- Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria.
- Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento administrativo común das administracións públicas. (en adiante Lei 39/2015)
- Lei orgánica 2/2012, de estabilidade orzamentaria e sostibilidade financeira.
- Lei 27/2013, de 27 de decembro, de Racionalización e sostibilidade do goberno local.
- Lei 8/1989, de 13 de abril, de Taxas e prezos públicos.

2. ANTECEDENTES DE FEITO.

Primeiro.- Mediante Acordo plenario de data 28 de setembro de 2009 aprobouse a última modificación das tarifas da ordenanza fiscal reguladora das taxas pola prestación do servizo de escolas de primeira etapa de educación infantil.

Primeiro.- Mediante Acordo plenario de data 3 de outubro de 2016 aprobouse modificación que afectaba unicamente ao procedemento de ingreso desta taxa (artigo 5). Expte. 2315/500.

Segundo.- O Sr. Concelleiro-Delegado da Área de Orzamentos e Facenda ditou orde de inicio de expediente de modificación en data 01.07.2019.

3. CONSIDERACIÓNS TÉCNICAS E XURÍDICAS

a) A obrigada posición de equilibrio ou superávit orzamentario establecida no artigo 11.4 da LOEOSF motiva a proposta de actualización das tarifas contida no presente expediente.

O obxectivo de manter a solvencia das contas públicas municipais xunto co de incrementar a calidade dos servizos prestados, obriga a conectar de forma indisoluble ingresos e gastos para acadar o equilibrio orzamentario antedito.

Nos últimos anos, determinados pronunciamentos xurisprudenciais e legislativos vencellados á evolución do mercado inmobiliario e a súa incidencia na aplicación dos tributos locais, teñen afectado gravemente á capacidade recadadora dalgúns tributos propios. Tense reducido a materia /base impositiva no imposto sobre bens inmobles e no imposto sobre incremento de valor dos terreos de natureza urbana (solos urbanizables sen ordenación detallada teñen pasado da consideración catastral de urbanos a rústicos e, nas transmisións de inmobles, só tributan no imposto de plusvalía aquelas que revelan capacidade económica). Por outra parte a capacidade recadadora do imposto de construcións, instalacións e obras segue a súa recuperación a ritmo moi lento e cativo.

b) Nos expedientes da última modificación de tipos impositivos e tarifas de taxas aprobados en sesión plenaria do 06.09.17 tomáronse como referencia índices de prezos e de evolución económica ata abril de 2017. No presente expediente, constan como anexo datos proporcionados polo Instituto Nacional de Estatística sobre variacións de prezos dende abril de 2017 ata os últimos coñecidos na data de redacción deste informe que son os de maio de 2019: a variación do índice xeral nacional do IPC sitúase no 2,8%, a mesma cifra para o IPC en Galicia e, un 2,9% para a variación do índice nacional da rúbrica vivenda en aluguer. No citado anexo consta tamén a taxa de referencia de crecemento do produto interior bruto de medio prazo para 2020, última aprobada e publicada no Boletín Oficial do Congreso de Deputados de 13 de xullo de 2017, que constitúe o teito de gasto orzamentario non financeiro segundo o disposto no artigo 12 da LOEOSF. A taxa vixente para 2020 é do 2,8%.

Ningún dos indicadores anteriores determina, de modo automático, a contía da actualización das tarifas que se formula no presente expediente pero constitúen unha referencia económica importante de cara ao cumprimento do obxectivo de estabilidade orzamentaria no vindeiro exercicio.

c) Dende a perspectiva legal, o TRLRFL regula o relativo as taxas locais nos artigos 20 a 27 axustándose ao seu contido o articulado da vixente ordenanza fiscal reguladora das taxas pola prestación do servizo de escolas de primeira etapa de educación infantil.

Segundo estudio económico que obra no expediente os ingresos estimados para 2020 ascenden a 110.400€ fronte a un custe de 1.912.634,23€ polo que a actualización que se propón no presente expediente do 2,5% sobre as tarifas vixentes dende 1 de xaneiro de 2018 cumpre estritamente a regulación legal antedita.

Segundo o disposto no artigo 24.2 do Real Decreto legislativo 2/2004 de 5 de marzo que aproba o TRLRFL *“o importe das taxas pola prestación dun servizo o a realización dunha actividade non poderá exceder, no seu conxunto, do custe real ou previsible do servizo ou actividade de que se trate ou, no seu defecto do valor da prestación recibida.*

Para a determinación do importe das taxas tomaranse en consideración os custes directos e indirectos, inclusive os de carácter financeiro, amortización do inmovilizado e, os necesarios para garantir o mantemento e un desenvolvemento razoable do servizo ou actividade cuxa prestación ou realización se esixe a taxa, todo isto con independencia do orzamento u organismo que o satisfaga”.

d) Actualízase na porcentaxe do 2,5% o importe dos ingresos brutos per cápita por debaixo dos que procederá a exención desta taxa. Actualízase, igualmente nun 2,5% o valor catastral total dos inmobles por debaixo do que, os seus titulares teñen dereito a exención.

4. INFORME SOBRE REPERCUSIÓN ORZAMENTARIA.

De conformidade co artigo 129.7 da Lei 39/2015, faise constar a continuación a estimación da repercusión orzamentaria na partida correspondente a esta taxa.

Segundo os datos obrantes nos servizos tributarios do Concello relativos ao cumprimento orzamentario das previsións para este exercicio 2019 estimase que o impacto orzamentario para 2020 ascenderá a 6.250.€

5. INFORME SOBRE O IMPACTO DE XÉNERO.

A presente modificación non introduce ningunha disposición que teña incidencia por razón de xénero, xa que afecta a quen teña a condición de contribuínte. Consecuentemente, o impacto por razón de xénero será nulo.

6. INNECESARIEDADE DO TRAMITE PREVISTO NO ARTIGO 133 DA LEI 39/2015 DO 1 DE OUTUBRO DO PAC.

Segundo o apartado 4 do artigo 133 da Lei 39/2015, “cando a proposta normativa non teña un impacto significativo na actividade económica, non impoña obrigas

relevantes aos destinatarios ou regule aspectos parciais dunha materia, poderá omitirse a consulta pública” a que se refire o apartado 1 do mesmo artigo.

O informe do Tribunal Económico Administrativo do Concello de Vigo de data 20.06.17 é coincidente co da Dirección Xeral de Tributos de data 10 de xaneiro de 2018 na innecesariedade de consulta previa no caso de modificación dunha ordenanza fiscal.

Segundo a Dirección Xeral de Tributos: “o trámite de consulta previa debe substanciarse cando se trata dunha nova ordenanza fiscal, mentres que no caso da modificación dunha ordenanza fiscal aprobada con anterioridade, pode obviarse dito trámite por tratarse dunha regulación parcial da materia”.

Tramitación da modificación.

O expediente deberá ser tramitado conforme dispón o artigo 111 da LRBRL, artigos 15 a 19 do TRLRFL e artigo 137 apartado 1 b) da citada LRBRL.

Segundo informe do TEA do Concello de data 15 de xuño de 2018, *«unha vez incorporados os correspondentes informes xurídicos, técnicos e económicos, será redactado Informe-Proposta e o expediente será remitido á Intervención Xeral. Expresamente se solicitará a dito órgano que “de conformidade co indicado polo TEACV, órgano competente para o Ditame sobre os Proxectos de Ordenanzas Fiscais, deberá informarse sobre o cumprimento dos obxectivos de estabilidade orzamentaria, suficiencia financeira e demais restricións orzamentarias que se puideran derivar do acordo proposto”.*

Con carácter potestativo poderá solicitarse ao TEACV, como ven sucedendo dende a creación deste, informe previo sobre a legalidade da Proposta de Proxecto que se somete a aprobación da Xunta de Goberno Local, a fin de que, tanto polos órganos políticos como polos administrativos, exista garantía sobre a conformidade no Ditame que será emitido con posterioridade á aprobación, no seu caso, da Proposta de Proxecto pola Xunta de Goberno Local. Así mesmo, e se este órgano así o estima conveniente, complementa o control de legalidade de quen teña atribuída dita función nos asuntos que deban ser sometidos á consideración da Xunta de Goberno Local.

Unha vez aprobado o Proxecto pola Xunta de Goberno Local será novamente remitido ao TEACV, quen elaborará o correspondente Ditame. Incorporado o preceptivo Ditame, o expediente, agora xa completo, será remitido á Secretaría do Pleno a fin da súa posta de manifesto aos voceiros dos grupos municipais e para o seu estudio e debate en Comisión Informativa e no Pleno.

De producirse transaccións políticas na fase de Propostas de emendas que varíen a redacción do Proxecto, deberá remitirse novamente o texto modificado á Intervención Xeral para o referido informe sobre cumprimento de restricións orzamentarias como previo á aprobación pola Xunta de Goberno Local do texto modificado e sometido a novo Ditame do TEACV.

O expediente co texto aprobado pola Xunta de Goberno Local e ditaminado polo TEACV someterase a estudio e aprobación pola Comisión Informativa correspondente e será remitido para a súa aprobación provisional polo Pleno.

Producida dita aprobación provisional, exporase ao público por prazo de trinta días a fin de que, por quen teña a condición de interesado, poida ser plantexada a oportuna reclamación.

De ser presentadas reclamacións, determinarase previamente a admisibilidade das mesmas e, entre as admitidas, resolverase estimando ou desestimando as mesmas, dándose conta á Xunta de Goberno Local e remitíndose ao Pleno para aprobación definitiva. No caso de non presentarse reclamacións ou incorrer todas as presentadas en causa de inadmisibilidade, entenderase aprobado o texto sen necesidade de remisión ao Pleno para a súa aprobación definitiva.

No caso de ser presentadas reclamacións admisibles contra o acordo de aprobación provisional, sexan estimadas ou non, procederá a remisión ao Pleno aos efectos da aprobación definitiva. No caso de que pola estimación de reclamación contra o Acordo de aprobación provisional se modificase este, o texto da Ordenanza será remitido previamente ao TEACV para novo Ditame».

A vista do anterior, esta Dirección de Ingresos solicita, da Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte,

ACORDO

1º) Aprobar provisionalmente a seguinte:

“MODIFICACIÓN DOS SEGUINTE ARTIGOS DA ORDENANZA FISCAL REGULADORA DAS TAXAS POLA PRESTACIÓN DO SERVIZO DE ESCOLAS DE PRIMEIRA ETAPA DE EDUCACIÓN INFANTIL. (23) QUE QUEDARÁN REDACTADOS COMO SEGUE:

ARTIGO 3.- EXENCIÓNS E BONIFICACIÓNS.

Modifícanse os puntos 1 e 3.

1. Estarán exentos das taxas reguladas na presente ordenanza, os nenos e nenas que pertencen a familias con ingresos brutos anuais per capita inferiores a 4.166 €. A titularidade de Bens Inmóveis de Natureza Urbana, a excepción da vivenda na que residen, non deberá superar un valor catastral total de 50.538 €.

3. Estarán exentos do pagamento das taxas reguladas nesta ordenanza os nenos e nenas que pertencen a familias numerosas que contén con ingresos brutos anuais, per capita inferiores a 6.519€.

ARTIGO 4.- COTAS.

As cotas tributarias relativas as taxas reguladas nesta Ordenanza determinaranse con arranxo ás seguintes tarifas:

MATRÍCULAMENSUALIDADE

Por cada nena ou neno pertencente a unidade familiar non exenta de acordo co artigo 3 desta ordenanza, ata a renda per cápita mensual de, 400,00 €.

	50,85	50,85
--	-------	-------

Por cada nena ou neno pertencente a unidade familiar con renda per cápita mensual entre 400,01 € e 472,00 €.

	76,25	76,25
--	-------	-------

Por cada nena ou neno pertencente a unidade familiar con renda per cápita mensual entre 472,01 € e 547,00 €.

	101,70	101,70
--	--------	--------

Por cada nena ou neno pertencente a unidade familiar con renda per cápita mensual superior a 547,00 €.

	127,10	127,10
--	--------	--------

DISPOSICIÓN FINAIS.

2ª. Esta ordenanza comenza a aplicarse o 1 de xaneiro de 2020, permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derogación expresa.

2º) Someter a Ditame do TEA do Concello.

3º) Aprobación provisional do Proxecto ditaminado en sesión plenaria.

4º) Someter a exposición pública por prazo de 30 días hábiles, con inserción de anuncio no BOP, Taboleiro do Concello, Páxina Web e Prensa Local para exame e reclamacións.

5º) Para o caso de non presentarse reclamacións entenderase adoptado o acordo de aprobación definitiva coas seguintes particularidades:

a) Publicar o texto da modificación no BOP para a súa entrada en vigor.

b) Facultar á Dirección de Ingresos para a redacción do correspondente texto refundido.”

En data 17 de xullo de 2019, o Tribunal Económico Administrativo emite informe previo de legalidade do expediente de modificación da Ordenanza Fiscal Xeral.

O Interventor Xeral, en data 19.07.19, emite informe de fiscalización de dita Ordenanza.

En sesión, de data 26 de xullo, a Xunta de Goberno Local aprobou o proxecto de Modificación.

O 30 de xullo o Tribunal Económico Administrativo do Concello de Vigo, ditamina favorablemente a proposta de modificación da Ordenanza Fiscal Xeral.

En data 12.08.19 o Membro Non Adscrito, o grupo municipal Mixto e o grupo municipal do Partido Popular, achegan escrito de presentación de emendas.

O 23 de agosto a Dirección de Ingresos emite informes en relación ás emendas presentadas.

A Comisión Informativa de Orzamentos e Facenda, na súa sesión ordinaria do 28.08.2019, ditamina favorablemente dita proposta, rexeitando as emendas presentadas.

VOTACIÓN: Con dezaoito votos a favor dos membros do grupo municipal Socialista, señores e señoras Abelairas Rodríguez, Aguiar Castro, Aneiros Pereira, Blanco Iglesias, Caride Estévez, Expinosa Mangana, Fernández Pérez, Gomez Días, Iglesias González, Lago Barreiro, López Font, Losada Alvarez, Mejías Sacaluga, Rivas González, Rodríguez Calviño, Rodríguez Díaz, Rodríguez Rodríguez e a Presidencia, e sete votos en contra dos membros do grupo municipal do Partido Popular, señores e señoras Egerique Mosquera, Gonzalez Castillo, López Roman e Marnotes González, mais dos membros do grupo municipal Mixto, señora e señor Mendez Fuentes e Pérez Correa, e mais do membro non adscrito, Sr. Pérez Igrexas, adóptase o seguinte,

ACORDO:

PRIMEIRO.- Rexeitar as emendas presentadas.

SEGUNDO: Aprobación inicial do Proxecto de Modificación da Ordenanza Fiscal Reguladora das Taxas pola prestación do Servizo de Escolas de Primeira Etapa para o exercicio 2020, segundo a redacción que consta na proposta de acordo.

TECEIRO: Someter a exposición pública por prazo de 30 días hábiles, con inserción de anuncio no Boletín oficial da provincia, taboleiro do Concello e prensa local para exame e reclamacións.

CUARTO: Para o caso de non presentarse reclamacións entenderase adoptado o acordo de aprobación definitiva coas seguintes particularidades:

- a) Publicarase o texto da modificación no BOP para a súa entrada en vigor.
- b) Facúltase á Dirección de Ingresos para a redacción do correspondente texto refundido.

15(139).- APROBACIÓN INICIAL DO PROXECTO DE MODIFICACIÓN PARA O EXERCICIO 2020 DA ORDENANZA REGULADORA DOS PREZOS PÚBLICOS DAS ESCOLAS MUNICIPAIS DE MUSICA E ARTES ESCÉNICAS. EXPTE. 2589/500 (REXISTRO PLENO 2127/1101)

ANTECEDENTES: No expediente consta informe proposta emitido pola Dirección Xeral de Ingresos en data 17.07.2019, no que consta a seguinte modificación ao articulado

“1.NORMATIVA APLICABLE.

- Constitución española de 27 de decembro de 1978 (CE).
- Lei 7/1985, de 2 de abril, de bases do réxime local (LRBRL).
- Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais (TRLRFL).
- Lei 5/1997, de 22 de xullo, de administración local de Galicia.
- Lei 58/2003, de 17 de decembro, xeral tributaria (LXT).
- Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas (en adiante, Lei 39/2015).
- Lei orgánica 2/2012, de estabilidade orzamentaria e sostibilidade financeira (LOEOSF).
- Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sostenibilidade do goberno local.
- Lei 8/1989, de 13 de abril, de taxas e prezos públicos.
- Lei orgánica 2/2006, de 3 de maio, de educación.
- Decreto 223/2010, de 30 de decembro, polo que se establece o Regulamento orgánico dos conservatorios elementais e profesionais de música e de danza da Comunidade Autónoma de Galicia.

2. ANTECEDENTES DE FEITO.

Primeiro.- Mediante Acordo plenario de data 6 de setembro de 2017 aprobouse a modificación da presente ordenanza reguladora dos prezos públicos das escolas municipais de música e artes escénicas.

Segundo.- O Sr. Concelleiro-Delegado da Área de Orzamentos e Facenda ditou orde de inicio de expediente de modificación en data 1 de xullo de 2019.

3. CONSIDERACIÓNS TÉCNICAS E XURÍDICAS

a) A obrigada posición de equilibrio ou superávit orzamentario establecida no artigo 11.4 da LOEOSF motiva a proposta de actualización de prezos públicos contida no presente expediente.

O obxectivo de manter a solvencia das contas públicas municipais xunto co de incrementar a calidade dos servizos prestados, obriga a conectar de forma indisoluble ingresos e gastos para acadar o equilibrio orzamentario antedito.

Nos últimos anos, determinados pronunciamentos xurisprudenciais e legislativos vencellados á evolución do mercado inmobiliario e a súa incidencia na aplicación dos tributos locais, teñen afectado gravemente á capacidade recadadora dalgúns tributos propios. Tense reducido a materia /base imponible no imposto sobre bens inmobles e no imposto sobre incremento de valor dos terreos de natureza urbana (solos urbanizables sen ordenación detallada teñen pasado da consideración catastral de urbanos a rústicos e, nas transmisións de inmobles, só tributan no imposto de plusvalía aquelas que revelan capacidade económica). Por outra parte a capacidade recadadora do imposto de construcións, instalacións e obras segue a súa recuperación a ritmo moi lento e cativo.

b) Nos expedientes da última modificación de tipos impositivos, tarifas de taxas e prezos públicos aprobados en sesión plenaria do 06.09.17 tomáronse como referencia índices de prezos e de evolución económica ata abril de 2017. No presente expediente, constan como anexo datos proporcionados polo Instituto Nacional de Estatística sobre variacións de prezos dende abril de 2017 ata os últimos coñecidos na data de redacción deste informe que son os de maio de 2019: a variación do índice xeral nacional do IPC sitúase no 2,8%, a mesma cifra para o IPC en Galicia e, un 2,9% para a variación do índice nacional da rúbrica vivenda en aluguer. No citado anexo consta tamén a taxa de referencia de crecemento do produto interior bruto de medio prazo para 2020, última aprobada e publicada no Boletín Oficial do Congreso de Deputados de 13 de xullo de 2017, que constitúe o teito de gasto orzamentario non financeiro segundo o disposto no artigo 12 da LOEOSF. A taxa vixente para 2020 é do 2,8%.

Ningún dos indicadores anteriores determina, de modo automático, a contía da actualización dos prezos públicos que se formula no presente expediente pero constitúen unha referencia económica importante de cara ao cumprimento do obxectivo de estabilidade orzamentaria no vindeiro exercicio.

c) Nesta Ordenanza procedemos á actualización de prezos públicos atendendo á estrutura de prezos que propón o informe do Técnico e da Xefa do Servizo de Educación de data 26/06/2019, no que reiteran o xa manifestado en informes anteriores sobre a necesidade de racionalizar e homoxeneizar as contías das tarifas das diferentes escolas en tres itinerarios para cada unha delas:

- Alumnos de 4 a 7 anos
- Itinerarios básico, medio e avanzado
- Formación de Agrupacións (For-Agrup)

A proposta contida no presente expediente segue a estrutura de prezos proposta no informe antedito, non obstante, modifícanse as súas contías con motivo da desigual e escasa cobertura do custo das diferentes escolas a través destes prezos públicos. Estímase que as tarifas deberían acadar, senón inmediatamente, nos dous próximos anos, as seguintes contías:

- Alumnos de 4 a 7 anos: (matrícula 45€ - mensualidade 25€)
- Itinerarios básico, medio e avanzado: (matrícula 45€ - mensualidade 30€)
- Formación de Agrupacións (For-Agrup): (matrícula 35€ - mensualidade 15€)

Sen embargo, para o exercicio 2020 só se acadarían as cifras propostas no itinerario básico, medio e avanzado da escola de música que parte dun prezo de matrícula no exercicio 2019 de 68,05€ e 68,95€ pasando a 45€ e mensualidades de 27,05€ e 27,90€ pasando a 30€.

Segundo os estudos económicos que obran no expediente, as coberturas de custo nas diferentes escolas acadarían, coas tarifas propostas para 2020, as seguintes porcentaxes de cobertura de custos: música nun 29,14%, teatro nun 19,86%, danza nun 12,73% e ETRAD nun 35,83%.

d) Dende a perspectiva legal, aínda que, o artigo 44.1 do TRLRFL, prescribe que “o importe dos prezos públicos debера cubrir como mínimo o custe do servizo prestado”, o Concello continúa fixando prezos públicos por debaixo do seu custe por entender que existen “razóns sociais...e culturais ou de interese público que así o aconsellan” (artigo 44.2 do citado TRLRFL).

A proposta que se formula implica unha actualización nos prezos públicos vixentes dende 1 de xaneiro de 2018 en contía variable, sen superar en promedio o 3%.

Segundo o informe económico que obra no expediente, o custe previsto para 2020 ascendería a 9.735.996,99€ e os ingresos previstos para o citado exercicio serían de 2.085.000€

4. INFORME SOBRE REPERCUSIÓN ORZAMENTARIA.

De conformidade co artigo 129.7 da Lei 39/2015, faise constar a continuación a estimación da repercusión orzamentaria nas partidas correspondentes ás distintas escolas do próximo exercicio 2020:

Escola Municipal de Música: 3.000€
Escola Municipal de Teatro: 1.500€
Escola "ETRAD": 2.500€
Escola Municipal de Danza: 7.000€ (*existe repercusión orzamentaria porque a tarifa a aplicar en 2020 estaba vixente pero demorada a súa efectividade*)

5. INFORME SOBRE O IMPACTO DE XÉNERO.

A presente modificación non introduce ningunha disposición que teña incidencia por razón de xénero, xa que afecta a quen teña a condición de contribuínte. Consecuentemente, o impacto por razón de xénero será nulo.

6. INNECESARIEDADE DO TRAMITE PREVISTO NO ARTIGO 133 DA LEI 39/2015 DO 1 DE OUTUBRO DO PAC.

Segundo o apartado 4 do artigo 133 da Lei 39/2015, "cando a proposta normativa non teña un impacto significativo na actividade económica, non imponha obrigas relevantes aos destinatarios ou regule aspectos parciais dunha materia, poderá omitirse a consulta pública" a que se refire o apartado 1 do mesmo artigo.

O informe do Tribunal Económico Administrativo do Concello de Vigo de data 20.06.17 é coincidente co da Dirección Xeral de Tributos de data 10 de xaneiro de 2018 na innecesariedade de consulta previa no caso de modificación dunha ordenanza fiscal.

Segundo a Dirección Xeral de Tributos: "o trámite de consulta previa debe substanciarse cando se trata dunha nova ordenanza fiscal, mentres que no caso da modificación dunha ordenanza fiscal aprobada con anterioridade, pode obviarse dito trámite por tratarse dunha regulación parcial da materia".

Tramitación da modificación.

O expediente deberá ser tramitado conforme ós artigos 49, 70.2 e concordantes da Lei 7/85 de 2 de abril de bases de réxime local.

A vista do anterior, esta Dirección de Ingresos solicita, da Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte,

ACORDO

1º) Aprobar a seguinte:

"MODIFICACIÓN DOS SEGUINTE ARTIGOS DA ORDENANZA REGULADORA DOS PREZOS PÚBLICOS DAS ESCOLAS MUNICIPAIS DE MUSICA E ARTES ESCÉNICAS" (40), QUE QUEDARÁN REDACTADOS COMO SEGUE:

ARTIGO 3.- CONTÍA

1. As tarifas deste prezo público serán as seguintes:

a) Escola Municipal de Danza

refúndense nun só epígrafe os itinerarios de danza e percusión sen variación de cotas.

Itinerarios Básico, Medio e Avanzado:

- Matrícula 40 €
- 9 mensualidades de 20 €

b) Escola Municipal de Música.

Itinerario Música e Movemento:

- Matrícula 45 €
- 9 mensualidades de 19 €

Suprímese a referencia ao itinerario profesional por ir incluído no seguinte epígrafe.

Itinerarios Básico, Medio e Avanzado:

- Matrícula 45 €
- 9 mensualidades de 30 €

Itinerario For-Grup:

- Matrícula 35 €
- 9 mensualidades de 13 €

Suprímense as referencias aos itinerarios For-Agrup con dúas materias e con tres ou máis materias, por iren incluídos no anterior epígrafe.

c) Escola Municipal de Teatro.

- Dramatización.

- Matrícula 40 €
- 9 mensualidades de 22 €

- Itinerario Básico, Medio e Avanzado

- Matrícula 40 €
- 9 mensualidades de 23 €

- For-Agrup

- Matrícula 30 €
- 9 mensualidades de 10 €

d) Escola Municipal de Música folk e tradicional (E-TRAD).

Itinerario Música e Movemento:

- Matrícula 40 €

- 9 mensualidades de	21 €
Básico, Medio e Avanzado.	
- Matrícula	40 €
- 9 mensualidades de	22 €
For-Agrup	
- Matrícula	30 €
- 9 mensualidades de	10 €
Cursos monográficos.	
20 horas ou fracción.	26 €
40 horas	47 €
60 horas	68 €
80 horas ou mais	89 €

2. Estarán exentos dos Prezos Públicos regulados nesta ordenanza, os membros de familias con ingresos brutos anuais per cápita inferiores a 4.166€ e 6.519€ para familias numerosas. A titularidade de Bens Inmobles de Natureza Urbana, a excepción da vivenda na que residen, non deberá superar un valor catastral total de 50.538 €.

Elimínase a Disposición Transitoria.

DISPOSICIÓN FINAL

Esta ordenanza comenza a aplicarse o 1 de xaneiro de 2020, permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derogación expresa.

2º) Aprobación inicial en sesión plenaria previo ditame pola Comisión Informativa de Facenda, co correspondente trámite de audiencia para emendas segundo o Regulamento Orgánico do Pleno.

3º) Someter a información pública e audiencia aos interesados por prazo de 30 días hábiles para a presentación de reclamacións e suxestións, con inserción de anuncio no BOP, Taboleiro do Concello, Páxina Web e Prensa Local para exame e reclamacións.

4º) Para o caso de non presentarse reclamacións ou suxestións, entenderase adoptado o acordo de aprobación definitiva e publicarase o texto da adaptación no BOP para a súa entrada en vigor.

5º) Facultar á Dirección de Ingresos para a redacción do correspondente texto refundido.”

O Interventor Xeral, en data 19.07.19, emite informe de fiscalización de dita Ordenanza.

En sesión, de data 26 de xullo, a Xunta de Goberno Local aprobou o proxecto de Modificación.

Con data 1.08.19, a técnica xurídica da Dirección de Ingresos emite informe.

A Secretaria de Administración Municipal, en data de 2.08.19, emite informe xurídico favorable.

En data 12.08.19 o Membro Non Adscrito, o grupo municipal Mixto e o grupo municipal do Partido Popular, achegan escrito de presentación de emendas.

O 23 de agosto a Dirección de Ingresos emite informes en relación ás emendas presentadas.

A Comisión Informativa de Orzamentos e Facenda, na súa sesión ordinaria do 28.08.2019, ditamina favorablemente dita proposta, rexeitando as emendas presentadas.

VOTACIÓN: Con dezaoito votos a favor dos membros do grupo municipal Socialista, señores e señoras Abelairas Rodríguez, Aguiar Castro, Aneiros Pereira, Blanco Iglesias, Caride Estévez, Expinosa Mangana, Fernández Pérez, Gomez Días, Iglesias González, Lago Barreiro, López Font, Losada Alvarez, Mejías Sacaluga, Rivas González, Rodríguez Calviño, Rodríguez Díaz, Rodríguez Rodríguez e a Presidencia, e sete votos en contra dos membros do grupo municipal do Partido Popular, señores e señoras Egerique Mosquera, Gonzalez Castillo, López Roman e Marnotes González, mais dos membros do grupo municipal Mixto, señora e señor Mendez Fuentes e Pérez Correa, e mais do membro non adscrito, Sr. Pérez Igrexas, adóptase o seguinte,

ACORDO:

PRIMEIRO.- Rexeitar as emendas presentadas.

SEGUNDO: Aprobación inicial do Proxecto de Modificación da Ordenanza Fiscal Reguladora dos Prezos Públicos das Escolas Municipais de Música e Artes Escénicas para o exercicio 2020, segundo a redacción que consta na proposta de acordo.

TECEIRO: Someter a exposición pública por prazo de 30 días hábiles, con inserción de anuncio no Boletín oficial da provincia, taboleiro do Concello e prensa local para exame e reclamacións.

CUARTO: Para o caso de non presentarse reclamacións entenderase adoptado o acordo de aprobación definitiva coas seguintes particularidades:

- a) Publicarase o texto da modificación no BOP para a súa entrada en vigor.
- b) Facúltase á Dirección de Ingresos para a redacción do correspondente texto refundido.

16(140).- APROBACIÓN INICIAL DO PROXECTO DE MODIFICACIÓN PARA O EXERCICIO 2020 DA ORDENANZA REGULADORA DOS PREZOS PÚBLICOS POR UTILIZACIÓN DAS INSTALACIÓNS DEPORTIVAS MUNICIPAIS DEPENDENTES DA CONCELLERÍA DE DEPORTES. EXPTE. 2592/500 (REXISTRO PLENO 2128/1101)

ANTECEDENTES: No expediente consta informe proposta emitido pola Dirección Xeral de Ingresos en data 17.07.2019, no que consta a seguinte modificación ao articulado

“1.NORMATIVA APLICABLE.

- Constitución española de 27 de decembro de 1978. (CE)
- Lei 7/1985, de 2 de abril, de bases do réxime local. (LBRL)
- Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais. TRLRFL
- Lei 5/1997, de 22 de xullo, de administración local de Galicia. (LRLG)
- Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas. (en adiante Lei 39/2015)
- Lei orgánica 2/2012, de estabilidade orzamentaria e sostibilidade financeira.

- Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sostibilidade do goberno local.
- Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria.
- Lei 8/1989, de 13 de abril, de Taxas e prezos públicos.
- Lei 13/2012, de 2 de abril do deporte de Galicia.

2. ANTECEDENTES DE FEITO.

Primeiro.- Mediante Acordo plenario de data 6 de setembro de 2017 aprobouse a modificación da ordenanza reguladora dos prezos públicos por utilización das instalacións deportivas municipais dependentes da Concellería de Deportes. (expte. 2411/500).

Segundo.- O Sr. Concelleiro-Delegado da Área de Orzamentos e Facenda ditou orde de inicio de expediente de modificación en data 1 de xullo de 2019.

3. CONSIDERACIÓNS TÉCNICAS E XURÍDICAS

a) A obrigada posición de equilibrio ou superávit orzamentario establecida no artigo 11.4 da LOEOSF motiva a proposta de actualización dos prezos públicos contida no presente expediente.

O obxectivo de manter a solvencia das contas públicas municipais xunto co de incrementar a calidade dos servizos prestados, obriga a conectar de forma indisoluble ingresos e gastos para acadar o equilibrio orzamentario antedito.

Nos últimos anos, determinados pronunciamentos xurisprudenciais e legislativos vencellados á evolución do mercado inmobiliario e a súa incidencia na aplicación dos tributos locais, teñen afectado gravemente á capacidade recadadora dalgúns tributos propios. Tense reducido a materia /base impositiva no imposto sobre bens inmobles e no imposto sobre incremento de valor dos terreos de natureza urbana (solos urbanizables sen ordenación detallada teñen pasado da consideración catastral de urbanos a rústicos e, nas transmisións de inmobles, só tributan no imposto de plusvalía aquelas que revelan capacidade económica). Por outra parte a capacidade recadadora do imposto de construcións, instalacións e obras segue a súa recuperación a ritmo moi lento e cativo.

b) Nos expedientes da última modificación de tipos impositivos, tarifas e prezos públicos aprobados en sesión plenaria do 06.09.17 tomáronse como referencia índices de prezos e de evolución económica ata abril de 2017. No presente expediente, constan como anexo datos proporcionados polo Instituto Nacional de Estatística sobre variacións de prezos dende abril de 2017 ata os últimos coñecidos na data de redacción deste informe que son os de maio de 2019: a variación do índice xeral nacional do IPC sitúase no 2,8%, a mesma cifra para o IPC en Galicia e, un 2,9% para a variación do índice nacional da rúbrica vivenda en aluguer. No citado anexo consta tamén a taxa de referencia de crecemento do produto interior bruto de medio prazo para 2020, última aprobada e publicada no Boletín Oficial do Congreso de Deputados de 13 de xullo de 2017, que constitúe o

teito de gasto orzamentario non financeiro segundo o disposto no artigo 12 da LOEOSF. A taxa vixente para 2020 é do 2,8%.

Ningún dos indicadores anteriores determina, de modo automático, a contía da actualización dos prezos públicos que se formula no presente expediente pero constitúen unha referencia económica importante de cara ao cumprimento do obxectivo de estabilidade orzamentaria no vindeiro exercicio.

c) Mediante a modificación proposta realízanse precisións de tipo técnico a requirimento do servizo xestor de deportes, actualízase na porcentaxe do 2,5% o importe dos ingresos brutos per cápita por debaixo dos que procederá a exención deste prezo público. Actualízase, igualmente nun 2,5% o valor catastral total dos inmobles por debaixo do que, os seus titulares teñen dereito a exención.

d) Dende a perspectiva legal, aínda que, o artigo 44.1 do TRLRFL, prescribe que “o importe dos prezos públicos debера cubrir como mínimo o custe do servizo prestado”, o Concello continúa fixando prezos públicos por debaixo do seu custe por entender que existen “razóns sociais...e culturais ou de interese publico que así o aconsellan” (artigo 44.2 do citado TRLRFL).

A proposta que se formula implica unha actualización nos prezos públicos vixentes dende 1 de xaneiro de 2018 nun 2,5%.

Segundo o informe económico que obra no expediente, o custe previsto para 2020 ascendería a 9.735.996,99€ e os ingresos previstos para o citado exercicio serían de 2.085.000€

4. INFORME SOBRE REPERCUSIÓN ORZAMENTARIA.

De conformidade co artigo 129.7 da Lei 39/2015, faise constar a continuación a estimación da repercusión orzamentaria na partida do prezo público por utilización das instalacións deportivas municipais dependentes da Concellería de Deportes do próximo exercicio 2020.

Segundo o anterior o impacto orzamentario para 2020 da presente modificación acadaría o importe de 48.500€

5. INFORME SOBRE O IMPACTO DE XÉNERO.

A presente modificación non introduce ningunha disposición que teña incidencia por razón de xénero, xa que afecta a quen teña a condición de contribuínte. Consecuentemente, o impacto por razón de xénero será nulo.

6. INNECESARIEDADE DO TRAMITE PREVISTO NO ARTIGO 133 DA LEI 39/2015 DO 1 DE OUTUBRO DO PAC.

Segundo o apartado 4 do artigo 133 da Lei 39/2015, “cando a proposta normativa non teña un impacto significativo na actividade económica, non imponha obrigas relevantes aos destinatarios ou regule aspectos parciais dunha materia, poderá omitirse a consulta pública” a que se refire o apartado 1 do mesmo artigo.

Tramitación da modificación.

O expediente deberá ser tramitado conforme ós artigos 49, 70.2 e concordantes da Lei 7/85 de 2 de abril de bases de réxime local.

A vista do anterior, esta Dirección de Ingresos solicita, da Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte,

ACORDO

1º) Aprobar provisionalmente a seguinte:

“MODIFICACIÓN DOS SEGUINTE ARTIGOS DA ORDENANZA REGULADORA DOS PREZOS PÚBLICOS POR UTILIZACIÓN DAS INSTALACIÓNS DEPORTIVAS MUNICIPAIS DEPENDENTES DA CONCELLERÍA DE DEPORTES”. (52)), QUE QUEDARÁN REDACTADOS COMO SEGUE:

ARTIGO 5. REDUCIÓNS NOS PREZOS PÚBLICOS (EXENCIÓNS E BONIFICACIÓNS)
Modifícanse do apartado A) os puntos A.2, A.2.1 o primeiro paragrafo do A.2.2 e o primeiro paragrafo do punto A.3

A.2 Os usuarios participantes no Programa Municipal de escolas deportivas, ata un máximo de dúas inscricións por cada un dos/as nenos/as, conforme ao que segue:

A.2.1 Os alumnos membros de familias con ingresos brutos anuais per cápita inferiores a 4.166. A titularidade de Bens Inmóveis de Natureza Urbana, a excepción da vivenda na que residen, non deberá superar un valor catastral total de 50.538 €.

A.2.2 Os alumnos membros de familias numerosas que contén con ingresos brutos anuais per cápita inferiores a 6.519 €.

A.3 Actividades programadas de especial interese deportivo e/ou social acreditado, previa solicitude do/a interesado/a e conformidade da Concellería de Deportes.

Engádese un último parágrafo.

As exencións de pagamento relacionadas nos apartados A3, A4, A5 e A6 recoñeceranse mediante resolución conxunta das Concellerías de Deportes e Facenda.

Modifícase o apartado B) quedando redactado como segue,

B) Gozarán da “Tarifa reducida” nas actividades deportivas de recreo, tempo libre e ocio os:

B.1. Os pensionistas con ingresos brutos anuais inferiores a dúas veces o IPREM.

B.2. Os integrantes de familias numerosas con ingresos brutos anuais per cápita inferiores a unha vez e media o IPREM.

O goce desta redución é exclusivo para os membros da familia numerosa en tanto que actúen como usuarios individuais.

B.3. Os desempregados por máis de 22 meses ininterrompidos con ingresos brutos anuais inferiores a unha vez e media o IPREM.

B.4. Os perceptores dunha prestación Risga.

Para a aplicación da “tarifa reducida” a que se refire este apartado B) o usuario deberá achegar coa súa solicitude os seguintes documentos segundo o caso:

1. Autorización expresa para que o Concello recabe a información sobre os ingresos de todos os integrantes da familia á AEAT e a outras administracións públicas
2. Certificado de discapacidade no seu caso.
3. Título de familia numerosa vixente a 1 de xaneiro do exercicio no que deba producir efectos a exención.
4. Documento acreditativo da situación de desemprego.
5. Documento acreditativo da Risga.

Para manter esta “tarifa reducida” deberá presentar anualmente os documentos anteriores actualizados.

A acreditación do empadramento para o goce das reducións incluídas nesta ordenanza deberá presentarse no momento do aboamento do correspondente prezo público. No caso de prestacións continuadas no tempo, requirirase que persista a condición de empadramento para o goce desta redución.

ARTIGO 7.-NORMAS DE PROCEDIMENTO.

A) NORMAS DE CARÁCTER XERAL

Suprímese o antigo apartado e) por duplicidade co regulado no artigo 10.1.c) e reordénanse os seguintes quedando redactados como segue,

O apartado f) pasa a ser e)

e) A normativa de uso das instalacións deportivas municipais determinará os trámites específicos e os procedementos de uso das instalacións.

O apartado g) pasa a ser f)

f) Aos contratos de pretempada, no caso de reservas de tres meses, aplicaráselles os descontos do cuadrimestre.

ARTIGO 9.- PREZOS PÚBLICOS PARA ESPECTÁCULOS, ACTIVIDADES CULTURAIS E OUTROS.

A) ESPECTÁCULOS.

En todas as instalacións.

- 1 día	4.416,00 euros + iva
- ½ día	2.472,00 euros + iva
- Aluguer escenario	22,08 euros m2 + iva

B) ACTIVIDADES CULTURAIS.

- 1 día	617,00 euros + iva
- ½ día	354,00 euros + iva

C) ESPECIAL.

Para montar e desmontar

Hora	40,00 euros + iva
------	-------------------

ARTIGO 10. PREZOS PÚBLICOS PARA CLUBS E ENTIDADES DEPORTIVAS

1. ACTIVIDADES DEPORTIVAS-COMPETICIÓN, ADESTRAMENTOS.

Modifícase o punto 1 apartado a) e c) segundo parágrafo.

a) PAGAMENTO DE RESERVA DE TEMPADA CLUBS E ENTIDADES DEPORTIVAS, para todas as entidades deportivas que soliciten a reserva por tempada do uso dunha instalación deportiva. Este pagamento só se realizará ao comezo da tempada.

a.1.-EQUIPOS FEDERADOS:

Categoría especial	220,80 €
--------------------	----------

1ª Categoría (un só equipo)	88,30 €
-----------------------------	---------

1ª Categoría (máis de un equipo)	132,50 €
----------------------------------	----------

2ª Categoría	66,20 €
--------------	---------

a.2.- EQUIPOS NON FEDERADOS	88,30 €
-----------------------------	---------

c) BONOS DE PARTIDOS EQUIPOS CON CONTRATO TEMPADA.

....

Os bonos de partidos emitiranse segundo a categoría e o número de partidos das competicións solicitadas por cada entidade deportiva.

Prezos dos Bonos:

Categoría	Prezo*
Categoría especial	66,20 €/partido
1ª Categoría	30,85 €/partido
2ª Categoría	14,90 €/partido
1ª Categoría en pista compartida (F 7/8 e voleibol)	14,90 €/partido
2ª Categoría en pista compartida (F 7/8 e voleibol)	7,50 €/partido

2. COMPETICIÓNS - EXHIBICIÓNS, CAMPUS E OUTROS TORNEOS: (sen tempo límite)
Modifícanse os parágrafos segundo, cuarto e quinto

Instalacións	Sen taquilla	Con taquilla
Pavillón Central	52,95 €/hora	88,30 €/hora
Outras Instalacións e campos de fútbol	30,85 €/hora	52,95 €/hora

Squash, Tenis, Frontón e Pádel

Catg Esp. e 1ª Cat	10,45	17,25
2ª Categoría	8,15	13,65

Piscinas Cubertas:

Catg Esp. e 1ª Cat	133,05	157,15
2ª Categoría	90,10	107,90

3. PARTIDOS (Baloncesto, balonmán, Voleibol, Fútbol, etc.)
Modifícanse os apartados a) e b)

a) PAVILLÓN CENTRAL

	Sen taquilla	Con taquilla
	€/partido	€/partido
Categoría especial	70,60	167,80

b) OUTRAS INSTALACIÓN	€/partido
Categoría especial	66,20
1ª Categoría	30,85
2ª Categoría	14,90

No caso de que a utilización da pista para partidos de F 7/8 e voleibol sexa compartida aplicaranse os seguintes prezos:

1ª Categoría en pista compartida (F 7/8 e voleibol)	14,90 € partido
2ª Categoría en pista compartida (F 7/8 e voleibol)	7,50 € partido

4. ADESTRAMENTOS. (entidades federadas)

Modifícanse os apartados a), b) c) d) e)

a) PAVILLÓN CENTRAL €/hora
Categoría especial e 1ª categoría 13,20

b) OUTRAS INSTALACIÓNS e campos de fútbol.

	Pista enteira	Pista compartida
- Categoría especial e		
- 1ª categoría.	8,30	6,15
- 2ª Categoría	5,70	4,45

c) SALAS DEPORTIVAS MULTIUSOS €/hora
1ª Categoría (un equipo) 4,80
2ª Categoría (un equipo) 2,65

d) PISTAS DE SQUASH. €/hora
- Categoría especial e 1ª categoría 6,15
- 2ª Categoría 4,45

e) PISCINAS CUBERTAS. prezo por rúa €/hora
- Categoría especial e 1ª categoría. 6,15
- 2ª Categoría 4,45

ARTIGO 11.- PREZOS PÚBLICOS PARA ACTIVIDADES DEPORTIVAS, DE RECREO, TEMPO LIBRE E OCIO

1. ACCESO ÁS INSTALACIÓNS.

1.1 Adulto	3,25 €
1.2 Menores	2,30 €
1.3 Tarifa reducida	2,30 €

2. ABONO DE 20 ENTRADAS (INSTALACIÓNS USO LIBRE).

2.1 Adulto	30,10 €
2.2 Menores	20,35 €
2.3 Tarifa reducida	20,35 €

3. TENIS E FRONTÓN E PÁDEL.

3.1.- Instalacións Cubertas

	1 hora	Bono 10 usos
a) 2 Xogadores	4,80 €	43,50 €
b) 4 Xogadores	5,70 €	51,10 €

3.2.- Instalacións descubertas

	1 hora	Bono 10 usos
a) 2 Xogadores	3,25 €	29,60 €
b) 4 Xogadores	4,80 €	43,50 €

3.3. Suplemento de Luz para Tenis, frontón e pádel:

	€/hora
Instalacións cubertas	2,25
Instalacións descubertas	1,50

4.-XIMNASIOS.

4.1. Mensualidade por actividade/clases dúas sesións á semana.

4.1.1. Tarifa ordinaria	16,85 €
4.1.2. Tarifa reducida	8,40 €

4.2. Mensualidade por actividade/clases tres sesións á semana

4.2.1. Tarifa ordinaria	21,20 €
4.2.2. Tarifa reducida	10,60 €

4.3.- Cotas de abonados aos Ximnasiaos. (uso libre).

4.3.1 Adultos (individual)

Non empadroados	Empadroados
Anual-mensual	Anual-mensual
159,00 € - 13,25 €	132,55 - 11,00 €

4.3.2 Menores (individual)

Non empadroados	Empadroados
Anual-mensual	Anual-mensual
97,30 € - 8,10 €	70,60 - 5,90 €

4.3.3 Tarifa reducida (individual)

Non empadroados	Empadroados
Anual-mensual	Anual-mensual
97,30 € - 8,10 €	70,60 - 5,90 €

4.3.4 Familiar

Non empadroados	Empadroados
Anual-mensual	Anual-mensual
229,70 € - 19,15 €	194,85 - 16,25 €

5.- SQUASH:

	1 reserva	Abono 10 usos/reservas
Reserva uso pista 2 xogadores (45 minutos)	4,45 €	40,15 €

Cada xogador mais, aboará o prezo de acceso ás instalacións regulado no Artigo 11.1

6. CAMPOS DE FÚTBOL E PAVILLÓNS (actividades non federadas uso recreativo, tempo libre e ocio)

Pista enteira	Pista compartida
€/hora	€/hora

- 1ª Categoría	30,25	15,10
- 2ª Categoría	15,10	8,15

7.- ABONADO PISCINA:

7.1.-Abono Piscina (individual)

	Non Empadroado	Empadroado
- Cota Mensual	15,75 €	11,80 €
- Cota Anual	172,85 €	129,65 €

7.2.-Abono Piscina (individual reducido)

	Non Empadroado	Empadroado
- Tarifa reducida Cota Mensual	10,45 €	7,85 €
- Tarifa reducida Cota Anual	115,20 €	86,40 €

ARTIGO 12.- PREZOS PÚBLICOS EN PROGRAMAS DE ENSINANZA E PROMOCIÓN DEPORTIVA

1. PROGRAMAS CON PROFESOR (CURSOS NATACIÓN)

1.1. Adultos/mes	34,60 €
1.2. Menores/mes	22,10 €

Aplicarase unha bonificación do 20% sobre os prezos establecidos no apartado dos cursos para todos os usuarios abonados as piscinas.

2. PROGRAMAS DE CAMPAÑAS DE "NATACIÓN"

€/alumno/mes

2.1. Grupo colexios	7,75 €
2.2. Outros programas	14,25 €

3. PROGRAMA MUNICIPAL DE ESCOLAS DEPORTIVAS:

Actividades xerais: 44,25 €/alumno/curso

Actividades. medio acuático e escalada (un só prazo):

114,00€/alumno/curso
(14,25 € x 8 meses)

Poderá solicitarse devolución do 90% do importe do prezo público correspondente ao Programa Municipal de Escolas Deportivas cuxa solicitude se realice antes do inicio da actividade. Non procederá devolución se a solicitude é posterior ao inicio da actividade.

ARTIGO 13.- PREZOS PÚBLICOS POR OUTROS CONCEPTOS E USOS:

1. CENTROS DE ENSINO, CURSOS DE FORMACIÓN PARA FEDERACIÓNS E SIMILARES.

Instalacións deportivas 8,95 €/hora

Piscinas cubertas 90,10 €/hora

2. ENTIDADES PRIVADAS.

Instalacións deportivas

- Por Pavillón ou campo de fútbol 30,85 €/hora

- Por Sala 17,65 €/hora

Piscinas cubertas (enteira) 209,50 €/hora

Piscina Cuberta (por rúa) 35,60 €/hora

3. RENOVACIÓN DO CARNÉ

Renovación do carné 2,10 €

4. SALAS DE REUNIÓN:

Sala de reunións: 2,65 €/hora

5. FIANZAS SUPRÍMESE

DISPOSICIÓN FINAL

Esta ordenanza comenza a aplicarse o 1 de xaneiro de 2020, permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derogación expresa.

2º) Aprobación inicial en sesión plenaria previo ditame pola Comisión Informativa de Facenda, co correspondente trámite de audiencia para emendas segundo o Regulamento Orgánico do Pleno.

3º) Someter a información pública e audiencia aos interesados por prazo de 30 días hábiles para a presentación de reclamacións e suxestións, con inserción de anuncio no BOP, Taboleiro do Concello, Páxina Web e Prensa Local para exame e reclamacións.

4º) Para o caso de non presentarse reclamacións ou suxestións, entenderase adoptado o acordo de aprobación definitiva e publicarase o texto da adaptación no BOP para a súa entrada en vigor.

5º) Facultar á Dirección de Ingresos para a redacción do correspondente texto refundido.”

O Interventor Xeral, en data 19.07.19, emite informe de fiscalización de dita Ordenanza.

En sesión, de data 26 de xullo, a Xunta de Goberno Local aprobou o proxecto de Modificación.

Con data 1.08.19, a técnica xurídica da Dirección de Ingresos emite informe.

A Secretaria de Administración Municipal, en data de 2.08.19, emite informe xurídico favorable.

En data 12.08.19 o Membro Non Adscrito, o grupo municipal Mixto e o grupo municipal do Partido Popular, achegan escrito de presentación de emendas.

O 23 de agosto a Dirección de Ingresos emite informes en relación ás emendas presentadas.

A Comisión Informativa de Orzamentos e Facenda, na súa sesión ordinaria do 28.08.2019, ditamina favorablemente dita proposta, rexeitando as emendas presentadas.

VOTACIÓN: Con dezaoito votos a favor dos membros do grupo municipal Socialista, señores e señoras Abelairas Rodríguez, Aguiar Castro, Aneiros Pereira, Blanco Iglesias, Caride Estévez, Expinosa Mangana, Fernández Pérez, Gomez Días, Iglesias González, Lago Barreiro, López Font, Losada Alvarez, Mejías Sacaluga, Rivas González, Rodríguez Calviño, Rodríguez Díaz, Rodríguez Rodríguez e a Presidencia, e sete votos en contra dos membros do grupo municipal do Partido Popular, señores e señoras Egerique Mosquera, Gonzalez Castillo, López Roman e Marnotes González, mais dos membros do grupo municipal Mixto, señora e señor Mendez Fuentes e Pérez Correa, e mais do membro non adscrito, Sr. Pérez Igrexas, adóptase o seguinte,

ACORDO:

PRIMEIRO.- Rexeitar as emendas presentadas.

SEGUNDO: Aprobación inicial do Proxecto de Modificación da Ordenanza Fiscal Reguladora dos Prezos Públicos por utilización das Instalacións Deportivas Municipais dependentes da Concellería de Deportes para o exercicio 2020, segundo a redacción que consta na proposta de acordo.

TECEIRO: Someter a exposición pública por prazo de 30 días hábiles, con inserción de anuncio no Boletín oficial da provincia, taboleiro do Concello e prensa local para exame e reclamacións.

CUARTO: Para o caso de non presentarse reclamacións entenderase adoptado o acordo de aprobación definitiva coas seguintes particularidades:

- a) Publicarase o texto da modificación no BOP para a súa entrada en vigor.
- b) Facúltase á Dirección de Ingresos para a redacción do correspondente texto refundido.

17(141).- APROBACIÓN INICIAL DO PROXECTO DE MODIFICACIÓN PARA O EXERCICIO 2020 DA ORDENANZA FISCAL REGULADORA DAS TAXAS DOS SERVIZOS QUE PRESTA O “VIGOZOO”. EXPTE. 2593/500 (REXISTRO PLENO 2129/1101)

ANTECEDENTES: No expediente consta informe proposta emitido pola Dirección Xeral de Ingresos en data 16.07.2019, no que consta a seguinte modificación ao articulado

“1.NORMATIVA APLICABLE.

- Constitución española de 27 de decembro de 1978. (CE)
- Lei 7/1985, de 2 de abril, de Bases do réxime local. (LBRL)
- Real decreto lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais. TRLRFL
- Lei 5/1997, de 22 de xullo, de réxime local de Galicia. (LRLG)
- Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria.
- Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento administrativo común das administracións públicas. (en adiante Lei 39/2015)
- Lei orgánica 2/2012, de estabilidade orzamentaria e sostibilidade financeira.

- Lei 27/2013, de 27 de decembro, de Racionalización e sostibilidade do goberno local.
- Lei 8/1989, de 13 de abril, de Taxas e prezos públicos.

2. ANTECEDENTES DE FEITO.

Primeiro.- Mediante Acordo plenario de data 6 de setembro de 2017 aprobouse a modificación da ordenanza fiscal (expte. 2415/500).

Segundo.- O Sr. Concelleiro-Delegado da Área de Orzamentos e Facenda ditou orde de inicio de expediente de modificación en data 01.07.2019.

3. CONSIDERACIÓNS TÉCNICAS E XURÍDICAS

a) A obrigada posición de equilibrio ou superávit orzamentario establecida no artigo 11.4 da LOEOSF motiva a proposta de actualización das taxas contida no presente expediente.

O obxectivo de manter a solvencia das contas públicas municipais xunto co de incrementar a calidade dos servizos prestados, obriga a conectar de forma indisoluble ingresos e gastos para acadar o equilibrio orzamentario antedito.

Nos últimos anos, determinados pronunciamentos xurisprudenciais e legislativos vencellados á evolución do mercado inmobiliario e a súa incidencia na aplicación dos tributos locais, teñen afectado gravemente á capacidade recadadora dalgúns tributos propios. Tense reducido a materia /base imponible no imposto sobre bens inmobles e no imposto sobre incremento de valor dos terreos de natureza urbana (solos urbanizables sen ordenación detallada teñen pasado da consideración catastral de urbanos a rústicos e, nas transmisións de inmobles, só tributan no imposto de plusvalía aquelas que revelan capacidade económica). Por outra parte a capacidade recadadora do imposto de construcións, instalacións e obras segue a súa recuperación a ritmo moi lento e cativo.

b) Nos expedientes da última modificación de tipos impositivos e tarifas de taxas aprobados en sesión plenaria do 06.09.17 tomáronse como referencia índices de prezos e de evolución económica ata abril de 2017. No presente expediente, constan como anexo datos proporcionados polo Instituto Nacional de Estatística sobre variacións de prezos dende abril de 2017 ata os últimos coñecidos na data de redacción deste informe que son os de maio de 2019: a variación do índice xeral nacional do IPC sitúase no 2,8%, a mesma cifra para o IPC en Galicia e, un 2,9% para a variación do índice nacional da rúbrica vivenda en aluguer. No citado anexo consta tamén a taxa de referencia de crecemento do produto interior bruto de medio prazo para 2020, última aprobada e publicada no Boletín Oficial do Congreso de Deputados de 13 de xullo de 2017, que constitúe o teito de gasto orzamentario non financeiro segundo o disposto no artigo 12 da LOEOSF. A taxa vixente para 2020 é do 2,8%.

Ningún dos indicadores anteriores determina, de modo automático, a contía da actualización das taxas que se formula no presente expediente pero constitúen unha referencia económica importante de cara ao cumprimento do obxectivo de estabilidade orzamentaria no vindeiro exercicio.

c) Dende a perspectiva legal, o TRLRFL regula o relativo as taxas locais nos artigos 20 a 27 axustándose ao seu contido o articulado da vixente ordenanza fiscal reguladora das taxas pola prestación dos servizos que presta o "VIGOZOO".

Segundo estudio económico que obra no expediente os ingresos estimados para 2020 ascenden a 250.000€ fronte a un custe de 954.705,96 polo que a actualización que se propón no presente expediente do 2,5% sobre as tarifas vixentes dende 1 de xaneiro de 2018 cumpre estritamente a regulación legal antedita.

Segundo o disposto no artigo 24.2 do Real Decreto legislativo 2/2004 de 5 de marzo que aproba o TRLRFL *"o importe das taxas pola prestación dun servizo o a realización dunha actividade non poderá exceder, no seu conxunto, do custe real ou previsible do servizo ou actividade de que se trate ou, no seu defecto do valor da prestación recibida.*

Para a determinación do importe das taxas tomaranse en consideración os custes directos e indirectos, inclusive os de carácter financeiro, amortización do inmovilizado e, os necesarios para garantir o mantemento e un desenvolvemento razoable do servizo ou actividade cuxa prestación ou realización se esixe a taxa, todo isto con independencia do orzamento u organismo que o satisfaga".

d) Actualízase na porcentaxe do 2,5% o importe dos ingresos brutos per cápita por debaixo dos que procederá a exención desta taxa. Actualízase, igualmente nun 2,5% o valor catastral total dos inmobles por debaixo do que, os seus titulares teñen dereito a exención.

4. INFORME SOBRE REPERCUSIÓN ORZAMENTARIA.

De conformidade co artigo 129.7 da Lei 39/2015, faise constar a continuación a estimación da repercusión orzamentaria na partida correspondente a esta taxa.

Segundo os datos obrantes nos servizos tributarios do Concello relativos ao cumprimento orzamentario das previsións para este exercicio 2019, estimase que o impacto orzamentario para 2020 ascenderá a 4.000€

5. INFORME SOBRE O IMPACTO DE XÉNERO.

A presente modificación non introduce ningunha disposición que teña incidencia por razón de xénero, xa que afecta a quen teña a condición de contribuínte. Consecuentemente, o impacto por razón de xénero será nulo.

6. INNECESARIEDADE DO TRAMITE PREVISTO NO ARTIGO 133 DA LEI 39/2015 DO 1 DE OUTUBRO DO PAC.

Segundo o apartado 4 do artigo 133 da Lei 39/2015, “cando a proposta normativa non teña un impacto significativo na actividade económica, non impoña obrigas relevantes aos destinatarios ou regule aspectos parciais dunha materia, poderá omitirse a consulta pública” a que se refire o apartado 1 do mesmo artigo.

O informe do Tribunal Económico Administrativo do Concello de Vigo de data 20.06.17 é coincidente co da Dirección Xeral de Tributos de data 10 de xaneiro de 2018 na innecesariedade de consulta previa no caso de modificación dunha ordenanza fiscal.

Segundo a Dirección Xeral de Tributos: “o trámite de consulta previa debe substanciarse cando se trata dunha nova ordenanza fiscal, mentres que no caso da modificación dunha ordenanza fiscal aprobada con anterioridade, pode obviarse dito trámite por tratarse dunha regulación parcial da materia”.

Tramitación da modificación.

O expediente deberá ser tramitado conforme dispón o artigo 111 da LRBRL, artigos 15 a 19 do TRLRFL e artigo 137 apartado 1 b) da citada LRBRL.

Segundo informe do TEA do Concello de data 15 de xuño de 2018, *«unha vez incorporados os correspondentes informes xurídicos, técnicos e económicos, será redactado Informe-Proposta e o expediente será remitido á Intervención Xeral. Expresamente se solicitará a dito órgano que “de conformidade co indicado polo TEACV, órgano competente para o Ditame sobre os Proxectos de Ordenanzas Fiscais, deberá informarse sobre o cumprimento dos obxectivos de estabilidade orzamentaria, suficiencia financeira e demais restricións orzamentarias que se puideran derivar do acordo proposto”.*

Con carácter potestativo poderá solicitarse ao TEACV, como ven sucedendo dende a creación deste, informe previo sobre a legalidade da Proposta de Proxecto que se somete a aprobación da Xunta de Goberno Local, a fin de que, tanto polos órganos políticos como polos administrativos, exista garantía sobre a conformidade no Ditame que será emitido con posterioridade á aprobación, no seu caso, da Proposta de Proxecto pola Xunta de Goberno Local. Así mesmo, e se este órgano así o estima conveniente, complementa o control de legalidade de quen teña atribuída dita función nos asuntos que deban ser sometidos á consideración da Xunta de Goberno Local.

Unha vez aprobado o Proxecto pola Xunta de Goberno Local será novamente remitido ao TEACV, quen elaborará o correspondente Ditame. Incorporado o preceptivo Ditame, o expediente, agora xa completo, será remitido á Secretaría do Pleno a fin da súa posta de manifesto aos voceiros dos grupos municipais e para o seu estudo e debate en Comisión Informativa e no Pleno.

De producirse transaccións políticas na fase de Propostas de emendas que varíen a redacción do Proxecto, deberá remitirse novamente o texto modificado á

Intervención Xeral para o referido informe sobre cumprimento de restricións orzamentarias como previo á aprobación pola Xunta de Goberno Local do texto modificado e sometido a novo Ditame do TEACV.

O expediente co texto aprobado pola Xunta de Goberno Local e ditaminado polo TEACV someterase a estudio e aprobación pola Comisión Informativa correspondente e será remitido para a súa aprobación provisional polo Pleno.

Producida dita aprobación provisional, exporase ao público por prazo de trinta días a fin de que, por quen teña a condición de interesado, poida ser plantexada a oportuna reclamación.

De ser presentadas reclamacións, determinarase previamente a admisibilidade das mesmas e, entre as admitidas, resolverase estimando ou desestimando as mesmas, dándose conta á Xunta de Goberno Local e remitíndose ao Pleno para aprobación definitiva. No caso de non presentarse reclamacións ou incorrer todas as presentadas en causa de inadmisibilidade, entenderase aprobado o texto sen necesidade de remisión ao Pleno para a súa aprobación definitiva.

No caso de ser presentadas reclamacións admisibles contra o acordo de aprobación provisional, sexan estimadas ou non, procederá a remisión ao Pleno aos efectos da aprobación definitiva. No caso de que pola estimación de reclamación contra o Acordo de aprobación provisional se modificase este, o texto da Ordenanza será remitido previamente ao TEACV para novo Ditame».

A vista do anterior, esta Dirección de Ingresos solicita, da Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte,

ACORDO

1º) Aprobar provisionalmente a seguinte:

“MODIFICACIÓN DOS SEGUINTE ARTIGOS DA ORDENANZA FISCAL REGULADORA DAS TAXAS POLA PRESTACIÓN DOS SERVIZOS QUE PRESTA O “VIGOO” (53), QUE QUEDARÁN REDACTADOS COMO SEGUE:

ARTIGO 3. EXENCIÓNS E BONIFICACIÓNS.
Modifícase o apartado c)

c) Estarán exentos das taxas reguladas na presente ordenanza, os membros de familias con ingresos brutos anuais per capita inferiores a 4.166 €. A titularidade de Bens Inmóveis de Natureza Urbana, a excepción da vivenda na que residen, non deberá superar un valor catastral total de 50.538 €.

ARTIGO 4. COTAS.
Modifícanse os puntos 1, 2 e 3

1. Tarifa xeral de entrada:

a) De 3 a 16 anos ámbolos dous inclusive, xubilados e pensionistas sen dereito a exención (laborais) 2,60 €
No caso de menores deberán ir acompañados dun adulto.

b) De 3 a 16 anos ámbolos dous inclusive, xubilados e pensionistas sen dereito a exención (sábados tarde, domingos e festivos) 3,20 €
No caso de menores deberán ir acompañados dun adulto.

c) De 17 a 64 anos ámbolos dous inclusive (laborais) 5,25 €

d) De 17 a 64 anos ámbolos dous inclusive . (sábados tarde, domingos e festivos) 6,25 €

e) Abono anual persoal e intransferible:
- Bono familiar (familias de hasta 5 membros e cuxos fillos non superen os 18 anos). 31,15 €
- Bono individual 18,65 €

f) Visitas escolares organizadas non exentas, por cada visitante: 2,05 €

g) Grupos organizados adultos: 4,10 €

2. Tarifa reducida:
- Por cada persoa: 1,75 €

Aplicarase aos seguintes colectivos e persoas:

a) Persoas con carné xove.

b) Discapacitados.

c) Persoas con tarxetas turísticas ou promocionais expedidas polo Concello de Vigo.

3. Cota de utilización do Auditorio por día:

a) Menos de 4 horas 74,95 €

b) Por cada xornada 224,90 €

DISPOSICIÓNS FINAIS.

2ª. Esta ordenanza comenza a aplicarse o 1 de xaneiro de 2020, permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derogación expresa.

2º) Someter a Ditame do TEA do Concello.

3º) Aprobación provisional do Proxecto ditaminado en sesión plenaria.

4º) Someter a exposición pública por prazo de 30 días hábiles, con inserción de anuncio no BOP, Taboleiro do Concello, Páxina Web e Prensa Local para exame e reclamacións.

5º) Para o caso de non presentarse reclamacións entenderase adoptado o acordo de aprobación definitiva coas seguintes particularidades:

a) Publicar o texto da modificación no BOP para a súa entrada en vigor.

b) Facultar á Dirección de Ingresos para a redacción do correspondente texto refundido.”

En data 17 de xullo de 2019, o Tribunal Económico Administrativo emite informe previo de legalidade do expediente de modificación da Ordenanza Fiscal Xeral.

O Interventor Xeral, en data 19.07.19, emite informe de fiscalización de dita Ordenanza.

En sesión, de data 26 de xullo, a Xunta de Goberno Local aprobou o proxecto de Modificación.

O 30 de xullo o Tribunal Económico Administrativo do Concello de Vigo, ditamina favorablemente a proposta de modificación da Ordenanza Fiscal Xeral.

En data 12.08.19 o Membro Non Adscrito, o grupo municipal Mixto e o grupo municipal do Partido Popular, achegan escrito de presentación de emendas.

O 23 de agosto a Dirección de Ingresos emite informes en relación ás emendas presentadas.

A Comisión Informativa de Orzamentos e Facenda, na súa sesión ordinaria do 28.08.2019, ditamina favorablemente dita proposta rexeitando as emendas presentadas.

VOTACIÓN: Con dezaoito votos a favor dos membros do grupo municipal Socialista, señores e señoras Abelairas Rodríguez, Aguiar Castro, Aneiros Pereira, Blanco Iglesias, Caride Estévez, Expinosa Mangana, Fernández Pérez, Gomez Días, Iglesias González, Lago Barreiro, López Font, Losada Alvarez, Mejías Sacaluga, Rivas González, Rodríguez Calviño, Rodríguez Díaz, Rodríguez Rodríguez e a Presidencia, e sete votos en contra dos membros do grupo municipal do Partido Popular, señores e señoras Egerique Mosquera, Gonzalez Castillo, López Roman e Marnotes González, mais dos membros do grupo municipal Mixto, señora e señor Mendez Fuentes e Pérez Correa, e mais do membro non adscrito, Sr. Pérez Igrexas, adóptase o seguinte,

ACORDO:

PRIMEIRO.- Rexeitar as emendas presentadas.

SEGUNDO: Aprobación inicial do Proxecto de Modificación da Ordenanza Fiscal Reguladora das Taxas dos Servizos que presta o VigoZoo para o exercicio 2020, segundo a redacción que consta na proposta de acordo.

TECEIRO: Someter a exposición pública por prazo de 30 días hábiles, con inserción de anuncio no Boletín oficial da provincia, taboleiro do Concello e prensa local para exame e reclamacións.

CUARTO: Para o caso de non presentarse reclamacións entenderase adoptado o acordo de aprobación definitiva coas seguintes particularidades:

- a) Publicarase o texto da modificación no BOP para a súa entrada en vigor.
- b) Facúltase á Dirección de Ingresos para a redacción do correspondente texto refundido.

18(142).- APROBACIÓN INICIAL DO PROXECTO DE MODIFICACIÓN PARA O EXERCICIO 2020 DA ORDENANZA REGULADORA DAS PRESTACIÓNS PATRIMONIAIS DE CARÁCTER PÚBLICO NON TRIBUTARIO POLOS SERVIZOS

DE INMOBILIZACIÓN, RETIRADA, DEPÓSITO E CUSTODIA DE VEHÍCULOS. EXPTE. 2594/500 (REXISTRO PLENO 2130/1101)

ANTECEDENTES: No expediente consta informe proposta emitido pola Dirección Xeral de Ingresos en data 16.07.2019, no que consta a seguinte modificación ao articulado

“1.NORMATIVA APLICABLE.

- Constitución española de 27 de decembro de 1978. (CE)
- Lei 7/1985, de 2 de abril, de bases do réxime local. (LBRL)
- Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais. TRLRFL
- Lei 5/1997, de 22 de xullo, de administración local de Galicia. (LRLG)
- Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas. (en adiante Lei 39/2015)
- Lei orgánica 2/2012, de estabilidade orzamentaria e sostibilidade financeira.
- Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sostibilidade do goberno local.

2. ANTECEDENTES DE FEITO.

Primeiro.- A través do Acordo plenario de 6 de setembro de 2017 aprobáronse as tarifas polos servizos de inmovilización, retirada, depósito e custodia de vehículos. (expte. 2406/500)

Segundo.- Mediante Acordo plenario de 5 de setembro de 2018 aprobouse a adaptación do texto da ordenanza fiscal das taxas polos servizos de inmovilización, retirada, depósito e custodia de vehículos á nova redacción do artigo 20.6 do TRLRFL. (expte. 2437/500)

Terceiro.- O Sr. Concelleiro-Delegado da Área de Orzamentos e Facenda ditou orde de inicio de expediente de modificación en data 01.07.2019.

3. CONSIDERACIÓNS TÉCNICAS E XURÍDICAS

a) A obrigada posición de equilibrio ou superávit orzamentario establecida no artigo 11.4 da LOEOSF motiva a proposta de actualización das tarifas contida no presente expediente.

O obxectivo de manter a solvencia das contas públicas municipais xunto co de incrementar a calidade dos servizos prestados, obriga a conectar de forma indisoluble ingresos e gastos para acadar o equilibrio orzamentario antedito.

Nos últimos anos, determinados pronunciamentos xurisprudenciais e lexislativos vencellados á evolución do mercado inmobiliario e a súa incidencia na aplicación

dos tributos locais, teñen afectado gravemente á capacidade recadadora dalgúns tributos propios. Tense reducido a materia /base impositiva no imposto sobre bens inmobles e no imposto sobre incremento de valor dos terreos de natureza urbana (solos urbanizables sen ordenación detallada teñen pasado da consideración catastral de urbanos a rústicos e, nas transmisións de inmobles, só tributan no imposto de plusvalía aquelas que revelan capacidade económica). Por outra parte a capacidade recadadora do imposto de construcións, instalacións e obras segue a súa recuperación a ritmo moi lento e cativo.

b) Nos expedientes da última modificación de tipos impositivos e tarifas de taxas aprobados en sesión plenaria do 06.09.17 tomáronse como referencia índices de prezos e de evolución económica ata abril de 2017. No presente expediente, constan como anexo datos proporcionados polo Instituto Nacional de Estatística sobre variacións de prezos dende abril de 2017 ata os últimos coñecidos na data de redacción deste informe que son os de maio de 2019: a variación do índice xeral nacional do IPC sitúase no 2,8%, a mesma cifra para o IPC en Galicia e, un 2,9% para a variación do índice nacional da rúbrica vivenda en aluguer. No citado anexo consta tamén a taxa de referencia de crecemento do produto interior bruto de medio prazo para 2020, última aprobada e publicada no Boletín Oficial do Congreso de Deputados de 13 de xullo de 2017, que constitúe o teito de gasto orzamentario non financeiro segundo o disposto no artigo 12 da LOEOSF. A taxa vixente para 2020 é do 2,8%.

Ningún dos indicadores anteriores determina, de modo automático, a contía da actualización das tarifas que se formula no presente expediente pero constitúen unha referencia económica importante de cara ao cumprimento do obxectivo de estabilidade orzamentaria no vindeiro exercicio.

c) Dende a perspectiva legal, o TRLRFL fixa no seu artigo 20.6 a natureza de prestación patrimonial de carácter público das contraprestacións económicas establecidas coactivamente que se perciban pola prestación dos servizos públicos a que se refire o parágrafo catro deste artigo, determinando que estas contraprestación se regularan mediante ordenanza.

Segundo estudio económico que obra no expediente os ingresos estimados para 2020 ascenden a 820.000€ fronte a un custe de 3.183.881,26€

En consecuencia a proposta que se formula implica unha actualización nas tarifas relativas á prestación patrimonial de carácter público non tributario polos servizos de inmovilización, retirada, depósito e custodia de vehículos vixentes dende 1 de xaneiro de 2018 nun 2,5%.

4. INFORME SOBRE REPERCUSIÓN ORZAMENTARIA.

De conformidade co artigo 129.7 da Lei 39/2015, faise constar a continuación a estimación da repercusión orzamentaria na partida relativa á prestación patrimonial de carácter público non tributario polos servizos de inmovilización, retirada, depósito e custodia de vehículos

Segundo o anterior o impacto orzamentario para 2020 da presente modificación acadaría o importe de 20.000€.

5. INFORME SOBRE O IMPACTO DE XÉNERO.

A presente modificación non introduce ningunha disposición que teña incidencia por razón de xénero, xa que afecta a quen teña a condición de contribuínte. Consecuentemente, o impacto por razón de xénero será nulo.

6. INNECESARIEDADE DO TRAMITE PREVISTO NO ARTIGO 133 DA LEI 39/2015 DO 1 DE OUTUBRO DO PAC.

Segundo o apartado 4 do artigo 133 da Lei 39/2015, “cando a proposta normativa non teña un impacto significativo na actividade económica, non imponha obrigas relevantes aos destinatarios ou regule aspectos parciais dunha materia, poderá omitirse a consulta pública” a que se refire o apartado 1 do mesmo artigo.

Tramitación da modificación.

O expediente deberá ser tramitado conforme ós artigos 49, 70.2 e concordantes da Lei 7/85 de 2 de abril de bases de réxime local.

A vista do anterior, esta Dirección de Ingresos solicita, da Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte,

ACORDO

1º) Aprobar provisionalmente a seguinte:

“MODIFICACIÓN DOS SEGUINTEs ARTIGOS DA ORDENANZA REGULADORA DAS PRESTACIÓNS PATRIMONIAIS DE CARÁCTER PÚBLICO NON TRIBUTARIO POLOS SERVIZOS DE INMOBILIZACIÓN, RETIRADA, DEPÓSITO E CUSTODIA DE VEHÍCULOS” (61),

QUE QUEDARÁN REDACTADOS COMO SEGUE:

ARTIGO 5. TARIFAS.

A) Pola inmovilización dun vehículo na vía pública ou en calquera outro lugar, realizado pola Policía Local ou ordenado pola Autoridade competente segundo o disposto, e nos casos que se establezan na Lei de Seguridade Vial e Regulamentos que a desenvolven e demais disposicións en vigor en materia de tráfico.

- Motocicletas, ciclomotores e remolques con masa máxima autorizada inferior a 750 kg (sen matricular):

Inmovilización	74 €
Incremento diario por depósito e custodia	5,75 €

- Turismos e similares, cuadríciclos, tricíclos con cabina (motocarro), quads,

caravanas, tractores e remolques con masa máxima autorizada superior a 750 kg (matriculados)

Inmovilización	140 €
Incremento diario por depósito e custodia	10,75 €

- Camións, autobuses, autocares, semirremolques e similares

Inmovilización	216 €
Incremento diario por depósito e custodia	22,05 €

B) Pola retirada, transporte e custodia nos restantes casos.

- Motocicletas, ciclomotores e remolques con masa máxima autorizada inferior a 750 kg (sen matricular):

Retirada, depósito e custodia durante as 6 primeiras horas	74 €
Incremento diario por depósito e custodia	5,75 €

- Turismos e similares, cuadriciclos, triciclos con cabina (motocarro), quads, caravanas, tractores e remolques con masa máxima autorizada superior a 750 kg (matriculados).

Retirada, depósito e custodia durante as 6 primeiras horas	140 €
Incremento diario por depósito e custodia.	10,75 €

- Camións, autobuses, autocares, semirremolques e similares

Retirada, depósito e custodia durante as 6 primeiras horas	216 €
Incremento diario por depósito e custodia	22,05 €

- Contenedores

Retirada, depósito e custodia durante as 6 primeiras horas	250 €
Incremento diario por depósito e custodia	22,05 €

DISPOSICIÓN FINAIS

2ª. Esta ordenanza comenza a aplicarse o 1 de xaneiro de 2020, permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derogación expresa.

2º) Aprobación inicial en sesión plenaria previo ditame pola Comisión Informativa de Facenda, co correspondente trámite de audiencia para emendas segundo o Regulamento Orgánico do Pleno.

3º) Someter a información pública e audiencia aos interesados por prazo de 30 días hábiles para a presentación de reclamacións e suxestións, con inserción de anuncio no BOP, Taboleiro do Concello, Páxina Web e Prensa Local para exame e reclamacións.

4º) Para o caso de non presentarse reclamacións ou suxestións, entenderase adoptado o acordo de aprobación definitiva e publicarase o texto da adaptación no BOP para a súa entrada en vigor.

5º) Facultar á Dirección de Ingresos para a redacción do correspondente texto refundido.”

O Interventor Xeral, en data 19.07.19, emite informe de fiscalización de dita Ordenanza.

En sesión, de data 26 de xullo, a Xunta de Goberno Local aprobou o proxecto de Modificación.

A Secretaria de Administración Municipal, en data 1.08.19, emite informe favorable.

En data 12.08.19 o Membro Non Adscrito, o grupo municipal Mixto e o grupo municipal do Partido Popular, achegan escrito de presentación de emendas.

O 23 de agosto a Dirección de Ingresos emite informes en relación ás emendas presentadas.

A Comisión Informativa de Orzamentos e Facenda, na súa sesión ordinaria do 28.08.2019, ditamina favorablemente dita proposta, rexeitando as emendas presentadas.

VOTACIÓN: Con dezaoito votos a favor dos membros do grupo municipal Socialista, señores e señoras Abelairas Rodríguez, Aguiar Castro, Aneiros Pereira, Blanco Iglesias, Caride Estévez, Expinosa Mangana, Fernández Pérez, Gomez Días, Iglesias González, Lago Barreiro, López Font, Losada Alvarez, Mejías Sacaluga, Rivas González, Rodríguez Calviño, Rodríguez Díaz, Rodríguez Rodríguez e a Presidencia, e sete votos en contra dos membros do grupo municipal do Partido Popular, señores e señoras Egerique Mosquera, Gonzalez Castillo, López Roman e Marnotes González, mais dos membros do grupo municipal Mixto, señora e señor Mendez Fuentes e Pérez Correa, e mais do membro non adscrito, Sr. Pérez Igrexas, adóptase o seguinte,

ACORDO:

PRIMEIRO.- Rexeitar as emendas presentadas.

SEGUNDO: Aprobación inicial do Proxecto de Modificación da Ordenanza Fiscal Reguladora das prestacións patrimoniais de carácter público non tributario polos servizos de inmovilización, retirada, depósito e custodia de vehículos para o exercicio 2020, segundo a redacción que consta na proposta de acordo.

TECEIRO: Someter a exposición pública por prazo de 30 días hábiles, con inserción de anuncio no Boletín oficial da provincia, taboleiro do Concello e prensa local para exame e reclamacións.

CUARTO: Para o caso de non presentarse reclamacións entenderase adoptado o acordo de aprobación definitiva coas seguintes particularidades:

- a) Publicarase o texto da modificación no BOP para a súa entrada en vigor.
- b) Facúltase á Dirección de Ingresos para a redacción do correspondente texto refundido.

19(143).- APROBACIÓN DO “ESTUDO ESPECÍFICO DA SITUACIÓN DERIVADA DA ANULACIÓN DO INSTRUMENTO DE ORDENACIÓN PARA O ÁMBITO A-2-07 CRUCEIRO”. EXPTE. 16926-411 (REXISTRO PLENO 2107/1101)

ANTECEDENTES: En data 22 de xullo de 2019, a concelleira delegada da Área de Urbanismo, resolveu:

“Visto a solicitude presentada en data do 20.02.2019 pola “INMOBILIARIA BRICOLAJE BRICOMAN S.L.U.”, quen actúa en calidade de apoderada dos propietarios de solo do ámbito A-2-07 CRUCEIRO, representada por D. LUIS M^º BREMOND TRIANA, interesando a tramitación do “Estudo específico da situación derivada da anulación do instrumento de ordenación para o ámbito A-2-07 CRUCEIRO” , realizado ao amparo do disposto no artigo 88 da Lei 2/2017, do 8 de febreiro, de Medidas Fiscais, Administrativas e de Ordenación e de acordo coa Proposta formulada polo Xerente de data 18.07.2019 en virtude das competencias

atribuídas na Resolución do 11.07.2019 do Alcalde-Presidente, *PROPONSE* á Vicepresidencia da Xerencia municipal de urbanismo, a adopción da seguinte:

RESOLUCIÓN:

PRIMEIRO: *Aprobar o “Estudo específico da situación derivada da anulación do instrumento de ordenación para o ámbito A-2-07 CRUCEIRO”, presentado con data do 20 de febreiro de 2019 “INMOBILIARIA BRICOLAJE BRICOMAN S.L.U.”, quen actúa en calidade de apoderada dos propietarios do ámbito, previsto no artigo 88 da Lei 2/2017, do 8 de febreiro, de Medidas Fiscais, Administrativas e de Ordenación.*

SEGUNDO: Incorporar ao presente expediente os informes urbanístico e ambiental subscritos pola Dirección Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo de 22 de maio de 2019 e a Dirección Xeral de Calidade Ambiental e Cambio Climático de 10 de xunio de 2019, facendo constar expresamente, o seu carácter favorable a ordenación proposta.-

TERCEIRO: Notificar o presente acordo á Dirección Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo e a Dirección Xeral de Calidade Ambiental e Cambio Climático da Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio da Xunta de Galicia aos efectos oportunos.

Non obstante, o órgano resolutorio decidirá, co seu superior criterio, o que estime máis oportuno.”

DEBATE:

SRA. CARIDE ESTÉVEZ: Este goberno municipal utiliza tódolos mecanismos que a lexislación vixente pon a súa disposición para intentar implementar a actividade económica, dende logo no noso Concello, pero ademais para que aqueles cidadás que queiran desenvolver o seu proxecto vital na nosa cidade poida facelo, froito diso pois dende logo a política de investimento que está a desenvolver este Concello pois estes propios días víamos nalgúns xornais os indicativos de investimento que se fan nesta cidade comparadas con outras cidades de Galicia, creo lembrar que o titular era algo así como 13 veces máis que o que fan concellos como o de A Coruña, investimento público, polo tanto, promovendo a actividade

económica. Obviamente dentro desa promoción de actividade económica e mellora da calidade de vida dos cidadáns, xoga un papel fundamental o solo destinado para a implantación da actividade económica e como dicía utilizamos tódolos instrumentos que a lexislación pon a nosa disposición, polo tanto, modificacións puntuais, plans sectoriais, utilización da lei 3/2016, ou denominada Lei Vigo, en tódolos casos que a Xunta de Galicia nolo permite, porque desgraciadamente non consinte Vigo o que consinte noutros concellos e ademais por suposto a revisión do Plan Xeral. A ordenación provisional neste senso é un paso adiante que permite desbloquear xa co que temos aprobado 45.000 parcelas para que os cidadáns de Vigo que queiran executar a súa casa, facer a súa vivenda, reformar a súa vivenda, ou ampliar a súa vivenda poidan facelo, de tal xeito que estamos nunha situación na cal practicamente todos aqueles que antes da nulidade de plan xeral podían solicitar licenza, poidan facelo de novo coa ordenación provisional aprobada.

Neste caso, que traemos a este Pleno? Traemos un ámbito concreto, o ámbito e Cruceiro, un ámbito que ten un interese xeral claro, e o ten basicamente por dúas cuestións, teno por un lado polo que supón para a mellora do sistema xerais da cidade de calidade de vida porque supón a cesión ao Concello a máis de 9.000 metros cadrados de solo para a ampliación da Avenida de Europa, é dicir, para que poidamos continuar o paseo da Avenida de Europa dende as Travesas ata a praia de Samil e polo tanto, a cesión inmediata ao Concello deses 9.000 metros cadrados para complementar ese proxecto que nunha primeira fase o Concello está a desenvolver entre Tomás Paredes e a praia de Samil para complementar esa fase e para poder facer xa unha intervención con todo o ancho da Avenida de Europa, polo tanto, un claro interese xeral en que poidamos promover esta actuación e por outra banda porque a propia Lei 2/2017, que permite a aprobación da ordenación provisional establece que esta situación poderá aplicarse especialmente en aqueles casos que promovan a actividade económica, en especial a actividade económica terciaria e para aqueles que ademais promovan que se substituta solo residencial por solo destinado a actividades terciarias, pois ben, este é o caso, temos por un lado un claro interese xeral pola cesión ao concello de 9.000 metros cadrados de solo e polo que supón este ámbito para a mellora da accesibilidade nas rúas que están ao carón do ámbito de Cruceiro, entra a VG-20 e o Cruceiro de Alcabre e por outra banda pois, promover a

actividade económica porque neste ámbito propónse o uso que estaba inicialmente previsto para ser complementario entre solo terciario e solo residencial, se propón que sexa un uso totalmente terciario para a implantación da actividade económica dun eixo que vai a ser claramente de desenvolvemento da cidade e onde se precisan actividades complementarias e ademais onde esta cidade non quere que o solo destinado a actividades terciarias e os servizos terciarios da cidade se despracen a outros lugares senón que queremos que continúen na nosa cidade. Polo tanto, este é un paso previo ao paso da aprobación do estudo que como non dará lugar a que a partir de agora se desenvolva a tramitación medio ambiental simplificada porque así dio a Xunta de Galicia e o recoñece e polo tanto se faga a aprobación inicial, a información pública e a aprobación definitiva deste ámbito, esperamos que no prazo máximo dun ano, en calquera caso, como dicía a actuación é tremendamente importante para a actividade económica e para o benestar de tódolos vigueses, polo tanto, esperamos o apoio de tódolos grupos a esta iniciativa, como dicía correspondendo coa tramitación logo dos informes favorables da Xunta de Galicia para dicir que o podemos tramitar con esta ordenación provisional, e por suposto que a tramitación ambiental é simplificada, repito e reitero, esperamos no interese da cidade o apoio de todos a esta iniciativa.

SR. PÉREZ IGLESIAS: Mais unha vez o goberno municipal incorre nese modelo de urbanismo a pedazos, a cachos e sen unha visión integral nin completa da cidade, un urbanismo que normalmente se volve a colocar ao servizo dos grandes intereses porque o obxectivo desta proposta non é outro que facilitar a operación inmobiliaria dun grande grupo comercial, instalar do que se pretende instalar unha nova grande área comercial de 40.000 metros cadrados, nunha cidade que xa está sobradamente saturada deste tipo de instalacións e falamos polo tanto tamén e o que nos parece máis grave, da legalización dun ámbito urbanístico que é de iniciativa privada porque o estudo que se trae a este Pleno elaboraron a os propios promotores da operación, promotores que están representados nada menos que polo ex-xerente de Urbanismo do Concello de Arganda que está imputado na trama Gürtel, un dato que se cadra ilustra as enormes reservas que provocan este tipo de medidas, non hai interese xeral, non hai interese público porque a cesión

dunha escasa faixa de terreo para uso público non xustifica un pelotazo. Fálase aquí dun impacto tremendamente importante, dicía a concelleira agora, para, en termos económicos, nin unha soa cifra a respecto dunha estimación contrastable do hipotético impacto desta actuación en termo socio-económicos produtivos nin de creación de emprego, un brinde ao sol, suprímese toda a previsión de vivenda efectivamente para facilitar a operación especulativa, PSOE no Concello e Partido Popular na Xunta de Galicia, facilitan este tipo de operacións a toda presa, pola porta de atrás, cunha avaliación ambiental estratéxica simplificada que o único que beneficia é a grandes grupos económicos privados. O que necesita a cidade non é urbanismo a parches e para os grandes intereses, senón o que necesitamos é un novo PXOM que poña o urbanismo ao servizo dos intereses da veciñanza e da cidade e non de grandes grupos especulativos.

SR. PÉREZ CORREA: Nós estamos tendo un “dèjà vu” e ten que ver como se nos vende determinadas modificacións ou determinadas actuacións que se fan en ámbitos efectivamente a iniciativa privada como se fora unha necesidade porque obviamente hai que vendelo así, porque para poder facela hai que xustificar un suposto interese xeral, pero isto me lembra a Recaré tamén, que se nos dicía que era necesario para a cidade de Vigo o ámbito de Recaré e logo nos decatamos do que hai é unha demanda, unha ameaza dos donos dos terreos de se non se lle facilita a ir a unha demanda económica contra o Concello de Vigo, aquí hai outra cousa o dicía moi ben o concelleiro do Bloque Nacionalista Galego, díganos abertamente, entre o 2015, novembro, que cae o Plan Xeral e que todos nos poñemos de acordo neste Pleno para redactar un novo Plan Xeral, estábamos de acordo, votamos conxuntamente en decembro, xa en decembro, a redacción do novo Plan Xeral, en decembro todos estabamos de acordo na redacción do Plan Xeral, que pasa entre decembro do 2015 e agora en 2019 para que se reactive 4 anos case, este ámbito, o único que pasa é que o Corte Inglés que é o dono dunha parcela importante dese ámbito lla venda a un grupo, é o único que pasa, non hai unha necesidade de centros comerciais máis grande ou menos grande ou o discurso non é diferente do argumento que o Concello de Vigo emprega para dicir que non quere o centro comercial en Mos que nós subscribimos, dicindo que pode haber un impacto na creación de centros comerciais na economía viguesa, iso está

nas alegacións que presenta o Concello de Vigo o único ito que hai aquí é unha operación inmobiliaria privada e vostedes están incluíndo de maneira forzosa na ordenación provisional un ámbito para facilitar unha actividade privada que non se xustifica o interese público, un centro comercial non se xustifica, para facer esta actuación non xustifican un centro comercial, digan outras cousas, poñan enriba da mesa a cuestión do carril bici, poñan un motón de cousas pero mire, xustificar un carril bici para legalizar 70.000 e pico metros cadrados a unha parte substancial de uso terciario, despois dunha venda inmobiliaria dun grupo, soa mal, tamén soa mal o nome de D. Luís Bremón Triana que é un dos imputados, xerente de urbanismo en Arganda e que ademais non creo que teña que haber un criterio culpabilizador pero unha persoa que abandona a actividade pública para ser, actuar en nome de Bricoman SLU, simplemente porque hai unha operación xudicial, pois a nós isto nos soa mal e que ámbitos comerciais no Plan Xeral de Vigo, hai moitos curiosamente, só se rescatan aqueles que hai unha operación privada antes, e iso para nós ten cando menos tódalas sospeitas posibles, xustifiquen vostedes o interese público na creación de emprego, home xustificar hoxe en día que os centros comerciais xeran emprego estable, que os centros comerciais son capaces de non ter ningún tipo de impacto na economía local e non pasear pola cidade e non ver o número de locais comerciais que se pecharon nos últimos anos e non ver a destrución de emprego no pequeno e mediano comercio que achega case o 80% do emprego no sector. Metelo ademais forzadamente, por que non esperaron ao Plan Xeral, por que era tan urxente? Era tan urxente porque hai escrituras de venda con outros propietarios como esta que teño aquí que é unha promesa bilateral de compra-venda en caso de que se desenvolva ese ámbito, branco e en botella, vostede están a facilitar unha operación inmobiliaria, terán que dicir privada, terán que dicirnos cal é o argumento para xustificar unha modificación urxente, porque claro pois nós poderíamos estar de acordo en que obviamente para que, este é solo urbano non consolidado polo tanto, non poden entrar na Ordenación Provisional, a única maneira que entre na ordenación provisional é porque ten un nivel de desenvolvemento moi evidente ou porque retiran a vivenda do ámbito, home, curiosamente o ámbito que tiña o 70% ou 70 e pico por cento de vivenda protexida, curioso, e polo tanto, xustifiquen o que queiran pero non xustifiquen o

interese xeral, non sei que lle saquen seguramente unha tarxeta vitalicia de compra do Corte Inglés porque deben estar aplaudindo coas orellas.

SR. MARNOTES GONZÁLEZ: Outra ordenación provisional, a segunda en menos dun mes, outra consecuencia de non termos Plan Xeral, de ter un Plan Xeral anulado polo tribunais porque a Xunta de Galicia daquela, a bipartita, perdouno nun caixón esperando a que a Alcaldía mudase, a que o Sr. Abel Caballero fose Alcalde. Este expediente é a proba máis evidente desa desfeita que foi o PXOM de 2008, había un Plan do ano 2006 consensuado con toda a cidade, paralizado polo goberno da Xunta de Galicia que se aproba cando o Sr. Caballero recupera a Alcaldía, despois de perder ás eleccións, fronte a alcaldesa de entón que consensuou o Plan e para non aprobar exactamente o mesmo que ela, que sería un escándalo, pero que sería o lóxico que fixo, buscou unha coartada e alterou as porcentaxes de vivenda protexida, fixo o Plan inexecutable, 13 anos despois, nin plan nin unha vivenda protexida, neste ámbito metera nada menos que o 51%, así que hoxe, 13 anos despois recoñecen ese erro e o arranxan dándolle a volta e convertendo entón residencial protexido en comercial terciario, facer unha rectificación porque vostedes só acertan cando rectifican, este ámbito é paradigmático da chapuza que foi incrustar vivenda protexida de xeito asimétrico, prexudicando a uns e beneficiando a outros, a Lei Vigo permite establecer ordenacións provisionais para desenvolver ámbitos industriais e terciarios que é o que imos a facer, nós estamos de acordo, isto significa cambiar totalmente a ordenación aos usos previstos no PXOM do Sr. Abel Caballero, e nós tamén estamos de acordo, con este estudo están a recoñecer que o PXOM do 2008 non vale, que hai que mudalo nos ámbitos de desenvolvemento urbanístico e que hai que volver ao ano 2006, 13 anos despois. Son vostedes conscientes de que con esta ordenación provisional efectivamente aparece unha área comercial non prevista no PXOM do 2008 e salta polos aires a estratexia de ubicacións de solo comercial e terciario deste PXOM porque este non estaba previsto, son tamén conscientes de que se da unha paradoxa, só podemos executar os ámbitos de ordenación prevista de desenvolvemento no PXOM do 2008 dándolle a volta, como estamos facendo aquí. A nós darlle a volta ao Plan do 2008 nos parece ben porque o que se aprobou no ano 2008 era inviable, aquí temos unha proba evidente de que o Plan do 2008 era

inviabile, vostedes sábeno e se constata hoxe aquí, votaremos a favor, naturalmente porque rectifican, porque nós si estamos do lado da economía, do emprego e da cidadanía porque non facemos electoralismo con estes temas, votaremos a favor, pero tamén lle dicimos unha cousa, non podemos seguir así, Vigo necesita un PXOM, temos que saber a onde imos e o que queremos, temos que saber se imos a ser unha cidade de servizos, de hostalería, unha cidade de comercio ou unha cidade con peso industrial e se imos recuperar peso industrial, temos que pensar se queremos seguir crescendo e cara a onde, cara Portugal, cara o oeste, cara as praias, temos que saber onde imos e temos que emprazar as áreas comerciais de xeito planificado, anticipado, non mediante instrumentos extraordinarios e agora que pasa, que se deu a conta atrás, xa comezou, queda un ano unicamente para que se poida presentar o PXOM e tres e medio para aprobalo definitivamente, tres anos e medio, o tempo pasa, que vai a pasar con estas ordenacións provisionais se non temos o plan a tempo, temos que ter plan, nós estamos de acordo en que se desenvolvan ámbitos comerciais e terciarios, estamos de acordo, pero estamos tamén de acordo en que necesitamos plan, temos que ter un plan enriba da mesa e temos que velo porque se non o temos todo o que se está a aprobar aquí e que nós queremos aprobar vai quedar en nada.

SRA. CARIDE ESTÉVEZ: Os redactores do contido e alcance do Plan do ano 2008, excepto da vivenda protexida, que foron o Bloque Nacionalista Galego e o Partido Popular, defensores de Porto Cabral están en contra de que desenvolva un uso terciario en Cruceiro, entón comezamos a enmarañar porque claro é moi difícil opoñerse aos informes da propia Xunta de Galicia que recoñece que este ámbito pódese desenvolver, pero para o Partido Popular de Vigo está ben os servizos terciarios da cidade de Vigo en Mos, en Vigo non, en Mos. Polo tanto, vostede ten moi difícil opoñerse aos propios informes da Xunta de Galicia que non tivo forma de revocar esta actuación.

Mire, o concelleiro non adscrito xa llo dixen ao principio, vostede agora entendo porque é non adscrito, é que cada vez que fala fai unha emenda á totalidade ao pasado do Bloque Nacionalista Galego nesta cidade, pero é que vostede non se lembra que este ámbito de Cruceiro é ámbito desenvolvido, deseñado polo Bloque

Nacionalista Galego? Eu a verdade é que non deixo de sorprendeme, claro cando alguén chega a asinar que, perdóeme vostede de Marea, que isto non ten nada que ver co interese xeral, claro que non ten nada que ver co interese xeral gañar espazos públicos, mellorar as infraestruturas dos veciños que por certo, teñen algúns que outros problemas, habería que coñecelos, alí, in situ, e por outra parte, promover que as actividades económicas que son para dar servizos aos vigueses continúen en Vigo e non marchen de Vigo, eu a verdade é que non entendo como vostede define o interese xeral, pero claro dado que vostede interese xeral negouse a ampliación de Citroën, a ampliación do IFEVI e tantas outras cousas na cidade, pois xa o entendemos todo, porque vostede non está pola procura do interese xeral dos cidadáns.

Mire, o representante do Partido Popular, claro, en xa sei que a vostedes lles fai dano que exista vivenda protexida na cidade, lle fixo dano por iso negáronse a aprobación do Plan Xeral do ano 2008 e tal a evidencia que sendo a cidade que ten maior demanda de vivenda protexida, o Instituto Galego de Vivenda e Solo está a día de hoxe desenvolvendo dúas actuacións en Vigo e para iso o Concello de Vigo tivo que cederlle as parcelas porque se non non fan ningunha e noutras cidades executan vivenda protexida en Vigo non fan ningunha e obviamente como vostede sabe a Lei 2/2017, non a Lei Vigo, esa lei permite desenvolver ámbitos de planeamento en solo urbano non consolidado cando hai unha clara aposta polo uso terciario e aproveitando que a Lei di que se impulsa os servizos terciarios e que obviamente os servizos terciarios aquí e en Recaré cando solucionen co Ministerio de Fomento os problemas do enlace, son necesarios na cidade porque queremos que a actividade quede na cidade, obviamente son promover a actividade económica e o benestar dos vigueses/as.

VOTACIÓN: Con vinte e dous votos a favor dos membros do grupo municipal Socialista, señores e señoras Abelairas Rodríguez, Aguiar Castro, Aneiros Pereira, Blanco Iglesias, Caride Estévez, Expinosa Mangana, Fernández Pérez, Gomez Días, Iglesias González, Lago Barreiro, López Font, Losada Alvarez, Mejías Sacaluga, Rivas González, Rodríguez Calviño, Rodríguez Díaz, Rodríguez Rodríguez e a Presidencia, e mais dos membros do grupo municipal do Partido Popular, señores e

señoras Egerique Mosquera, Gonzalez Castillo, López Roman e Marnotes González, e tres votos en contra dos membros do grupo municipal Mixto, señora e señor Mendez Fuentes e Pérez Correa, e do membro non adscrito, Sr. Pérez Igrexas, adóptase o seguinte,

ACORDO:

O Pleno do concello ratifica a Resolución que se transcribe na parte expositiva deste acordo.

Neste intre e en cumprimento de acordo plenario, a Corporación e máis todas as persoas presentes no salón de Plenos, postas en pé, gardan un minuto de silencio en memoria das vítimas da violencia de xénero.

MOCIÓNS:

20(144).- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR INSTANDO AO GOBERNO DO ESTADO A QUE ACOMETA INVESTIMENTOS EN INFRAESTRUTURAS VITAIS NA CIDADE E QUE O ALCALDE REALICE O SEGUIMIENTO E NEGOCIACIÓN PARA ACADAR DITOS INVESTIMENTOS. REXISTRO PLENO 2157/1101

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro do Pleno do 30 de agosto de 2019, número 2157/1101, o voceiro do grupo municipal do Partido Popular, Sr. Marnotes González, formula a seguinte,

MOCIÓN

“Vigo ten pendente a realización de moitas infraestruturas vitais para o futuro da cidade e tamén necesita a implicación e alianza de moitos axentes, públicos e privados para modernizarse, para crecer, para liderar o Sur de Galicia e o Norte de

Portugal, para saír do recuncho localista e reducionista no que o Alcalde meteu á cidade e ser - de novo - a urbe puxante, plural, integradora, innovadora, solidaria e de vangarda que foi.

Vigo necesita un goberno que estableza alianzas, que negocie acordos, que se entenda con outras administracións, institucións e colectivos.

Porén, o Alcalde cre que a mellor maneira de volver a liderar e ocupar ese espazo e de tecer consensos é enviado cartas. Cartas á Xunta, cartas ao Celta, cartas a organismos e institucións.

Entre os múltiples interlocutores desa singular relación epistolar da que ninguén - nin o propio Alcalde - espera resposta, non se atopa a administración xeral do Estado. O Goberno Central, ao que o Alcalde nin chama nin chamará.

Pero a gran parte das medidas que Vigo necesita e dende logo as máis importantes, dependen do goberno de Madrid. Velaí, unha relación:

- A supresión da peaxe da AP9
- A solución aos accesos ao barrio de Teis dende a AP 9 e a súa conversión nunha vía urbana ou soterrada.
- O soterramento da VG-20 ao seu paso por NAVIA
- O AVE directo a Vigo por Cerdedo
- A saída Sur da cidade por ferrocarril
- A nova Autovía a Porriño
- A Declaración de interese xeral da mellora do abastecemento de auga a Vigo
- A reforma da Avenida de Madrid.
- A recuperación e rexeneración da fronte litoral.

Creemos que son temas esenciais para o futuro da Cidade que demandan o traballo conxunto do Concello e dos distintos Ministerios e por iso propoñemos ao Pleno a adopción do seguinte ACORDO:

1.- Instar ao goberno de España a que acometa os investimentos e adopte as medidas que se sinalan na presente Moción

2.- Instar ao Alcalde e ao goberno local a que realice o seguimento e negociación cos Ministerios que se precisa para acadar a efectiva implantación desas medidas e investimentos

DEBATE:

SR. MARNOTES GONZÁLEZ: Vigo ten, temos pendente a realización de moitas infraestruturas vitais para o futuro da cidade e para o desenvolvemento desas

infraestruturas necesitamos a implicación e alianza de moitos axentes públicos e privados, para modernizarnos, para crecer, para liderar o sur de Galicia e o norte de Portugal, para saír do recuncho localista, reduccionista no que estamos, no que o Alcalde meteu á cidade e ser de novo a urbe puxante, plural, integradora, innovadora, solidaria e de vangarda que foi. Vigo necesita un goberno que estableza a alianzas, que negocie acordos que se entenda con outras administracións, institucións e colectivos; politicamente estamos reducidos como cidade a unha absoluta irrelevancia, o Alcalde cre que a mellor maneira de liderar ese espazo, de volver a ser a cidade que fomos e de conseguir investimentos para a cidade é confrontar, é enviar cartas, cartas á Xunta de Galicia, cartas ao Celta, cartas a organismos, a institucións, isto é un conxunto sucesivo de anécdotas, isto é unha política de confrontación insufrible, inútil, estéril, porque ademais son moi selectivos nas cartas que envían, nos interlocutores desa relación epistolar da que ninguén espera resposta, non se atopa o goberno central, o goberno central ao que o Alcalde non chama nin chamará, e sen embargo a maior parte das medidas que Vigo necesita, dende logo as máis importantes dependen do goberno de Madrid, sempre foi así, pero é que agora o goberno está calado, ningún movemento, nada, estamos illados nun recuncho sen ningunha interlocución co goberno autonómico porque o Alcalde non quere e sen ningunha interlocución co goberno central porque o Alcalde non pode, vímolos ben coa liña de alta tensión, a liña de moita alta tensión a Balaídos para PSA, nin caso lle fixeron, que pasou coa solicitude de supresión da AP-9 en Redondela, que fixo o goberno? O goberno do PP eliminou a peaxe nas viaxes de volta de Pontevedra, que fixo o goberno do PSOE? Nada, que lle pediu o Sr. Caballero? Nada, que solución hai para converter en vía urbana ou soterrada os accesos á cidade en Teis? Que solución hai? Nada, o Sr. Alcalde, cando se propuxo a ampliación do Plan Parcial de Navia, daquela gobernaba o Sr. Rajoy, dixera non, non o vou a aprobar ata que se soterre a Vigo 20" que hai diso. O AVE directo a Vigo por Cerdedo, un estudo hidroxeolóxico para dentro de 3 anos, cortina de fume pactada para adiante, acábano de adxudicar o que pasa que non o saben, díggollos eu, por certo, medio millón de euros por debaixo do orzamento que saíu, saída sur da cidade por ferrocarril, nada, nova autovía a Porriño, nada, declaración de interese xeral da mellora de abastecemento da auga de Vigo, sen declarar nin publicar, pendente iso si do estudo de alternativas que

vai a facer o Ministerio da Confederación. Miren, reforma da Avenida de Madrid, convenio coa Sr. Ana Pastor ano 2006, listo para executar, que fixeron? Nada, mudar o convenio, poñer outra sinatura para que apareza o Sr. Abel Caballero no 2009; recuperación e rexeneración da fronte litoral, nada de nada, igual arraxamos un tramos de Bouzas a semana que ven parece ser, levamos un ano esperando. Nós cremos que son temas esenciais para o futuro da cidade que demandan un traballo serio ao conxunto do Concello e os distintos ministerios e por iso propoñamos na nosa moción que o que hai que facer é poñer o foco onde hai poñelo, deixarse de liortas e de confrontacións e de estar aquí e alá e enviando cartas e poñerse a traballar, iso é o que nós queremos que se acometan investimentos, se adopten as medidas que se sinalan na moción e que o Alcalde faga o seguimento e se responsabilice porque isto nos vai a dar a medida tamén do que manda o Sr. Caballero en Madrid, e do peso que teñen os intereses de Vigo no goberno central, é un termómetro fabuloso saber iso, agora mesmo nós pensamos que ese termómetro está baixo cero en compromisos e en euros.

SR. PÉREZ IGLESIAS: A moción do Partido Popular con todo o respecto poderíamos definila como a moción do cinismo, poderíamos incorporar un punto fixo na orde do día, na dos Plenos ordinarios, que sexa esta permanente, estéril e partidista onde por un lado un Partido Socialista casca contra a Xunta do Partido Popular e en moitos casos con bastante razón e o Partido Popular casca contra o goberno español do Partido Socialista tamén con algunhas razóns, o problema é que falla consistencia na exposición e tanto PSOE como PP alteran a súa oposición en función de cal é a cor política do goberno de San Caetano ou do goberno da Moncloa e por iso nós dende o goberno do Bloque Nacionalista Galego o que queremos é instar a que deixen de xogar por electoralismo e nótase no ambiente que hai aires de precampaña, que deixen de xogar por electoralismo coas necesidades da cidade que foron sistematicamente desatendidas, tanto por gobernos do Partido Popular que gobernou ata non hai tanto, como tamén por parte de gobernos do Partido Socialista, dende logo causa rubor ler unha moción do Partido Popular na que se fale da AP-9 e da supresión de peaxes, o Partido Popular do tarifazo na AP-9, despois da ampliación de Rande, ese negocio tan ruinoso, e o Partido Popular que sistematicamente a súa contribución á AP-9 que é

un atraco diario que padecemos as viguesas/es e o conxuntos das galegas/os do Eixo Atlántico, ten sido bloquear de maneira reiterada e contumaz o mandato do Parlamento de Galicia parece que se transfire a súa xestión e que iso permita polo tanto tamén, liberala dunhas peaxes que son absolutamente insostibles porque é unha infraestrutura que está non pagada nin amortizada senón que xa está máis que repagada. Mais tamén causa rubor o debate que ás veces se suscita sobre o AVE a Cerdedo eu creo que cando interveña o grupo Socialista imos a velo, eu só vou a reproducir aquí unha intervención non miña nin de ningún representante do Bloque Nacionalista Galego senon de a Sra. Maika Larriga que é a actual subdelegada do Goberno en Pontevedra, que na La Voz de Galicia dixo o 10 de xaneiro deste ano, “non sei se o AVE por Cerdedo chegará en 2030”, esa é a realidade, que mentres vostedes Partido Popular e Partido Socialista se botan a pelota e golpéanse cos problemas da cidade, os problemas seguen sen ser atendidos porque en realidade tanto en San Caetano como na Moncloa non lles preocupa.

SRA. MÉNDEZ FUENTES: A min tamén me gustaría comezar a miña intervención expresando o meu abraio polo contido político desta moción que nos presenta o Partido Popular, o meu franco estupor polo grao efectivamente de cinismo que contén e que desborda calquera razoamento, presentan vostedes unha batería de infraestruturas vitais pendentas, cando en realidade se trata de reivindicacións polas cales vostedes fixeron entre cero ou nada cando estiveron no goberno central e tamén no que lles compete dende a Xunta de Galicia; centrareime nalgunhas delas.

Comezan vostedes falando efectivamente da peaxe da AP-9, da supresión da peaxe entre Vigo e Redondela, e de solucións aos accesos do barrio de Teis, estamos de acordo con estas demandas Sr. Marnotes, os nosos deputados/as levan defendendo estas cuestións con insistencia e teimosía dende o goberno central e lévanas defendendo precisamente fronte as decisións do seu partido que foron sempre en sentido contrario, vexamos que é a AP-9? Un negocio grotesco en mans dunha concesionaria depredadora para o enriquecemento duns poucos e a conta dun ben común de tódolos galegos/as. Fagamos un pouco de historia, no ano 1994, sendo o Sr. Abel Caballero deputado no Congreso produciuse a segunda prorroga

da concesión que ampliou a explotación a 2023, remataba en 2013, o Partido Socialista ampliouna unha década, logo xa no ano 2003 o Sr. Aznar, ampliouna a 2048 é dicir, que vostedes dende o goberno central PP e PSOE puideron evitar esta auténtico espolio do territorio, é dicir, do ben común, non o fixeron, puideron elixir outro modelo de xestión, tampouco o fixeron, legislaron ambos e gobernaron a favor de Audasa e en contra da cidadanía porque se non fose así non nos atoparíamos hoxe diante desta demandas que xa estarían cubertas, efectivamente é este grupo municipal e son as nosas/as deputados quen defenden a transferencia a Galicia e non só a nacionalización e a gratuidade da AP-9 para rematar con este atraco histórico, mentres vostedes PP e PSOE miran para outro lado, para o lado de Audasa, efectivamente Sr. Losada.

No que se refire ao soterramento da VG-20 ao seu paso por Navia que curioso Sr. Marnotes, agora vostedes esixen que se execute esta infraestrutura pero que aconteceu coa iniciativa que os nosos deputados defenderon esixindo o soterramento da VG-20 ao seu paso por Navia? Quizais non o lembra porque o tempo en política efectivamente transcorre de xeito vertixinoso e as cousas esquécese rápido pero podo lembrarllo, o que pasou foi que o Partido Popular tumbou esa iniciativa, non a aprobou, o Partido Popular sendo o Sr. Rajoy, presidente do goberno, non aprobou a demanda que hoxe vostedes traen aquí.

No que se refire ao AVE directo por Cerdedo, como vostedes saben, nós defendemos un debate serio, non demagórico sobre como acadar un sistema de alta velocidade que conecte Vigo e Madrid en menos de 4 horas, sen agardar anos e anos para licitar os máis de 1.900 millóns de euros que supón a variante de Cerdedo, un proxecto no que levamos unha década enfrascados en resultados tanxibles de maneira que mellor que ese rife-rafe partidario, electoralista que entre que vostedes Partido Popular, Partido Socialista manexan, nós defendemos abrir o debate á veciñanza viguesa e discutir abertamente sobre o modelo ferroviario que precisa a nosa cidade, un debate aberto que desvele como o desmantelamento progresivo da sanidade ou os brutais recortes en educación, teñen moito que ver coa enorme débeda pública que vostedes PP e PSOE adquiriron e non só que vostedes PP e PSOE consagraron pagar antes que calquera gasto social na reforma constitucional de 2011, unha débeda entón que ten

probablemente, moito que ver na súa orixe no delirante investimento en obras como a autovía sen tráfico, aeroporto sen voos ou tres trens sen viaxeiros.

Por último, moi brevemente, a saída sur da cidade por ferrocarril, claro, que exista unha saída sur ferroviaria que conecte coa rede europea atlántica de mercadorías de xeito inmediato é necesario para evitar a perda continúa de competitividade do Porto de Vigo e do tecido industrial dependente, pero é que a necesaria conexión Vigo-Oporto non foi proposta no Parlamento Europeo por ningún parlamentario do PP nin do PSOE senón que entrou grazas a un eurodeputado portugués, ademais tanto o Sr. Feijóo como o Sr. Caballero son membros da Comisión Europea das Rexións e nese espazo non incluíron ningunha emenda a prol da conexión Vigo-Oporto, no nivel do Estado? Os diferentes gobernos do Partido Popular e do Partido Socialista non propuxeron tampouco a conexión Vigo-Oporto, o Sr. Pedro Sánchez, hai que lembralo primou o corredor mediterráneo, por suposto que precisamos Sr. Marnotes, un proxecto integral de modernización das nosas infraestruturas pero desafortunadamente grazas as súas políticas PP e PSOE centralistas, servís co poder, estamos lonxe de proxectos renovadores que coloquen ás necesidades das galegas e das viguesas no centro.

SR. LÓPEZ FONT: Sr. Marnotes, eu lle agradezo moito esta moción, de verdade, xa lle agradecía antes pero agora despois da súa intervención lle agradezo máis aínda, e agradézolla porque permite falar do que as administracións están facendo en Vigo, na nosa cidade, tanto do goberno central como do goberno da Xunta de Galicia, é sorprendente que na súa moción non se faga ningunha referencia á situación con respecto ao que esta cidade reivindica con relación ao goberno de Galicia, pero tamén pon branco sobre negro unha cuestión, onte dicía o Alcalde e eu a repito, vostedes non se decatán de nada, vostedes non se decatán de nada do que está pasando e creo que deberían de decatarse de que en un ano de goberno do Sr. Pedro Sánchez esta cidade foi atendida en tódalas cuestións que tiña bloqueadas, a pesares das risas da Sra. Egerique isto é así, e vostedes deberían de decatarse porque a realidade é esa e eu estaba escoitando a vostede desgranar o AVE, a autovía, a auga e demais, e eu creo que esa é unha emenda á totalidade do goberno do Sr. Rajoy, porque mire que hai que facer ben as cousas en relación con AVE por Cerdedo? Evidentemente e por que non lle pregunta á Sra.

Pastor por que tivo 5 anos un informe metido nun caixón, por que non lle pregunta ao goberno do Sr. Rajoy porque non nos cedían a biblioteca de Teis e nos querían cobrar e nada máis chegar o goberno do Sr. Pedro Sánchez se soluciona ese tema? Por que non lle pregunta ao goberno do Sr. Rajoy por que o estudo de abastecemento de auga tan necesario para esta cidade porque é o maior problema que temos, dixeron que non había estudo e si se fixo por parte do goberno do Sr. Pedro Sánchez, polo tanto, mire, presentamos porque teño 5 minutos e necesitaría 50 minutos para contarlle todo o que son os 22 puntos e os trinta e tantos do goberno do Sr. Feijóo, aquí vostedes queren este debate, e hai que facer unha foto da cidade, e hai que facer unha foto do que corresponde ao goberno central e cales son os proxectos e situacións que foron desbloqueadas polo goberno central do Sr. Pedro Sánchez, pero tamén hai que ver cal é a nosa situación con relación ao goberno da Xunta de Galicia, en xullo do 2015 o Alcalde de Vigo lle propuxo ao Presidente da Xunta de Galicia o que esta cidade necesitaba no ámbito competencial da Xunta de Galicia, resposta en 4 anos, cero; resposta dos cidadás, pasamos de 11 a 17 e a 20 concelleiros, esa é a resposta dos 100.058 vigueses aos que si se consultou onde se lles debe consultar que son as eleccións municipais. Polo tanto, nós imos ao concreto e o concreto é simple e llanamente presentar aquí unha emenda de substitución, Sr. Marnotes, péñseo antes de contestar, que si vostedes non aceptan esta emenda de substitución que é literalmente a transcripción do que pasou con respecto ao goberno central e con respecto ao goberno da Xunta de Galicia, vostedes non están pensando en Vigo, vostedes presentaron esta moción simple e llanamente para cubrir as miserias do Sr. Feijóo e a falla de atención do Sr. Feijóo a esta cidade, e enriba para non recoñecer o que que fixo o goberno central do Sr. Pedro Sánchez, me sorprenden afirmacións súas porque de verdade que é unha frase repetida cando lles dicimos que non se decatan absolutamente de nada, pero claro, oírilles que esta cidade está hoxe na irrelevancia, que esta cidade hoxe é un recuncho, que o Alcalde non chama, que non se lle atende, pois certamente de verdade, eu non sei en que mundo viven vostedes, pero como recuncho? Se somos o centro do país Sr. Marnotes, se somos o centro de España, se en vacacións quere vir todo o mundo, se todo o mundo está planificando vir en Nadal, se en tódolos sentidos somos unha envexa, se os medios de comunicación durante o verán e durante todo este ano

quixeron recoller a opinión do Alcalde de Vigo, o Sr. Caballero polo que significa de proxecto municipal no que case o 70% dos cidadáns dunha cidade de 300.000 habitantes camiñen xuntos da man en relación cun proxecto que é un proxecto de éxito, nin recuncho nin nada, como digo somos o centro hoxe do país e espero dende logo que se pensan vostedes 4 en Vigo, apoiem a emenda de substitución porque esta é a foto desta cidade.

SR. MARNOTES GONZÁLEZ: Atención, emenda de substitución, grandes éxitos, nomeamento de delegado da Zona Franca que permita chegar á Zona Franca a Vigo, grandes éxitos, gran éxito de goberno, estación do AVE, pero si a inaugurou a Sra. Pastor, pero isto que é? Aquí a relación está na relación de obras que executou o Partido Popular e que inaugurou o goberno Popular, imos ver, isto non é serio, nós poñemos enriba a mesa temas estratéxicos de cidade e vostede ponme enriba da mesa o nomeamento do delegado do Estado, a estación do AVE que a inaugurou a Sra. Pastor e a muralla do Castro, a vía Verde do tren, de verde nada, formigón, puro e duro o verde non sei, un espigón, unha rampla na praia da Mourisca, un permiso para cubrir as pistas de tenis de Samil, pero isto que é Sr. Font? Estes son os grandes éxitos do goberno do Sr. Pedro Sánchez na cidade, o primeiro o AVE por Cerdedo, o dito, 3 anos esperando para saber o que todo o mundo sabe, que na serra do Suido hai auga por tódolos lados, mire, iso é unha farsa, 3 anos para facer un estudo hidroxeolóxico, pero isto que é? É unha tomadura de pelo, é dicir que fago algo e quitarmo de enriba ata dentro de 3 anos, pois nós imos estar enriba deste tema continuamente Avenida de Buenos Aires conexión de autoestrada do centro con Teis, queremos ver iso, onde está iso? Un goberno Popular ampliou a autoestrada a 3 carrís, ampliouse a Ponte de Rande, fixo o Aeroporto, quen inaugurou o Aeroporto Sr. Font? Estabas ti, pero a ampliación do aeroporto que teñen tódolos vigueses e que non es capaz de encher conselleiro de Economía e Emprego, a ver se te moves, o aeroporto non ten voos nin destinos é un aeroporto impresionante, financiado, inaugurado por un goberno do Partido Popular, non ten voos por culpa vosa, iso é o que tendes que facer. Sigo, a oficina do IFAS, grandes éxitos do goberno do Sr. Pedro Sánchez na cidade, pero estades de broma? Nós queremos poñer enriba da mesa os temas de cidade, os temas de cidade non son só da Xunta de Galicia, son do goberno e vostedes miran para outro lado porque alí

nin lles fan caso, porque este goberno, esta Alcaldía é unha sucesión continúa de anécdotas e de chascarrillos, isto non pode ser, hai que sentarse e hai que falar Sr. Font, hai que ir aos ministerios, hai que levar proxectos, hai que interesarse polos temas e non hai que facer sinaturas, a sinatura do convenio da Avenida de Madrid fíxose no 2006 e o asinou a Sra. Pastor co Sr. Caballero, non lle gustaba ese convenio, parouno 3 anos e agora o volve a asinar, pero isto que é? Temos que poñer os temas de cidade enriba da mesa, nós ímolo seguir facendo e vostedes tamén, non poden utilizar esa figura do chascarrillo e de anécdota só para confrontar, temos que utilizar as institucións municipais para negociar e conseguir, senón dígo e insisto, estamos na irrelevancia, estamos na anécdota, non nos fai nin caso, en Madrid desde logo ningún.

PRESIDENCIA: Pronúnciese previamente sobre a emenda.

SR. MARNOTES GONZÁLEZ: Nós non imos felicitar ao goberno do Sr. Pedro Sánchez por nomear ao Sr. Regades.

(No momento da votación preside a 3ª Tenente de Alcalde, Sra. Espinosa Mangana, por ausencia do Presidente e da 1ª e 2ª tenentes de Alcalde)

VOTACIÓN: Con catro votos a favor dos membros do grupo municipal do Partido Popular señores e señoras, señores e señoras Egerique Mosquera, Gonzalez Castillo, López Roman e Marnotes González, e dezaoto votos en contra dos membros do grupo municipal Socialista, señores e señoras, Aneiros Pereira, Blanco Iglesias, Caride Estévez, Fernández Pérez, Gomez Días, Iglesias González, Lago Barreiro, López Font, Losada Alvarez, Mejías Sacaluga, Rivas González, Rodríguez Calviño, Rodríguez Díaz, Rodríguez Rodríguez e a Presidencia, máis dos membros do grupo municipal Mixto, señor e señora, Mendez Fuentes e Pérez Correa, e do membro non adscrito, Sr. Pérez Igrexas, adóptase o seguinte,

ACORDO:

Rexeitar a Moción presentada, en data 30.08.2019 (Rex. Nº 2157/1101), polo voceiro do grupo municipal do Partido Popular, Sr. Marnotes González, cuxo texto consta transcrito nos antecedentes deste acordo.

21(145).- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA INSTANDO Á XUNTA DE GALICIA A QUE AS SUBVENCÍONS DE POLÍTICAS DE EMPREGO SE CONCEDAN BASEÁNDOSE EN CONVOCATORIAS DE CONCORRENCIA COMPETITIVA E OUTROS ACORDOS COMPLEMENTARIOS. REXISTRO PLENO 2158/1101

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro do Pleno do 30 de agosto de 2019, número 2158/1101, o concelleiro do grupo municipal Socialista, Sr. Losada Alvarez, formula a seguinte,

MOCIÓN

“No Diario Oficial de Galicia publícanse habitualmente bases que rexerán a concesión, en réxime de concorrència non competitiva, de subvencións destinadas ao fomento da contratación de distintos colectivos con dificultades de inserción laboral.

Establécese que o obxecto destas subvencións é para colaborar coas entidades locais galegas para a contratación persoas en dificultades de inserción laboral. A finalidade destas axudas é contribuír a que estas persoas acaden unha maior autonomía a través da independencia económica co obxectivo de lograr unha integración plena na vida económica e social.

En moitos casos estamos a falar de actuacións nas que é o goberno de España quen distribúe os fondos entre as comunidades autónomas de forma proporcional as necesidades das mesmas, sempre cuns criterios obxectivos e coñecidos por todos os axentes interesados.

As condicións determinan que as contratacións polas cales se conceda a subvención deberán ser para a realización de obras ou servizos de interese xeral e utilidade social, competencia das entidades locais e deben ser executados polas entidades locais en réxime de administración directa ou polos organismos, entes ou empresas públicas ás que se encomende a súa execución.

Pero en moitos casos, a Xunta de Galicia realiza convocatorias baseadas en sistemas de concorrencia non competitiva, sen indicadores cuantitativos obxectivos e definidos con anterioridade, e que polo tanto as administracións municipais interesadas non coñecen.

E por esto que propoñemos ao Pleno da Corporación a adopción do seguinte:

ACORDO

Instar á Xunta de Galicia insta a Xunta de Galicia a:

1. Que o importe das subvencións das políticas de emprego no ámbito de colaboración coas entidades locais galegas se concedan en convocatorias baseadas na concorrencia competitiva, con indicadores cuantitativos obxectivos e definidos con anterioridade.
2. Establecer nas convocatorias a realizar con cargo xa aos orzamentos de 2020 os criterios que rexan o reparto das subvencións da Comunidade Autónoma a favor das entidades locais, garantindo a igualdade de acceso para todas elas con convocatorias públicas ás que concorreran todos os concellos en igualdade de condicións.
3. Ter en conta a situación socio-laboral e demográfica de cada un deles, que será considerada en termos proporcionais, tanto ao tamaño da poboación total do concello, como ao tamaño da poboación obxectivo de inserción laboral en cada caso."

DEBATE:

SR. LOSADA ÁLVAREZ: A verdade é que aquí sempre se aprenden algunhas cousas Sr. Marnotes, comezou vostedes dicindo que esta era a cidade máis importante, maior de Galicia, estaría moi ben, tendo en conta que ven dun goberno que claramente ningunea o papel político, económico e social desta cidade en favor doutras institucións que todos coñecemos, que en fin, reflexionara sobre a cuestión e isto vale tamén para algún outro grupo, para o grupo de Marea ou Esquerda en Común, creo que é novo nome porque efectivamente polo menos no Parlamento de Galicia assistimos a como ese grupo defende sistematicamente ou defendía sistematicamente as cidades nas que gobernaba en detrimento de Vigo, polo tanto, vir aquí a igualar ao Partido Popular e ao Partido Socialista poñéndose as medallas de non se sabe quen, eu creo que é cando menos unha estratexia equivocada fronte á cidadanía desta cidade.

Pasamos ao contido desta iniciativa que non deixa de ser, forma parte da estratexia dunha arma de engano masivo do PP cada vez que utiliza a política e as institucións para defender intereses que van máis alá do conxunto da cidadanía. E temos exemplos recentes, temos eses 4 presidentes/as da comunidade autónoma de Madrid e imputados os 4 correlativamente, a 5ª leva gobernando mes e medio a aínda non houbo tempo e temos un marco xurídico claro Sr. Marnotes, unha Lei 9/2007, de subvencións de Galicia que por certo, sería mala e era dun goberno malo pero vostedes non modificaron en 12 anos, e un decreto o 11/2009, de desenvolvemento desa lei que por certo, tamén era dese goberno malo e que vostedes tampouco modificaron en 10 anos. Iso si, incumpren sistematicamente a Lei e o decreto, para que o van a modificar se o que fan é incumprilos sistematicamente e vostede ademais como director xeral de emprego que era sabe perfectamente do que estou a falar e a verdade é que falo efectivamente do engano, pero comezamos por enganados xeneralizados, por ese 4, 11, 18, 20 que pode parecer un resultado da Bonoloto, pero é o número que ocupaban os catro concelleiros do Partido Popular na lista do Partido Popular, en todo caso non houbo que modificar a 22 que parecía unha excursión e por certo, é absolutamente bochornoso para os cidadáns que quen ía, estou a falar da política común engano aos cidadáns, sabe de que lle falo? Fálolle de cando vostede era director xeral e se sacaban convocatorias non en concorrencia competitiva e aos 10 minutos desas convocatorias estaba cuberta a contía, iso se chama información privilexiada, por certo, o Sr. Rueda, vicepresidente da Xunta de Galicia, non foi capaz de negalo no Parlamento de Galicia. Agradézolle que se preocupe pola miña vida política profesional pero deixe que estea onde estou que estou moi ben, o que lle digo é que o vicepresidente da Xunta de Galicia non foi quen de negar que era inexplicable que se abriera unha convocatoria nun momento x e que dez minutos despois estiveran cubertos os fondos, e iso só se explica porque os alcaldes do Partido Popular tiñan información privilexiada de cando e en que condicións ían a saír esas convocatorias e o saben perfectamente, sábeno en emprego, en obras, non, non o sabe, pois se non o sabe vostede como director xeral ten que coidar a subdirección xerais da súa consellería.

O único que pedimos son criterios obxectivos eu vou ler un parágrafo dunha convocatoria desta flamante Xunta de Galicia “exceptuar del requisito de fijar un

orden de prelación cuando por el objeto y por la finalidad de la subvención no sea necesario realizar la comparación y prelación de las solicitudes presentadas en un único procedimiento hasta el agotamiento” e falamos de emprego, e logo como se fai esa prelación de parados de Vigo fronte aos de Mos? Como se fai esa prelación de parados de difícil inserción de Vigo fronte aos de Mos? Como se fai? A min me gustaría que nos explicara quen decide esa prelación ou son distintos os desempregados/as de Vigo dos de Mos? Nós defendemos que non son distintos, defendemos que son exactamente iguais, que teñen os mesmos dereitos e que a Xunta de Galicia non é quen de utilizar a ferramenta da administración autonómica para solucionar os problemas do Partido Popular e as campañas electorais do Partido Popular, e vémosto na recente nomeada delegada da Xunta de Galicia, iso é exactamente o que fan nos nomeamentos e o que fan nas subvencións e o único que pedimos é que sexa a poboación dos concellos e a poboación obxectivo a que defina as subvencións da Xunta de Galicia.

SR. PÉREZ IGLESIAS: Van permitirme que faga unha primeira consideración, sei que é o primeiro Pleno de setembro, que parece que veñen con moitas gañas de insistir nesta pelexa pero se cadra era bo que os debates tivesen algo máis de mesura e que se ciñesen máis ao contido das mocións, en vez de buscar se cadra o titular fácil ou a bronca polo bronca porque se cadra o contido da moción pois non daba para consumir os 5 minutos.

En todo caso, nós coincidimos dende o Bloque Nacionalista Galego na demanda de que haxa sempre concorrencia competitiva nas convocatorias de subvencións públicas e que dende logo esa concorrencia competitiva só se pode garantir con indicadores claros e obxectivos e neste caso ademais falamos dunha cuestión moi importante como son as convocatorias de axudas públicas para combater a cuestión do desemprego, máis dito isto nós tamén queremos sinalar que urxe un maior esforzo público para combater o que é hoxe o principal problema da cidade de Vigo que é o paro que non deixa de subir, como vemos nos datos do paro rexistro do dous últimos meses, que haxa precariedade marcada polo feito de que 9 de cada 10 contratos novos sexan temporais ou que tamén está determinado polo devalar, pola desestización industrial que padece nesta cidade porque industrias non son grandes áreas comerciais non, e iso nos obriga tamén a facer un

chamamento a unha mellor orientación de tódalas axudas públicas tanto da Xunta de Galicia como das que concede este Concello de Vigo en materia de emprego, se cadra non é o grupo PSA quen máis necesita das axudas públicas para estimular e consolidar o emprego digno e con dereitos e por iso quero rematar cunha proposta para que nos tomemos en serio de verdade a preocupación que eu confío que sincera e honesta a respecto do problema grave de desemprego e precariedade neste cidade e como este goberno municipal está no proceso de elaboración dos novos orzamentos municipais teñen a oportunidade de demostrar ese compromiso duplicando a partida adicada ao Plan Municipal de emprego como de maneira reiterada lle propuxemos o Bloque Nacionalista Galego nos últimos anos e que vostedes se negaron a facer.

SR. PÉREZ CORREA: Perder 4 minutos en non explicarnos o contido dunha moción que eu sei ler pero hai moita improvisación en moitas cuestións, a min me gustaría saber cales de tódalas liñas de axudas da Xunta de Galicia, cales en concreto teñen que ver para os concellos, as que teñen que ver para colectivos concretos, as que se formulan a través dun convenio, non se nos di pero en todo caso tomarei como referencia todas aquelas liñas de axudas que entendo que se refire ás que van cara os concellos, as que a Xunta de Galicia dirime os concellos que obviamente, que non sexa competitivo entre concellos non é malo, e é bastante habitual, outra cousa é que non haxa bases reguladoras que é outro debate que temos que abrir e ademais neste Concello hai historia tamén e se empregou durante moitos anos os convenios directos de Plan de Emprego sen ningún tipo de concurso público e ademais o argumento, os convenios os pode revisar vostede, non digo que non teña experiencia que seguramente ten moita máis que min, pero pode ler os convenios que se conformaron dentro do Plan de Emprego neste Concello entre o ano 2001 e 2012, que se argumentaba unha situación de crise humanitaria para xustificar que os convenios eran adxudicacións directas a organismos sen concurso público e que logo vostedes tiveron que rectificar e a partires de entón neste Concello a maioría das subvencións de Plan de Emprego van a un concurso, outra cousa é que discrepemos da baremación do mesmo, pero despois de deitar millóns de euros de adxudicación directa en forma de convenios que só xustificaban pola situación de crise polo tanto, é unha práctica habitual

neste Concello como é habitual na Xunta de Galicia e esperamos que sexa emendada nas dúas administracións. Nós fixemos unha proposta concreta, como ten Madrid ou ten Barcelona que é unha ordenanza para o caso do Concello de Vigo, a ordenanza reguladora de concesión das subvencións públicas e cando é un convenio directo e cando é un concurso, e esa ordenanza ademais fixemos o articulado, se lle entregou ao goberno para dicir que fomos unha cidade avanzada e tiramos unha ordenanza reguladora, me gustaría que tamén cando se fala de convenios de Plan de Emprego se saiba tamén cal é a viga no ollo propio non, e non buscar outro tipo de debates, por que? Porque si, nós estamos de acordo nesta moción, obviamente sempre defendimos a concorrência cando son recursos públicos que se deitan en asociacións que non son públicas que pode ser de interese xeral ou interese público pero que non son convenios directos entre administracións, polo tanto, nos gustaría que tanto a Xunta de Galicia como un exemplo que é a Deputación de Pontevedra de pasarse os concursos públicos absolutamente polo forro, establecer criterios completamente arbitrarios, o Plan Concellos é un exemplo da arbitrariedade que se da entre eses recursos que teñen que ver co emprego e como se deitan os concellos e me gustaría pois que cando se fala dunha administración falemos de todas e digamos que a partires de agora teñamos o compromiso como forzas políticas que estamos en varias administracións diferenciadas de evitar esta fórmula do convenio directo ou de arbitrariedade, nós estamos de acordo, e como estamos de acordo e cremos que si que nos gustaría que se nos dixera cales son en concreto esas liñas de axuda pero non se nos di, se fala pois iso do antiaviguismo que supoñemos nós, espero que vostede coa nova Alcaldesa de A Coruña que quere excluír a Vigo da rede ferroviaria, que no debate do Parlamento por desgracia non vai a estar vostede pero que no debate do Parlamento tamén queda retratado a defensa de Vigo nos intereses xerais por parte do Partido Socialista cando o noso grupo denuncie e intento da Alcaldesa de A Coruña de excluír a Vigo da rede ferroviaria de mercadorías e ademais dunha maneira absolutamente terrible que non escoitei nunca a un Alcalde de A Coruña pedir dunha maneira tan behemente a exclusión de Vigo da Rede Europea de Mercadorías.

SR. MARNOTES GONZÁLEZ: Sr. Losada, catro anos respondéndolle no Parlamento de Galicia sobre emprego e formación, me veño a Vigo desperto e o Sr. Losada segue alí, como no conto de Augusto Monterroso, facéndolle sitio ao sobriño que o mandaron para arriba.

Imos falar de emprego e formación que é do que quere falar, por certo o Presidente vaise queda ela, os concelleiros van e veñen a aínda che teño que agradecer que te quedes home. Isto non é o Parlamento de Galicia Sr. Losada, nin vostede é deputado nin eu son director xeral, estamos encantados de estar aquí no Concello de Vigo pero este non é o sitio para discutir das políticas de emprego e formación como temos falado noutros anos e noutros postos.

Mire, esta moción que presenta vostede aquí na que non menciona a Vigo en ningún momento, por certo, é tan xenérica que é válida para Vigo, o Sr. Rodríguez Díaz, antigo concelleiro de emprego sen ningunha dedicación non para de falar agora e non ten dedicación neste Concello, que pasou aí Sr. Rodríguez Díaz?

Esta moción que presenta vostede aquí é tan xenérica que vale para Vigo, para Calatayud, para a Xunta de Galicia, para Generalitat Valenciana, “que o importe das subvencións das políticas de emprego se fagan en concorrencia competitiva con indicadores cuantitativos e obxectivos”, todo en orden, “establecer nas convocatorias con cargo aos orzamentos e aos criterios que rexen os repartos das subvencións da comunidade autónoma a favor das entidades locais garantindo a igualdade de acceso”, pois claro que si, aquí en Ceuta e en Melilla, Comunidade Autónoma de Galicia, se entende. Todas as subvencións de emprego e formación da Xunta de Galicia se conceden en concorrencia competitiva, todas, as que vostede pide xa se fan, nos non nos imos a opoñer a esta moción que fixo vostede, ímonos abster porque xa se fai e lle digo unha cousa o outro día con ocasión do debate da Conta Xeral vimos cal foi a subvención corrente máis importante concedida ao Concello de Vigo no ano 2018, e foi unha subvención de emprego e formación, máis de 800.000 euros, a máis importante, tódalas empresas de Vigo están atendidas porque as subvencións de emprego e formación son para as empresas e para as traballadoras/es que son os que teñen que formar.

Señor concelleiro de Cultura, Emprego e Participación Cidadá, touciño e velocidade, ten que facer moito na área de Emprego parece a min, moito que facer na parte local que é do que temos que falar aquí no Concello, da parte local, ten

que facer moito nesa área de Emprego, ten moito que falar tamén coa Zona Franca que se cargou o proxecto do Campus de FP en Vigo, esa parella artística de Sr. Regades e Sr. Caballero, dixeron que había que cargarse un campus de formación e emprego para o estudantado de formación profesional da cidade, para poñer en relación ás empresas de Zona Franca coa formación profesional fora de Vigo pola decisión da parella artística, aí e non se equivoque temos moito traballo que facer en emprego local dende o Concello, coas políticas de Concello e coa Área do Concello señor concelleiro de Cultura, Emprego, o touciño e a velocidade.

PRESIDENCIA: Por favor Sr. Marnotes, retire as palabras porque ese non é o cargo do señor concelleiro, antes pensei que o dicía con punto e aparte, pero entendese claramente que vostede unilateralmente cambiou o nome da concellería, lle pido que retire a o que acaba de dicir.

SR. MARNOTES GONZÁLEZ: Retíroo, a substituto que é cultura, emprego e Participación Cidadá para min unha área de goberno, me parece que é mistura o touciño e a velocidade que é ao que me refería.

PRESIDENCIA: Esa é a súa opinión.

SR. MARNOTES GONZÁLEZ: É unha ironía que penso que vostede captou perfectamente que me da pe agora a rectificar.

O que quero dicir é que nas convocatorias da Xunta de Galicia o que vostede pide xa se fai, cuide vostede das convocatorias do Concello e como xa se fai nós ímonos a abster e ocasión teremos de falar das convocatorias de emprego do Concello.

SR. LOSADA ÁLVAREZ: Primeiro agradecer as leccións do grupo non adscritos e de Marea, procurarei telas en conta para futuras intervencións, eu son case sempre moi receptivo e gústame cando falo de emprego utilizar a enquisa de poboación activa porque todos sabemos que os datos rexistrados son demasiado conxunturais, pero tamén podemos debater diso Sr. Pérez Iglesias.

Imos a ver, Sr. Marnotes, a verdade non sei moi ben por onde comezar, vou comezar polos números, sabe canto subiron dende o ano 2007 ata agora as

partidas de emprego nos Orzamentos do Concello de Vigo? Dende que gobernaba a Sra. Porro ata agora? 124%, que ao mellor se podían mellorar a redistribución? Seguro, a nosa e a de calquera goberno, seguro, pero en todo caso 124% e o primeiro que marca a priorización política dun goberno é o esforzo orzamentario, e vostede supoño que debería de sabelo, por certo, efectivamente na época de crise pois se xustificaba por interese económico social, por certo respectando escrupulosamente a Lei de subvencións de Galicia como vostede ben sabe, artigo 19.4.c) e a convocatoria directa ou a concesión directa pero tamén sabe que a medida que a situación económica e laboral mellorou deixou afortunadamente de facerse.

Eu en realidade non entrei en detalles efectivamente das distintas convocatorias, limiteime a coller o capítulo IV, VI de transferencias ás administracións locais das áreas, dos programa de emprego, que son en total 53,5 millóns de euros, vostede está moi orgullo con eses 800.000 euros que recibiu o Concello de Vigo como a partida máis grande de non sabemos moi ben que, oia é que en termos porcentuais tanto por poboación como por parados nós correspondían 6 millóns de euros Sr. Marnotes, o 11,1% de 53,5 son 5,98%, ou sexa 5.980.000 euros, diso é do que eu quero falar nesta iniciativa e por certo alégrome moito de que diga que vale para Vigo e para calquera outro sitio, exactamente iso é o que pretendía, que valera para tódolos sitios, que valera para Vigo e para Mos, porque cando vostedes nunha resolución, collín unha, a verdade é que non se trata de facer unha tese doutoral, creo, pero collín unha calquera sobre obradoiros de emprego e nesa resolución a concesión para Redondela que nese momento pensaban que ía seguir gobernando, insisto, 26 de marzo do 2019 para Redondela, para Mos era de 77.000 euros e para Vigo era de 72.000 euros, pois claro que vale para Vigo e vale para o Concello de Carballo que a verdade que non sei quen goberna que eran 57 millóns de euros e vale para o Concello de As Pontes que goberna o Partido Socialista que era de 57.000 euros, pódeme explicar cales son os criterios? Non o explicou en todo caso, e diso é do que eu quero falar Sr. Marnotes, quero falar da utilización espúrea das ferramentas políticas, neste caso a Xunta de Galicia, para reforzar a posición dos concellos que goberna o Partido Popular e dende logo dende Vigo e vale para Vigo e para o resto, imos defender isto sempre.

(No momento da votación preside a 3ª Tenente de Alcalde, Sra. Espinosa Mangana, por ausencia do Presidente e da 1ª e 2ª tenentes de Alcalde)

VOTACIÓN: Con dezanove votos a favor dos membros do grupo municipal Socialista, señores e señoras, Aguiar Castro, Aneiros Pereira, Blanco Iglesias, Caride Estévez, Fernández Pérez, Gomez Días, Iglesias González, Lago Barreiro, López Font, Losada Alvarez, Mejías Sacaluga, Rivas González, Rodríguez Calviño, Rodríguez Díaz, Rodríguez Rodríguez e a Presidencia, e mais dos membros do grupo municipal Mixto, señora e señor Mendez Fuentes e Pérez Correa, e do membro non adscrito, Sr. Pérez Igrexas, e catro abstencións dos membros do grupo municipal do Partido Popular, señores e señoras Egerique Mosquera, Gonzalez Castillo, López Roman e Marnotes González, adóptase o seguinte,

ACORDO:

Aprobar a Moción presentada, en data 30.08.2019 (Rex. Nº 2158/1101), polo concelleiro do grupo municipal Socialista, Sr. Losada Alvarez, cuxo texto consta transcrito nos antecedentes deste acordo.

22(146).- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA INSTANDO Á XUNTA DE GALICIA A INTRODUCIR NOS ORZAMENTOS DO 2020 UNHA PARTIDA PARA A CREACIÓN POLO MENOS DE DÚAS ESCOLAS INFANTÍS NA CIDADE DE VIGO. REXISTRO PLENO 2159/1101

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro do Pleno do 30 de agosto de 2019, número 2159/1101, o concelleiro do grupo municipal Socialista, Sr. Gómez Díaz, formula a seguinte,

MOCIÓN

“A conciliación familiar, persoal e laboral constitúe unha problemática complexa na sociedade actual e un dos recursos para facilitala é a oferta de prazas nas escolas infantís, nas que se preste unha atención de calidade os nenos e nenas da nosa cidade con prezos accesibles para as familias.

Nos últimos anos incrementou de forma notable a demanda de prazas públicas, e pese a aposta do goberno de Abel Caballero polo aumento da oferta coa creación, nos derradeiros anos, das novas escolas infantís de Tomás Alonso, Bouzas, Navia e Mestres Goldar, súmanse as de Santa Cristina, Atalaia, Santa Marta e Saiáns, aínda resultan insuficientes.

Unha vez máis a Xunta de Galicia non está a cumprir coas súas obrigas nunha materia tan sensible como a Educación Infantil e é o Concello de Vigo o que está a asumir, moi por enriba do que lle corresponde formalmente, o compromiso de dar resposta as necesidades que a nosa sociedade ten nesta materia. O goberno municipal está a facer un traballo intenso para reforzar as escolas infantís, imprescindibles para os nenos, pero tamén para as súas familias e para facilitar a conciliación da vida familiar e profesional das nais e pais.

Dende a perspectiva da cidade máis poboada da Comunidade Autónoma de Galicia e ante a tendencia de crecemento experimentado nos últimos tres anos que nos sitúa preto dos 300.000 habitantes, non pode admitirse a falta de atención, por parte da Xunta de Galicia, en canto a creación de novas escolas infantís que de resposta as necesidades de numerosas familias da nosa cidade.

É moi importante lembrar que as prazas das escolas infantís da Xunta na nosa cidade incrementaron o seu prezo nos últimos anos, podendo chegar a pagar os usuarios ata 243 euros mensuais.

Mentres tanto, as prazas nas escolas infantís municipais custan a metade. Os usuarios que máis terán que pagar serán 124 euros mensuais.

O Concello subvenciona case o 90% do custe de praza e a metade dos usuarios están exentos de pago. Así debe ser cando se defende unha sociedade con igualdade de oportunidades, principio que asumimos dende este goberno e que sustenta o noso quefacer.

E por esto que propoñemos ao Pleno da Corporación dos seguintes:

ACORDOS

Instar a Xunta de Galicia a introducir nos presupostos do ano 2020 unha partida para a creación de polo menos dúas escolas infantís na Cidade de Vigo, asumindo integramente a súa financiación, para cubrir a forte demanda actual que soamente se está a atender dende o Concello de Vigo.

Instar a Xunta de Galicia a reducir a metade o prezo das escolas infantís da rede autonómica para que se sitúen ao nivel das municipais.”

DEBATE:

SR. GÓMEZ DÍAS: Sr. Marnotes, levantouse alterado hoxe, a verdade é que empregou dous minutos en faltarlle o respecto á presidenta, aos demais concelleiros e ademais lémbrolle que o Sr. Losada foi elixido democraticamente nas eleccións do 26 de maio porque era o número 5 da lista do Partido Socialista Obreiro Español e vostede era o número 20, e os que quitamos 20 Sr. Marnotes, fomos o grupo Socialista.

Á hora de falar de escolas infantís temos que falar de conciliación, a conciliación familiar, persoal e laboral constitúe unha problemática complexa na sociedade actual, a carencia de prazas en centros de educación infantil e considerado un dos puntos negros da conciliación, unha vez máis a Xunta de Galicia e o Sr. Feijóo non están a cumprir coa súas obrigas, si as súas obrigas aínda que algún parece que non coñece as competencias, nunha materia tan sensible como é a educación infantil. O Sr. Feijóo presumía a finais do ano 2018 no Concello de Mos dunha desas visitas propagandísticas da súa aposta pola conciliación familiar, e dicía e cito textualmente “tódolos axentes sociais atoparán sempre na Xunta de Galicia un aliado cando toque falar de conciliación”, a conciliación da que fala o Sr. Feijóo debe de ser do Concello de Mos porque en Vigo esa conciliación e desa aposta non coñecemos nada. Apostar pola conciliación Sr. Feijóo é apostar pola creación de novos equipamentos educativos, de educación infantil, é apostar por ofrecer prazas a baixo prezo para que as familias poidan asumir ese custe, nesta cidade a última escola infantil que puxo en funcionamento a Xunta de Galicia data do ano 2012, si Sr. Marnotes, do ano 2012, nese mesmo período de tempo dende o ano 2012 ao ano 2019, os gobernos liderados polo Sr. Caballero abriron 4 escolas infantís municipais, Navia, Mestres Goldar, Tomás Alonso, Casiano Martinez, a estas 4 temos que engadir as que viñan funcionamento con anterioridade como son as de Santa Cristina, Atalaya, Santa Marta e Saiáns, ás que por certo, sumaremos en breve unha 9, a escolas infantil de Bembrive con 82 novas prazas que será xestionada integramente polo Concello de Vigo.

Nós últimos 7 anos este goberno fixo 4 escolas infantís e a Xunta de Galicia só fixo unha, esa é a aposta da que falaba o Sr Feijóo cando falaba de conciliación, estamos a falar pois de que Vigo conta na actualidade con 8 escolas infantís

municipais ofertando 620 prazas ás que lle adicamos Sr. Marnotes 1.500.000 euros. Pola súa banda que fai a Xunta de Galicia? Pois oferta neste momento menos prazas que o Concello de Vigo.

Resumindo, por certo, desas dúas escolas da rede autonómica como son a da rúa Palencia e a de Valadares que estamos obrigados pola Xunta de Galicia a cofinanciar con 200.000 euros por unha lei "ad hoc", que por certo está recorrida e por suposto gañaremos nos tribunais.

A pesares do esforzo que está a facer este goberno local pola creación de novas escolas infantís é evidente a necesidade de crear máis equipamentos que dean cobertura ás demandas dos vigueses/as. Dende a perspectiva da cidade máis poboada de Galicia e ante a tendencia de crecemento experimentada nos últimos 3 anos que nos achegan aos 300.000 habitantes, non pode admitirse a falla de atención por parte da Xunta de Galicia en canto á creación de novas escolas infantís. Para este mesmo curso a Xunta de Galicia deixou a máis de 1.200 vigueses sen praza nas súas escolas infantís, 1.200 vigueses sen prazas nas súas escolas infantís, 1.200 este goberno é o único que está a apostar pola conciliación e pola creación de novos equipamentos e de escolas infantís. Pero falemos de prezos, é moi importante lembrar que as escolas infantís da Xunta de Galicia na nosa cidade incrementaron o seu prezo nos últimos anos podendo chegar a pagar 243 euros mensuais, mentres tanto ás prazas das escolas infantís municipais custan a metade, os usuarios que máis terán que pagar pagarán 124 euros, pode mirar para aquí Sr. Marnotes por se non o sabe. O Concello subvenciona máis do 80% o custe da praza, a metade dos usuarios están exentos de pago, así debe ser cando se defende unha sociedade con igualdade de oportunidades, principio que asumimos dende este goberno e que sustenta o noso que facer diario, esa é a aposta.

O Alcalde deste goberno leva anos reclamando á Xunta de Galicia que faga novos investimentos en educación e en escolas infantís, e reduce o seu prezo, pero a resposta sempre é a mesma, que pague Vigo e que pague Vigo, por iso instamos á Xunta de Galicia a que dunha vez por todas atenda as demandas da cidade e introduza nos orzamento de 2020 a partida para a creación polo menos dúas escolas infantís nesta cidade. E por certo, instamos tamén a reducir a metade do prezo das escolas da rede autonómica para equiparalas co prezo das escolas

infantís municipais. Sr. Feijóo, menos presumir de conciliación, menos fotos propagandísticas, deixe de maltratar a Vigo e aposte pola educación pública.

SR. PÉREZ IGLESIAS: É evidente que na cidade de Vigo temos un brutal déficit de carencia dunha oferta de prazas infantís públicas, por iso dúas da cada tres solicitudes fican sen ela cada curso escolar, no ano 2015, o Consello Escolar Municipal aprobou unha moción na que instaba a que tanto a Xunta de Galicia como o Concello de Vigo fixeron un maior esforzo por aprovisionar máis prazas públicas, e nese senso vai a emenda que dende o Bloque Nacionalista Galego presentamos á moción que presenta o grupo Socialista e coa que coincidimos no fondo da mesma. Unha moción que o que pretende é esixir que en vez dúas se demanden tres escolas infantís por parte da Xunta de Galicia máis tamén facer unha engádegas para instar ao goberno municipal a que inclúa unha partida orzamentaria suficiente nos orzamentos de 2020 para a creación tamén de tres novas escolas infantís municipais na cidade. Nós sabemos que efectivamente a competencia non é municipal, máis a necesidade si é da cidadanía viguesa, das viguesas/es e facemos esta proposta de emenda e dende logo instamos ao grupo Socialista a que a reflexione e que a considere coa intención en positivo co que se formula porque dende logo as viguesas/es, esas dúas de cada tres familias que quedan sen praza nas escolas infantís públicas, non poden esperar un curso máis a que haxa un cambio de goberno na Xunta de Galicia e que por iso urxe tamén que dende o ámbito municipal se atenda esta cuestión, non é un problema só de competencias, é un problema de vontade política e de compromiso e iso foi o que levou no seu momento ao que o Concello de Vigo impulsase a rede de escolas municipais. Nun momento no que o Concello dispón dunha importante capacidade de investimento, nós o que lle propoñemos é que destinen unha parte dese investimento para orientalo, para mellorar esa oferta de escolas infantís municipais para ampliar tamén os servizos, porque con esas tres escolas infantís da Xunta de Galicia que nós propoñemos que se lle reclamen á Xunta de Galicia máis esas outras tres municipais dende logo estaríamos dando un paso de xigante para resolver un problema social moi grave.

SR. PÉREZ CORREA: Nós obviamente estamos a favor desta moción, e ademais forma parte como se expresaba agora dunha realidade que vive a cidade de Vigo e dunha demanda histórica do Consello Municipal pero tamén da comunidade educativa por suposto dos pais e das nais. Nós discrepamos nunha cuestión que é a cuestión competencial, este debate xa o levamos traendo a este Pleno e nós seguimos pensando que por suposto un Concello ten e pode e debería ter financiamento para asumir competencias cando menos en materia de educación de cero a tres anos, porque hai criterios ademais que se estableceron, é certo que vimos das leis dos anos 60, 70 que dicían que tódolos centros educativos eran competencia municipal, a unha progresiva asunción das comunidades autónomas, das competencias en materia educativa pero é certo que os concellos moitos deles desistiron, e dixeron pois que a administración autonómica se encargue da educación de 0-3 anos, outros non, outros como o Concello de Vigo e outros grandes concellos como Madrid ten máis de 70 escolas municipais de 0-3 anos e outros decidiron ter esa rede e ter esa rede por unhas cuestións que non son menores, que por exemplo nas escolas municipais teñen prioridade os censados en Vigo cousa que non pasa nas escolas autonómicas, e en cidades como a de Vigo que teñen unha afluencia importante de traballadores de fora da cidade que veñen a traballar e polo tanto moitas veces terían dereito a ocupar e de feito así pasa, os criterios que avalía a Xunta de Galicia porque por exemplo se no teu concello non hai unha escola municipal pública poidas utilizar o do concello veciño, é dicir, é bo que haxa escolas municipais de titularidade municipal, eu discrepo profundamente desa teoría de que todo teña que ser da Xunta de Galicia, outra cousa é o debate sobre o financiamento e ese é o debate que abriu e segue abrindo a Federación Española de Municipios e Provincias que segue pedindo participar un 33%, os famosos tres terzos, no financiamento, na participación dos impostos do Estado para financiar precisamente o que serían supostos digo, atribucións que non son competencias propias máis do 40% do que gastamos no Concello de Vigo non son competencias propias e sería unha maneira de centralizar da comunidade autónoma cara os concellos e eu si creo que ademais os concellos teñen capacidade boa de xestión e un exemplo é que o Concello de Vigo con bo criterio decide subvencionar máis, case o 75%, case o 80% do prezo da praza está subvencionada e a Xunta de Galicia non o decide porque a Xunta de Galicia ten un

modelo, creo que un modelo mal estendido que é o modelo de ir pouco a pouco metendo a xestión privada tamén na xestión das escolas infantís, de feito xa hai dous modelos, o modelo da Galiña Azul e o modelo da Axencia Galega de Servizos Sociais e por aí van colando as privatizacións encubertas e ademais van colando tamén o que logo é o conflito permanente que temos e entre as traballadoras do sector que estiveron en folga hai pouco porque enriba non se cumpren moitas veces os convenios colectivos e os dereitos laborais. Eu estou a favor de que o Concello de Vigo sega construíndo escolas municipais e creo que ademais é unha función que ten facer ante o desleixo de funcións que ten a administración autonómica e mentres haxa recursos que se sega facendo porque tódalas escolas municipais ademais terán un criterio de empadramento que é bo e fomentará que moita xente se empadrone na cidade, superemos a barreira dos 300.000 e teñamos incluso máis participación nos impostos do Estado, na cesión do IRPF e dos impostos especiais, non é malo, polo tanto, non me gusta que se diga que o Concello non é a miña competencia, as bolsas de inglés non son competencia dun concello e se asumen dunha maneira moi feliz por parte do goberno local, eu creo que é máis importante e máis interesante con ese millón de euros que vostedes gastan nas bolsas de inglés, facer máis escolas infantís, cal é problema? A batalla, e ademais non sabemos realmente canta xente se queda fora, non o sabemos porque os pais o que facemos é solicitar a praza nas escolas municipais e nas de titularidade autonómica a ver cal cales nos dan, iso o fixemos todos e polo tanto que se diga mil e pico persoas, queremos saber tamén a estadística e ao mellor é bo que haxa un acordo entre a Xunta de Galicia e o Concello para dotar cando menos tódolos distritos de Vigo de dúas escolas municipais, non imos dicir si dous nin tres nin seis pero primeiro que se estableza un plan que cando menos estean cubertos tódolos distritos, tódolos barrios de Vigo que non están cubertos en canto a escolas, nin pola Xunta de Galicia nin polo goberno local.

Polo tanto, está ben e ademais sempre dixemos, queremos utilizar o superávit, dixémolo durante toda a lexislatura para este tipo de cousas que o goberno do Partido Popular consideraba que eran obras financeiramente non sostibles, agora pódese en teoría e agora co superávit vostedes poden levar adiante investimentos que nós si sempre dixemos que son socialmente sostibles e polo tanto economicamente sostibles, aínda que estea ao 80% subvencionado. Nós estamos

de acordo, incluso estamos de acordo coa ampliación que propón o Bloque Nacionalista Galego pero creo que é un debate máis profundo e non é malo que se non se quiten aos concellos competencias, incluso vaíamos asumindo competencias para demostrarlle ás comunidades autónomas que ao mellor hai que ir descentralizando delas cara os municipios, que se complete, o ratio non é malo, non temos un ratio malo, oito escolas municipais non é un ratio malo, un ratio mellor que grandes capitais pero sigamos investindo mentres haxa recursos para facelo.

SRA. LÓPEZ ROMÁN: Gustaríame comezar a miña intervención facendo referencia á exposición de motivos coa que vostede comeza a súa moción, para vostedes a conciliación familiar persoal e laboral constitúe unha problemática complexa na sociedade actual e un dos recursos para facilitala é unha oferta de prazas nas escolas infantís nas que se preste unha atención de calidade aos nenos/as da nosa cidade, con prezos accesibles para as nosas familias e eu me pregunto, vostedes como poden chegar a pensar que a Xunta de Galicia non se preocupa de tódalas nosas familias galegas e principalmente das familias viguesas? Gustaríame que non me interrompera. Lles informo que a Xunta de Galicia traballa duramente neste ámbito, non só porque cre na conciliación como vostedes expoñen nos seus motivos, senón porque a Xunta de Galicia concibe a educación de 0-3 como unha base crucial para o resto da súa formación educativa, por elo gustaríame dicirlle ou descoñecen o funcionamento da Xunta de Galicia en canto a escolas infantís me refiro, ou se negan a colaborar coa Xunta de Galicia, lles informo por se vostedes descoñecen que a Xunta de Galicia ofrece nas súas escolas públicas preto de 700 prazas, máis do dobre que ofrece o Concello de Vigo. Ademais das prazas que se ofrecen nas escolas infantís públicas a Xunta de Galicia contribúe en máis de 110.000 euros ao mantemento das escolas infantís municipais que dependen do Concello, lles invito a que ollen a orde do 8 de agosto do 19, onde se especifican as axudas para o investimento na mellora da infraestrutura e equipamento das escolas de 0-3 anos.

Para abrir novas escolas infantís en Vigo, o Concello debería comezar a cumprir o acordo de cofinanciamento do Consorcio Galego asinado entre a Xunta de Galicia e a FEGAMP, entendo que non necesitan que lles traía aquí dito acordo. Na

actualidade o Concello de Vigo non está pagando nin un euro polas escolas da rúa Palencia nin das escolas de Valladares, e os Centros de Día e acumula unha débeda 1,350.000 euros, por outra banda o Concello debería poñer a disposición terreos urbanizados e aptos urbanisticamente para unha escola infantil, ademais de cofinanciar a construción dunha escola infantil como se fai no resto dos concellos de Galicia, con unha cantidade próxima á terceira parte do investimento. A Xunta de Galicia está comprometida para que os cidadáns de Vigo gocen duns servizos sociais de primeira calidade, ata o momento o Concello de Vigo non demostrou ter ese mesmo compromiso, o Partido Popular espera que a situación cambie e que poidamos levar a cabo a construción desas escolas infantís que están solicitando.

Vostede tamén fai mención ao tema das tarifas, fala de que pagar aos usuarios ata 243 euros mentres tanto as prazas nas escolas infantís custan a metade, xa que vostedes son tan concisos en dar este dato non sería máis honrado especificar que familias asumen esta contía, os cidadáns deben coñecer todo, non só aquilo que vostedes creen que lles benefician. Cóntolles, as tarifas das escolas infantís de 0-3 anos están fixadas polo decreto 49/2012, do 19 de xaneiro, o cal foi modificado polo decreto 9/2014, do 17 de xullo, onde se establece as exencións nos prezos para as familias con rendas baixas e aquelas con menores en acollida.

En cursos anteriores estes prezos foron actualizados conforme ao IPC, tal como consta no propio decreto, pero dende o ano 2017 non se volveron a actualizar os prezos no IPC, os prezos van dende 0 euros para rendas inferiores ao 30% do IPREM a 169, 243 euros con comedor no caso de rendas superiores ao 200% do IPREM, só un 7% das familias viguesas que acoden as escolas autonómicas pagan esa cantidade da que vostede fala, por tanto, pagan o que menos ten e paga máis o que máis ten.

Máis do 60% das familias só pagan 70 euros e 96 euros para aqueles que soliciten comedor escolar.

SR. GÓMEZ DÍAS: Vou comezar primeiro polo concelleiro non adscrito e a verdade Sr. Pérez Iglesias é que a súa emenda a min me parece alucinante, é evidente que lla imos rexeitar e lle invito a que nun próximo Pleno presente outra moción se quere falar de Escolas Infantís. Pídelle tres escolas infantís a Xunta de Galicia,

pódelle pedir 50 pero á vista do éxito que temos coa Xunta de Galicia en canto a investimentos nesta cidade, podemos pedir de 50 a 100 quizais teña sorte e lle fagan caso.

Pero o que me parece absolutamente increíble e dunha incongruencia total e absoluta é que pida que o Concello faga tres escolas infantís cando nos últimos anos fixo 4 e non é a súa competencia como ven dicía vostede, polo menos coñece a competencia que diso me alegro que algún que non a coñece. Entón o normal é que Xunta de Galicia sexa quen financie as escolas infantís municipais, iso sería o normal, o Concello está a facer un esforzo descomunal por facer escolas infantís e como dixen nos datos anteriores dende o ano 2012 catro escolas infantís novas, o que está claro é que o concelleiro non adscrito está no mesmo equipo que o Sr. Feijóo e o que propón aquí é que pague Vigo e que pague Vigo, eu lle propono que se sente ao carón dos outros 4 do Partido Popular e así fagan un equipo e que o acollan nese partido.

O concelleiro, Sr. Pérez Correa, por certo estamos nunha suposta democracia, estamos nunha democracia por clarexar, ben dicía que a competencia é da Xunta de Galicia, estamos de acordo e a que ten que asumir a construción das escolas é a Xunta de Galicia, é evidente, e falaba de que o Concello ten que apostar por facer novas escolas municipais e este goberno, os feitos están aí, apostou, fixo 4 equipamentos novos en escolas infantís e si realmente aposta pola conciliación e aposta polas políticas públicas municipais, está así e que é claro, os datos están aí, pero creo que debería estar de acordo comigo que a competencia ao ser da Xunta de Galicia debe asumila o Sr. Feijóo non a ten que asumir o goberno do Sr. Caballero. E para rematar neste último minuto a concelleira do Partido Popular a verdade é que non sei quen lle escribiu semellantes datos, non sei quen o escribiu ou se o escribiu ela pois o que ten que facer é revisalos datos, di que nos dan non sei cantos euros para financiar escolas infantís e por outra banda nos quitan 200.000 euros para cofinanciar ás da rede autonómica, faga contas, menos 100.000, por exemplo, raro sería que apoiaran investimentos da Xunta de Galicia en Vigo, a verdade é que sería sorprendente, déixense de argumentos baleiros, a realidade nesta cidade é que vostedes non atenden ás demandas dos vigueses, a realidade é que ofertamos máis prazas, que gastamos un millón e medio de euros nas escolas infantís, que os prezos son a metade dos da rede autonómica. O que

está claro é que vostedes 4 e a delegada da Xunta de Galicia a Sra. Porro, están ás ordes do seu xefe de Santiago de Compostela, iso é evidente, seguen a mesma liña que os seus predecesores, sen dúbida ademais e veñen a dicir aquí que pague Vigo e que volva a pagar Vigo. Menos mal que hoxe non están aquí coa camiseta do Celta porque para non gustarlles o entroido ben que se disfrazan.

(No momento da votación preside a 3ª Tenente de Alcalde, Sra. Espinosa Mangana, por ausencia do Presidente e da 1ª e 2ª tenentes de Alcalde)

VOTACIÓN: Con vinte votos a favor dos membros do grupo municipal Socialista, señores e señoras, Aguiar Castro, Aneiros Pereira, Blanco Iglesias, Caride Estévez, Fernández Pérez, Gomez Días, Iglesias González, Lago Barreiro, López Font, Losada Alvarez, Mejías Sacaluga, Rivas González, Rodríguez Calviño, Rodríguez Díaz, Rodríguez Rodríguez, Silva Rego e a Presidencia, e mais dos membros do grupo municipal Mixto, señora e señor Mendez Fuentes e Pérez Correa, e do membro non adscrito, Sr. Pérez Igrexas, e catro abstencións dos membros do grupo municipal do Partido Popular, señores e señoras Egerique Mosquera, Gonzalez Castillo, López Roman e Marnotes González, adóptase o seguinte,

ACORDO:

Aprobar a Moción presentada, en data 30.08.2019 (Rex. Nº 2159/1101), polo concelleiro do grupo municipal Socialista, Sr. Gomez Díaz, cuxo texto consta transcrito nos antecedentes deste acordo.

23(147).- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA INSTANDO A PORTOS DE GALICIA A PRESENTAR ANTES DE FINALIZAR O MES DE SETEMBRO UN PROXECTO DE RECONSTRUCCIÓN DA LONXA DE PESCADORES DE VIGO COMPROMETÉNDOSE A INCLUÍLO NOS

ORZAMENTOS DE 2020 DA XUNTA DE GALICIA. REXISTRO PLENO 2160/1101

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro do Pleno do 30 de agosto de 2019, número 2160/1101, o voceiro do grupo municipal Socialista, Sr. López Font, formula a seguinte,

MOCIÓN

“O pasado 6 de Febreiro, o teito da Lonxa de Canido esborrallouse por un fallo estrutural. Afortunadamente produciuse ás 7:30 horas cando o edificio estaba baleiro dado que as poxas realízanse ao redor das 9:30 horas. Se o accidente se producise despois das 9:30 horas poderíamos estar ante un accidente gravísimo.

O edificio é propiedade de Portos de Galicia, organismo dependente da Consellería do Mar da Xunta de Galicia.

Desde ese momento, os mariñeiros da zona tiveron que descargar as súas capturas en O Berbes, cambiando totalmente as súas rutinas co consecuente prexuízo para eles e para os veciños que compraban directamente.

Portos de Galicia tardou moito en actuar ante a necesaria reconstrución do edificio. Ata finais de xuño non anunciou a súa intención de proceder á demolición da Lonxa. Pasaron 5 meses co edificio valado e sen tomar ningunha decisión.

Só 7 meses despois procedeuse á demolición pero o máis grave é que non hai proxecto de reconstrución.

O temor da Confraría de Pescadores de Vigo é que Portos de Galicia se vaia esquecendo co tempo desta Lonxa que debe de rehabilitarse de inmediato.

E por isto que propoñemos ao Pleno da Corporación a adopción do seguinte:

ACORDO

Instar á Portos de Galicia, organismo dependente da Consellería do Mar da Xunta de Galicia a presentar de forma inmediata, antes de finalizar o mes de Setembro, o proxecto de reconstrución da Lonxa que debe de acordarse coa Confraría de Pescadores de Vigo, así como manifestar o seu compromiso de inclusión nos Orzamentos da Xunta de 2.020 e concretar os prazos de licitación e execución da obra.”

DEBATE:

SR. LÓPEZ FONT: Traemos unha moción aquí co relato correspondente na exposición de motivos de algo que pasou neste ano na cidade e que certamente require que a administración correspondente tome medidas e actuacións, é verdade que cando falamos de competencias das distintas administracións é un debate en ocasións farragoso no que todos tratamos ou todos tratan de escapar do que realmente lles debería de corresponder pero neste caso é algo moi concreto, o relato do que pasou nesta cidade é que o 6 de febreiro, xa hai 8 meses, ás 7,30 da mañá na lonxa de Canido se derruba por un fallo estrutural, é unha lonxa que utilizan os pescadores pero tamén é unha lonxa que se utiliza para instalacións e para uso deportivo e dicimos na exposición de motivos que menos mal que isto non ocorreu ás 9,30 horas da mañá porque evidentemente estaríamos a falar naquel momento dunha situación certamente grave, para situarnos, aínda que todo o mundo o sabemos o edificio en propiedade de Portos de Galicia, organismo dependente da Consellería de Mar, da Xunta de Galicia. E a repercusión que este derrube ten é que os pescadores que alí utilizaban esta lonxa e que o vendían e a instalación na utilización deportiva que se facía, pois tiveron que cambiar totalmente a rutina e a súa forma de actuar co conseguinte prexuízo para todos, para os pescadores, para os que utilizaban en canto a actividade deportiva esta instalación e tamén para os usuarios daquela zona que compraban directamente. A realidade é palpable e evidente, Portos de Galicia tardou moito en actuar na reconstrución deste edificio, alí estivo valada esta instalación co conseguinte risco de que se puideran producir outras situacións nada desexables e pasaron 5 meses ata que no mes de xuño, finais do mes de xuño, o que decidiron foi proceder á demolición.

E se foron cinco meses agora foron 7 meses, cando despois de facer esa demolición non hai un proxecto de reconstrución e se trasladou por parte da Cofradía de Pescadores de Vigo o que nesta situación que se está a producir e pola forma na que se está levando esta evolución deste problema, esta cofradía teme dende logo que por parte de Portos de Galicia se vaian esquecendo deste edificio, se esquezan desta lonxa, se esquezan da súa actividade e da actividade deportiva e polo tanto, non teñan ningunha intención desta reconstrución, a nosa petición de acordo é moi sinxela, é recollendo esa inquietude da Cofradía de Pescadores e de aqueles que utilizaban en ámbito deportivo esta instalación o que ese espectáculo

lamentable dun edificio que caeu, dun edificio que se debe reconstruír por parte de quen é propietario e por parte de quen é responsable se debe de dar cumprida resposta xa, e evidentemente esa interlocución se ten que ter coa Cofradía de Pescadores en canto a cal é o proxecto de reconstrución e como quere que pasou o tempo suficiente dende febreiro como para que houbera unha determinación e para que houbera unha posición moi concreta por parte de Portos de Galicia da Xunta de Galicia, entendemos que é hora de que antes de finalizar este mes de setembro haxa un posicionamento, se traslade o que é o proxecto de reconstrución, e evidentemente isto non sexa un brindis ao sol, como pasa co centro médico de Bouzas, como pasa con outras cuestións se non que sexa unha realidade e vaia acompañado ese proxecto de reconstrución, o compromiso de incluílo nos orzamentos da Xunta de Galicia do próximo ano e concretarlles a aqueles que están sufrindo esta situación cales van ser as datas de licitación e de construción.

SR. PÉREZ IGLESIAS: Quero comezar por expresar a preocupación pola gravidade que supón o feito de que un fallo estrutural faga que a cuberta dunha lonxa se desplome e tamén a preocupación porque a esta altura por parte da administración titular non se teña clarexado que motiva ou o que explica ese fallo estrutural que felizmente non se saldou con ningún tipo de dano humano pero que efectivamente si se tivera producido en horario hábil pois tería provocado un accidente de incalculables consecuencias, a situación da lonxa de Canido é para o Bloque Nacionalista Galego un exemplo claro da política de abandono que de maneira permanente, persistente aplica o Partido Popular coa cidade de Vigo porque só dende o abandono, só dende o desleixo, só dende a permanente despreocupación polos problemas da principal cidade de Galicia, se pode explicar que 8 meses despois dese desplome sigamos sen un proxecto para a súa reconstrución.

Que fixo a Xunta de Galicia durante estes 8 meses? Durante canto tempo máis vai a estar a lonxa de Canido inhabilitada sen actividade? Unha lonxa que ademais xoga un papel fundamental para a parroquia de Oia e para os importantes prexuízos que como se mencionou na moción do grupo Socialista ten xerado pois para o sector pesqueiro polo sobre custe que supón o transporte ata o Berbés e por iso dende logo, dende o Bloque Nacionalista Galego coincidimos na urxencia

de que a Xunta de Galicia presente canto antes un proxecto de remodelación que contando coas achegas dos actores implicados permita termos de novos operativos dunha lonxa funcional e moderna.

Permítame concluír cun inciso que non me deu tempo no punto anterior aínda que non está o concelleiro o Sr. Losada respecto da EPA que di que en Vigo hoxe hai 11.700 empregos menos que hai 10 anos e que se destruíron 7.400 postos de traballo na industria e por iso eu estou seguro de que o Sr. Losada compartirá a nosa preocupación sobre a situación socio-laboral.

SR. PÉREZ CORREA: Obviamente aquí hai un desleixo de funcións evidentemente de Portos de Galicia e ademais unha enésima improvisación de cal ten que ser a reordenación das infraestruturas públicas e dotacionais de toda esa zona e non estamos a falar dunha zona menor porque nalgún momento tivo apetencia urbanística evidente, estivo enriba da mesa incluso a ampliación do Porto de Canido para un Porto deportivo que felizmente foi parada e por informes ambientais e informe técnicos pero nunca se quixo abordar unha necesaria reordenación do espazo e obviamente mantendo a actividade pesqueira e polo tanto a lonxa é certo que é unha zona cada vez máis de uso deportivo pero tamén é unha zona aparcamento importante e non imos dicir que sexa unha boa nova que se derrube sobre todo ademais unha estrutura que tiña pasado unha ITE municipal, que non é un tema menor, que deberíamos reflexionar sobre se ten algún tipo de validez ese criterio, xa sei que non é responsabilidade do Concello de Vigo, pero se ten algún tipo de validez o criterio da inspección técnica de edificios porque ao fin e ao cabo non é nin o primeiro nin o segundo caso que unha inspección técnica non evita unha caída. Nós queremos ademais que se faga unha reordenación de todo ámbito, que se defina que é onde se pode aparcarse, que se defina os accesos da xente que fai actividade deportiva aos pantaláns que se decida ademais que blinde e que se imposibilite a futuro a posibilidade de ampliación para colocar un porto deportivo porque como sabedes aí xa había ese pack total de que comprabas unha promoción inmobiliaria xa che viña coa praza de atraque, unha zona urbanisticamente agredida e polo tanto a actividade do sector primario, do sector pesqueiro que durante moitos anos deu de comer a moitas familias e que segue sendo parte ademais dunha economía, como dicía o

concelleiro do Bloque Nacionalista Galego, da economía local e da economía de escala, pois consideramos ademais que sería bo momento de poñer enriba da mesa e ademais de poñer enriba da mesa un compromiso da Xunta de Galicia expresado no seu día de que era importante para o desenvolvemento do sector pesqueiro de Vigo, fíxose un investimento público tanto en equipos de software para o tema do pesado e etiquetado da poxa e pensamos ademais que todo ese investimento tense que poñer en valor e non dar por feito de que se vai eliminar toda a actividade pesqueira alí e trasladalo ao peirao de Bouzas. Nós estamos de acordo e ademais pensamos que é un fallo non abordar iso de maneira inmediata, estase improvisando agora a última hora, se está dicindo que vai a haber unha reforma integral, se chama á Cofradía de Pescadores para que acheguen e opinen cando xa de maneira reiterada incluso antes da caída do edificio, xa puxeron enriba da mesa as necesidades de reordenación do ámbito, estamos a favor e ademais consideramos que non é un tema menor porque é reivindicar tamén a posibilidade profesional que ten o sector pesqueiro na nosa cidade como saída laboral e como saída ademais profesional e pensamos ademais que en momentos moi difíciles para este sector apostar porque as infraestruturas suficientes que sexan capaces de dar servizo, cobertura a esta actividade non é un tema menor e esperamos ademais que se solvente se o anuncio era para setembro, no mes no que estamos, que se solvente ao longo deste mes.

SRA. EGERIQUE MOSQUERA: Compartindo a preocupación e pois o malogro do suceso que o Sr. Font redactou aquí moi ben, como se fose unha crónica xornalista, non quero dicir eu que temos que dar gracias por moitas cousas que pasaron nesta cidade Sr. Font, como a explosión do micro bus no parque central naquel día como a caída do peirao en O Marisquiño etc, porque se temos que dar gracias por evitar unhas desgraciadas, pois darémolas todos xuntos, a verdade é que teño que transmitir tranquilidade porque todos vostedes falan dunha situación e unha petición que xa se ven traballando dende hai tempo, o que non sei se vostedes pisaron ou foron por alí, se coñecen a realidade dos mariñeiros alí, se saben se que hai 8 embarcacións que atracan permanentemente na lonxa de Canido e só unha poxa alí, o resto poxan na lonxa do Berbés e que polo tanto neste último ano non caeron as vendas e non foi unha situación tan prexudicial como vostedes din

porque nos estamos en permanente contacto coa Cofradía de Pescadores e nós non falamos en nome político e facendo aquí permanentemente mocións e como fan vostedes que están facendo mocións como se foran permanentemente a oposición. Nós aquí falamos de realidades, entón eu quero transmitir tranquilidade primeiro, porque xa falou vostede de que si este tempo se estivo analizando e estudando o proxecto de derribo que xa é unha realidade como falou vostede, que estean tranquilos porque a redacción do proxecto estará antes de que remate este mes e ademais estará orzamentado nos orzamentos do 2020 da Xunta de Galicia que presentará en tempo en forma. Polo tanto, estean vostedes tranquilos e ademais está pechada unha reunión co patrón maior da confraría porque as conversas entre os mariñeiros de Canido e as conversas entre a Xunta de Galicia e Portos de Galicia foron permanentes, e alí vaise facer ademais un proxecto que dea cobertura á realidade e non ao que aquí nós quizais queiramos ou nos pareza mellor, porque insisto a actividade pesqueira alí existe pero é cativa, polo tanto redactarase un proxecto e construírse unha edificación ademais moderna e como fixeron aquí tamén referencia con tódalas ferramentas que teñen que ter os mariñeiros, os pescadores que se adican ademais ao tema dende o punto de vista comercial e dende o punto de vista deportivo e farase un edificio que estea adaptado á realidade que por certo insisto, eu creo que escoitando as súas intervencións parece que non pasaron moi a miúdo por alí e non coñecen. Eu insisto, falan dos mariñeiros en terceira persoa que tiveron un descontrol e non tiveron contacto directo con Portos de Galicia e iso non é certo, eles mesmos están en contacto con Portos de Galicia e coa Xunta de Galicia, din vostedes aquí que aquí houbo uns prexuízos tremendos para o sector pesqueiro e insisto hai cifras que constatan que non houbo perdas pola súa parte e polo tanto, a Xunta de Galicia está perfectamente comprometida. O que pasa é que vostedes aquí as mocións, verémolo tamén noutra que presentan posteriormente, cando hai realidades teñen que vir a este Pleno a facerlle oposición á Xunta de Galicia, nós iso xa o temos máis que sabido e polo tanto, é unha oportunidade para nós expresar hoxe que ese proxecto xa está enriba da mesa, que esa reunión xa está e ademais como poden dicir vostedes que o tempo é infinito e que non se prestou atención cando temos o paseo de Bouzas pechado dende hai máis dun ano, cando a Baixada á Lagoa é unha auténtica vergoña en Teis, cando teñen vostedes

proxectos pechados e agochados porque non lles interesa aquí traelos ao Pleno municipal que é onde temos que debatelo. Polo tanto non teñan vostedes eu creo que ese valor e ese descaro ademais de insultar porque din aquí teñen vostedes a costela moi fina, cando fala o voceiro e di algunha cousa, algún “chascarrillo” pero nós temos un Alcalde desta cidade que dende o púlpito das 12 da mañá chama ineptos aos concelleiros da oposición e dígolle unha cousa, a nós non nos afecta en absoluto, iso é un insulto á cidade, este Alcalde non está á altura das circunstancias cando ten que insultar á oposición, algo estaremos facendo ben cando a única defensa que ten un Alcalde tan sumamente importante como din vostedes, ten que insultar, un Alcalde que vale por vinte creo que non lle da a vostedes moita voz e creo que tampouco moito voto. E polo tanto, se queren vostedes seguir facendo oposición á Xunta de Galicia coas súas mocións, estean tranquilos porque a nós nos da a oportunidade de falar de tódolos investimentos e tódolos proxectos que ten a Xunta de Galicia enriba da mesa con respecto a esta cidade.

SR. LÓPEZ FONT: Mire, Sra. Egerique eu non fixen un relato periodístico do que pasou, fixen un relato do que pasou, do que puido pasar, de quen ten a responsabilidade e de quen debe solucionar ese problema. Sorpréndeme moito o da mensaxe de tranquilidade facendo vostedes de voceiros da Xunta de Galicia, a verdade é que ten que recoñecer que esteamos na cidade de Vigo moi intranquilos todos en relación co que fai o goberno da Xunta de Galicia, moi intranquilos porque os incumprimentos son absolutos, a falla de atención a esta cidade é absoluta e tema por tema que traemos certamente se demostra un tras un. Mire, nós non somos oposición ao goberno da Xunta de Galicia, fomos elixidos por 100.058 vigueses para defender esta cidade e cando un, eu non sei as veces que foi vostede a Canido, eu si sei as veces que fun, cando un se atopa con que unha parte da cidade está como o que representa esta foto é certamente para preocuparse e isto é única e exclusivamente responsabilidade de vostedes.

Polo tanto, aquí hai que responder do que pasa na cidade e nós estamos para defender á cidade, aos seus axentes económicos e aos seus axentes sociais e ímolo facer e se hai que demandar á Xunta de Galicia como o facemos co goberno central, tamén o imos facer.

Mire, non son eu quen lle contesta a todo o que vostede acaba de dicir sobre a interlocución, coa Cofradía de Pescadores, calquera que a escoitara se imaxina unha contorna idílica, de colaboración e demais, quen lle conteste a vostede é o presidente da Asociación de Veciños San Miguel de Oia, D. Ángel Goberna, e D. Ángel Goberna cree que a demora das obras de demolición non é normal e confesa a pouca concreción do proxecto de reconstrución que non lle inspira ningunha tranquilidade. Sabe o que pasou, é moi sinxelo, pasou que vostedes viron esta moción, identificaron á persoa que di isto e ao colectivo que están intranquilos e foron correndo dicindo que se vai a solucionar no mes de setembro e que vai a estar nos orzamentos do 2020 e eu a verdade quixera pensar, nós quixeramos pensar que isto vai a ser así pero despois do centro de Bouzas, despois de todo ao que lle someten vostedes a esta cidade é para estar certamente intranquilo, e unha cuestión o Alcalde non insulta, o Alcalde o que di simplemente é que vostedes non se decanta de nada e eu o reafirmo.

(No momento da votación preside a 3ª Tenente de Alcalde, Sra. Espinosa Mangana, por ausencia do Presidente e da 1ª e 2ª tenentes de Alcalde)

VOTACIÓN: Por unanimidade dos vinte e dous membros presentes da Corporación, dos vinte e sete que a constitúen de dereito e feito, adóptase o seguinte,

ACORDO:

Aprobar a Moción presentada, en data 30.08.2019 (Rex. Nº 2160/1101), polo voceiro do grupo municipal Socialista, Sr. López Font, cuxo texto consta transcrito nos antecedentes deste acordo.

24(148).- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA INSTANDO AO PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA A GARANTIR A ASISTENCIA SANITARIA

NO CENTRO DE SAÚDE DE BOUZAS RECUPERANDO O PROXECTO COMPROMETIDO NO ANO 2008. REXISTRO PLENO 2161/1101

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro do Pleno do 30 de agosto de 2019, número 2161/1101, a concelleira do grupo municipal Socialista, Sra. Caride Estévez, formula a seguinte,

MOCIÓN

“En decembro de 2008 o Concello de Vigo cedeu o SERGAS a parcela precisa para a construción do centro de saúde de Bouzas. Ese mesmo ano a Xunta de Galicia adxudica a redacción do proxecto básico e de execución do novo centro de saúde de Bouzas con un prazo de execución de 3 meses. Un centro de saúde de mais de 1.200 metros cadrados útiles, cun orzamento previsto d mais de 2,2 millóns de euros, que contaría con 6 consultas de medicina xeral e unha consulta de pediatría e de todos os servizos de enfermería, extraccións e traballador social precisos para dar un servizo acaído os veciños e veciñas de Bouzas.

Logo de once anos, o SERGAS presenta proxecto básico e anuncia a construción do centro de saúde de Bouzas baseado nun plan funcional distinto, con 627m² útiles e un investimento previsto de 1.290.000 euros. Un proxecto que reduce a 3 as consultas de medicina xeral e non incorpora nin pediatra nin traballador social.

Once anos trascorriron e a realidade é que Bouzas continúa sen centro de saúde e que logo de acadar a precisa licenza municipal, o único que fixo a Xunta de Galicia foi solicitar unha prórroga de 6 meses para o inicio das obras.

Ante o reiterado desprezo as necesidades dos veciños e veciñas de Bouzas e logo de 11 anos de espera a Xunta de Galicia presenta un proxecto raquítrico que non da resposta as necesidades da cidadanía. Un minicentro presentado tarde e mal. Un proxecto que reduce o orzamento un 42%, diminúe o espazo útil nun 50% e no que os servizos sanitarios caen mais dun 60%.

Os incumprimentos da Xunta de Galicia no centro de saúde de Bouzas únense o crítica situación da asistencia sanitaria en Vigo que levaron a dimisión en bloque dos directores dos centros de atención primaria de Vigo mostrando o deterioro da sanidade de Vigo, a saída a rúa de miles de vigueses e viguesas pola defensa da sanidade pública e contra a xestión da Xunta ou as diversas denuncias e folgas do persoal sanitario.

Por todo isto, se solicita á Corporación Municipal adoptar o seguinte:

ACORDO

Instar o Presidente da Xunta de Galicia a garantir unha asistencia sanitaria axeitada os veciños e veciñas de Bouzas no centro de saúde de Bouzas,

recuperando o proxecto comprometido en 2008. Dito centro de saúde garantirá o dobre de consultas de medicina xeral, unha consulta de medicina pediátrica, así como un despacho de consulta para un traballador social e, unha vez rematadas as obras, incorporará persoal sanitario suficiente para atender as necesidades dos veciños e veciñas. O SERGAS deberá presentar no prazo máximo dun mes un proxecto reformado que resposte a esta proposta e licitar as obras, polo importe total da nova inversión no prazo máximo de 2 meses.”

DEBATE:

SRA. CARIDE ESTÉVEZ: Estamos nun proxecto ou ante unha situación na que o único que podemos dicir é que a Xunta de Galicia non só é que desatende ás necesidades dos cidadáns de Vigo ou en particular da Vila de Bouzas senón que despreza ás necesidades sanitarias de Vigo e a Vila de Bouzas, no ano 2008 o Concello de Vigo cedeu as parcelas situadas a carón da Alameda Suárez Llanos en Bouzas para a construción dun centro de saúde, nese mesmo ano 2008 o goberno da Xunta de Galicia entón presidida polo Sr. Touriño, o 26 de novembro do ano 2008, adxudicou a redacción do proxecto para a construción do centro de saúde de Bouzas, un centro de saúde que teña como misión fundamental respostar a un plan funcional polo cal a atención sanitaria dos veciños/as de Bouzas ía ser atendida nese centro de saúde. Polo tanto, con dotacións e equipamento suficiente para atender ás necesidades sanitarias dos veciños/as de Bouzas en atención primaria. Once anos logo que temos? Un cartel da Xunta de Galicia na parcela, pon Xunta de Galicia e pon próxima construción un centro de saúde, pasaron once anos e non temos nada, iso si ao longo deses 11 anos que pasou, pois pasou que é un proxecto que inicialmente a propia Xunta de Galicia do Sr. Feijóo, presentou para informe non para licencia, para informe e que tiña seis consultas de medicina xeral, coas súas correspondentes seis consultas de enfermería, unha consulta para pediatría coa súa correspondente consulta de enfermería para Pediatría, un traballador social e tódalas instalacións anexas pois se converteu dende o 2010 ata o ano pasado nun proxecto que ten en total 3 consultas de medicina xeral e tres consultas de enfermería correspondentes. Polo tanto unha redución da superficie útil construída do 50%, unha redución orzamentaria sobre a inicialmente prevista do 42% e sobre todo unha redución da atención sanitaria para os cidadáns da Vila de Bouzas do 58%. polo tanto, en vez de facer un centro de saúde, creo

que un veciño na reunión que tivo a Delegada da Xunta de Galicia en Bouzas co conselleiro e cos veciños, lles dixo que prometeran un centro de saúde e construían unha farmacia, pois máis ou menos o mesmo, é dicir, inician co anuncio dun centro de saúde, agora din que van facer un centro de saúde, pero a realidade é que o propio conselleiro di que non sabía moi ben que aí non ía haber atención pediátrica e nós nos preguntamos que teñen contra os cidadás desta cidade en particular cos veciños/as Bouzas, non? Os veciños/as de Bouzas non terán pediatra como si teñen A Doblada, Bembrive, Pintor Colmeiro, Casco Vello, Lavadores, Matamá, Coruxo, Coia, López Mora, Nicolás Peña, Rosalía de Castro, rúa Cuba, Sárdoma ou Navia, non terá traballador social como teñen A Doblada, Pintor Colmeiro, Casco Vello, Coruxo, Matamá, Lavadores, rúa Bolivia, Coia, rúa Cuba, Rosalía de Castro, Sárdoma ou Navia, ademais non terá outros moitos servizos que teñen en moitos centros de saúde como odontoloxía, ou hixiene bucodental, fisioterapia, ou matrona, é dicir, os veciños/as de Bouzas van a ter unha atención sanitaria, por dicilo ben de terceira división, porque só van a ter tres consultas de medicina xeral e iso se se dotan cos médicos oportunos. Polo tanto, ante esta situación e logo de 11 anos de espera o que pedimos é que recuperen o proxecto que inicialmente presentaron que non tiña ningún problema, a comisión de seguimento do Plan do Casco Vello e de Bouzas xa dera o informe favorable por parte da actuación municipal, por certo, nesa institución están representadas o Colexio de Arquitectos, Aparelladores incluso APROIN, polo tanto, todos lle déramos o informe favorable para poder desenvolver esa actuación e polo camiño pois a fixeron non só minguar, senón que desbotaron o proxecto. Este proxecto cutre que presentan en Bouzas, esta non atención das necesidades sanitarias da Vila de Bouzas, pois parece que vai unida á estratexia conxunta do SERGAS para debilitar a atención primaria pública, porque nesta cidade lembro que como caso inédito se produciu a dimisión en masa de todos os directores dos centros de atención primaria, unha dimisión que ademais provocou importantes mobilizacións contra a atención sanitaria do SERGAS e pola falla de medios e atención sanitaria e que levou á dimisión do xerente iso si, comprometeron moitas actuacións pero sen embargo víamos hai moi poucos días por parte do persoal sanitario, estupendo o SERGAS pedimos persoal e nos trae impresoras, pois a tomadura de pelo ten que parar, estamos a tempo.

SR. PÉREZ IGLESIAS: O proxecto recortado do centro de saúde de Bouzas, é un claro emblema da política de recortes coa que o Partido Popular insiste en desmantelar a sanidade pública deste país e eu llo repito, non lle gustou no Pleno anterior pero nós imos seguir denunciando como o denunciaron decenas de miles de vigueses/as nun masivo proceso de mobilización. Once ano despois de que o Concello de Vigo cedese os terreos, a resposta do Partido Popular ás necesidades de atención sanitaria da Vila de Bouzas e por extensión da cidade de Vigo, é recortar a metade o centro de saúde inicialmente proxectado, e nós o que dicimos é que as viguesas/es que viven na Vila de Bouzas teñen dereito a contar con seis consultas de medicina xeral, cando menos unha consulta pediátrica e dicimos cando menos porque vendo a situación dos recortes na atención pediátrica na cidade se cadra isto xa non abonda e tamén o dereito a ter un servizo de traballadores/as social nun ámbito como é a Vila de Bouzas onde hai un importante avellentamento poboacional.

A situación do centro de saúde de Bouzas agora, as portas dun ano electoral, como será o vindeiro ano 2020 onde se celebrarán eleccións autonómicas o que demostra son os efectos da política sanitaria do Partido Popular que optou por desmantelar, ou por botar abaixo o Plan de Mellora de atención primaria que se quixo poñer en marcha con anterioridade ao decenio negro que representa para este país e nomeadamente para os servizos públicos a era do Sr. Feijóo como presidente.

O Partido Popular de Vigo ten unha oportunidade máis de rectificar, de demostrar pero no polo Bloque Nacionalista Galego, non polos diferentes grupos desta Corporación, senón polas súas propias votantes na Vila de Bouzas e non conxunto da cidade e abandonen esa estratexia de defender o indefendible e por último dende logo quixera facer mención como un exemplo máis desa política de desmantelamento o contrato de continuidade, ese contrato de escravitude que están a denunciar as enfermeiras do SERGAS e que dende logo urximos a que se modifique.

SR. PÉREZ CORREA: Practicamente dende a aparición da posibilidade de abrir un centro de saúde en Bouzas, creo que foi a oposición, tanto indiscriminadamente,

nós o Bloque Nacionalista Galego e o Partido Socialista, se lle preguntou no Parlamento de Galicia sistematicamente ao Partido Popular cal era a proposta para a construción e a apertura do centro de saúde en Bouzas, case 11 anos preguntando e ademais nalgúns momentos aparecía ou desaparecía do proxecto orzamentario nesa maneira de poño no orzamento, non o executo, ao superávit ou a outras actividades, é dicir, apareceu e desapareceu do orzamento durante case 11 anos e as mostras que o Partido Popular argumenta, as probas científicas que di que para dicir que hai un compromiso coa redacción e coa construción é que pide unha prorroga sobre a licencia solicitada hai anos, se ese é o compromiso da Xunta de Galicia co centro de saúde e Bouzas nós xa nos botamos a tremar porque as prorrogas de licencias o que din é unha incapacidade de levar adiante dentro dos prazos que se solicitan determinados investimentos e ademais o que aparece é unha serie de declaracións históricas, e algunhas delas case deprimentes, como cando o Xerente do SERGAS en novembro de 2017, dicía que Bouzas estaba perfectamente atendida en Navia e dicía que os veciños de Bouzas se tiñan que trasladar a Navia e hai realidades que ademais dinse e logo non se cumpren, dicía o propio xerente, dicía o conselleiro “non, imos facer un estudo das necesidades sanitarias para ver se se fai ou non” agora parece que se fai pero o estudo non o temos e ademais hai dúas realidades que o crecemento demográfico desas dúas parroquias, e ademais expresadas agora no mes xuño como dicíamos que crecen demograficamente, Bouzas e Coia que son as dúas que van a ter máis actuacións sobre ese centro de saúde e ademais no caso de Bouzas hai unha poboación envellecida, un de cada dous é unha persoa que supera os corenta e pico de anos e iso ao longo do tempo de planificación dun centro de saúde ten que ter obviamente un proxecto análogo e o que fan é reducir, é dicir, crecen as parroquias en poboación e reducen o proxecto ao 50% do proxecto orixinal do 2008, polo tanto, é unha demostración do desmantelamento evidente, desa maneira de entender a área sanitaria de Vigo como un xogo de comodín nas que se pode quitar e poñer unha carta e nós dende logo ou se nos pon enriba da mesa unha realidade sobre un centro de saúde que cubra tódalas necesidades, xa digo non só de Bouzas senón tamén de Coia e de Navia que poden ser afectadas, pois dende logo imos poñer tódalas dúbidas sobre a verdadeira intencionalidade do Partido Popular que non pode ser ou polo menos que para nós vai a ser intentar

transitar de aquí ás autonómicas do ano que ven, volvendo a dicir despois de 11 anos que vai a haber un centro e saúde, nós cando menos que se nos permita discrepar da execución real, ten que estar nos orzamentos e non só ten que estar nos orzamentos senón que ten que executarse, porque proxectos maquetas e proxectos urbanísticos en materia sanitaria xa vimos moitos e moitos deles non pasaron da maqueta ou do proxecto. Polo tanto, estamos a favor desta moción e pedímoslle á Xunta de Galicia que ese estudo de necesidades sexa real coa demografía, coa realidade sanitaria destes dous barrios e parroquias de Vigo porque ademais cremos que se a propia Xunta de Galicia colle os datos demográficos e colle os datos de números de cartillas e colle os datos de atención sanitaria, non pode xustificar o recorte do 50% do proxecto ou non habería ningún argumento que non fora simplemente político e de privar a privatización da sanidade para argumentar a redución dese proxecto co que nós que estamos rotundamente en contra e así se expresou no Parlamento de Galicia.

SR. EGERIQUE MOSQUERA: Outra vez outra moción máis para falar de realidades porque como dicía o meu predecesor na palabra moitas maquetas houbo por parte do Partido Socialista en moitos temas e agora estamos falando de realidades, a Xunta de Galicia licita por preto de 1,4 millóns de euros a construción do novo centro de saúde de Bouzas no Concello de Vigo. O primeiro como digo, reiterar que falamos dunha realidade, vostedes presentan esas mocións que son como un xustificante trae por alí a dicir que todo é grazas a vostedes e ao Partido Socialista, iso nós xa o coñecemos pero non vou a perder o tempo cos eses temas porque o compromiso está máis que garantido, falan dun desmantelamento absoluto da sanidade, eu creo que podemos discrepar os diferentes partidos políticos en como se xestionan ás veces os servizos públicos e todo, pero aquí vostedes teñen unha obsesión compulsiva por creerse os máis listos que outras administracións e crer que todo se fai mal cando non é verdade. Mire, isto é moi positivo para os veciños de Bouzas, para os veciños de Vigo en xeral porque non sei se saberán tamén se son usuarios vostedes da sanidade pública, non todos o son, que os pacientes de Bouzas igual que calquera outro barrio ou vila de Vigo poden elixir o seu centro de saúde, quero dicir que moitas veces é máis cómodo ter o centro de saúde preto do traballo, quero facer un inciso porque moitas veces creo que vostedes obvian estas

cousas, antes falaba a miña compañeira a Sra. López Román que por certo fixo ela toda a súa intervención, non ten 17 asesores para facerlles cadros de cores como teñen vostedes, traballa bastante e sabe moi ben de datos, falaba ela tamén claramente de que vostedes teñen que coñecer a realidade e hai que explicar sempre todo e ese listado que fixo a Sra. Caride de centros de saúde de Vigo son unha realidade nesta cidade que dan cobertura e servizo a tódalas persoas no sistema sanitario desta cidade. Un centro de saúde máis e para aplaudir, que é para boicotear? Vostedes queren volver a un proxecto que o Partido Socialista tumbou Sra. Caride, nós sabemos perfectamente como foi a historia dese centro de saúde, quen quixo boicotear e onde está ubicado porque ten que estar ubicado dentro dun casco histórico, cuns permisos de Patrimonio e ademais vai a estar perfectamente integrado cun deseño perfectamente integrado na Vila e non como fixeron vostedes a Casa do Patín que aquilo parece un esperpento absoluto nin sequera “picasiano”. É moi importante respectar a contorna, é moi importante saber cales son os números de cartillas e as persoas que agora neste momento están en Bouzas, é moi importante saber que dende o ano 2008, coa construción do centro de saúde de Navia do que se fixo referencia aquí, un dos centros de saúde como o Novo Mesoiro máis importante de Galicia, con máis servizos, un transporte adecuado entre Bouzas e outras parroquias e Navia podería ter solucionado moitos problemas que vostedes non queren solucionar porque aquí hai que falar tamén de competencia municipal, estamos a falar de que vai haber un centro de saúde novo en Bouzas, é un compromiso e un cumprimento da Xunta de Galicia, díganme vostedes como o Partido Socialista dende o Concello xestiona os seus servizos públicos, hoxe temos aquí unha moción urxente que esperemos que se poida debater para falar do que vostedes teñen que manter. Como pode ser tan falso o seu discurso? Cando ese centro ao que queren volver vostedes negáronse no seu día, como queren volver insisto ao proxecto do 2008 para o que o Partido Socialista non lle deu licencia, nós estamos convencidos de que vostedes presentan esta moción porque saben que iso é por fin un éxito, unha demanda desta cidade, pola que traballamos todos, que todos apoiamos, onde está o aparcadorio de Bouzas que tantas veces prometido, Sra. Caride? Porque dende Urbanismo e dende a Alcaldía vostedes non lle dan solución ao tema do aparcadoiro en Bouzas, ou vanlle a pedir ao Sr. Feijóo tamén o aparcadoiro, vanllo

pedir tamén ao Sr. Feijóo porque claro é que eu insisto, é que é así, é unha política de pacotilla, rastreira, unha política enganando e xogando ademais cun sistema galego de sanidade que é de tódolos galegos non é nin seu nin meu. Voulle dicir unha cousa, mire, lembro o hospital, cantas mentiras co hospital Álvaro Cunqueiro, neste mesmo Pleno dicindo que se ían cobrar polo asento do acompañante nas habitacións, dicindo que se ía cobrar pola auga, dicindo que íamos ter que pagar polas consultas, miren, temos ese precedente e co centro de saúde de Bouzas espero que vostedes teñan un pouco máis de tacto porque o tempo pon a todo o mundo no seu lugar. Hoxe temos que celebrar neste Pleno municipal que por fin a Vila de Bouzas, os veciños de Bouzas van a ter un centro de saúde, que vai ser unha realidade, e insisto, poderán elixir ir a Bouzas moitos veciños de Vigo que lles conveña porque traballen alí ou estean máis tempo na Vila de Bouzas.

SRA. CARIDE ESTÉVEZ: Xa nos quedamos todos tranquilos, a solución aos problemas sanitarios dos veciños de Bouzas é transporte, é dicir, que vaian a calquera outra parroquia para que os atendan porque alí obviamente non vai haber, mire, eu creo que hai revisar de vez en cando tanto as declaracións con distintos representantes políticos porque sabe vostede quen foi o que dixo que era normal que se cobraran o hospital pola comida porque na casa tamén se come? O Sr. Feijóo, foi o Sr. Feijóo, cando os cidadáns se alarmaron era por algo, o Presidente da Xunta de Galicia dicindo cousas tan exotéricas, digamos, cando menos.

Mire, o proxecto do centro de saúde de Bouzas é a primeira vez que se presenta licenza, non enreden, a primeira vez, e o Concello de Vigo porque cumpría os requisitos lle outorgamos a licenza, iso non quere dicir que esteamos de acordo co proxecto minguante que presentaron, co proxecto cutre que presentaron, co proxecto que non responde ás necesidades sanitarias dos veciños/as de Bouzas. Polo tanto, non enreden, si Patrimonio da Xunta de Galicia lles fixo un informe para xustificar que non se podía facer o centro de saúde é un problema da Xunta de Galicia, dende logo do Concello de Vigo non, que sempre apostou por un programa que respostara ás necesidades reais dos cidadáns de Bouzas, pero mire, o problema non é ese, o problema é que o programa funcional que presenta o SERGAS para poñer en marcha este proxecto minguado, di de xeito claro que non

son necesarios, executar un soto que inicialmente estaba previsto e tampouco é necesario construír novas consultas, para nada, lle chega cun proxecto mingado porque alteraron o programa funcional, claro as necesidades sanitarias dos veciños/as de Bouzas, recortando o orzamento ao 50%, iso si, polo camiño. Miren, ademais presentan un proxecto para licencia, obviamente porque anunciou o Sr. Feijóo que ía contratar inmediatamente a licitación dese proxecto pero transcorrido o prazo para o inicio das obras, seis meses, presentan unha solicitude de prorroga por outros seis meses, polo tanto, dado que o SERGAS non ten presa nós o que dicimos é que aproveiten, presenten un proxecto reformado, un proxecto que realmente resposte ás necesidades sanitarias dos veciños/as de Bouzas e iso si adxudíqueno, contráteno, licíteno, de xeito inmediato. Isto ten que ver co desmantelamento da sanidade pública, si, e ten moita cara dicir que hai outros centros de saúde, centros de saúde ao que un chama para unha consulta de médico de familia e lle dan cita para dez días máis tarde, ese é a realidade dos centros de saúde de Vigo hoxe, pero para vostedes é suficiente, seguramente por iso incorporaban a representantes da sanidade privada nas listas do Partido Popular, iso si logo o retiraron. Apoien esta iniciativa polo ben da atención sanitaria dos veciños/as de Bouzas.

(No momento da votación preside a 3ª Tenente de Alcalde, Sra. Espinosa Mangana, por ausencia do Presidente e da 1ª e 2ª tenentes de Alcalde)

VOTACIÓN: Con vinte votos a favor dos membros do grupo municipal Socialista, señores e señoras, Aguiar Castro, Aneiros Pereira, Blanco Iglesias, Caride Estévez, Fernández Pérez, Gomez Días, Iglesias González, Lago Barreiro, López Font, Losada Alvarez, Mejías Sacaluga, Rivas González, Rodríguez Calviño, Rodríguez Díaz, Rodríguez Rodríguez, Silva Rego e a Presidencia, e mais dos membros do grupo municipal Mixto, señora e señor Mendez Fuentes e Pérez Correa, e do membro non adscrito, Sr. Pérez Igrexas, e catro votos en contra dos membros do grupo municipal do Partido Popular, señores e señoras Egerique Mosquera, Gonzalez Castillo, López Roman e Marnotes González, adóptase o seguinte,

ACORDO:

Aprobar a Moción presentada, en data 30.08.2019 (Rex. Nº 2161/1101), pola concelleira do grupo municipal Socialista, Sra. Caride Estévez, cuxo texto consta transcrito nos antecedentes deste acordo.

25(149).- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA INSTANDO Á XUNTA DE GALICIA A IMPLICARSE NA REFORMA DO ESTADIO DE BALAIÓS PARTICIPANDO NA MESMA PROPORCIÓN QUE O CONCELLO DE VIGO E A DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA. REXISTRO PLENO 2162/1101

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro do Pleno do 30 de agosto de 2019, número 2162/1101, a concelleira do grupo municipal Socialista, Sra. Aguiar Castro, formula a seguinte,

MOCIÓN

“O Real Club Celta de Vigo é, sen dúbida, a entidade deportiva máis importante de Galicia. Orgullo de Vigo pero tamén de toda Galicia.

O Estadio de Balaidos, de titularidade municipal, no que xoga as competicións deportivas o Celta de Vigo, necesitaba unha reforma, unha remodelación integral desde hai anos. O actual estadio ten a mesma configuración que en 1.982.

Por tanto a súa reforma era imprescindible. Desde o Concello iníciase a reforma integral do Estadio fai xa cinco anos. Desde o primeiro momento solicítase a implicación do Goberno de Galicia. Polo que representa o Club e a Cidade de Vigo, é incuestionable que o Goberno da Xunta de Galicia debería de colaborar desde o primeiro momento. Pero ata hoxe, esta lóxica non se produciu nunha clara falta de respecto á cidade e a todos aqueles galegos afeccionados do Celta de Vigo.

Cando xa se rehabilitaron as bancadas de Tribuna e e Río, as únicas Administracións que custearon esta rehabilitación, foron Concello de Vigo e Deputación de Pontevedra.

Esta reforma do Estadio debe continuar. Agora toca á bancada de Marcador e desde a cidade de Vigo debemos de reclamar, como nestes cinco anos, que o Goberno da Xunta debe de colaborar, porque é un clamor na cidade esta reivindicación.

A decisión de implicarse na reforma de Balaidos corresponde politicamente ao Presidente da Xunta de Galicia, Sr. Núñez Feijoo, que debe facer oídos xordos ás declaracións da Sra. Porro que manifesta un descoñecemento absoluto sobre o asunto. Cando fala a Sra. Porro de concesión debería saber que o Celta de Vigo ten unha concesión ata o ano 2.034, precisamente a que lle permitiu superar o Concurso de Acredores. Tamén debería saber que o Celta de Vigo nunca pediu concesión para facerse cargo das obras do estadio e que o único que solicitou foi a compra do Estadio. Polos cargos desempeñados pola Sra. Porro debería saber que esa venda sería absolutamente ilegal.

Por todo isto, se solicita á Corporación Municipal adoptar o seguinte:

ACORDO

Instar á Xunta de Galicia a implicarse na reforma do Estadio de Balaidos e concretamente a participar, na mesma proporción que o Concello de Vigo e a Deputación de Pontevedra, achegando ao redor de 5,33 millóns de euros, é dicir un terzo da reforma da bancada de Marcador cun orzamento inicial estimado ao redor dos 16 millóns de euros.”

DEBATE:

SR. LÓPEZ FONT: Traemos unha moción que certamente é un clamor na cidade pero que é UN clamor na cidade xa dende hai 5 anos que se iniciaron as obras de remodelación do estadio de Balaídos, non é Sra. Egerique unha moción de oposición a ningún goberno senón que é unha moción pedindo o que esta cidade realmente merece, o que esta cidade pide e o que a semellanza doutros gobernos autonómicos que fixeron ao longo do estado español debería de facer o goberno da Xunta de Galicia. Antes de que se me diga que o que fago é un relato periodístico si que creo que hai que facer un relato de onde estamos e por que estamos e dicir como dicimos na nosa exposición de motivos que o Real Club Celta de Vigo é a entidade deportiva máis importante de Galicia é algo que sabemos, é unha obviedade pero é bo dicilo para o que a continuación imos a solicitar, dicir que todos recordamos o estadio de Balaídos e a reforma no ano 1982 con motivo do mundial tamén é unha obviedade e tamén todos o sabemos e tamén todos sabemos que ese estadio necesitaba unha reforma, reforma da que todo o mundo falaba, da que distintos gobernos puideron ir abordando pero que non fixo ninguén absolutamente nada. Esa reforma imprescindible, con carácter integral, iníciase

por parte deste goberno hai 5 anos e dende o primeiro momento o que se pide, entendendo que é a súa obriga, é a colaboración da Xunta de Galicia, a implicación na remodelación deste estadio. Evidentemente dende xullo do 2015 que goberna na Deputación de Pontevedra a Sra. Silva, do Partido Socialista, todo o camiño que andivemos sobre esta remodelación do estadio só fomos da man Concello e Deputación, concluída a rehabilitación das gradas de Tribuna e de Río aquí só achegaron Concello de Vigo e Deputación de Pontevedra. Esta reforma do estadio evidentemente necesita continuar e agora como dicimos na exposición de motivos, toca á grada de Marcador e novamente e con toda a lexitimidade volvemos a reclamar do goberno de Galicia, de tódolos galegos que atenda a esta cidade e que colabore no que é esa rehabilitación que como digo outros gobernos autonómicos xa fixeron, quero lembrar e o poden ver vostedes na hemeroteca que o goberno vasco apoiou o estadio do Alavés en Vitoria, estadio da Real Sociedad e o estadio do Athletic Bilbao nas tres provincias que son da súa competencia, e polo tanto, absolutamente nada estraño pero tamén o goberno de Aragón apoiou tamén o goberno de Cantabria e polo tanto, isto é o que pedimos, pero facemos inciso e facemos fincapé, mellor dito, en algo moi importante e é que esta petición de que o goberno de Galicia se implique, debe de ser contestada polo presidente da Xunta de Galicia, é o presidente da Xunta de Galicia a quen se dirixiu o Alcalde desta cidade poñendo en antecedentes de todo o que eu aquí acabo de relatar, e é el como máximo representante do goberno galego o que lle ten que dicir a esta cidade se o goberno de Galicia se implica ou non na reforma de Balaídos e ten que facer como dicimos na moción oídos xordos a aqueles que mostran un descoñecemento absoluto sobre o asunto porque claro resulta que a anterior delegado da Xunta de Galicia en Vigo era contrario a todo isto pero fomos a peor porque a delegada que veu actualmente é aínda máis recalcitrante e máis contraria, non, nós pedimos nesta moción que sexa o Sr. Feijóo o que se teña que posicionar sobre isto porque hai que saber que o Celta ten unha concesión ata o 2034, porque hai que saber que o Celta nunca pediu unha reforma para facer obras nese estadio, e porque hai que saber e os 27 que nos sentamos aquí o deberíamos de ter como a primeira lección que non se pode vender o estadio de Balaídos porque sería absolutamente ilegal.

Falaba antes o meu compañeiro o Sr. Gómez Dias do entroido, de camiseta do Celta e eu máis en serio quero pedir un respecto cara a camiseta que representa ao Celta de Vigo, non é unha camiseta para facer roldas de prensa, é unha camiseta para ao estadio e animar ao Celta e non para caer en folclore.

SR. PÉREZ IGLESIAS: O Bloque Nacionalista Galego fomos dende o inicio favorables á reforma do Estadio Municipal de Balaídos porque é unha necesidade reformar o estadio, mais a aposta do Bloque Nacionalista Galego é que o resultado desa reforma ten que ser, si ou si, un estadio máis seguro que era un dos aspectos que motivaba esta reforma e tamén un estadio máis funcional e cómodo, cousa que por algunha das actuacións que se teñen feito ponse en cuestión, dende logo dende o BNG entendemos que este debate era bo abordalo evitando o bochorno, o bochorno que produce a performance do Partido Popular na Xunta de Galicia, camisola do Celta mediante, mais tamén o bochorno que produce a dinámica de escapismo que motiva esta moción por parte do Partido Socialista. Vemos en primeiro lugar como a situación que se está a producir na grada de Río onde parece que se están a rectificar, cústalles traballo rectificar cando as actuacións non son as correctas, con asentos liliputienses e os continuos tamén cambios de criterios e de prazos ao respecto da reforma, lembremos que o propio Alcalde da cidade comprometeuse a que no ano 2017 estaría concluída a reforma do Estadio, estamos a 2019 e aínda non sabemos cando se vai a cometer a reforma de Marcador nin de Gol, estes elementos constitúen un claro risco de chapuza, non, nun investimentos millonario e nun investimento que deberá perdurar. Pero hai un elefante na sala que paira sobre a moción do Partido Socialista e é que o goberno asegurou que dispuña do financiamento cando iniciou a reforma e entón é que hai unha pregunta, por que agora a Zona Franca non vai participar do cofinanciamento da reforma do Estadio, tendo en conta que o delegado da Zona Franca é un salientable vigués de pro e que mesmo en decembro reiteraba o compromiso da Zona Franca a participar? Non será que traen esta moción porque nos seus propios cálculos agora lles falla un terzo do financiamento para acometer a reforma de Marcador e é por iso polo que agora con escusas van a postergar, non se sabe durante canto tempo, a reforma?

SR. PÉREZ CORREA: É que efectivamente falla un actor que sempre estivo, esta moción xa veu a Pleno moitas veces, o que pasa é que había unha figura que era Zona Franca, sempre, vostedes a gran batalla coa Sra. Teresa Pedrosa, antiga delegada de Zona Franca, por que Zona Franca non participaba na reforma dun estadio municipal? E nós sempre dixemos o mesmo, unha reforma dun estadio municipal non é a construción dun novo estadio, a construción dun novo estadio que é o que nós sempre defendemos historicamente, os parches sobre Balaídos, nós sempre defendemos un estadio dende cero porque o estadio dende cero, non a reforma por capítulos como se fora un culebrón venezolano, non a reforma de Balaídos por capítulos, un novo estadio, por que? Porque o novo estadio si que permite á Zona Franca participar nel, como pasou en Cádiz, dende cero eu asumo que vou a explotar algún tipo de infraestrutura do Estadio, iso é unha actividade económica que ten retorno e podo participar, a Zona Franca de Cádiz quedouse con locais comerciais, o Concello de Cádiz quedouse cun hotel e a participación das administracións nun novo estadio é fácil pero aquí estamos a falar dunha reforma dun estadio municipal, e a reforma do estadio municipal edificio inventariado no patrimonio municipal corresponde ao Concello de Vigo e agora vamos ver quen pon pasta e aquí parece que hai un que se chama Real Club Celta que utiliza polo prezo simbólico dun euro un estadio municipal e parece que non ten que poñer un duro e eu digo si, e había un acordo, polo menos trasladado polo Presidente do Celta a nós, que había un acordo que o Concello de Vigo remataba as obras, remataba as mil prazas de aparcamento, remataba as pequenas superficies comerciais que había no lateral e o Real Club Celta se comprometía a pagar un canón non inferior de 850.000 euros, si iso non é así pois entón o que nos traslada o presidente do Real Club Celta é mentira, pero a nós se nos trasladou así, e nós fomos a presentación do proxecto deportivo do Real Club Celta onde nunha mesa estaba o Alcalde de Vigo, estaba a Alcaldesa de Mos, estaba o Presidente da Xunta de Galicia e estaba o Presidente do Real Club Celta, aínda que fora simbolicamente e ademais houbo unha especie de posta en escena do presidente do Real Club Celta dando un reloxo de area para dicir que as administracións se poñían xa a traballar e algo pasou, home, certo que a nós se nos ocultou que había unha superficie comercial de 70.000 metros na cidade deportiva de Mos que foi o que tamén significou que nós non estabamos de acordo co proxecto da cidade

deportiva, pero algo tivo que pasar. A min non me preocupa se o fai ao 100% o Concello de Vigo ou ao 50% da Xunta de Galicia, a min iso dáme igual, a min me preocupa en cantos anos imos a amortizar un investimento que utiliza unha sociedade anónima deportiva en réxime de exclusividade, a min me preocupa se imos poder utilizar Balaídos para concertos, e meter a Vigo non nos concertos, con tódolos meus respectos cutres do verán, senón grandes concertos de miles de persoas, grandes concertos que teñen as capitais europeas, a min me preocupa se unha infraestrutura municipal non a podemos utilizar para un concerto dos The Rolling Stones que espero que non esperen vostedes non esperen vostedes metelos en Castrelos, con tódolos meus respectos a ese ámbito para os concertos e ese debate é o que hai que abrir, si en 25 anos a través dun canón concesional recuperamos todo o investimento, como se adianta o Concello de Vigo, como se adianta a Xunta de Galicia, como se adianta o Vaticano, pero recuperaremos investimento público dunha infraestrutura que utiliza en réxime de usufruto único pola que cobra canón televisivo absolutamente importante, unha infraestrutura municipal. E ademais o Celta, vostedes teñen un convenio asinado que é este, que di “convenio para a colaboración entre o Concello de Vigo, Real Clube Celta de Vigo para a execución de actuacións incluídas no Plan Director Remodelación e Modernización do Estadio Municipal de Balaídos”, o Celta dicía que xa puxera enriba de mesa 3 millóns de euros de investimentos, habería que ver se esas son reais pero dicía que el entendía que como usuario do Estadio e responsable do seu mantemento en virtude do convenio anteriormente non pode deixar de participar e colaborar na execución e financiamento deste proxecto, é dicir, o Celta quería poñer cartos ou polo menos expresa o convenio que quería, creo que é bo que se lle pida antes ao Real Clube Celta e que se amortice a través do canón que é abrir un debate, porque por exemplo vostedes saben que xuridicamente, o que pasa que non o van a recoñecer, Zona Franca non pode participar na remodelación de Balaídos pero era diferente cando Zona Franca estaba nas mans do Partido Popular que era fácil pedilo pero cando está en mans do Partido Socialista que non é tal fácil. Onde está o primeiro informe xurídico de Zona Franca que diga que pode participar na remodelación dun estadio municipal, pode participar na construción dun novo estadio pero con condicións económicas como fixo a Zona Franca de Cádiz. E remato, claro que o goberno vasco está a participar pero na construción

de novos estadios e xuridicamente son dúas cousas diferentes porque se convenia previamente cales son as achegas das administracións e polo tanto cales son as participacións nos recursos económicos que se saquen de maneira positiva desas actividades, nós imos votar a favor e ademais imos facer un pleno ao 15, imos a votarlle as cinco moción do Partido Socialista, non ten nada que ver co clima bo ou malo que temos na negociación do goberno do Estado, pero creo que hai que reflexionar sobre as mocións que se traen a Pleno de maneira oportunista.

SR. MARNOTES GONZÁLEZ: Balaídos, ano 2006, goberno do Partido Popular, consenso con toda a cidade, Cidade do Deporte Valadares, 600.000 metros cadrados, un gran proxecto do que todos íamos estar orgullosos, que pasou? Que se cargaron o Plan Xeral, iso foi o que pasou, iso lle fixo un dano irreparable a cidade en tódolos ámbitos pero tamén no ámbito deportivo, quedamos sen Cidade do Deporte como quedamos sen outros grandes proxectos, e todo o que din despois é a xestión dunha catástrofe, un mal gasto de fondos públicos e o que é peor porque aquí non se fala do que hai que falar pero é que hai un clube aí que non quere isto, están a poñer en risco a permanencia do Clube en Vigo vostedes, a Cidade Deportiva se tivo que ir a Mos efectivamente e así se pactou no ano 2017, falou o concelleiro de Marea efectivamente se pactou, houbo un pacto no que estaban o Alcalde de Vigo, o Clube, o Celta, o Presidente da Xunta de Galicia, 300 invitados e alí se pactou, cidade deportiva para Mos, reforma de Estadio de Balaídos con concesión e pouco despois nada de nada, incumprimento total, o Celta cabreado, a afición desgustada, non se pode xestionar peor. A reforma do Estadio de Balaídos é un símbolo do que se ten feito nestes anos, un capricho que non se consultou con ninguén, que non se pacta co Celta, que se fai ás súas costas, que ten a afición cabreada, é un capricho pagado con cartos públicos, unha cuberta xigante para satisfacer un ego que non cubre a ninguén, se non serve a cuberta o último que un non se pode nin sentar en Rio Baixo, asentos que non serven para sentarse, a cuberta non cubre nin do Sol nin da sombra, nin da choiva, a iluminación non cumpre coa UEFA, os vestiarios se inundan, non hai ascensores, non reformaron os baños, 15 millóns de euros, claro que había que facer obras en Balaídos, dende logo que si, ás necesarias e urxentes pero tamén é claro que se teñen que facer de acordo co Celta, quen por certo dixo que podería el facer os

investimentos se se chegaba a unha fórmula como a concesión que é pactada, din na moción, “non o Celta xa ten unha concesión ata o 2034”, pois o Alcalde di que non, febreiro deste ano, non sei se hai clima para facer a concesión de Balaídos ao Celta, para facer unha concesión ten que haber o clima de facela, eu quero facer esa concesión pero non sei se agora hai o clima de facela, unha concesión require dúas partes, o propietario pero tamén do Celta, claro que non hai unha concesión, como vai a haber unha concesión se vostedes cren que se ten o Celta unha concesión e aínda así facémolle nós a obra para que o exploten, entón nos sabemos onde estamos, claro que non hai unha concesión.

Mire, isto eu sinceramente non sabemos como vai acabar, isto é un enorme investimento público e alguén se empeña en chegar a gastar 40 millóns de euros cando o propio clube di que está disposto a facelo el, un Clube profesional de primeira división, o clube que queremos todos, o máis importante de Galicia, e que ademais ten 50 millóns de euros de ingresos televisivos tódolos anos, dixo que faría el e nós nos empeñamos en facer esta obra. Miren, non busquen cómplices porque esta non é a obra do Celta, esta é a obra do Sr. Caballero, este non é a obra do Concello, algún día alguén preguntará por que se investiron 40 millóns de euros públicos nunha sociedade deportiva de primeira división que está en contra de que se faga iso, por que? Algún día o preguntarán e nós diremos non, pois pregúntelle ao goberno que estaba daquela que o quixo facer, repito, esta non é a obra que quería o Celta, esta non é a obra do Concello, esta é a obra do Sr. Caballero e do seu goberno co cal alá vostedes, non busquen cómplices.

SR. LÓPEZ FONT: Sr. Marnotes, tal e como avanza a mañá a súa dispersión é máis absoluta aínda, porque non entendeu absolutamente nada, non entendo a quen defende, non entendo o que teña un descoñecemento tan manifesto de como evolucionaron as cuestións. Mire, no 2007 sabe o que pasou? Que vostedes perderon a Alcaldía, iso foi o que pasou, e que o Plan Xeral estaba baseado no anterior pero era mellor polo tema de protección oficial.

Miren, en relación coa reforma do estadio que todos recoñecemos que había que facela, este goberno municipal non cambiou na súa folla de ruta en ningún momento, e dado que vostedes alegan que houbo reunións, que houbo escenificacións e demais, iso é o que fixo este goberno e a reforma que se propuxo

do estadio por partes evidentemente esa é a que se acordou e esa é na que continuamos. Lanzaos por enriba que é o cambiou en todo isto, pero se todos o sabemos, téñollo que contar eu aos tres voceiros dos que interviron ata agora que é o que cambiou? A intención de facer un centro comercial e algo máis, a intención do Presidente Sr. Feijóo de levarse non a Cidade Deportiva senón o Celta a Mos, esas son as dúas cousas que cambiaron e evidentemente se converteu nun motivo de confrontación política no ano previo electoral para desgastar a este goberno a perversa utilización do Real Club Celta de Vigo e diso son os culpables vostedes porque aquí había unha folla de ruta, porque evidentemente se podía facer unha cidade deportiva, unha cidade deportiva si, e o explicou moitas veces e moi ben a Sra. Caride, pero non un centro comercial que sexa tres veces como o de Gran Vía que practicamente vemos tódolos días os que estamos nesta cidade.

Polo tanto, este goberno municipal sobre unha instalación municipal que non é de ningunha sociedade anónima deportiva, fixo o que debía, un proxecto dun magnífico estadio no que hai que contestar á moción, Sr. Marnotes, vostede que di? Que colabore o goberno de Galicia ou que non colabore porque non o dixo, evidentemente non. Mire, todo isto demostra a coherencia deste goberno de dotarlle á cidade das mellores instalacións e de verdade pon novamente branco sobre negro o que vostedes pretenden e o que vostedes pretenden é que o Celta se vaia a Mos, traballaron sobre elo e están certamente nesta complicidade. Nós estamos a outra cousa, a gobernar esta cidade, ter unha boa instalación municipal e dignificar ao Celta non con episodios lamentables como o da camiseta.

(No momento da votación preside a 1ª Tenente de Alcalde, Sra. Silva Rego, por ausencia do Alcalde-Presidente)

VOTACIÓN: Con dezanove votos a favor dos membros do grupo municipal Socialista, señores e señoras, Aguiar Castro, Aneiros Pereira, Blanco Iglesias, Caride Estévez, Espinosa Mangana, Fernández Pérez, Gomez Días, Iglesias González, Lago Barreiro, López Font, Losada Alvarez, Mejías Sacaluga, Rivas González, Rodríguez Calviño, Rodríguez Díaz, Rodríguez Rodríguez e a Presidencia,

e mais dos membros do grupo municipal Mixto, señora e señor Mendez Fuentes e Pérez Correa, catro votos en contra dos membros do grupo municipal do Partido Popular, señores e señoras Egerique Mosquera, Gonzalez Castillo, López Roman e Marnotes González, e unha abstención do membro non adscrito, Sr. Pérez Igrexas, adóptase o seguinte,

ACORDO:

Aprobar a Moción presentada, en data 30.08.2019 (Rex. Nº 2162/1101), pola concelleira do grupo municipal Socialista, Sra. Aguiar Castro, cuxo texto consta transcrito nos antecedentes deste acordo.

PARTE DE CONTROL

26(150).- DAR CONTA DE RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA. EXPTE. 636/1102. (REXISTRO PLENO 2152/1101)

ANTECEDENTES: Dáse conta das Resolucións da Alcaldía incluídas no expediente 636/1102.

De todo o anterior a Alcaldía-Presidencia dá conta ao Pleno da Corporación, que queda enterado.

27(151).- DAR CONTA DE RESOLUCIÓNS ASINADAS POR CONCELLEIROS/AS DELEGADOS/AS. EXPTE. 637/1102. (REXISTRO PLENO 2153/1101).

ANTECEDENTES: Dáse conta das Resolucións dos concelleiros delegados incluídas no expediente 637/1102.

De todo o anterior a Alcaldía-Presidencia dá conta ao Pleno da Corporación, que queda enterado.

28(152).- DAR CONTA DO ESCRITO DE D^a NURIA RODRÍGUEZ RODRÍGUEZ DE ACEPTACIÓN DE DEDICACIÓN EXCLUSIVA. EXPTE. 1642/110 (REXISTRO PLENO 2135/1101)

ANTECEDENTES.- De conformidade coa Resolución da Alcaldía-Presidencia, de data 17 de xullo de 2019, mediante escrito presentado na Secretaría Xeral do Pleno o 18.07.19, a concelleira D^a NURIA RODRÍGUEZ RODRÍGUEZ acepta o réxime de dedicación exclusiva

De todo o anterior a Alcaldía-Presidencia dá conta ao Pleno da Corporación, que queda enterado.

29(153).- DAR CONTA DA RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA, DE DATA 13.08.19, REFERENTE Á MODIFICACIÓN DE DELEGACIÓN DE COMPETENCIAS EN CONCELLEIROS/AS ÁREA DE PARQUES E XARDÍNS, COMERCIO, DISTRITOS E FESTAS ESPECIAIS E XESTIÓN MUNICIPAL. EXPTE. 598/1102 (REXISTRO PLENO 2145/1101)

ANTECEDENTES: Dáse conta da Resolución da Alcaldía, de data 13.08.2019, que di o que segue:

“Por Resolucións desta Alcaldía de data 18 e 26 de xuño do 2019 levouse a cabo a estruturación das áreas executivas e/ou materiais dirixidas polos señores e señoras concelleiros e concelleiras do Goberno municipal, e a conseguinte atribución xenérica de competencias. En virtude da dita resolución creouse, entre outras, a Área de Parques, Xardíns, Comercio, Distritos e Festas especiais e atribuíuse ao seu

titular a dirección/xestión, organización/planificación e coordinación da actuación na área coa finalidade de acadar os obxectivos previstos.

Con data 11 de outubro de 2018, a Xunta de Goberno Local acordou impulsar o procedemento para a elaboración do Plan municipal de prevención e defensa contra os incendios forestais, atribuíndo a responsabilidade da dirección e coordinación do proceso de elaboración e aprobación ao concelleiro delegado da Área de goberno de Parques, Xardíns, Comercio, Participación Cidadá e Distritos, e mediante acordo de data 4 de xullo de 2019, delegou en ÁNGEL RIVAS GONZÁLEZ, concelleiro-delegado da Área de Parques e Xardíns, Comercio, Distritos e Festas especiais, as seguintes competencias:

A dirección e coordinación do Plan municipal de prevención e defensa contra incendios forestais, facultado para a adopción de cantas medidas de impulso, desenvolvemento e execución resulten precisas.

A competencia para iniciar os expedientes de contratación que se tramiten en relación coas competencias municipais en materia de prevención e defensa contra os incendios forestais, a supervisión e o seguimento dos contratos administrativos en dito ámbito, así como a tramitación e adxudicación dos contratos menores, na contía establecida en cada momento pola lexislación vixente e nas bases de execución do orzamento, dando conta á Xunta de Goberno Local das adxudicacións acordadas.

Co obxecto de desenvolver o contido do citado Plan de Prevención e Defensa contra os Incendios Forestais de Galicia e cumprir coas obrigas que a Lei 3/2007, de 9 de abril, de Prevención e Defensa contra os Incendios Forestais de Galicia, impón aos concellos, resulta precisa a delegación de competencias que a citada lei atribúe á Alcaldía na correspondente Área de Goberno,

Por outra banda, en relación coas competencias delegadas en materia de xestión municipal na Área de Contratación, Patrimonio e Xestión Municipal, da que é concelleira-delegada Dna. PATRICIA RODRÍGUEZ CALVIÑO, resulta preciso clarificar o ámbito e extensión de a dita delegación no marco da organización directiva e os postos de colaboración aos titulares dos órganos directivos.

Polo exposto, de conformidade co sinalado no artigo 43.5.a) do RD 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais e, no exercicio da potestade de dirección do goberno e das organizativas e estruturais que, en relación coa Administración Municipal ostenta esta Alcaldía ex artigo 124 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das bases do Réxime Local,

RESOLVO:

Primeiro.- Modificar a Resolución de Delegación de Competencias do 26 de xuño de 2019, no tocante á Área de de Parques, Xardíns, Comercio, Distritos e Festas especiais, da que é Concelleiro Ddo. D. ÁNGEL RIVAS GONZÁLEZ, en materia de parques e xardíns, que quedará redactado do seguinte xeito:

a) En materia de parques e xardíns:

1. Elaborar e propoñer proxectos ao órgano competente para súa aprobación e posteriormente dirixir e xestionar un Plan Director de Melloras para a xestión, conservación e mellora das zonas verdes, áreas infantís e biosaudables e mobiliario urbano.
2. Elaborar e propoñer ao órgano municipal competente a aprobación dun Regulamento de Protección de Zonas Verdes, Espazos Naturais e Parques Forestais no que se prevean as accións necesarias para a defensa das zonas verdes urbanas e periurbanas, das árbores e das especies vexetais nas rúas, prazas e demais bens que integran o dominio público municipal.
3. Manter actualizado o Inventario de zonas verdes, mobiliario urbano, áreas infantís e biosaudables.
4. Dirixir e xestionar as actividades e servizos do Viveiro Municipal.
5. Inspeccionar permanentemente o funcionamento dos servizos de conservación e mantemento que sexan xestionados indirectamente por empresas concesionarias ao obxecto de garantir a súa prestación de acordo co previsto nos Pregos de Condicións que rexen no contrato.
6. Coordinación e xestión do planeamento municipal de prevención e defensa contra os incendios forestais: elaboración do Plan, ordenanzas e convenios de colaboración en materia de incendios forestais.
7. Ordenación e execución subsidiaria da xestión da biomasa nos termos dos artigos 7.d), 21 a 23 da Lei 3/2007, de 9 de abril, de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia, ou normativa vixente que a substitúa.
8. Calquera outra atribución da Alcaldía en relación coa prevención e defensa contra os incendios forestais prevista na referida Lei.

Segundo.- Modificar a Resolución de Delegación de Competencias do 26 de xuño de 2019, no tocante á Área de Contratación, Patrimonio e Xestión Municipal, da que é concelleira-delegada Dna. PATRICIA RODRÍGUEZ CALVIÑO, en materia de Xestión Municipal, que quedará redactado do seguinte xeito:

b) En materia de Xestión Municipal:

1. Exercer a totalidade das competencias de xestión administrativa, xestión económico-financeira e demais competencias delegables en relación coa área administrativa de Alcaldía e o seu persoal.
2. Exercer a totalidade das competencias de xestión administrativa e demais competencias delegables en relación coa estrutura directiva municipal e os órganos que se integran nela, así, como de existir, en relación cos postos de

colaboración aos mesmos, nos termos derivados da normativa aplicable (entre outros, provisión de postos, encomendas, peticións de informe, etc).

Terceiro.- Esta delegación de atribucións, de conformidade co sinalado no artigo 44 do RD 2568/1986, do 28 de novembro, terá efectos dende o día seguinte ao da data desta Resolución, sen prexuízo da súa publicación no Boletín oficial da Provincia, rexéndose pola normativa de aplicación.

Cuarto.-Dar conta ao Pleno da Corporación na primeira sesión que realice para o seu coñecemento.

Quinto.- Ordenar a súa publicación na rede Intranet ao obxecto do seu coñecemento polas distintas dependencias e unidades administrativas; na sede electrónica municipal e no Portal de Transparencia do Concello de Vigo (art. 6 LTBG).

De todo o anterior a Alcaldía-Presidencia dá conta ao Pleno da Corporación, que queda enterado.

30(154).- DAR CONTA DO ACORDO DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL, DE DATA 9.08.19, DE DESIGNACIÓN DE REPRESENTANTES DA CORPORACIÓN NA ASEMBLEA DA MANCOMUNIDADE DA ÁREA INTERMUNICIPAL DE VIGO. EXPTE. 607/1102 (REXISTRO PLENO 2146/1101)

ANTECEDENTES: Dáse conta do acordo da Xunta de Goberno Local, do 9.08.2019, que di o que segue:

"2.- PROPOSTA DE ALCALDÍA DE DESIGNACIÓN DE REPRESENTANTES NA MANCOMUNIDADE DA ÁREA INTERMUNICIPAL DE VIGO (MAIV). EXPTE. 607/1102. Dáse conta da proposta de data 06/08/19, asinada pola secretaria de Admon. Municipal e polo alcalde-presidente, que di o seguinte:

Como consecuencia da constitución nova Corporación xurdida das eleccións locais do 26 de maio do 2019, a Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo, de conformidade co sinalado no art.127 m) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das bases do réxime local, ten que resolver sobre o nomeamento de representantes da Corporación nos órganos colexiados de goberno ou administración dos entes, fundacións ou sociedades, con independencia da súa natureza, nos que participe o Concello.

De conformidade co exposto e ao abeiro dos arts. 9 e 11 dos Estatutos da Mancomunidade da Área Intermunicipal de Vigo (BOP n.º 73, 17/04/99), esta Alcaldía, tras das consultas cos Voceiros dos distintos Grupos Políticos Municipais, e visto o Informe de data 05/08/19, da secretaria de Admon. Municipal, por delegación de función do secretario de Pleno (Resolución da Alcaldía de data 12.07.2019), somete á consideración da Xunta de Goberno Local a seguinte proposta de acordo:

Primeiro.- Distribuír os concelleiros/as que deben representar ao Concello de Vigo na Asemblea da Mancomunidade da Área Intermunicipal de Vigo do seguinte xeito:

Presidente e 11 Vocais -concelleiros/as- a proposta do Grupo Político Municipal Socialista:

Presidente: D. Abel Caballero Álvarez (Alcalde).

Vocal 1 D. Francisco Javier Pardo Espiñeira

Vocal 2 D^a. M^a Isaura Abelairas Rodríguez

Vocal 3 D. Jaime Aneiros Pereira

Vocal 4 D. Carlos López Font

Vocal 5 D^a. Yolanda Aguiar Castro

Vocal 6 D. Ángel Rivas González

Vocal 7 D. Santos Héctor Rodríguez Díaz

Vocal 8 D^a. Elena Espinosa Mangana

Vocal 9 D. Abel Fermín Losada Álvarez

Vocal 10 D^a. Patricia Rodríguez Calviño

Vocal 11 D^a Nuria Rodríguez Rodríguez

2 Vocais -concelleiros/as- a proposta do Grupo Político Municipal do Partido Popular.

Vocal 1 D. José Alfonso Marnotes González

Vocal 2 D^a. Teresa Egerique Mosquera

1 Vocal-concelleiro a proposta do Grupo Municipal Mixto.

Vocal 1 D. Rubén Pérez Correa

Segundo.- Comunicar este acordo á Mancomunidade da Área Intermunicipal de Vigo, aos Grupos políticos municipais, aos concelleiros e concelleiras afectados e, para xeral coñecemento, inserilo na Intranet municipal e publicalo no Portal de Transparencia Municipal.

Terceiro.- O presente acordo entrará en vigor no mesmo momento da súa aprobación, sen prexuízo da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia e na sede electrónica municipal conforme co disposto no artigo 6 da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de Transparencia, Acceso á Información Pública e Bo Goberno.

Cuarto.- Da presente resolución darase conta de forma individualizada ao Pleno da Corporación para os efectos de que quede informado da mesma, de conformidade

co establecido no art. 44 do RD 2568/19856, en relación co 38.d) do mesmo corpo legal.

Acordo:

A Xunta de Goberno Local aproba a precedente proposta.”

De todo o anterior a Alcaldía-Presidencia dá conta ao Pleno da Corporación, que queda enterado.

31(155).- DAR CONTA DO ACORDO DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL, DE DATA 26.07.19, DE DESIGNACIÓN DE REPRESENTANTES NA FUNDACIÓN AXENCIA INTERMUNICIPAL DA ENERXÍA DE VIGO (FAIMEVI). EXPTE. 619/1102 (REXISTRO PLENO 2147/1101)

ANTECEDENTES: Dáse conta do acordo da Xunta de Goberno Local, de data 26.07.2019, que di o que segue:

“17.- DESIGNACIÓN DE REPRESENTANTES NA FUNDACIÓN AXENCIA INTERMUNICIPAL DA ENERXÍA DE VIGO (FAIMEVI). EXPTE. 619/1102.

Dáse conta da proposta de data 22/07/19, asinada pola secretaria do Goberno Local e polo alcalde, que di o seguinte:

Como consecuencia da constitución nova Corporación xurdida das eleccións locais do 26 de maio do presente ano, a Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo, de conformidade co sinalado no art.127. m) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das bases do réxime local, ten que resolver sobre o nomeamento de representantes da Corporación nos órganos colexiados de goberno ou administración dos entes, fundacións ou sociedades, con independencia da súa natureza, nos que participe o Concello.

Visto o informe de data 17/07/19, do xefe do Servizo Xurídico de Servizos Xerais que figura no expediente, relativo á representación do Concello de Vigo na Fundación Axencia Intermunicipal da Enerxía de Vigo (FAIMEVI) e, de conformidade coa normativa sinalada, esta Alcaldía somete á consideración da Xunta de Goberno Local a seguinte proposta:

Primeiro.- O Concello de Vigo, no exercizo das súas funcións de patrón da “Fundación Axencia Intermunicipal da Enerxía de Vigo (FAIMEVI)”, actuará na mesma a través da persoa do seu Alcalde, D. Abel Caballero Alvarez, quen

ostentará a Presidencia do Padroado segundo os seus Estatutos, o outro representante do Concello no órgano mencionado será o concelleiro-delegado da Área de Fomento e Servizos, D. Francisco Javier Pardo Espiñeira.

Segundo.- Comunicar o presente acordo ao concelleiro designado, á Fundación Axencia Intermunicipal da Enerxía de Vigo (FAIMEVI), ao xefe do Servizo Xurídico de Servizos Xerais e demais persoas ou servizos implicados.

Terceiro.- O presente acordo entrará en vigor no mesmo momento da súa sinatura, sen prexuízo da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia. Publíquese así mesmo na sede electrónica municipal para os efectos do disposto no artigo 6 da Lei 19/2013, de 9 de decembro, de Transparencia, Acceso á información pública e Bo goberno.

Cuarto.- Deste acordo darase conta de forma individualizada ao Pleno da Corporación para os efectos de que quede informado do mesmo; de conformidade co establecido no art. 44 do RD 2568/1985, en relación co 38.d) do mesmo corpo legal.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a precedente proposta.”

De todo o anterior a Alcaldía-Presidencia dá conta ao Pleno da Corporación, que queda enterado.

32(156).- DAR CONTA DO ACORDO DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL, DE DATA 26.07.19, DE DESIGNACIÓN DE REPRESENTANTES NO CONSELLO TERRITORIAL DA PROPIEDAD INMOBILIARIA DE PONTEVEDRA. EXPTE. 623/1102 (REXISTRO PLENO 2148/1101)

ANTECEDENTES: Dáse conta do acordo da Xunta de Goberno Local, de data 26.07.2019, que di o que segue:

“18.- DESIGNACIÓN DE REPRESENTANTES MUNICIPAIS NO CONSELLO TERRITORIAL DA PROPIEDAD INMOBILIARIA DE PONTEVEDRA. EXPTE. 623/1102.

Dáse conta da proposta de data 22/07/19, asinada pola secretaria do Goberno Local e polo alcalde, que di o seguinte:

Visto o informe de data 22/07/19, emitido pola Directora de Ingresos que figura neste Expte. 623/1102, en relación co apartado Décimo do acordo da Xunta de Goberno Local, sesión ordinaria do 17/07/19, relativo á designación de representantes do Concello de Vigo no Consello Territorial da Propiedade Inmobiliaria da Subxerencia Territorial da Dirección Xeral do Catastro da Delegación de Facenda de Vigo. polo que se indica a procedencia de nomeamento do Sr/a Concelleiro/a así como do/a suplente como vocal representante e suplente no “Consello Territorial da Propiedade Inmobiliaria de Pontevedra”, organismo adscrito á Delegación de Economía e Facenda de Pontevedra e, regulado nos artigos 13, 14 e 15 do RD 417/2006 de 7 de abril polo que se desenvolve o Texto Refundido da Lei do Catastro Inmobiliario, procede, de conformidade co sinalado no art.127. m) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das bases do réxime local, emitir proposta á Xunta de Goberno Local, deixando sen efecto o apartado Décimo do acordo da XGL do 11/07/19, relativo á DESIGNACIÓN REPRESENTANTES MUNICIPAIS EN PADROADOS, FUNDACIÓNS E EN DIVERSOS ÓRGANOS E ENTIDADES PÚBLICAS e, consecuentemente emitir nova proposta.

De conformidade coa normativa sinalada, esta Alcaldía somete á consideración da Xunta de Goberno Local a seguinte proposta:

Primeiro.- Deixar sen efecto o apartado Décimo do acordo da Xunta de Goberno Local, sesión ordinaria do 17/07/19, relativo á designación de representantes do Concello de Vigo no Consello Territorial da Propiedade Inmobiliaria da Subxerencia Territorial da Dirección Xeral do Catastro da Delegación de Facenda de Vigo.

Segundo.- O Concello de Vigo estará representado no Consello Territorial da Propiedade Inmobiliaria de Pontevedra, organismo adscrito á Delegación de Economía e Facenda de Pontevedra e, regulado nos artigos 13, 14 e 15 do RD 417/2006 de 7 de abril polo que se desenvolve o Texto Refundido da Lei do Catastro Inmobiliario pola Concelleira-Delegada da Área de Contratación, Patrimonio e Xestión Municipal, D^a Patricia Rodríguez Calviño. Exercerá de vocal suplente á Directora de Ingresos do Concello de Vigo, D^a M^a Jesús Magdalena Vila.

Terceiro.- Comunicar o Acordo da Xunta de Goberno Local ao Consello Territorial da Propiedade Inmobiliaria de Pontevedra, á Concelleira-Delegada da Área de Contratación, Patrimonio e Xestión Municipal, D^a Patricia Rodríguez Calviño. Exercerá de vocal, á Directora de Ingresos do Concello de Vigo, e demais persoas que poida resultar implicadas.

Cuarto.- O presente acordo entrará en vigor no mesmo momento da súa sinatura, sen prexuízo da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia. Publíquese así mesmo na sede electrónica municipal para os efectos do disposto no artigo 6 da Lei 19/2013, de 9 de decembro, de Transparencia, Acceso á información pública e Bo goberno.

Quinto.- Deste acordo darase conta de forma individualizada ao Pleno da Corporación para os efectos de que quede informado do mesmo; de conformidade co establecido no art. 44 do RD 2568/1985, en relación co 38.d) do mesmo corpo legal.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a precedente proposta.”

De todo o anterior a Alcaldía-Presidencia dá conta ao Pleno da Corporación, que queda enterado.

MOCIÓNS.

33(157).- MOCIÓN DO MEMBRO NON ADSCRITO, INSTANDO AO GOBERNO MUNICIPAL A PARALIZAR PROVISIONALMENTE A LICITACIÓN E EXECUCIÓN DAS OBRAS DA PORTA DO SOL AVALIANDO AS ALTERNATIVAS AO TÚNEL. REXISTRO PLENO 2149/1101

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro do Pleno do 28 de agosto de 2019, número 2149/1101, o concelleiro non adscrito, Sr. Pérez Iglesias, formula a seguinte,

MOCIÓN

“*SOBRE A PEONALIZACIÓN DA PORTA DO SOL*

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A cidade é moito máis que un territorio, que un espazo. A cidade é, fundamentalmente unha comunidade humana. Emporiso, o deseño urbano debe procurar ser funcional ás persoas, facilitando a súa mobilidade pero tamén creando espazos convivenciais. Sobre esa premisa, a cidade de Vigo impulsou a inicios deste século unha política de reordenamento urbano que procuraba democratizar o espazo público facendo que as persoas gañasen superficie para o seu uso fronte ao vehículo privado.

Expresión desa vontade audaz foron as peonalizacións da praza da Independencia, da praza da Constitución e de Urzaiz no Calvario, ou a retirada de tránsito de vehículos na praza do Berbés, en Teófilo Llorente, rúa Real, a praza Chao e rúas colindantes. Actuacións que supuxeron unha transformación sen precedentes, que se traduciu nunha hoxe innegábel dinamización social e comercial que converteu eses ámbitos en máis e mellor habitábeis. Infelizmente, aquel impulso, liderado por unha alcaldía nacionalista pero empurrado por unha enorme forza social e veciñal, non tivo continuidade por parte dos sucesivos gobernos.

O proxecto de peonalización da Porta do Sol, anunciado polo Goberno municipal, é nese sentido unha iniciativa positiva, na medida en que permite que a cidade reinicie un proceso de transformación urbana que resulte nun Vigo máis habitábel, funcional e sostíbel. Pretensión que é partillada por unha moi ampla maioría de viguesas e vigueses.

No entanto, o proxecto construtivo que se pretende materializar, a través dun túnel no lugar que actualmente ocupa o estacionamento soterrado, non está a contar coa necesaria complicidade social, como visan os protestos veciñais que demandan, con razón, máis información e participación nunha actuación que vai incidir no quilómetro cero da cidade, nun espazo central do entramado urbano. As dúbidas e temores da veciñanza residente na contorna –singularmente na rúa Elduayen– sobre a seguridade das obras para os seus inmóbeis, así como a preocupación a respecto da posíbel afectación desta actuación nun espazo singular e privilexiado como é o Paseo de Afonso XII, non obtiveron até o momento unha resposta nin atención satisfactoria por parte do Goberno municipal que non demostrou disposición real a considerar as súas achegas.

Un proxecto desta magnitude, que debe ser un proxecto de cidade, ten que procurar o máximo consenso social e político. Facermos da Porta do Sol a grande praza peonil da nosa cidade é unha tarefa que nos debe implicar a todos e a todas. Ao conxunto da Corporación municipal, ao tecido asociativo e comercial da zona, e, por suposto, á veciñanza residente na súa contorna.

Un investimento tan importante, de máis de 17 millóns de euros, require ademais que as decisións sexan resultado dun estudo pormenorizado que avalíe todas as alternativas, permitindo que o resultado perdure no tempo como un logro colectivo da cidade.

De acordo ao exposto, propónse ao Pleno a aprobación dos seguintes

ACORDOS

Primeiro.- Instar o Goberno municipal a paralizar provisionalmente a licitación, e a súa subseguinte execución, das obras para a peonalización da Porta do Sol.

Segundo.- Instar o Goberno municipal a avaliar tecnicamente, a través dunha mesa de especialistas ou dun concurso público de ideas, opcións alternativas á do tunel deseñado que permitan a peonalización total da Porta do Sol e a súa eventual extensión a todo o Paseo de Afonso XII.

Terceiro.- Instar o Goberno municipal a abrir canles formais de diálogo e interlocución co tecido asociativo da contorna e coa veciñanza afectada.

Cuarto.- Instar o Goberno municipal a someter a exposición pública, permitindo que a veciñanza e colectivos da cidade poidan alegar, calquera que sexa o proxecto definitivo para a peonalización da Porta do Sol.”

DEBATE:

SR. PÉREZ IGLESIAS: Señora Presidente quero formular unha cuestión de orde, ao abeiro do artigo 55.4 do Regulamento Orgánico do Pleno para preguntarlle á presidencia en que momento desta sesión se vai a someter a consideración do Pleno a moción de urxencia presentada por este concelleiro sobre a situación límite no corpo de Bombeiros e que se presentou de acordo ao artigo 64.4 do Regulamento.

PRESIDENCIA: En todo caso, iría despois de finalizar este punto, sabe vostede que hai dúas mocións, unha a 33 a que agora vostede vai defender, unha no punto 34 do grupo mixto, iría despois pero o secretario do Pleno lle informará de que por que non pode ser tramitada, farano o secretario do Pleno pero en todo caso iría neste momento, despois destas dúas mocións que agora imos a debater señor voceiro.

SR. PÉREZ IGLESIAS: Inicio a defensa da moción que presenta o Bloque Nacionalista Galego a respecto da peonalización da Porta do Sol, é evidente que como temos defendido a cidade é moito máis que un territorio que a cidade é fundamentalmente unha comunidade humana e nese senso a aposta de sempre do Bloque Nacionalista Galego ten sido por facer avanzar o proceso de democratización do espazo público, facendo que as persoas gañásemos espazo, superficie da cidade fronte ao uso do vehículo privado, fixémoslo no seu momento con actuacións audaces como foron as peonalizacións da praza da Independencia, da Constitución, do Urzaiz no Calvario ou tamén coa retirada de tránsito de vehículos na praza do Berbés, Teófilo Llorente, na rúa Real, na praza Chao e nas rúas colindantes. Para o Bloque Nacionalista Galego é unha iniciativa positiva coa

que concordamos a proposta, o proxecto de peonalización da Porta do Sol que nos permitirá facer unha cidade máis habitable, máis funcional, máis sostible, máis este proxecto dende logo entendemos que require dunha máis clara complicidade social e a veciñanza desa contorna o que traslada, mediante un protestos moi evidentes e a falla de información e de participación dunha actuación que vai transformar a cidade precisamente no seu quilómetro cero. A veciñanza desa contorna alerta sobre as dúbidas que ten sobre a seguridade desas obras e o impacto que poida ter sobre os seus inmobles e tamén da afectación desta actuación nun espazo singular como é o paseo de Alfonso.

Un proxecto desta magnitude dende logo nós dicimos que ten que ser un proxecto de cidade, un proxecto co máximo consenso social e políticos facermos da Porta do Sol a grande praza peonil do centro da cidade é unha tarefa que nos debe implicar a todas/os e por iso o Bloque Nacionalista Galego estamos de acordo con ese afán, mais un investimento tan importante, falamos de máis de 17 millóns de euros, require ademais que as decisións que se tomen sexan resultado dun estudo pormenorizado que avalíe tódalas alternativas permitindo co resultado perdure no tempo e que dende logo se configure como un logro colectivo da cidade e non como unha chapuza difícil ou imposible de rectificar e por iso a moción do Bloque Nacionalista Galego insta 4 propostas de acordo, en primeiro lugar, que o goberno municipal paralice provisionalmente o proceso de licitación e a subseguinte execución das obras de peonalización da Porta do Sol, en segundo lugar, que o goberno municipal avalíe tecnicamente, ben a través dunha mesa de especialistas, ben a través dun concurso público de ideas, opcións alternativas ao do túnel actualmente deseñado que permitan iso si, a peonalización total da Portal do Sol e a súa eventual extensión a todo o Paseo de Alfonso. En terceiro lugar, ten que abrir o goberno canles formais de diálogo e interlocución co tecido asociativo da contorna e coa veciñanza afectada, non reunións de tres en tres, hai que falar coa veciñanza, hai que consensuar coa veciñanza e por iso, en cuarto lugar propoñemos que se someta a exposición pública o proxecto que sexa definitivo permitindo que a veciñanza e os colectivos da cidade poidan alegar, non se trata do debate, non é humanización si ou non, senón como queremos acometer esa peonalización.

SRA. MÉNDEZ FUENTES: Nós estamos de acordo co sentido desta moción, dixémolo por activa e por pasiva, e continuaremos a sinalar esta cuestión, as críticas veciñas aos proxectos de Gran Vía e do soterramento do tráfico na Porta do Sol amosan un incumprimento normativo grave, o dos requisitos para as estratexias de desenvolvemento urbano sostible e integrado, EDUSI, estratexias de cidade polas cales se reciben fondos europeos, segundo din os propios textos estas estratexias, estas propostas de intervención na cidade deben enmarcarse nalgún destes catro obxectivos temáticos, un, mellorar o uso e a calidade das tecnoloxías da información e da comunicación e o acceso ás mesmas, dous, favorecer a transición a unha economía baixa en carbono, tres, conservar e protexer o medio ambiente e promover a eficiencia dos recursos, catro, promover a inclusión social e loitar contra a pobreza e calquera forma de discriminación, resulta complexo saber cal destes catro grandes obxectivos temáticos perseguen a magnas obras de Gran Vía e da Porta do Sol, dubidamos que sexan os de favorecer a transición e a unha economía baixa en carbono, ou de conservar e protexer o medio ambiente, tampouco especialmente o de promover a inclusión social e loitar contra a pobreza pero é que ademais as estratexias DUSI empregan unha metodoloxía participativa nelas débese garantir de xeito transversal o proceso á implicación da cidadanía na súa elaboración tamén no período de execución para que a obra aglutine o maior consenso social sendo de todos/as, non obstante onde está o comité de participación que mandata as execucións dos proxectos, insistimos, tal e como reflicten as bases dos mesmos proxectos que foron presentados para a concorrência a estes fondos europeos figura un capítulo referente á participación dos axentes sociais, unha participación que debe estar presente no proxecto de redacción no seu seguimento e mesmo na avaliación do cumprimento dos obxectivos marcados, ula a participación cidadá nestes proxectos?

No relato argumentado polo Concello alúdese ao Regulamento de Participación Cidadá de 1991 ou ao Consello Municipal de Cooperación Internacional e Solidariedade como se a participación consistise en actuacións sectoriais ligadas ao proxecto, algo que a todas luces é falso porque ningún dos instrumentos municipais de participación están actuando na elaboración das estratexias e especialmente na fase de actual execución no caso da Gran Vía.

As críticas de veciños/as residentes e das asociacións de comerciantes son unha mostra do nulo seguimento da estratexia DUSI nas fases de redacción e de execución dos proxectos porque nin presentaron os proxectos nin se estableceron os mecanismos de participación e información pública ni a propia Unión Europea marca, actividades e actos públicos para o lanzamento do proxecto concreto con asistencia aberta e difusión concreta dos proxectos entre os axentes sociais que poidan ser aceptados. Dende enquisa feita en 2015 vía “on line” de Plan Estratéxico de Desenvolvemento sustentable non se teñen habilitado mecanismos que avalíen a coherencia das actuacións previstas financiáveis con estes fondos e a resposta cidadá aos mesmos unha vez implantados, é dicir, non existe unha xustificación de que se estea levando a cabo o seguimento continuo que correspondería ao Concello de Vigo.

SR. MARNOTES GÓNZALEZ: Nós cremos que se debe peonalizar a Porta do Sol é cremos que se debe facer a obra, non cremos que se deba de parar, cremos a peonalización é un envellecemento da cidade, esta no PREPI do Casco de Vello xa dende abril que se aprobou no ano 2007 e quizais sería iso o que faríamos nós de ter esa responsabilidade, que é un tratamento conxunto da Porta do Sol, de Elduayen e máis do paseo de Alfonso XII. Con todo que quizais sería iso o máis idóneo, o proxecto é o que hai, é o que é e nos estamos a favor de que se faga, de que execute, aínda que cremos que podería ser pouco ambiciosa, incluso oín unha declaración do propio Alcalde dicindo que se se vai a estender, pois iso sería o que sería idóneo que o Paseo de Alfonso XII, de Elduayen e a Porto do Sol tivesen o tratamento que din, pero tamén cremos que esta obra non debe de facerse a toda costa ou por enriba de ninguén, nos preocupa que as peticións dos veciños da rúa Elduayen non se lle respecten, atenda ou se lles minimize, nos cremos que si que non se debe parar a obra pero cremos que debe falar cos veciños/as de Elduayen, e cremos que se debe durante a obra, durante a súa execución telos en conta porque van a recibir un impacto moi grande durante o tempo que dure, temos que garantir a seguridade estou seguro que será así, outra cousa sería preocupante que a seguridade, a estabilidade dos edificios dos que están a carón do paso soterrado, cremos que se debe garantir esa seguridade e cremos que se debe manter a accesibilidade das persoas as súas vivendas durante a obra e despois da

súa execución e cremos sinceramente que iso se pode facer durante a execución da obra, iso non é tema político, penso que na propia execución atender, a dirección de obra e os construtores que atendan esas peticións, que se reúnan con eles, eu penso que é o máis importante. Nós estaremos como digo a favor de que se faga pero pendentes desa execución de que non existan danos efectivamente nos edificios, de que se garanta a accesibilidade a todos eles durante a obra pero que tamén cremos a obra se debe facer e continua despois a Elduayen e ao Paseo de Alfonso XII.

SR. LÓPEZ FONT: Fálase na moción da transformación desta cidade, da orientación e do que fixemos cada un e creo que a verdadeira transformación desta cidade se inicia en xuño de 2007, foron 12 anos permanentes de mellora da calidade de vida, de humanizar a cidade con maiúsculas e cun carácter integral e podería poñer moitos exemplos do que se fixo co tema da mil rúas que cambiaron totalmente é o exemplo máis significativo porque se botamos a vista a atrás literalmente non somos capaces de recoñecer como estaba a cidade hai 12 anos e como está agora parques infantís, bancos, puidera poñer moitos exemplos que son os que lle dixemos aos cidadáns nas eleccións do pasado mes de maio. E referencias anteriores ao que se fixo foron intentos tímidos, hai que recoñecelo, e foron intentos do goberno nacionalista que certamente vistos con perspectiva de hoxe tiveron moi pouca mira de futuro e se fai mención ao tema da Praza da Independencia, se realmente existira ambición e visión de futuro por debaixo da Praza de Independencia habería un túnel que solucionase o tráfico como se solucionou noutras partes da cidade.

Polo tanto, creo que a verdadeira transformación deuse como digo dende xuño de 2007 e os túneles sempre que son posibles son unha solución idónea, o incompleto da Praza de América así o demostra. Pero estamos noutro tempo absolutamente diferente, estamos no tempo de grandes realizacións e quero dicir, con apoio dos europeos que avalían as solicitudes que cada concello presenta, polo tanto non pode ser este Pleno un tribunal de se aquilo está ben ou non, senón aquel que concede unha axuda, subvención de 17 millóns de euros, dende logo ten que mirar moi ben o proxecto que se presentou.

Polo tanto, estamos ante unha obra emblemática, estamos ante unha guinda polo momento de todo o que se fixo na cidade e que é a peanolización da Porta do Sol, solo dicir en voz alta ilusiona aos cidadáns, solo dicilo en voz alta significa que a maioría, a inmensa maioría, por non dicir a practica totalidade, están a favor desta peanolización Porta do Sol, vai a ser un cambio absolutamente histórica, inclusive o membro non adscrito deste Pleno está a favor como así o manifestou na súa exposición de motivos e neste Pleno. Polo tanto esa falla de ambición que houbo nesta cidade pola inestabilidade política e que non se poido consumir en realizacións agora si se leva a cabo, polo tanto é difícil atopar un grado de consenso e de aceptación tan amplo como o que existe sobre esta obra e non escoitei a ninguén que poña obxección á mesma e eu lles quero dicir algo, un goberno como o presidido polo Sr. Caballero como Alcalde, que leva 12 anos de obras, de actuacións complexas, pensar que non se tiveron en conta as medidas de seguridade, que isto está na inconsistencia, téñenmo que permitir, certamente é unha frivolidade. Polo tanto, para os veciños que están preocupados pola súa situación e pola situación dos seus edificios, a maior tranquilidade, o que pasa é que hai que facelo compatible e hai que facer compatible esa Porta do Sol que todos queremos coa situación de tráfico e sabemos que a Porta do Sol é unha arteria principal de comunicación dunha parte da cidade con outra, tanto en ámbito privado pero sobre todo en transporte público porque por alí pasa cada dous minutos un autobús e o podemos comprobar. Polo tanto, sinceramente e con tódolos respectos, cando haxa que tranquilizar e cando haxa que explicar aos veciños da situación dos seus inmobles, farase como se fixo sempre en relación con tódalas obras, agora, recoñezamos, isto é unha forma de oposición de tres ou catro por dicilo dalgunha forma que sempre pensan nos seus intereses particulares, que sempre pasou nesta cidade e ao que nós non imos a supeditar grandes proxectos como este.

SR. PÉREZ IGLESIAS: En primeiro lugar, pois expresar a sorpresa pola posición incomprendible do Partido Popular que por unha banda di que quere que efectivamente se consulte á veciñanza pero por outra parte di que as obras continúen ou se inicien, que o proxecto se execute, entón exactamente para que queren consultar á veciñanza para ver se lle parece ben o que se está a facer, pero

dende logo non para considerar a opinión da veciñanza por se houbera que modificar ese proxecto.

Hai unha cuestión que dende logo causa algo de rubor que é esta permanente pulsión adanista que ten o actual Partido Popular que parece que a historia comeza con vostedes, estamos no ano XII da era Abel Caballero, cando estamos no ano 2019 e eu creo que é bo non desprezar as contribucións que se teñen feito causa moito rubor que se fale de intentos tímidos, como foi a peonalización da Praza da Independencia, a peonalización que a propósito contou coa oposición do Partido Socialista que votou en dúas ocasións para que hoxe na Praza da Independencia seguisen circulando vehículos, iso si que é un intento tímido, non sei como cualificarían vostedes, iso é unha oposición contraditoria.

O Bloque Nacionalista Galego estamos de acordo con que se peonalice a Porta do Sol, dicimos que é importante avaliar de que maneira podemos estender esta peonalización ata o Paseo de Alfonso XII, o que dicimos é que en todo caso un investimento de 17 millóns de euros require que se avalíen tódalas opcións, aínda que se filtrara infografía, non teñan reparos en rectificar, non teñan reparos en avaliar outras alternativas que se fan noutras cidades a respecto de como gañar espazo ao vehículo privado, como facer espazos peonís efectivamente atendendo ás necesidades de resolver o problema de mobilidade que se comentaba singularmente que ten que ver co transporte público pero que non nos presenten que única opción é o túnel que vostedes deseñaron, con esa entrada e con ese final, que sexa a única opción que existe porque entón fallan á verdade. Nós o que propoñemos nesta moción e que vai votar en contra o Partido Socialista é que se estuden tódalas opcións, que se fale coa veciñanza e que o proxecto que se vaia acometer se someta a exposición pública é iso non outra cousa ao que se nega o Partido Socialista.

(No momento da votación preside a 1ª Tenente de Alcalde, Sra. Silva Rego, por ausencia do Alcalde-Presidente)

VOTACIÓN: Con tres votos a favor dos membros do grupo municipal Mixto, señor e señora, Mendez Fuentes e Pérez Correa, mais do membro non adscrito, Sr. Pérez

Igrexas, e vinteún votos en contra dos membros do grupo municipal Socialista, señores e señoras, Aguiar Castro, Aneiros Pereira, Blanco Iglesias, Caride Estévez, Espinosa Mangana, Fernández Pérez, Gomez Días, Iglesias González, Lago Barreiro, López Font, Losada Alvarez, Mejías Sacaluga, Rivas González, Rodríguez Calviño, Rodríguez Díaz, Rodríguez Rodríguez e a Presidencia, mais dos membros do grupo municipal do Partido Popular, señores e señoras Egerique Mosquera, Gonzalez Castillo, López Roman e Marnotes González, adóptase o seguinte,

ACORDO:

Rexeitar a Moción presentada, en data 28.08.2019 (Rex. Nº 2149/1101), polo concelleiro non adscrito, Sr. Pérez Iglesias, cuxo texto consta transcrito nos antecedentes deste acordo.

34(158).- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL MIXTO INSTANDO AO CONCELLO DE VIGO A ESTABLECER OS COMPROMISOS POLÍTICOS PARA GARANTIR A REDUCCIÓN DE GASES DE EFECTO INVERNADOIRO, DETER A PERDA DE BIODIVERSIDADE, RESTAURAR O ECOSISTEMA E OUTROS ACORDOS COMPLEMENTARIOS. REXISTRO PLENO 2150/1101

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro do Pleno do 28 de agosto de 2019, número 2150/1101, a concelleira do grupo municipal Mixto, Sra. Méndez Fuentes, formula a seguinte,

“MOCIÓN PEDINDO A DECLARACIÓN DE EMERXENCIA CLIMÁTICA NA CIDADE DE VIGO

(Esta moción foi presentada por colectivos ecoloxistas agrupados na Alianza Pola Emerxencia Climática)

O Concello de Vigo recoñece que o planeta, así como os seres vivos e os ecosistemas, atópanse en grave perigo, proba diso son os recentes informes sobre o estado da biodiversidade do IPBES e sobre o quecemento global de 1,5 ° C do IPCC, que alertan dun rumbo que leva á extinción dunha gran parte dos ecosistemas terrestres. Un millón de especies están ameazadas pola actividade

humana. Tamén se está ao bordo do punto de non retorno fronte ao cambio climático. Non responder ante a crise ecolóxica e civilizatoria supoñería a morte de millóns de persoas, ademais da extinción irremplazable de especies imprescindibles para a vida na Terra, dadas as complexas interrelacións ecosistémicas.

Nese sentido aceptamos a verdade da crise climática sobre a gravidade da situación. Admitir as evidencias científicas, así como, o camiño de redución das emisións proposto é a única forma de protexer a existencia dun futuro para o municipio. A cidadanía debe de entender a urxencia e irreversibilidade desta loita e o Concello de Vigo pode desempeñar un papel clave na formación, educación e información sobre o necesario freo ás emisións e realizar unha vital adaptación ás consecuencias do incremento da temperatura global.

Declarar a Emerxencia Climática require asumir o cumprimento de compromisos políticos reais e vinculantes, moito máis ambiciosos que os actuais, coa consecuente asignación de recursos para facer fronte a esta crise. Unha folla de ruta vinculante capaz de garantir as reducións de gases de efecto invernadoiro anuais necesarias, abandonar os combustibles fósiles, apostar por unha enerxía 100 % renovable e reducir a cero as emisións netas de carbono canto antes, de maneira urxente e prioritaria, en liña coas indicacións do informe do IPCC para limitar o aumento das temperaturas globais a 1,5 ° C. Un estado de emerxencia implica redirixir todos os recursos dispoñibles dos Concellos para afrontar a crise climática cos problemas asociados que conleva.

A declaración de Emerxencia Climática supón iniciar un proceso de educación, formación e concienciación a toda a poboación sobre a verdade da crise ecolóxica e o enorme cambio necesario frear a emerxencia. Ante esta emerxencia o Concello comprométese a iniciar este proceso de transformación social e asegurar a plena consecución dos seguintes obxectivos xerais.

POLO EXPOSTO O CONCELLO DE VIGO COMPROMÉTESE A:

(1) Establecer os compromisos políticos, normativas e recursos necesarios para garantir reducións de gases de efecto invernadoiro para chegar ao balance neto cero non máis tarde de 2040 e se é posible antes de 2035, así como deter a perda da biodiversidade e restaurar os ecosistemas como única resposta posible para evitar un colapso de todos os sistemas naturais, incluído o humano.

(2) Abandonar os combustibles fósiles, apostando por unha enerxía 100 % renovable de maneira urxente e prioritaria. Para iso os gobernos municipais deben analizar como lograr este obxectivo e propoñer os plans de actuación necesarios, entre outros, frear novas infraestruturas fósiles, alcanzar o pleno autoconsumo eléctrico 100% renovables e unha mobilidade sustentable canto antes. Crear espazos peonís, fomentar a bicicleta e outros medios de transporte non contaminantes, reducir a demanda de enerxía ata consumos sustentables, promover o aumento da eficiencia enerxética e das instalacións renovables, crear espazos educativos e a información á poboación sobre a emerxencia climática, alcanzar unha política de residuo 0 e evitar os bancos cos que traballa o municipio

que financien proxectos baseados en combustibles fósiles. Apoiar a xestión dos comunais enfocada á recuperación da terra fértil e o freo da erosión. A recuperación dos acuíferos, a recuperación dos pastos a través da xestión intelixente do territorio, determinar apoios e beneficios fiscais para a España baleirada que desenvolve funcións claves de mitigación do cambio climático e abordar proxectos de rexeneración rural, ecolóxica e humana.

(3)É necesario avanzar, entre outras, nunha economía local e de proximidade, que impulse a soberanía alimentaria, silvicultura, agricultura e gandería ecolóxica e de proximidade. Alcanzando canto antes a plena subministración agroecolóxica nos servizos de restauración municipais e estendéndoos ao resto da poboación.

(4)Iniciar a necesaria adaptación do municipio de Vigo á crise climática, coas consecuencias do incremento da temperatura global, as ondas de calor, a irregularidade das precipitacións, o aumento do nivel do mar e outras manifestacións que xa se están manifestando.

(5)A xustiza, a democracia e a transparencia deben ser alicerces fundamentais de todas as medidas que se apliquen, polo que hai que establecer un mecanismo de toma de decisións cidadán de carácter vinculante con competencias en materia de vixilancia, seguimento e control das medidas adoptadas. Para iso será necesario establecer indicadores e obxectivos verificables e cuantificables. Faise necesario garantir que este mecanismo integre especialmente a visión de xénero e doutros colectivos vulnerables.”

DEBATE:

SRA. MÉNDEZ FUENTES: Como seguramente a maioría de vostedes coñecen xa, a chamada Alianza pola Emerxencia Climática asinada por máis de 100 colectivos en todo o Estado, solicita aos concellos a declaración de estado de emerxencia climática, existen concellos como saben, como pode ser o caso de Vilagarcía ou de Vitoria Gasteiz no que a cidadanía pode presentar mocións ao Pleno por se mesma sen necesidade de que medie un grupo político, regulándose unha fórmula de escano ao cidadán e de quenda popular no Pleno que posibilita como digo aos cidadáns e ás asociacións traer mocións de forma directa sen estar vinculadas aos grupos políticos. En Vig este grupo municipal da área de Vigo ten defendido como emenda ao proxecto de regulamento orgánico deste Pleno a existencia dese escano cidadá, isto non existe porque a emenda non foi aceptada e non que se quixo promover unha vez máis, non se quixo afondar na participación democrática. Polo tanto, do mesmo xeito que aconteceu e que acontecerá noutros casos, neste os grupos ecoloxistas trasladaron a súa proposta de moción á tódolos grupos

políticos con representación neste Concello para que puidésemos traela ao Pleno. A Marea de Vigo, polo tanto, con esta moción non está facendo máis que recoller a proposta e trasladala a este Pleno porque compre que os concellos acepten a verdade científica da crise climática tendo en conta os informes emitidos polos grupos intergubernamentais de expertos acerca do estado da biodiversidade e da necesidade de manter o teito de crecemento global por debaixo de 1,5 grados centígrados, admitir as evidencias científicas e avanzar no camiño da redución de emisións é a única forma de garantir un futuro habitable tamén para os municipios, grande parte da cidadanía xa entendeu a urxencia e irreversibilidade desta loita e agora o Concello de Vigo pode desempeñar, se ten vontade política, un papel clave no desenvolvemento de medidas destinadas ao necesario freo das emisións, declarar a emerxencia climática require asumir o cumprimento de compromisos políticos reais e vinculantes, moito máis ambiciosos que os actuais, unha folla de ruta como digo vinculante capaz de garantir a reducións de gases de efecto invernadoiro anuais, abandonar os combustibles fósiles, apostar por unha enerxía 100% renovable e reducir a cero as emisións netas de carbono de maneira urxente e prioritaria en liña coas indicacións científicas para limitar o aumento das temperaturas globais, como dixen anteriormente limitalo a 1,5 grados centígrados. Neste senso queremos recoller unha proposta realizada polo editor e pedagogo o Sr. Manuel Bragado, no seu artigo Vigo con Raíces, publicado hai poucos días no Faro de Vigo “un plan director do arborado”, necesario para reorientar a actual política municipal sobre o arborado, que se afaste da súa concepción como mero mobiliario urbano e que o preserve como elemento fundamental do patrimonio natural de cidade porque o Vigo do século XXI precisa facerlle fronte ao cambio climático superando o modelo de cidade ornamental por un modelo de cidade con raíces. As árbores urbanas como sabemos melloran a calidade do aire e amortecen a contaminación acústica e atmosférica, favorecen o equilibrio das temperaturas, constitúen o hábitat fundamental dos páxaros pequenos, como os dos pardais, principais animais vertebrados da cidade, unha poboación por certo hoxe moi minguada en Vigo, e tamén facilitan o dereito cidadán a gozar dos espazos de sombra en rúas, paseos, espazos infantís de xogo, algo que de xeito incomprendible non se contemplou nos macro parques infantís como o de Venezuela, polo tanto, evitar arboricidios como os recentes da Gran Vía sería un

comezo do Vigo do futuro, nós non obstante vimos defender esta moción por suposto non vimos instrumentalizala, non van atopar vostedes nesta defensa, ningún argumento partidario que lles ofrezca a escusa perfecta para non aprobar esta moción, e non o van atopar porque non é o noso estilo e non é a nosa vontade, por enriba de todo o noso desexo e a nosa intención está en que esta mobilización dunha cidadanía consciente, crítica e sen dúbida xa maioritaria chegue a bo porto, que as reivindicacións que este declaración de emerxencia climática sexa aprobada por este Concello, e Vigo sexa unha cidade exemplar na aposta polas enerxías renovables, no abandono dos combustibles fósiles e na redución das emisións netas de carbono, está polo tanto, nas mans de todas.

SR. PÉREZ IGLESIAS: Dende o Bloque Nacionalista Galego coincidimos evidentemente na necesidade de enfrontar os retos ambientais e singularmente aqueles que se derivan da crise climática en tódolos niveis e en tódolos ámbitos tamén obviamente a nivel municipal, máis entendemos, compartindo a moción que imos apoiar que ese obxectivo tense tamén que substanciar en actuacións concretas por iso o que sería desexable é que este Concello de Vigo se dote, máis cedo que tarde, dun plan estratéxico municipal de sostibilidade ambiental que con carácter plurianual recolla medidas concretas temporalizadas e que dende logo substancien ese obxectivo que nós entendemos debora ser unánime e transversal, pero hai unha cuestión que si nos gustaría apuntar neste debate, en primeiro lugar que a crise climática e os problemas ambientais que son un reto de carácter estrutural están directamente derivados dun modo de produción que é o capitalismo que aposta sistematicamente e de maneira epistemolóxica na depredación ambiental a través do extractivismo, na depredación da periferia a través diso que se cualificou pola economía marxista como desenvolvemento desigual, pero tamén na depredación humana non, a través da explotación e a pobreza contra as clases traballadoras e as clases populares, e iso esixe tamén que ese compromiso ecolóxico, que ese compromiso ambiental teña en conta que hai que cambiar uns paradigmas é que é necesario un cambio real, de matriz produtiva e non basta, non abonda, con que expresemos unha declaración de intencións e que esa declaración de intencións cara un Vigo máis verde, eu estou certo que compartimos as catro forzas que temos representación neste Pleno ten

que traducirse polo tanto en compromisos concretos, por exemplo elevando o nivel de protección ambiental do noso monte periurbano evitando que o monte sexa obxecto de pelletazos urbanísticos, elevando a protección ambiental e apostando na reconciliación da cidade co seu litoral e dende logo apostando tamén pola recuperación efectiva do noso patrimonio fluvial e singularmente do río Lagares. O Bloque Nacionalista Galego imos apoiar esta moción pero, dende logo, entendemos que fai falla moito máis.

SR. GONZÁLEZ CASTILLO: Primeiro felicitar á concelleira a Sra. Méndez pola moción que hoxe nos presenta sobre a situación de crise ambiental existente dada a gravidade dos efectos do cambio climático.

Os seres humanos xa causamos impacto climático irreversible e as súas consecuencias se están a sentir en todo o mundo, por iso é necesario poñer a crise existencial causada por alteracións ecolóxicas no centro do debate político, agora esiximos que ante unha nova etapa política estean á altura do momento e declaren de maneira inmediata a emerxencia climática. Instamos a que tódolos colectivos da sociedade a que se unan para forzar conxunto unha reacción responsable por parte do goberno e que se recoñeza a gravidade da crise na que estamos inmersos para así mobilizar a toda a sociedade e enfrontar con responsabilidade a situación de emerxencia. Están nunha posición única de liderar a redución social que cambie o rumbo da nosa rexión e do planeta. Os recursos e a tecnoloxía existen, só falla vontade política e a valentía para dar os pasos necesarios e nese sentido o grupo do Partido Popular de Vigo será un fiel aliado, o goberno de Vigo ten que mostrar determinación neste aspecto, iso supón trasladar o debate sobre as medidas que deberían tomarse ante de crise ecolóxica ao centro da actividade política e desta maneira xerenar a necesaria conciencia pública sobre a situación a que nos temos que enfrontar, teñen o deber de limitar os impactos negativos do colapso climático e os gobernos locais non deben esperar a que os seus gobernos nacionais cambien as súas políticas, é vital para tódalas persoas que habitan nos pobos e cidades españolas que os concellos se comprometan coa naturalidade neta de carbono o antes posible.

Lamentablemente non existe ningún plan nin acción realizados ata a data, teñen vostedes que bonificar o imposto do IBI naquelas vivendas con calefacción

eficientes tipo xeotermia ou aerotermia, non existe normativa municipal para regular os vehículos de mobilidade persoal, que son vehículos eco-friendly, a día de hoxe non poden circular en Vigo cando noutros concellos xa teñen ordenanza. Deberíase prohibir o baldeo das rúas en días de choiva cando a auga é recurso escaso e limitado, non se entende cando chove se estea baldeando, fomentar un transporte público que é o máis caro de Galicia e o menos eficiente; fixeron dous aparcadoiros despois do ano 2015 o aparcamento exterior do hospital público Álvaro Cunqueiro e o de Manuel Álvarez, a lei lles obriga que aparcamentos ou estacionamentos públicos haxa instalacións necesarias para subministrar estación de recarga por cada 40 prazas e non o fixeron. Están a incumprir o prego de condicións da zona hora na que teñen que destinar espazo para que estacionen vehículos eléctricos e crear estación de recarga para vehículos eléctricos e non o fixeron. Na vía pública deberían efectuarse extraccións necesarias para dar un subministro ás estacións de recarga situadas nas prazas destinadas a vehículos eléctricos; se debería subvencionar a compra de transporte público non contaminante, noutras cidades para fomentar o uso de vehículos eléctricos teñen zona hora gratis e pode circular polos carrís bus; fomentar a protección de espazo de interese paisaxístico e medio ambiental como a desembocadura o Lagares e zonas de montes que están feitas un desastre.

En canto aos incendios hai centos de denuncias de particulares por terreos sen limpar e é a súa competencia e non estar a facer nada, por non ter non teñen nin o Plan Local de Prevención de Incendios, tampouco existe o famoso Anelo Verde, son un desastre, todo anuncios Vigo é un exemplo do que non se debería facer segundo a web do Pacto dos Alcaldes da Unión Europea, este concello asinou a adhesión ao pacto 8 de abril do 2011, que fixo o Concello dende o 2011 ata agora, en relación cos compromisos adquiridos coa adhesión xa que a día de hoxe non consta na web que fixeran nin o inventario nin o Plan de Acción do Clima e de Enerxía, Vigo recicla, canto recicla? Teñen datos, eu os quero saber e os cidadáns tamén, os ventos están a cambiar e é emocionante, se unen, arrastran e movense dese abismo ao que estamos case acostumbrados recoñecer a crise é o primeiro paso para resolvela pero é importante manterse en movemento, móvanse que son 20 concelleiros. Nada máis, votaremos que si.

SRA. RODRÍGUEZ RODRÍGUEZ: En primeiro lugar, gustaríame clarexar que Marea de Vigo chega un pouco tarde con esta moción, dende hai 12 anos o goberno do Sr. Caballero levamos mirando cara o futuro e traballando para converter a cidade de Vigo nun lugar con menos emisións contaminantes e ambientalmente sostible, todo elo de maneira xusta. O cambio de modelo debe ser sostible ambientalmente pero tamén se afectar económica e socialmente aos nosos traballadores e cidadáns, neste senso temos que destacar a eficiencia enerxética de tódalas nosas remodelacións poñendo como exemplo os campos de fútbol coa colocación de caldeiras de biomasa, a política de transporte público con máis de 120.000 tarxetas verdes, máis liñas e máis frecuentes, ademais estamos a dar tódalas facilidades aos vehículos de baixo consumo e temos imposto cero para vehículos eléctricos, como non falar do Vigo Vertical cofinanciado a través do fondo europeo de desenvolvemento nacional no que favorecemos o paso a unha economía de baixo nivel de emisións de carbono, promovemos a eficiencia dos recursos e todo iso a favor de tódolos nosos cidadáns, sen diferencias.

Dende a concellería de Parques e Xardíns temos iniciado unha etapa de cambio brutal, no ano 2007 comezamos coa implantación de 75 parques biosaludables, quero lembrarllas que só había un antes deste goberno, temos plantamos máis de 5.000 árbores nas nosas rúas, entorno aos 40.000 nos parques forestais e montes de Vigo o que nos converte en cidade goberno verde. Tamén debemos mencionar o Anel Verde, pendente de que a Xunta de Galicia o aprobe, que conta con especies autóctonas e plantas frondosas, facendo así primordiar a eliminación de pragas como a do eucalipto; 50 quilómetros ten de lonxitude, o que abarca tódalas parroquias de Vigo, ademais implantamos un plan de prevención en defensa contra os incendios forestais, é dicir, a fase secundaria, por certo, parte das competencias da Xunta de Galicia que delegou nos concellos como sempre votando balóns fora e sen mandar cartos para o financiamento deste proxecto.

Dende a concellería de Limpeza as medidas implantadas nos últimos anos cara a reciclaxe foron moi ambiciosas, destacar a implantación de numerosas illas novas a maiores das que xa existían en toda a cidade, o punto limpo móbil, ou os máis de 50 contenedores de recollida de aceites usados e de roupa usada, todo isto en colaboración con asociacións como Cáritas, tamén no apartado de limpeza me gustaría mencionar os 40 vehículos novos eléctricos e de consumo de GNC, todo

iso en favor do medio ambiente. Non podo deixar de mencionar as hortas urbanas repartidas por todo o núcleo urbano, o voluntariado urbano que está a traballar tamén nas Illas Cíes e como non o Camiño a Camiño nos que participaron máis de 100.000 persoas e que agora están a copiar dende outras administración, por suposto seguirémolas a potenciar, temos eliminado as especies invasoras do río Lagares, contribuíndo a recuperación da nosa contorna, nese sentido temos que destacar a recuperación por parte do goberno do Sr. Caballero do ENIL e o Plan de conservación do complexo dunal Areal Baluarte do a que día de hoxe non temos repota de aprobación por parte da Xunta de Galicia, do Decreto, seguiremos esperando como sempre.

Quédanme algunhas cousas aínda que mencionar como as zonas verdes en todo Vigo que son máis de 2 millóns de metros cadrados, temos tamén que falar da depuradora de Vigo, claro está, que parte de todas estas grandes medidas grazas á nosa compañeira a Sra. Espinosa, que dende o Ministerio de Medio Ambiente, Medio Rural e Marino financiou en gran medida a nosa depuradora, conseguindo mellorar ambientalmente a ría de Vigo, utilizando as últimas tecnoloxías en depuración e integrar as instalacións na contorna, o que nos leva a ter unha capacidade das augas do río Lagares excelente cun tratamento de novo sistema equivalente a 800.000 habitantes, iniciamos xa hai 12 anos as humanizacións, agora mesmo en tódalas cidades presentes, tamén lembrarlles como nos atopamos as rúas Aragón, Torrecedeira ou Gregorio Espiño onde ademais de mellorar a calidade de vida dos nosos cidadáns implantáronse sistemas novidosos en materia de iluminación.

SRA. MÉNDEZ FUENTES: Como xa dixen, esta non é unha moción partidaria senón que é unha moción que nós trasladamos aquí, unha moción tipo que foi publicada nos xornais para que calquera grupo como expliquei a puidese coller, non me quero tampouco meter en detalles porque do que se trata é de que se aprobe, entón celebramos o apoio por parte do Partido Popular e por parte do Partido Socialista tamén, non obstante por parte do Partido Popular algunha cuestión, esta non é unha moción digamos en contra do concello ou do que concello fixera, quero dicir esta moción ten un título que a pesares de que na orde do día non está creo fielmente recollido, o título da nosa moción e así é como foi rexistrada é que se

aprobe no Concello a declaración de emerxencia climática, ese é título da moción tipo, entón, Partido Popular este acotío pin, pan, pun entre o que fai e non fai o Concello o que fai e non fai a Xunta de Galicia, non é unha moción en contra do Concello, é unha moción moi clara para a declaración de emerxencia climática con medidas concretas, con compromisos vinculantes que cito literalmente na moción, sexan máis ambiciosos, vaian máis alá para frear os efectos do cambio climático, nese sentido o Partido Socialista estupendo tódalas cuestións que vostedes citaron, compre ir un pouco máis alá e só deixo algunhas preguntas por exemplo que aconteceu coa ordenanza de mobilidade sostible, quedou conxelada no tempo? Non se volveu a saber nada máis dela? Achegóusenos aos grupos, se lle fixeron emendas, non se volveu saber nada máis dela e é importante, porque nela, na súa propia proposta se recollían medidas necesarias para promocionar digamos o transporte público eléctrico que ten un menor custo ambiental, a participación tamén da sociedade nas decisións que afectan a mobilidade e a calidade ambiental, é dicir, a ver se se poden recuperar, entre outras moitas cuestión e xa remato.

(No momento da votación preside a 1ª Tenente de Alcalde, Sra. Silva Rego, por ausencia do Alcalde-Presidente)

VOTACIÓN: Por unanimidade dos vinte e catro membros presentes da Corporación, dos vinte e sete que a constitúen de dereito e feito, adóptase o seguinte,

ACORDO:

Aprobar a Moción presentada, en data 28.08.2019 (Rex. Nº 2150/1101), pola concelleira do grupo municipal Mixto, Sra. Méndez Fuentes, cuxo texto consta transcrito nos antecedentes deste acordo.

35(159).- MOCIÓN URXENTE DO MEMBRO NON ADSCRITO SOBRE A SITUACIÓN LÍMITE NO CORPO DE BOMBEIROS DO CONCELLO DE VIGO. REXISTRO PLENO 2165/1101.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro do Pleno do 3 de setembro de 2019, número 2165/1101, o concelleiro non adscrito, Sr. Pérez Iglesias, formula a seguinte,

"MOCION SOBRE A SITUACIÓN LÍMITE NO CORPO DE BOMBEIROS/AS DO CONCELLO DE VIGO

XUSTIFICACIÓN DA URXENCIA:

O pasado 31 de agosto de 2019, ao día seguinte da convocatoria da sesión plenaria do 4 de setembro, os medios de comunicación recollían o acordo da Xunta de Goberno Local dunha Oferta Pública de Emprego (OPE) do Concello de Vigo para o presente ano, na que se inclúe a convocatoria de 11 prazas para o Corpo de Bombeiros/as.

O acordo, que foi cualificado publicamente como insuficiente polas organizacións sindicais ao non resolver a falla de persoal que permita dispor dos operativos suficientes para garantir a seguridade cidadá, prodúcese no marco dun conflito laboral co colectivo de bombeiros/as que provocou a convocatoria, por vez primeira e por ese motivo entre outros, dunha folga indefinida iniciada o pasado 14 de agosto, e en cuxo desenvolvemento o Goberno municipal podería ter vulnerado o dereito fundamental á folga e posto en risco a seguridade dos traballadores e traballadoras, segundo denunciou o pasado día 2 de agosto perante a Inspección de Traballo o Comité de Folga.

Na súa denuncia, o Comité de Folga fai constar, segundo transcendeu publicamente, o incumprimento reiterado das dotacións mínimas, xa que en moitas xornadas non se chega a cubrir o servizo con 20 efectivos, polo que as intervencións non poden realizarse coas seguridade que establecen os protocolos de actuación.

Estes feitos sumados á falla de expectativa dunha pronta resolución do conflito pola insuficiente actuación do Goberno municipal, ao atinxiren un servizo público esencial de competencia municipal dedicado á protección e seguridade cidadá, como é o Corpo de Bombeiros/as, teñen producido unha situación de enorme preocupación e alarma social, e motivan a urxencia de que o Pleno da Corporación Municipal se poida pronunciar a través da presente moción.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O pasado 14 de agosto os bombeiros/as do Concello de Vigo, por acordo de case o 65% do seu plantel, iniciaron unha folga indefinida, motivada no que cualificaron

como “situación límite”, derivada fundamentalmente da falla de efectivos, así como da aplicación do vixente decreto de permanencia e de graves eivas organizativas no funcionamento do propio servizo.

O servizo debera contar con 150 efectivos, porén a situación actual é que o cadro está constituído por pouco máis de 100, un terzo menos, e significativamente por baixo das recomendacións sobre número de bombeiros por ratio poboacional. Preto da metade do actual cadro é maior de 55 anos, o que xera un risco de agravamento da situación por mor das previsíbeis xubilación. Engádese o feito de que arredor do 30% do cadro de persoal, segundo sinala a representación sindical, está en situación de baixa na súa maioría por ansiedade ou doenzas físicas que se derivan da excesiva carga de traballo, da prolongación das xornadas laborais con gardas de até 48h continuadas sen descanso e a imposición de realización dun avultado número de horas extra pola aplicación, non negociada, do decreto de permanencia ditado pola Concellaría de Seguridade.

Diante deste conflito, sen precedentes na historia da cidade e que atinxe a un servizo público esencial dedicado á protección e seguridade cidadá, a resposta do Goberno municipal ten sido practicamente nula, limitándose a algúns contactos e xuntanzas informais pero insistindo de maneira contumaz na negativa a iniciar un proceso de negociación formal e efectivo co Comité de Folga. Ademais, durante o desenvolvemento da folga, derivado da fixación de servizos mínimos e da súa organización, entre outros, o Goberno municipal tería incorrido na vulneración de dereitos fundamentais e en poñer en risco a seguridade dos seus propios traballadores e traballadoras, tal e como se vén de denunciar perante a Inspección de Traballo. Feitos que, de se verificar, terían unha gravidade extrema. Tamén se estaría obrigando, malia que o decreto de servizos mínimos non o recolle para o parque de Teis, a realizar función de superior categoría a bombeiros/as que carecen da formación axeitada, comprometendo a operatividade e seguridade do equipo de saída e a toda a dotación do parque.

Por outra parte, o anuncio de incorporar 11 prazas para o servizo de bombeiros/as dentro da Oferta Pública de Emprego aprobada pola Xunta de Goberno Local para este 2019 é, visto todo o anterior, unha medida abertamente insuficiente para resolver o conflito laboral, e o que é máis grave, para garantir o cumprimento estrito do mínimo de 20 efectivos operativos cada xornada que, segundo denuncia o Comité de Folga, non se está a cumprir.

Do punto de vista legal, o decreto de permanencia así como as decisións adoptadas polo Goberno municipal até o momento en relación á dotación e organización do servizo, tal e como denuncia a representación sindical, poderían incorrer no incumprimento da lexislación e normativa de aplicación, especificamente nos seguintes aspectos:

- O dereito á negociación colectiva, polo feito de ser imposto sen negociación nin consulta previa o decreto de permanencia que modifica, unilateralmente, as condicións de traballo, sen que se defina un período de vixencia nin as condicións para a súa suspensión ou revogación.

- A directiva europea sobre Tempos de descanso, xa que as xornadas de moitos/as traballadores/as superan con moito a media ponderada sobre tempo de referencia que fai mención a citada directiva, e no previsto na directiva a respecto dos traballadores e traballadoras sometidas a riscos e tensión especiais.
- A lei de Prevención de riscos laborais, ao non se garantir os protocolos no referente aos binomios de intervención, poñendo en risco a seguridade dos traballadores/as, que neste caso desenvolven un traballo tóxico perigoso e insalubre, como así o reconece a lei da Seguridade Social sobre a aplicación de coeficientes redutores para o acceso a xubilación en favor dos bombeiros/as. E, particularmente, por non respectar o período mínimo de descanso entre quendas, chegando varias veces traballadores/as a dobrar quendas de 24 horas e facendo xornadas de 48 horas.
- A lei de Conciliación da vida persoal e laboral, polo escaso tempo de preaviso nos chamamentos.
- A lei da Seguridade Social, xa que os informes preceptivos para a aplicación da xubilación anticipada a bombeiros/as establecen claramente que é a actividade de bombeiro/a a que provoca o deterioro da saúde, polo que se establece a redución do tempo de exposición, a través de coeficientes redutores, que este incremento abusivo das xornadas conculca.

De acordo ao exposto, propónse ao Pleno a aprobación dos seguintes

ACORDOS

Primeiro.- Instar o Goberno municipal a constituír de maneira urxente e inmediata unha Mesa de Negociación co Comité de Folga para resolver o conflito laboral que motivou a folga indefinida, iniciada o pasado 14 de agosto, atendendo as súas xustas reivindicacións.

Segundo.- Instar o Goberno municipal abrir un proceso de negociación para consensuar a aplicación do decreto de permanencia, que non comprometa a operatividade do servizo e que garanta os dereitos laborais e a seguridade dos traballadores/as.

Terceiro.- Instar o Goberno municipal a executar coa maior celeridade e garantía as OPE pendentes, e a procurar e aplicar as fórmulas legais que permitan reforzar no inmediato o Corpo de Bombeiros/as co número de efectivos necesarios para atender as necesidades da cidade.

Cuarto.- Instar o Goberno municipal a que dea conta no vindeiro Pleno, a través dun informe detallado da Concellaría de Seguridade, do número de xornadas desde o 1 de xaneiro até a actualidade, nas que non se cumpriu o mínimo de 20 efectivos operativos, e permita o acceso dos concelleiros e concelleiras da Corporación aos cuadrantes de servizo para a súa consulta e cotexo.”

PRESIDENCIA: Pasamos ao punto que había unha petición de urxencia que a vai explicar a situación o secretario do Pleno.

SECRETARIO XERAL DO PLENO: Infórmolle, Sr. Pérez Iglesias o artigo 54.10 do Regulamento do Pleno indica que as mocións urxentes poderán presentarse no suposto de acontecementos relevantes que tiveran lugar no período comprendido entre o día da convocatoria e o día seguinte, é dicir, neste caso entre o día 30 de agosto e 2 setembro, considerando os días hábiles. A moción do Sr. Pérez Iglesias refírese á convocatoria de folga acordado polo corpo de Bombeiros o día 14 de agosto, é dicir, antes do día 30 de agosto, así mesmo o decreto de servizos mínimos tivo lugar tamén antes do 30 de agosto; quere dicir que a súa moción non encaixa nos supostos previstos no artigo 54.10 do Regulamento do Pleno razón pola que non pode neste caso nin sequera debaterse a ausencia da moción.

PRESIDENCIA: Pasamos ao punto de rogos.

SR. PÉREZ IGLESIAS: Solicito a formulación dunha cuestión de orde ao abeiro do artigo 55.4 do Regulamento do Pleno.

PRESIDENCIA: Houbo unha resposta e explicación regulamentaria por parte do secretario do Pleno que é máxima autoridade xurídica e polo tanto, non da lugar a ningunha cuestión de orde sobre este tema.

SR. PÉREZ IGLESIAS: É que non non é ningunha atribución do secretario municipal e se está a vulnerar o artigo 63.4 do Regulamento.

PRESIDENCIA: Queda finiquitado este debate.

SR. PÉREZ IGLESIAS: O que non queren é que figure na acta desta sesión a súa irresponsabilidade, iso é o queren evitar a súa irresponsabilidade que pon en perigo á seguridade das viguesas.

Rexeitada a urxencia segundo o artigo 63.4 do Regulamento Orgánico do Pleno.

.- FORMULACIÓN DE ROGOS.

36(160).- ROGO FORMULADO POLO CONCELLEIRO DO MEMBRO NON ADSCRITO, SR. PÉREZ IGLESIAS, REFERENTE Á PUBLICACIÓN NA WEB DO CONCELLO DAS ESCOLAS CONCERTADAS.

SR. PÉREZ IGLESIAS: Quero formular o rogo alertando do incumprimento do Regulamento Orgánico do Pleno e da vulneración dos meus dereitos como corporativo ao non se me permitir formular unha cuestión de orde.

SR. PÉREZ IGLESIAS: Mire, escóiteme non me obrigue a ter que contestar estas cousas, está contestada así que faga o rogo por favor.

SR. PÉREZ IGLESIAS: Vou proceder a facer o rogo, creo que quedou retratado efectivamente de que vai esta cuestión. O rogo que formula o Bloque Nacionalista Galego é pedir que se retire do sitio web municipal escolas Vigo, dependente da concellería de educación, os 47 centros privado concertados que figuran no seu directorio e se que publicitan en igualdade de condicións cos centros públicos para desta maneira promover activamente dende o Concello a matriculación na escola pública.

PRESIDENCIA: Tomamos nota de seu rogo.

37(161).- ROGO FORMULADO POLA CONCELLEIRA DO GRUPO MUNICIPAL MIXTO, SRA. MÉNDEZ FUENTES, REFERENTE AO MANTEMENTO DUNHA REUNIÓN CO COLECTIVO DE BOMBEIROS.

SRA. MÉNDEZ FUENTES: Como é evidente, non pode ser doutro xeito, nós rogamus que se teña en conta ao que é o colectivo de bombeiros xa que non pode ser neste

caso no Pleno que se leve a cabo unha reunión urxente con este colectivo no prazo de 24 horas.

PRESIDENCIA: Queda tomada nota dou seu rogo.

.- FORMULACIÓN DE PREGUNTAS.

38(162).- PREGUNTA FORMULADA POLO CONCELLEIRO DO MEMBRO NON ADSCRITO, SR. PÉREZ IGLESIAS, REFERENTE Á PECHE DAS PISTAS DE ATLETISMO DE BALAIÓDOS.

SR. PÉREZ IGLESIAS: A pregunta é a seguinte, que obras ou actuacións de mantemento xustifican que as pistas de atletismo de Balaídos vaian estar pechadas durante todo o mes de setembro co grave prexuízo que representa para clubs, atletas de base, especialmente crianza e mocidade, e usuarios/as en xeral.

PRESIDENCIA: Contestarémolle por escrito.

39(163).- PREGUNTA FORMULADA POLO CONCELLEIRO DO GRUPO MUNICIPAL MIXTO, SR. PÉREZ CORREA, REFERENTE ÁS MEDIDAS A TOMAR CON RESPECTO AO ALUGUER DE PATINETES ELÉCTRICOS.

SR. PÉREZ CORREA: Que medidas vai tomar este goberno habida a conta que algunhas empresas privadas de alugueiro de patinetes eléctricos que aínda non están regulados pola DGT e polo tanto tampouco pola ordenanza municipal, que empregan mobiliario urbano como lugar de aparcamento e actividade económicas sen licenzia de ningún tipo.

PRESIDENCIA: Contestarémolle por escrito.

E sen ter máis asuntos para tratar, o Sr. Presidente deu por rematada a sesión, ás trece horas e corenta e un minutos, da que se redacta a presente acta; como secretario dou fe do seu contido e incorpórase ó libro de actas do Pleno autorizada coa miña sinatura e máis a do Excmo. Sr. Alcalde-Presidente, conforme ó previsto no artigo 110.2 do RD 2568/1986.

am.

O ALCALDE,

O SECRETARIO XERAL DO PLENO,

Abel Caballero Alvarez

José Riesgo Boluda.